

CONTRIBUCIÓN Ó LÉXICO
DE
ÁLVARO CUNQUEIRO

CONTRIBUCION O LEXICO DE ALVARO CUNQUEIRO

ACADEMIA
GALEGA
54
ca

REAL ACADEMIA GALEGA
Seminario de Lexicografía

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

33454

Biblioteca

R 4106



Biblioteca

REAL ACADEMIA GALEGA
Seminario de Cartografía



CONTRIBUCIÓN Ó LÉXICO
DE
ÁLVARO CUNQUEIRO

por
Constantino García

coa colaboración de M.C. Prieto, M.C. Pazos,
M.C. Villarino e I. Salgado

REAL ACADEMIA GALEGA
Seminario de Lexicografía

CONTRIBUCIÓN O LÉXICO
DE
ALVARO CUNQUEIRO

por
Constantino García

por colaboración de M.C. Friso, M.C. Friso,
M.C. Villaverde e J. Delgado

© Real Academia Galega
R/ Tabernas, 11
15001 A Coruña

Edita: Real Academia Galega
R/ Tabernas, 11
15001 A Coruña

Imprime: VELOGRAF, S.A.
Milladoiro (Santiago)

ISBN: 84-600-7653-9
Depósito Legal: C-584-1991

Indice

V	Lettera
V	Avvertenze dei lettori
III	Avvertenze agli autori
II	Lettera

© Bent Academics College
W/Taberna, 11
15011 A. Corsica

Edizione: Bent Academics College
W/Taberna, 11
15011 A. Corsica

Impresso: VELINGRAF S.A.
Milano (via Sallustiana)

ISBN: 88-081-1111-9
Dipartimento Legale: 02/984-1991

LIMIAR

A Real Academia Galega decidiu dedica-lo «Día das Letras Galegas 1991» ó escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro, autor dunha ampla obra poética, novelística, ensaística e periodística en lingua galega e de bastante produción similar en lingua castelá.

Dado que, debido a esta circunstancia, van achegarse agora á súa obra bastantes novos lectores, queremos ofrecerlles a estes unha axuda para comprender sen dificultade as verbas do noso grande escritor e para iso preparamos este libríño que pretende contribuír á mellor comprensión do léxico de Cunqueiro.

No ano 1982 publicou a Universidade de Santiago de Compostela un volume *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*. Unha parte deste traballo da que son autores Manuel González, Francisco Fernández Rei, Rosario Álvarez Blanco, Xavier Varela Barreiro e Xosé Xove, trata sobre a «lingua de Cunqueiro», e nela estúdiase a súa fonética, morfoloxía, sintaxe e o léxico. Nesa obra poden verse pois as características xerais do noso escritor. No 1990 a revista *Verba* da mesma Universidade publicou un anexo titulado *El léxico de Álvaro Cunqueiro* de Luísa Blanco que comenta o mundo das palabras que o escritor mindoniense usou na súa obra en castelán.

Cunqueiro, como se poderá comprobar nesta *Contribución* é, ás veces, creador da lingua (*tendollo, novedar, bavoqueiro*) e, outras veces, un «recreador» que busca palabras nos textos antigos (*sob, sober, sobor, algaribo*), na fala vulgar (*naide, estraute, nouturno*) e sobre todo na fala da vida real (*deslingar, goto, fecha, sede, brizar, eslongado, anabolena*), etc.

A finalidade da presente obra é precisamente ofrecer ó lector todas aquelas palabras usadas por Cunqueiro que non están nos dicionarios normais ou que, se están, teñen algunha acepción especial, aquelas que están escritas con graffías que non coincidan coas empregadas nos actuais dicionarios normativos e mesmo algunhas que, aínda que estean recollidas nalgunha obra lexicográfica, son moi pouco correntes.

A presentación destas palabras segue o sistema habitual dos dicionarios. Cada vocábulo leva unha mínima información gramatical (se é nome, adxectivo, verbo, etc.) e a significación que ten en Cunqueiro, ilustrada con algún exemplo tirado das súas obras en galego. A procedencia do exemplo vai indicada, cunha abreviatura, véxase a lista de abreviaturas.

Naturalmente non foi tarefa fácil atopar a significación de todas as palabras. Algunhas delas van seguidas do signo interrogativo (?) porque non estamos seguros de acertar coa intención significativa que lles deu Cunqueiro. Hai bastantes que teñen un significado especial ou que saen das acepcións correntes, pero das que sabemos con certeza a intencionalidade significativa cunqueiriana gracias ás traducións ó castelán que fixo o noso autor.

.....

Quero expresar aquí o meu agradecemento ó equipo de colaboradores que me axudou á realización deste traballo, á imprenta que o compuxo e ós colegas que me botaron algunha man, en especial ó profesor Manuel González

Santiago, 11 de marzo de 1991

ABREVIATURAS DAS OBRAS DE A. CUNQUEIRO

CAN	<i>Cantiga nova que se chama Riveira</i> (ed. de 1957).
COC	<i>A cociña galega</i> (1973).
CRO	<i>As Crónicas do Sochantre</i> (1956).
DON	<i>Dona de corpo delgado</i> (ed. de 1980).
ESC	<i>Escola de menciñeiros</i> (1960).
FEI	<i>Os outros feirantes</i> (1979).
HAM	<i>O incerto señor don Hamlet</i> (1958).
HER	<i>Herba aquí e acolá</i> (ed. de 1980).
MAR	<i>Mar ao norde</i> (ed. de 1980).
MER	<i>Merlín e familia e outras historias</i> (ed. de 1968).
NOI	<i>A noite vai coma un río</i> (ed. de 1980).
PAL	<i>Palabras de víspera</i> (ed. de 1980).
POE	<i>Poemas do si e non</i> (ed. de 1980).
SIN	<i>Si o vello Sinbad volvese ás illas</i> (1961).
TES	<i>Tesouros novos e vellos</i> (1964).
XEN	<i>Xente de aquí e de acolá</i> (1971).

ABREVIATURAS UTILIZADAS

<i>adv.</i>	<i>adverbio.</i>
<i>adx.</i>	<i>adxectivo.</i>
<i>conx.</i>	<i>conxunción.</i>
<i>f.</i>	<i>feminino.</i>
<i>interx.</i>	<i>interxección.</i>
<i>loc. adv.</i>	<i>locución adverbial.</i>
<i>loc. conx.</i>	<i>locución conxuntiva.</i>
<i>loc. interx.</i>	<i>locución interxectiva.</i>
<i>loc. prep.</i>	<i>locución preposicional.</i>
<i>m.</i>	<i>masculino.</i>
<i>num.</i>	<i>numeral.</i>
<i>pr.</i>	<i>verbo pronominal.</i>
<i>prep.</i>	<i>peposición.</i>
<i>pron.</i>	<i>pronome</i>
<i>s.</i>	<i>substantivo.</i>
<i>v.</i>	<i>verbo.</i>

A

- abaloiro** *s.m.* Conxunto de contas de vidro ensartadas (*coa súa peleríña negra mui bordada con abaloiros* MER 19).
- abandoar** *v.* Abandonar (*Ás veces matino irme, abandoala na noite* NOI 274).
- abaneo** *s.m.* Balanceo, bambeo (*pra non perder a costume do abaneo das ondas no mar libre* HAM 14).
- abantío** *s.m.* Parte máis dianteira dun lugar (*que mudara dezasete varas a leste no abantío do golfo* SIN 88).
- abarculado** *adx.* Torcido (*tiña abarculado o lombo da súa mula* ESC 142).
- abeado** *adx.* Atolado, aloucado (*O cocho bravo na fraga, cando toma campo, abeado polos cás, non sae como eu sallo ó sangue* HAM 74).
- abelaneira** *s.f.* Abeleira (*Quezáis soñás, amor, coa branca abelaneira* DON 130).
- abelaneiro** *s.m.* Abeleira (*Si o abelaneiro poidese andar* HAM 66).
- abelán** *s.m.* Abelá (*un anaco da brisa que abaneaba os abeláns de antano* DON 130).
- abenzoar** *v.* Bendicir (*Namentras o Bispo de León abenzoa a el Rei, cae o pano* PAL 336).
- aberizo** *adx.* Albeirizo, que tira a branco (*Hai berrugas de dúas crases: mouras i aberizas ou follacas* ESC 101).
- abertón** *adx.* Que está moi aberto (*uns figos abertós que verquían mel pólas rachas* SIN 16).
- abertoso** *adx.* Que está bastante aberto (*leituga [...] a que en algúns lugares chaman abertosa* COC 29).
- abesgado** *adx.* Que ten o ollo torcido ou virado (*Nacéu o neno virollo, e no ollo abesgado fóiselle poñendo unha nubem roxa* CRO 96).
- abicarse** *v.* Agruparse en torno a algo (*as ovelliñas abicábanse cabo dela* MER 122).
- abidueira** *s.f.* Bidueiro (*sempre cantaba alí o vento nas abidueiras* CRO 24).
- ablandar** *v.* Abrandar (*Os tirabeques hai que cocelos moi a modiño, e que non ablanden en demasia* COC 30).

abó *s.m.* Avó (*Xa seu pai e máilo seu abó apodábanse das Esmelgas* FEI 108).

aboa *s.f.* Avoa (*Chegaron os pais, a aboa, os irmáns* FEI 155).

abocada *s.f.* Bocalada ou bocallada (*E tras dúas abocadas de sangue, foise o crego dous días antes da festa* ESC 69).

abofellas *adv.* Abofé (*e na mourería había un de barba que abofellas lle asemellaba* SIN 137).

abogado *s.m.* Avogado (*Agora non hai que ir á casa do señor, do crego, do médico e do abogado* COC 53).

abollar *v.* Abolar (*Abollado polas dobre-gaduras e polos temporás* CRO 142).

abombar *v.* Poñer algo como unha bomba ou un bombo (*Dixo isto altivo i abombando o peito* CRO 91).

abotonar *v.* Abotoar (*O pequeno púxose a chaqueta e abotonóuse* XEN 60).

abrancuxar *v.* Poñerse branco, branquexar (*Coa capadela e máis a ceba, abrancúxanlles as crestas* COC 117).

abromar *v.* Bulrar (*andivera aqués días mui abromado pólos cañós da vila* SIN 132).

abroncante *adx.* Rifante, barulleiro (*Era home mui abroncante e túzaro* CRO 129).

abrotar *v.* 1. Abrollar (*collía froles dunha mazorra de camomila que*

abrotaba no medio do prado CRO 101).

2. Manar (*e corre pólo todo i-auga, i asegún abrota das fontes* SIN 16). 3. Nacer (*xa me abrotaban uns peliños no empunto* CRO 73).

abrourar *v.* Atiza-lo lume (*Aquí chámanlle abrourar o lume a escarabellar nil co atizador* ESC 118).

abruzar *v.* Rematar, descansar en (*que non hai arco que abruce na clave máis de vara e media castelán* CRO 141).

abubela *s.f.* Bubela (*paraíso da abubela que berra up!, up!* XEN 27).

abuchar *v.* Embuchar, enche-la boca de comida ou bebida (*abuchou a boca co derradeiro chope de clarete* MER 25).

abultar *v.* Avultar (*fixen nela estudos que abultan o que a glosa de Boloña* HAM 32).

acabalado *adx.* Parecido ó perfil da cabeza do cabalo (*do acabalado nariz colorado* MER 66).

acabalo *adv.* Dacabalo (*pedíndolle que viñera con cen de acabalo a salvarme* PAL 325).

acadegar *v.* Entreter, ter prendido (*Dous anos poderíamos demorar eiquí, i acadegados vos tería co as miñas novas* CRO 75).

acadeu Errata por acadou (*o anteollo de longa vista, que, nunca acadou pro téno íl no maxín* SIN 107).

- acaer** v. Caer ben, sentar ben (*tí podes deixarte barba, e si a tés moura e briza, hache acaer ben* MER 32).
- acañado** *adx.* Que tende a te-lo sabor da uva caíña (*un tinto pra un cocido, acañado, que é o millor* COC 43).
- acanelado** *adx.* Que ten sabor a canela (*tiña un azucre acanelado que daba groria* MER 47).
- acarear** v. Acaroar (*acareouse a il un pitisú que tén, un tal frautista de trece i os ollos verdes* SIN 98).
- acaroar** v. Aproximar, achegar (*díxolle que se podía acaroar a il e meterse debaixo do paraugas* TES 92).
- acarón de loc. prep.** Ó lado de, xunto a (*Xuntáronse acarón do lume* MER 33).
- acarrexo** *s.m.* Carrexo (*aínda faltaba un ano de acarrexo de auga pra encher a bacía* TES 81).
- acasarado** *adx.* Dise da propiedade composta de casa e terras de labor (*Na veiga hai lugares acasarados, aquí i acolá* SIN 22).
- acativar** v. Facer ou tratar a alguén coma un cativo ou neno, empequenece (*Ruz, amigo, non te acativo* SIN 122).
- acecinar** v. Facer chacina (*Debéuse acenar moito na Galicia anterga* COC 133).
- aceirico** *s.m.* Alfineteiro ou agulleiro (*está sin traballo desque foi inventado o aceirico pra uso de xastres e costureiras* ESC 120).
- aceitar** v. Aceptar (*resistíase, pro ao fin aceptóu* XEN 131).
- acenar** v. Facer acenos, indicar con xestos (*Sinbad retírase seguido de Sari, tras acenar coa cabeza ás mulleres* SIN 68).
- achádego** *s.m.* Achado, descubrimento (*o mariñeiro feito rico co achádego* TES 46).
- achepar** v. Formar chepa (*púxoselle na espiña unha doencia con inflamo, e achepou ladeado* SIN 49).
- acicatar** v. Estimular, excitar (*pois non a acicato co as miñas novidades* CRO 58).
- acinzar** v. Toma-la cor da cinsa unha cousa (*cando acinzan coa xeeda as ponlas* XEN 82).
- acipreste** *s.m.* Alcipreste (*as olleiras tinguidas con cinzas de acipreste* SIN 66).
- acobadar** v. Apoiarse cos cóbados nalgunha parte (*Eu estaba acobadado a babor da «Preciosa»* SIN 85).
- acodar** v. Formar codia (*O pan, aínda que teso, i estoupando de ben acodado* COC 57).

acodir v. Acudir (*sin falar con nai de nin acodir ós enfermos* ESC 79).

acollo s.m. Protección, abrigo (*sentados ao acollo da figueira ramona* MER 57).

acomentar v. Comentar (*soupo polo médico Sabat que comentara un abade de Falaise* CRO 87).

aconchegar v. Aproximar, acercar (*cando se aconchega a noite* CRO 103).

acontecimento s.m. Acontecemento (*o meirande acontecemento dos tempos modernos* ESC 152).

acontentar v. Contentar (*acomentábame con resoñar os seus ollos azúes* MER 55).

acopiar v. Amorear, xuntar (*Acopiou leña e bacalao* FEI 54).

acorpachado adx. Dise do viño que ten bo corpo (*Hai tintos moi honestos polos ribeiros do Sil, e algúns acorpachados* COC 157).

acostumbrar v. Acostumar (*e tumbouse nas penas, como acostumbraba* FEI 130).

acoubar v. Acougar, sosegar (*Doña Simona non acoubaba* MER 51).

acramar v. Aclamar (*A nai non sabía máis que acramar* CRO 56).

acrarar v. Aclarar (*e con voz grave acrarou* SIN 104).

acrecer v. Acrecentar, aumentar (*sempre se sabía o que e quén dixerá, i acrecido* SIN 96).

acretar v. Dar creto (*quizaves non acretase nos prospeitos* CRO 59).

acurrucar v. Acochar, engruñar (*femia, que se acurruca ao pé do tronco* COC 130).

adéa s.f. Salvoconducto (*Iste está vivo, señor capitán e ven con nosco con adéa firmada* CRO 40).

adeministrador s.m. Administrador (*era adeministrador o señor enano das pamelas* MER 136).

admiración s.f. Admiración (*i ofreceuse en dous paseos á admiración dos presentes* CRO 72).

admirar v. Admirar (*toda a vecindade acudiu a admirar o canciño* FEI 27).

ademitir v. Admitir (*si o estómago llo ademite* COC 115).

ademprender v. Aprender (*Ademprendera inglés en Calais* CRO 137).

adentrar v. Ir cara á parte máis interior de algo (*e adentrábase no reino de León* XEN 155).

adentro adv. Dentro (*Eufemio tiña a capitanía metida tan adentro* FEI 147).

adeprender v. Aprender (*Púxose a adeprender latín co crego* ESC 79).

- adeprendiz** *s.m.* Aprendiz (*e porque, adeprendiz de poeta, saúdo sempre a verba reveladora* TES 29).
- adepresar** *v.* Apreixar, imaxinar (*tiña muito adiantado pra adepresar calquera historia* CRO 25).
- adevertir** *v.* Advertir (*adevertindo que il nunca levara nos seus dedos nada* CRO 62).
- adibal** *s.m.* Adival (*cortara o adibal do pozo* CRO 93).
- adicatoria** *s.f.* Dicatoria (*a máis cordial i agradecida das adicatorias* TES 30).
- adoitar** *v.* Ter algo por costume (*Aquí non se adoita cebar galiñas* CRO 117).
- adormir** *v.* Adormecer (*en que se quedaba medio adormido* SIN 41).
- adormiñar** *v.* Adurmiñar (*O finado de Quelven adormiñou* CRO 32).
- adoutriñar** *v.* Adoutrinar (*berrándolle que se deitaba con un malino adoutriñado* MER 131).
- adovea** *s.f.* Pedra para formar arcos (*debaixo da basílica de San Xohán Laterano, i a adovea maxistral* MER 101).
- adrentar** *v.* Adentrar (*unha punta afaralloada [...] que se adrenta no mar* SIN 106).
- adrento** *adv.* Dentro (*os de terra adrento* CRO 159).
- adrentos** *s.m.* Interior do ánimo (*aquela soave moleza dos seus adrentos* CRO 138).
- adubiar** *v.* 1. Adobiar (*sabía que non tiña que adubiar o cabalo* HAM 76). 2. Condimentar (*pra adubiar os estofados* SIN 19).
- adubío** *s.m.* Adobo (*o paxaro namora á melra co adubío do seu canto* MER 108).
- aduviñar** *v.* Adiviñar (*porque aduviña que é a fermosa Ana de Combours* CRO 10).
- adxetivo** *s.m.* Adxectivo (*Hai adxetivos que ditos dunha cousa [...] auméntana de precio* SIN 70).
- áer** *s.m.* Aire (*viña cheo dun áer quente* XEN 24).
- afalagar** *v.* Afagar, agarimar (*as outas paredes que afalaga a hedra vizosa* HAM 10).
- afaralloado** *adx.* Que ten farallóns (*é unha punta afaralloada* SIN 106).
- aficioado** *adx.* Afeccionado (*O señor Ramón era cazador, e albeitar aficioado* XEN 22).
- afición** *s.f.* Afección (*chegaría a terlle aos calabacíns recheos unha grande afición* CRO 31).

- afloxar** v. Afrouxar (*hai moitas mans prestes a afloxar o aramio, ou a tensalo en demasía* HAM 31).
- afora** adv. Fóra (*afora boureaba o vendaval* XEN 169).
- afoulado** adv. Que produce moito po, poeirento (*as choivas afouladas do monzón* SIN 150).
- africán** adv. Africano (*polvo africán, lagostiños de Mozambique* COC 65).
- afrixo** s.m. Tipo de anemia (*pra isa anemia que chaman o afrixo* XEN 38).
- afrixoado** adv. Que está ensumido (*chaman alganados ou ensumidos, por Terra de Miranda e Pastoriza dícenlles afrixoados* ESC 64).
- afuciñar** v. Afociñar (*e fíxome afuciñar contra o crego* CRO 76).
- afusilamento** s.m. Fusilamento (*E tratéi co demo a víspera do afusilamento* CRO 56).
- afusilar** v. Fusilar (*cando me afusilaron no patio de Sedán* CRO 54).
- agallopante** adv. Galopante (*¡Corazón, cheo, agallopante corazón!* NOI 270).
- agallop** v. Galopar (*Cabalos agallopando debían levalas* MER 14).
- agallope** s.m. Galope (*puxo ó agallope o percherón pra pasalo vado* CRO 86).
- agarfe** s.m. Garfo (*colle un adibal que colgaba dun agarfe na parede* HAM 89).
- ágoa** s.f. Auga (*como unha fonte de ágoa* DON 127).
- agobiado** adv. Abafado (*Igoal vidro agobiado en luz fundida* POE 105).
- agradecimento** s.m. Agradecemento (*Pedro, en agradecimento ao veterinario por esta axuda, agasallouno* FEI 100).
- agrimensor** s.m. Perito que mide as terras (*Domingo Moure, agrimensor e cazador, cazador con licencia por León* XEN 120).
- agriro** adv. Agre (*canaval, clase de maza-eiro agriro* COC 153).
- agrouma** s.f. Gromo (*Podía eu decirche que estaba alí, no útero teu, ista agrouma escura* HAM 79).
- agudelo** s.m. Tipo de viño do país (*acompañados do viño do país, do «agudelo meigo» que dixo Rodríguez Yordi* COC 34).
- agur** interx. Abur (*Vaia pola alma do finado! Agur! E foise polo monte* XEN 167).
- agustino** adv. Agostiño (*i agardou a que viñeran as mareas agustinas* SIN 157).
- ahí** adv. Aí (*¡Ahi estás posto, señor vixía!* SIN 79).

- ailalá** *s.m.* Canto popular (*Xogar xogaras cantando ailalálo ailalá* CAN 20).
- ailalálo** *s.m.* Canto popular (*Nacéu cantando ailalálo* CAN 19).
- aiquí** *adv.* Aquí (*este que aquí ves, é home mui sabido* MER 66).
- aira** *s.f.* Eira (*O coronel estaba prantado no medio da aira* CRO 90).
- airío** *s.m.* Campo raso (*Durmían aquí i acolá, ó airío, e bebían algo* ESC 66).
- aiunas** *s.f.* Xexún (*Tivo que vir en aiunas e lavado con auga de fonte* TES 74).
- alacea, alacena** *s.f.* Oco feito na parede onde se gardan especialmente utensilios de cociña (*Trouxo o xarro para a súa casa, e púxo no cunqueiro da alacea* XEN 165; *escondido nun recuncho ou na alacena* ESC 118).
- alalar** *v.* Pasmarse (*Eu alaléi mirando as catro copas coloradas* MER 69).
- alancear** *v.* Ferir coa lanza (*¡Coma un cervo alanceado por moitos príncipes, tédelo ahí!* COC 90).
- alauda** *s.f.* Laverca (*quebra o día baixo un teito de alaudas, tímidas cantadoras* DON 116).
- alazano** *adx.* Alazán (*Andaba de pe no lombo dun cabalo alazano que tiña* CRO 134).
- albacea** *s.m.* Testamentario (*escribíalle pola posta real cartas ó albacea do noso difunto* CRO 50).
- albafor** *s.m.* Perfume (*verquéu nela un pomíño de albafor que recendía a canela* MER 108).
- albardado** *adx.* Rebozado (*perdices albardadas, trufadas, con repolo e ostras* COC 123).
- albeirón** *adx.* Que é moi albeiro (*A viuda contoulle a Cobillón o caso do demo albeirón* MER 130).
- albéitar, albeitre** *s.m.* Veterinario. Menciñeiro (*Tomóu fama como albéitar. As doencias do cabalar non tiñan segredos pra il* ESC 78; *pro que lle deu un torzón e deixámola en cas do albeitre* SIN 139).
- albérchigo** *s.m.* Pexego (*os nomes pexigo, pexego, albaricoque, albérchigo* COC 73).
- albiño** *adx.* Albino (*Era alto, louro, cáseque albiño* ESC 143).
- albixeira** *s.f.* Faldriqueira (*soños e soedades que cada quisque leva na albixeira do seu esprito* MER 54).
- albóndiga** *s.f.* Albóndega (*nin todo ese mundo das albóndigas de bacallau* COC 10).
- alborear** *v.* Alborear (*Coida que estou no leito, que xa alboreou e chegou ti* SIN 93).

- albre** *s.m.* Árbore (*iba tumbarse ao pe dun albre calquera* FEI 87).
- alburgue** *s.m.* Albugarda (*Daqueles alburgues viñeron istas frondas e revoltas* CRO 102).
- alcabala** *s.f.* Antigo tributo de compra-venda (*porque dixo o segredario de alcabalas* CRO 143).
- alcacer** *s.m.* Adorno (*Eiquí vai, sin máis alcaceres de atavío, o escrito do sochantre* CRO 106).
- alcazaba** *s.f.* Fortaleza (*saíu á terrada da alcazaba* SIN 64).
- alcender** *v.* Acender (*non podemos alcender lume* CRO 33).
- alcontrar** *v.* Encontrar (*e non hai en tódolos bazares do mundo quén se queira alcontrar con él* SIN 98).
- alcontro** *s.m.* Encontro (*Misteriososalcontros na noite* NOI 288).
- alcuza** *s.f.* Aceiteira (*andan de feira en feira, as súas caldeiras, as súas alcuzas do aceite* COC 83).
- aldeia** *s.f.* Aldea (*dos capóns das aldeias veciñas* COC 116).
- alear** *v.* Aliñar unha vianda (*cociña pra sí algo de frito i alea unha ensalada* SIN 62).
- alef** *s.m.* Primeira letra do alfabeto hebreo (*recolleu a sal que quedou en alef, en zaín, e nun* HER 150).
- alegrote** *s.m.* Alegría grande (*¡Alegría, alegrote, o rabo do porco no pote!* COC 20).
- alerte** *adx.* Alerta (*que lle cortasen a cachola ó dono da casa en que estivera alerte* SIN 50).
- alfeice** *s.m.* Peitoril (*unha figura de branco sentábase no alfeice da fiestra* CRO 118).
- alfinete** *s.m.* Peza de metal semellante a unha agulla con cabeza (*tendendo fíos diste alfinete ó outro* HAM 10).
- alfitomancia** *s.f.* Adiviñación pola fariña (*que se chama ista adiviñación alfitomancia* MER 67).
- alforxín** *s.m.* Diminutivo de alforxa (*agardaría que parese de suar pra darlle de beber i un alforxín de cebada* SIN 134).
- alganado** *adx.* Que está ensumido (*Ós que en neloutras partes chaman alganados ou ensumidos* ESC 64).
- alganeira** *s.f.* Mostaza (*azafrán como mostaza -que aquí chaman «alganeira»* ESC 81).
- algaribo** *s.m.* Estranxeiro (*e cando viña un señorito de visita, anque fora un algaribo...* MER 20).
- alicantino** *adx.* Que é natural de Alicante (*o escolante do Marco, que era alicantino* XEN 120).

- alindar** v. Coidar do gando que paze (*¿Qué muller alindaba alí, acarón de min mesmo, nos cómaros do meu esprito, un rebaño...* HAM 177).
- almáciga** s.f. Sementeiro (*Somos unha estrana almáciga pola que navegan soterraños irreprochábeles vermes* HAM 21).
- almadraba** s.f. Lugar onde se pesca o atún (*i os mariñeiros que precisase, ises habíaos media legoa abaixo, nas almadrabas...* SIN 144).
- almadreña** s.f. Zoca (*solado de zocos i adorno de almadreñas* ESC 127).
- almíbar** s.m. Xarope (*melocotón en almíbar* ESC 127).
- almibarado** adx. Xaropeado (*todo moi almibarado* COC 147).
- almibre** s.m. Xarope (*lambía a cullara-diñas aquel almibre que quedaba no fondo do pociño* MER 57).
- alminar** s.m. Minarete (*sae unha torre bermella que é o alminar da mezquita* SIN 23).
- almirez** s.m. Morteiro (*perixel moi picadiño, todo moi machacado no almirez* COC 124).
- almozo** s.m. Almorzo (*denantes do almozo paséi por un dos balnearios* COC 95).
- almuédano** s.m. Musulmán que convoca ó pobo desde o minarete (*Aínda o eco da alcazaba vella repetía as palabras do almuédano* SIN 123).
- alonxarse** pr. Afastarse (*dou duas voltas, i alonxouse un algo* SIN 27).
- alar** v. Halar, facer subir (*alou vela* SIN 83).
- aloumiñar** v. Facer caricias pasando a man pola pel (*¡Nunca soñéi aloumiñar o cabelo dunha estrela!* NOI 275).
- alpendre** s.m. Construcción rústica para gardar apeiros de labranza (*Dun dos alpendres saíu un que sería pastor pola pelica de ovella que vestía* CRO 89).
- alquímico** adx. Pertencente á alquimia (*Mestre de libros segredos e da arte alquímica* MER 141).
- aluguer** s.m. Cesión dunha cousa por prezo e tempo determinados (*cunha xudea que tiña un negocio de aluguer de roupas de gala pra bodas* FEI 164).
- alumar** v. 1. Encher de luz (*O sol entra pola esquerda, e alumaba parte do muro do fondo i as escadeiras da dreita i o xardín* HAM 65). 2. Botar luz (*i a vara alumaba i á súa luz víase todo o ouro que había polo mundo* TES 43).
- alvedro** s.m. Érbedo, arbusto que dá os morotes (*aquela mesta de xesteiras, carbas, toxos e alvedros* XEN 140).

alxibre *s.m.* Alxibe (*pro a i-auga recóllese nun alxibre i en duas pías* SIN 24).

alzadeiro *s.m.* Moble de cociña para a louza, botellas e demais cousas de uso doméstico (*posto no alzadeiro da chimenea, na cociña* COC 137).

amabel, amabre *adx.* Amable (*Esquina de ti mesma, esquiua e sempre amabel* DON 118; *Amabres lúas nouturnias* CAN 16)..

amadamado *adx.* Propio ou semellante ás damas (*as máns pequenas i amadamas que tiña* MER 21).

amadeo *adx.* Que é da época de Amadeo de Savoia (*Pro aqués pesos amadeos estaban enmeigados* FEI 49).

amagallo *s.m.* Amasillo (*Faguemos entre istas moreas de pedras militares un amagallo escuro* HAM 20).

amallón *s.m.* Amalló, cordón para atalo calzado (*A familia limpou os zocos o que puido, mercou novos amallóns* FEI 122).

amamantar *v.* Dar de mamar (*non hai unha herba en Verona, porque foi comida polas nais pra amamantar ós nenos* CRO 108).

amarelear *v.* Amarelar, dar cor amarela a unha cousa (*Nada de pimento, aínda que lle vai ben que amarelée o arroz* COC 68).

ambiente *adx.* Ambiente (*a humedade ambiente e a cras de terreo* XEN 64).

ambicoxo *adx.* Coxo das dúas pernas (*era o pequeno ambicoxo quen asubiaba* XEN 158).

ambre *s.m.* Âmbar (*talismás, amuletos, vasos de ambre i anteollos bós e baratos* MER 56).

amea *s.f.* Parte saínte rectangular do alto das murallas e castelos (*rubía á alcazaba vella e sentábase nunha amea* SIN 66).

amecer *v.* Engadir, mesturar (*Tamén lle amezo algo de aspirina* ESC 103).

amediodía *s.m.* Mediodía (*pólos amediodías, il, o piloto, cabalgaría algo* SIN 131).

amendoeiro *s.m.* Amendoeira (*non hai amendoeiros na Galicia* COC 142).

americá *adx.* Americana (*trougueron a máis fermosa troita americá* COC 94).

americán *adx.* Americana (*langosta «á americán»* COC 79).

amesar *v.* Humedecer (*sacóu da caixa o bombardino, amesóu os beixos e ceibóu ó áer* CRO 31).

amigote *adx.* Amigo de esmorgas (*Eu fun mui amigote de Felipe das Esmorgas* FEI 108).

amistante *adx.* Amistoso (*De falador e amistante que era* ESC 79).

- amistar** v. Facer amigos (*Polo bulrento, non amistaba moito coa xente* MER 21).
- amoado** s.m. 1. Pasta de leite, fariña e ovos (*O amoado faise con leite, fariña e ovos, e as filloas fanse na plancha* coc 148). 2. Carne picada para embutir (*Ao amoado en todas partes de Galicia chámase zorza* coc 16).
- amoar** v. Face-lo amoado (*faise o amoadado, que aínda en moitas partes se dice amoar* coc 16).
- amofar** v. Coller mofo ou balor (*non podreecería todo, ou se enferruxese ou amofase* SIN 52).
- amolecer** v. Poñer branda ou suave unha cousa (*un picadiño de ovo duro e xamón, amolecido o todo en viño tostado* coc 95).
- amolezo** s.m. Abrandamento (*Namenstras se enxabonaba as barbas, que moito amolezo precisaban* CRO 124).
- amollar** v. Mollar (*Tiña ela un aquel de sacar a pontiña da lingua i amollar os beizos* CRO 88).
- amorodo** s.m. Froito de cor vermella en forma de corazón que produce a amorodeira ou amoroteira (*non saben o que é facer un doce de amouras, ou de mazán, ou de amorodos* coc 144).
- amosa** s.f. Mostra (*sospeitaba que iba ter que pór de amosa o pe esquerdo* FEI 21).
- amoura** s.f. Amora (*non saben o que é facer un doce de amouras* coc 144).
- amuño** s.m. Coto (*que fai pousando a taza das especies no amuño do brazo toco* SIN 31).
- amurriado** adx. Deprimido, debilitado (*xogador de bolos, i un tipo amurriado, pese á figura goliarda* ESC 69).
- amurriar** v. Sentirse enfermo ou abatido (*I entón a moza amurría, adoece, non come nin durme* ESC 124).
- anabolena** s.f. Muller tola e trapalleira (*Cóntase que cando chegaron a Lucerna coa anabolena, a sirea mimouno tanto* MER 145).
- anainar** v. Arrolar (*movéndose coma quen anaina un neno* HER 156).
- anceiar** v. Anhelar, ansiar (*con tanto maxinar e tanto anceiar a máquina tiña aficioado á fotografía ó seu Anxo Custodio* ESC 153).
- anceio** s.m. Anhele, ansia (*cómo podrecen nel os soños e os anceios* HER 181).
- andamiaxe** s.m. Conxunto de andamios (*entre toda ista xentiña está cáseque todo o andamiaxe do galego* XEN 10).
- andecho** s.m. Especie de cervo (*era unha fonte mui graciosa, i un can i un andecho de cervo verquían auga pola boca* CRO 117).

- androlla** *s.f.* Embutido que se fai normalmente coa vexiga do porco (*o estómago, úsase pra faguer unha androlla, como a tripa máis gorda pra faguer botelos* COC 19).
- anduriña** *s.f.* Andoriña (*coma unha banda de anduriñas que voa ao sul en outono* MER 38).
- anelo** *s.m.* Anel (*viñalle coma anelo ó dedo* CRO 63).
- angarellas** *s.f.* Aparello formado por dous soportes que se pon enriba do lombo das bestas para levar cargas (*baixaba ó prado i axudaba a segar na herba i a subila ás angarellas do burro* TES 40).
- ánglico** *adx.* Pertencente a Inglaterra (*xa estóu confesado en Santiago co coengo de língua ánglica* MER 80).
- angueira** *s.f.* Ocupación ou tarefa que unha persoa ten (*¡Sempre cando máis preciso afondar co meu pensamento na angueira do día, distráíome con estas vaguedades* PAL 333).
- angulemia, angulermia** *s.f.* Antollo (*en que pararía aquela angulemia de monsieur de Nancy* CRO 99; *que lle entróu a angulermia de que tamén a il collesen no colo* SIN 111).
- animalia** *s.f.* Animal salvaxe e daniño (*aparecéu morto nunha xesteira, coa cara comesta por unha animalia, quizaves un lobo* ESC 79).
- annata** *s.f.* Anada (*no pago de media annata* CRO 130).
- anosar** *v.* Facer noso, poñer na nosa lingua, traducir (*que en alemán se chama «Hornspiegel», que se anosar por «espello do corno»* MER 68).
- anovar** *v.* Innovar, renovar (*i o máis do tempo pasábao no xadrez, e tiña anovado no movemento dos elefantes* SIN 34).
- anteguerra** *s.f.* Período anterior á guerra (*colgaban do aramio da anteguerra todas as intactas maravillas inauditas* POE 75).
- anteollo** *s.m.* Instrumento óptico para ver a longa distancia (*e na Cámara falaba co anteollo de longa vista na man* CRO 138).
- antevíspera** *s.f.* Antevéspera (*que aínda lle ouvira e antevíspera un relato a un mariñeiro* SIN 85).
- antevíspero** *adx.* Que se refire á antevéspera (*fun cair contra Columbo, axudado do monzón antevíspero* SIN 36).
- antigüidade** *s.f.* Antigüidade (*Sei que está probada a antigüidade das pulpeiras* COC 87).
- antimicrobián** *adx.* Que loita contra os microbios (*Queixo antimicrobián, dixestivo e depurativo* COC 136).

- antiparras** *s.f.* Anteollos (*deixando a leitura e quitándose as antiparras de cuncha* MER 101).
- antontes** *adv.* Antonte (*I antontes á mañán, eu xa estaba morto* CRO 31).
- antoxo** *s.m.* Antollo (*entrólulle o antoxo de ter pra sí xa o un* XEN 37).
- antropomorficador** *adx.* Que ten capacidade de dar forma ou características humanas (*é porque eu ademito o poder antropomorficador do espírito ensoñante* TES 29).
- anugallado** *adx.* Preguiceiro, fatigado, desganado (*Tal e como agora eu vou, vello i anugallado, perdido cos anos* MER 9).
- anxel** *s.m.* Anxo (*Non canta o mesmo un tornés inglés que un luís de Francia, nin un anxel das cidades mariñas* CRO 50).
- apaciguar** *v.* Apouvirar, tranquilizar (*a seguido rematou de apaciguar a súa hoste* MER 103).
- apagafogos** *s.m.* Instrumento para apaga-los fogos ou lumes (*chegóu a ter o aspeito cáseque mítico de deusa apagafogos* XEN 32).
- apaixoadado** *adx.* Apaixonado (*que todo o máis que se puido ver en min foi unha apaixoadada vocación literaria* TES 31).
- apara** *s.f.* Viruta (*¡Aínda estaban istes pedazos de segunda cantante entre as aparas!* SIN 147).
- aparencia** *s.f.* Aparencia (*i o que máis chamaba do seu retrato i aparencia, era a grande espada que levaba* MER 73).
- apariencia** *s.f.* Aparencia (*era un reló de trampa, todo apariencia* FEI 67).
- apedreado** *adx.* Empedrado (*e deica non estivo ben apedreado, a Terra, [...] iba deixando caer cousas* XEN 17).
- apeitado** *adx.* De forte peito. Robusto (*Sinbad é alto, apeitado, e ten andar de muita gravadá* SIN 25).
- apeitugado** *adx.* De moito peito. Peitudo (*á condesa, que era gorda i apeitugada* CRO 61).
- apenas** *adv.* A penas (*Aínda hoxe o galego apenas colle os espárragos silvestres* COC 12).
- apenedado** *adx.* Penedoso (*nun alto apenedado* TES 89).
- apesares de** *loc. prep.* A pesar de (*apesares de terte Hamlet, fillo, non ti ven paz* HAM 52).
- apetador** *adx.* Aforrador (*Pro istas xentes Hardrada eran avaras, apetadoras de ouro e pedras de precio* HAM 14).
- apetar** *v.* Meter no peto. Aforrar (*Inda apetara algo das sobretasas de meu pai* CRO 49).
- apetarda** *s.f.* Petardo (*unha apetarda de luz con varilla de aumante* CRO 97).

apinado *adx.* Empinado (*sentíuse de que posto como estaba na estreita escada apinada, no podía saudar* SIN 45).

aplastar *v.* Esmagar (*touciño ben coito que se deixa aplastar coa castaña* COC 42).

apodar *v.* Alcumar (*o coengo, a quen apodaban «o tirademoños de Braga»* FEI 85).

apodo *s.m.* Alcume (*Perrón era apelido, que non apodo* ESC 59).

apodrecer *v.* Podrecer (*que non apodrece coa auga do mar* SIN 112).

apontador *adx.* Apuntador (*pro millor será procurarse un apontador* HAM 70).

apontamento *s.m.* Apuntamento (*non quedaría lugar pró apontamento dos outros mariñeiros* SIN 78).

apontar *v.* Apuntar (*unha libreta na que apuntaba os nomes humás das doencias* ESC 75).

após *adv.* Despois (*i aquela mañán, após a chuvía, era mui feliz de mirar* CRO 102).

aposentar *v.* Apousentar (*que iba a aposentarse no castelo de Belvís* MER 45).

aposento *s.m.* Apousento (*cagar trelos de cores que o dañino tecía nos aposentos do seu bandullo* MER 118).

apostillar *v.* Apostilar (*apostillóu, sabido, o escribano de Dorne* CRO 35).

apóstol *s.m.* Apóstolo (*os doce apóstoles na Derradeira Cea,* TES 89).

apoupar *v.* Tocar algo abrandándoo (*chichas caladas e quentes que apoupan a carne dos mariñeiros* SIN 115).

apousar *v.* Pousar (*i o can veu renqueando a apousar a cabeza nos meus xionllos* CRO 29).

apozar *v.* Formar pozas ou pozos (*regatos [...] que [...] atorrentan e brincan, escumexan, e noutras remansan e apoza* COC 89).

apraudir *v.* Aplaudir (*os xudeos apraudían á nora de Batani* XEN 84).

aprauso *s.m.* Aplauso (*o público botou un grande aprauso* CRO 116).

apregadura *s.f.* Pregadura (*curaba da soá e das enquebradas da apregadura* CRO 142).

apregar *v.* Pregar (*ver como se vos apregan de valeiro os encaixes sober das costelas* CRO 103).

apregoar *v.* Pregoar (*e duas tías solteiras que tiña apregoaban ó seu arredor da fermosura das doncelas do país* SIN 34).

apresentar *v.* Presentar (*Apresentaron a Charles Anne pra a ración que tiñan de padroádego no coro* CRO 132).

aprensión *s.f.* Aprehensión (*A Couto entrólle algo de aprensión* XEN 142).

- aprestar** v. Prestar (*unha pistola de recado que lle aprestaría un señor chouan* CRO 91).
- apreto** s.m. Aperto, apuro, perigo (*Mezidón saíu do apreto decindo que aquel señor era un cidadán de Cherburgo* CRO 99).
- apricado** adx. Aplicado (*unha caixa de madeira fina e lucida, con ouros aplicados e grande ferradura* MER 72).
- apricar** v. Aplicar (*Os profetas aplicáronas a outras cousas* TES 69).
- aprofondar** v. Profundar (*Podedes profundar na melancolía* HAM 44).
- apugar** v. Esporear, cravar (*e nunca se lembrou daquela espora tan dura, que o apugaba nas horas e batallas* HER 147).
- apular** v. Pular, tripar (*Estorbáballe a Sinbad a barriga, pro calzando aquí i apulando alá* SIN 141).
- apunte** s.m. Apuntamento (*I un pintor bizantino que iba a bordo tomou un apunte* SIN 112).
- apuxar** v. Empuxar, empurrar (*O coronel contaba de presa, e máis abreviado que de costume, apuxando a falar dos outros* CRO 90).
- aquejarre** s.m. Conciliábulo de bruxas e bruxos (*estaban nin máis nin menos que en vísperas de aquejarre* CRO 84).
- aqueilo** pron. Aquilo (*á memoria véume aquilo que está en Shakespeare* CRO 90).
- aqueste** pron. Este (*a roupa pra as medras de aqueste inverno* CRO 72).
- aquil** pron. Aquel (*o camiño aquil xa se vía que non era mui usado* CRO 82).
- aramio** s.m. Arame (*Ela andaba núa polos aramios das lámparas* POE 95).
- arándano** s.m. Arando (*amorodos, [...], arándanos, sorbas* CRO 155).
- arbolar** v. Arborar. Levantar (*i aínda derriba distas casas arbolaron outras i outras* SIN 82).
- arboreda** s.f. Arboredo (*É aquel un fermoso alto sober do val, que é unha leda arboreda* TES 62).
- arbre** s.m. Arbore (*Si eu me fago arbre vello na outra banda do río* HER 160).
- arbular** v. Argüir, argumentar, urdir, atribuír (*que as envexosas me arbulaban por amantes patentados* CRO 44).
- arcea** s.f. Ave da orde das pernaltas (*Esto que vale para a perdiz, val tamén para a arcea e para a auganeta, a becacina* CRO 122).
- arcedián** s.m. Arcediago (*Cóntolle eu isto a un coengo amigo meu. Arcedián de Santa Catedral* ESC 113).

- arcedianato** *s.m.* Arcediagado (*Outro de por alá do Arcedianato de Miranda* TES 82).
- arearia** *s.f.* Planta da familia das alsináceas que crece nos terreos areosos de Lugo (*A burra de leite seguía pacendo arearias* SIN 145).
- arfada** *s.f.* Balanceo (*por erguer unha arfada perdeu unha galera na que iba un mozo mui apreciado* SIN 162).
- arganeiro** *s.m.* Argueiro, partícula de po que se mete nos ollos (*Perguntóulle a Antón si lle ensiñou seu pai a tirar areññas e outros arganeiros dos ollos* XEN 92).
- aristado** *adx.* Que ten arestas (*i é area roxa i aristada* SIN 63).
- aristón** *s.m.* Instrumento músico de manivela (*O mitrado coxo de Lamego, que tiña un aristón i un corvo que falaba latín* MER 136).
- armónica** *s.f.* Harmónica (*Inventor do pararraios e máis de la grande armónica* CRO 1).
- armónico** *s.m.* Harmónico (*Por eso os gregos lle chamaban «armónico» ao coñeiro* COC 36).
- armonio, amonium** *s.m.* Harmonio (*Un músico que estaba alí pechado ensiñoulle a tocalo armonio* ESC 87; *e a conta do enterro, caixa incruída, e armonium, que fora de Mondoñedo* XEN 71).
- armoricano** *adx.* Natural de Armórica, Bretaña (*chegaría a Galicia a langosta á armoricana* COC 79).
- aromar** *v.* Aromatizar (*Aromábase con albafor de ourego macho* NOI 296).
- arpilleira** *s.f.* Tecido de estopa (*botada no chan sober dunhas arpilleiras* COC 154).
- arrabento** *adx.* Rabioso (*Sete Chaleques estaba arrabento comigo* CRO 77).
- arrabexo** *s.m.* Berro de rabia (*arrabecendo os dentes e roncando arrabexos* CRO 89).
- arrabicar** *v.* Rabiarse ensinando os dentes (*un can lobeiro, que purraba por arrincar ós chegados, arrabecendo os dentes e roncando arrabexos* CRO 89).
- arrabio** *s.m.* Rabia, ira (*Salvínme do arrabio, decíanos* ESC 152).
- arredar** *v.* Poner lonxe, afastar, separar (*Si poidera arredar do teu peito as finas mans!* DON 129).
- arredondeado** *adx.* Que se pon redondo (*con tinta verde, tiña escrito mui arredondeado* SIN 124).
- arredondo** *s.m.* Redondo (*e case tódolos xoves coa navalla de pulso faille un arredondo* SIN 25).
- arredrar** *v.* Apartar (*arredraba de sí aos netos* FEI 77).

- arrefirmar** v. Reafirmar (*-¡Ir iba namorado! -arrefirmóu o escribano* CRO 94).
- arreglo** s.m. Arranxo (*O arreglo que pedía don Felices era ...*MER 67).
- arrematar** v. Rematar (*i ó demo, cando arremata a peza, cólleo o vento* SIN 86).
- arrempujar** v. Empuxar (*soñaba que subía a un tellado, e arrempuxábano e caía á rua...* XEN 82).
- arrentes de loc. prep.** A rentes de (*deitándose no leito arrentes do enfermo* ESC 58).
- arreventar** v. Reventar (*o carteiro do Farfistán, que arreventara un mulo de posta* SIN 128).
- arroibar** v. Poñerse roibo (*e cando ó mencer ou á tardiña lle dá o sol escordo entón arroiba* SIN 161).
- arroubar** v. Roubar (*un día chegou a agarrar a un demo que lle estaba arroubando os zapatos con fibela de prata* FEI 84).
- arrotador** adx. Que arrota (*toda a co-ciña é unha rolda de arrotadores* COC 25).
- arrozada** s.f. Prato preparado a base de arroz (*é unha arrozada máis ou menos á moda valenciana* COC 20).
- arrullo** s.m. Arrolo (*os sinos de Quintás i o arrullo das pombas no bico do tellado* MER 14).
- ártabro** adx. Pertencente a un pobo que habitou no noroeste de Galicia (*das penedosas costas dos ártabros* COC 71).
- artilleiría** s.f. Artillería (*levaba algunha esperanza de que o desen por útil, pra cabaleiría ou artilleiría* XEN 117).
- arume** s.m. Follas e ramas secas dos piñeiros (*o coello, ben limpo, ponse a marinar con arume de pino* COC 126).
- arvella** s.f. Ervella (*cáseque sempre garabanzos, arvellas e fabas coloradas con touciño* CRO 13).
- arzoneira** s.f. Arzón (*Na arzoneira levaba dúas pistolas de recado* CRO 85).
- asalmonado** adx. Asalmoado (*todas as troitas son asalmonadas e de carta* COC 161).
- asamblea, asambrea** s.f. Asemblea (*o único pra que sirven é pra votar nas asambleas coas súas cunchas* COC 65; *Tocan asambrea e praza* CRO 108).
- aseguido** loc. adv. De seguida (*como unha moxena xa está a man na cadea de ouro que leva ó colo, i aseguido no empuño da espada* HAM 32).
- asegún** prep. Segundo (*Todo, asegún il pendía da lúa* ESC 98).
- asemade** adv. Simultaneamente (*dar o home, asemade que os leceres da caza, unha alimentación perfecta* COC 127).

- asente** *adx.* Asentado (*i alí estaría mui asente o reino* SIN 52).
- aseñar** *v.* Afirmar, indicar (*Aseñou que vivía en Le Mans de rendas* CRO 74).
- aseñorear** *v.* Aseñorar (*e que o aseñoreen e lle chamen don Martiño* ESC 113).
- aserrín** *s.m.* Serrín (*e despóis botábame á cara o aserrín* PAL 325).
- asesinar** *v.* Asasinar (*A rua sospeitaba o paso daquel home asesinado na outra esquina* POE 80).
- asesinato** *s.m.* Asasinato (*o meirande acontecemento dos tempos modernos fora o asesinato de Canalejas* ESC 153).
- asesino** *s.m.* Asasino (*andaban coma tolos buscando un asesino* MER 92).
- asesiñar** *v.* Asasinar (*E foi asesinado* HAM 30).
- asesiño** *s.m.* Asasino (*Houbo un crime, logo hai un asesino* HAM 26).
- asio** *s.m.* Acio (*as colunas semellando viñas mui abondosas en asios* MER 67).
- asnal** *adx.* Pertencente ó asno (*pode vender ferraduras pró mular i o cabalar, tendo licencias pró asnal* MER 90).
- asolagar** *v.* Cubrirse de auga, quedar algo mergullado (*Galicia é un país de tesouros, escusados nos castros, asolagados nas lagoas* TES 35).
- asolainado** *adx.* Asollado (*a casa tén medio faiado asolainado* SIN 24).
- asomellar** *v.* Asemellar (*o señor Braulio fixo unha figuriña en barro que se asomellaba ao neno* FEI 96).
- aspeado** *adx.* Aspado (*e noutros muiños mui aspeados* SIN 33).
- aspeito** *s.m.* Aspecto (*A muller, no seu maxín, chegou a ter o aspeito cáseque mítico de deusa* XEN 32).
- aspro** *adx.* Áspero (*Hamlet amigo, amor e confianza, e no todo aspra xenreira e noxo* HAM 10).
- astreverse** *pr.* Atreverse (*o señor Ramón non se non astrevía a poñelo* XEN 24).
- asubiador** *adx.* Que asubía (*por entre os castelos de madeira viña soprando nordeste asubiador* SIN 145).
- atafego** *s.m.* Dificultade (*que sempre ti ven o atafego de ter un fillo* CRO 56).
- atal** *pron.* Tal (*As sardiñas que van ser asadas poden ser frescas, atal como venñen do mare* COC 105).
- atambor** *s.m.* Tambor (*tocaron as trompetas i os tambores, e levantámolo campo* MER 37).
- atarazana** *s.f.* Arsenal (*e que acolá eran os esteleiros i as atarazanas do Malik* SIN 138).

- atavío** *s.m.* Vestido. Ornamento. Compostura (*Eiquí vai, sin máis alcaceres de atavío, o escrito, o escrito do sochantre* CRO 106).
- ate, até** *prep.* Ata (*viña conmigo ate Vigo* COC 78; *camiñarei desangrado até aquel país* DON 114).
- atemporalado** *adx.* Que está cheo de temporais (*nos longos meses atemporalados do inverno* COC 71).
- atente** *adx.* Atento (*Era mui atente observador da natureza* ESC 97).
- aterriزار** *v.* Aterrar (*Voaba, sí, señor, aterrizando sete ou oito varas máis aló* XEN 94).
- aterriزار** *s.m.* Aterraxa (*e porque por tres veces rompeuse a cama, con aquel aterriزار violento* FEI 126).
- atestar** *v.* Testemuñar (*-Os difuntos non dan esmola -contestou o escribano de Dorne-. Atéstase coa lei romana* CRO 88).
- atisbar** *v.* Osmar (*ou atisbar que chegaba* FEI 63).
- atonado** *adx.* Que está na tona ou superficie do mar (*i os peixes-papagaios, curiosos, calaron atonados* SIN 86).
- atornillar** *v.* Poñer un parafuso (*quería volver a xirar, pra un lado ou pra outro, como si se atornillase ou desatornillase* FEI 89).
- atorreado** *adx.* Que ten torres (*iba unha murada vella atorreada cada dez pasos* SIN 142).
- atorrentar** *v.* Discorrer en forma de torrente (*regatos que [...] nunha parte do curso seu atorrentan e brincan* COC 89).
- atouciñado** *adx.* Que ten touciño (*O xamón do porco galego é moi atouciñado* COC 49).
- atraguer** *v.* Atraer (*buscando con veledas e globiños a arte de atraguer a chispa* CRO 66).
- atráis** *adv.* Atrás (*soltou o cinto, botouse pra atráis no escano* MER 75).
- atraveso de loc. prep.** A través de (*Ismael Florito saíu de esguello do Inferno atraveso dunha hucha vella* CRO 141).
- atrezado** *adx.* Que ten aderezos (*Si tivera aquí a miña bolsa de coiro atrezado* SIN 16).
- atristar** *v.* Entristecer (*pro o caso é que decaen e atristan* COC 117).
- atristurado** *adx.* Entristecido (*O can, atristurado, co rabo entre as pernas, foise* XEN 110).
- atropellar** *v.* Atropelar (*Manuel o Gaito perdéu o pe esquerdo [...], que o atropellou un tranvía* XEN 101).
- audencia** *s.f.* Audiencia (*o mouro Alsir tivo audencia con don Hamlet* MER 138).

- augador** *s.m.* Vendedor de auga (*pagáballe [...] cunha moeda i o augador facíase rico* TES 81).
- augamariña** *s.f.* Pedra preciosa de cor parecida á auga do mar (*puxera Sinbad dous anelos que tiña, con augamariñas soleadas* SIN 45).
- augamel** *s.m.* Auga mesturada con mel (*augamel de Braga dito, propio para enfriar o fígado* MER 137).
- auganeta** *s.f.* Becacina (*Esto que vale para a perdiz, val tamén para a arcea e para a auganeta, a becacina* COC 122).
- augardente** *s.f.* Augardente (*e fan augardente de trufas* MER 138).
- auguista** *s.m. e f.* Persoa que toma as augas nun balneario (*que lle contara unha auguista en Guitiriz* FEI 140).
- auguria** *s.f.* Errata por anguria (*un rebaño tépedo de sospeitas, ciumes i augurias* HAM 77).
- aumente** *s.m.* Aumento (*Chámanlle Bambarino e lé por cristal de aumento* SIN 56).
- aunque** *conx.* Anque (*Mansur seguía, mui solene, aunque eso sí, palaciano e con entremedias sorrisas* SIN 102).
- autocaparse** *v.* Caparse a si mesmo (*vai o aristócrata i enrabexouse i autocapouse dunha dentada* SIN 97).
- autocurarse** *v.* Curarse a si mesmo (*que il mesmo fora un afrixoado, i autocurouse* ESC 65).
- automóvil** *s.m.* Automóbil (*mandóu de agasallo a Montero Ríos, a Lourizán, por un propio nun dos automóviles* COC 52).
- autoperfeccionarse** *pr.* Busca-la perfección persoal (*son distes que se autoperfeccionan* TES 67).
- autro** *adx.* Outro (*onde dicen autro por outro* XEN 146).
- auxóuxere** *s.m.* Axóuxere (*a música de auxóuxeres que tiña a bola na caixa de pé* MER 125).
- avalo** *s.m.* Abalo, subida da marea (*estaba a marea no avalo* SIN 26).
- avanguardia** *s.f.* Vangarda (*agalloparía contra a avanguardia* CRO 91).
- aveiro** *adx.* Que ten avea (*e nas rilleiras nabegas i aveiras* CRO 23).
- avelán** *s.f.* Abelá (*atados a unha variña de avelán* CRO 87).
- avelaneira** *s.f.*, **avelaneiro** *s.m.* Abeleira (*unha avelaneira no medio do día* CAN 50; *e non sabemos cando chegaron a cerdeira e o avelaneiro* COC 143).
- aventar** *v.* Botar ó aire (*Coas outas paredes impedimos que a tempestade avente as rosas non máis nacer* HAM 21).

- avariado** *adx.* Avariado (*tiña unha moa averiada* ESC 109).
- averiguar** *v.* Inquiri-la verdade (*procurando averiguar si conocían a alguén* FEI 21).
- avesío** *adx.* Dise do terreo frío ó que lle dá pouco o sol (*montes, avesíos, xesteiras* ESC 137).
- axexo** *s.m.* Observación, espreita, vixilancia (*todo o tempo ao axexo e rastreo de fera* FEI 74).
- axitanado** *adx.* Que se parece ós xitanos (*Hai muito pálido por alá, medio morenos, ás veces axitanados* XEN 60).
- axoenllar** *v.* Axeonllar (*había que axoenllarse como na igrésia* CRO 100).
- axotar** *v.* Asustar un animal, escorrentalo, facelo fuxir (*i eu teño todo posto pra cazalo na súa obra i axotalo pola fraga abaixo* MER 50).
- axóuxere** *s.m.* Cascabel (*e nin traguían mais xoia que un axóuxere de ouro na sufraxe esquerda* MER 35).
- axuntamento** *s.m.* Concello (*mandaba por un sobriño recado ao Axuntamento de Lalín* FEI 75).
- axusticiar** *v.* Axustizar (*contou de ún que axusticiara en Salamanca* FEI 17).
- aza** *s.f.* Ala (*debaixo dun sombreiro mouro, da aza ancha* XEN 119).
- azacanear** *v.* Traballar con moito afán (*víu unhas mulleres que se azacaneaban encendendo lume* coc 84).
- azogue** *s.m.* Azogue, mercurio (*Eu teño azogue no corpo* ESC 102).
- azuado** *adx.* Azulado (*chaman carabetas pro tamén navallas a unha ameixa pequena e azuada* coc 68).
- azucarar** *v.* Azucarar (*queixos que hai que salar, ou azucarar ou pimentar* coc 136).
- azugar** *v.* Frustrigar (*Mamers o Coxo azugaba no tiro* CRO 35).
- azuleado** *adx.* Azulado (*un esprito afumado, azuleado* SIN 76).
- azulón** *adx.* Aplícase ós patos grandes (*¡El Rei, seu afianzado, está cazando patos azulós!* HAM 75).

B

baballarse *pr.* Caerlle a un a baba (*que se ballaba de gula* CRO 68).

bacalladeiro *adx.* Amante do bacallao (*nós somos ben menos bacalladeiros* COC 109).

bacallau *s.m.* Bacallao (*Na Coaresma faise empanada de bacallau* COC 59).

bachilerato *s.m.* Bacharelato (*testo de caligrafía de obriga no Instituto de Lugo, nos meus días de bachilerato* XEN 105).

badana *s.f.* Pel curtida de carneiro ou de ovella (*Andivo algún tempo cubrindo o ollo cun parche de badana moura* FEI 123).

badelada *s.f.* Golpe forte que se dá á campá co badalo (*eu tíname porque ouvía as badeladas do mazo dos ferreiros* MER 12).

badía *s.f.* Baía, entrada do mar na costa (*Naves ancoraron na badía non osando navegar* HAM 22).

baduante *adx.* Moi falador, alborotador (*Co cal quedou probado que o piloto*

aquele do Califa, tan baduante, non estivera en Kafirete SIN 28).

bafordar *v.* Andar xogando ou revolven-
do (*Sintíu que alguén bafordaba na cociña* CRO 123).

bagaceiro *adx.* Que ten relación co bagazo ou residuo da uva (*mui entendido en augardentes bagaceiras* FEI 83).

baieta *s.f.* Baeta, tea de la pouco tecida (*o colador de garza, que hasta cadrou que era de baieta verde* SIN 87).

baíña *s.f.* Vaíña, funda estreita e alongada para gardar armas (*na ponta da baíña tiña unha agulla de marear* SIN 140).

baio *adx.* Dise do cabalo que ten pelaxe de cor amarela ou acastañada (*saiu a gallope no seu baio polo camiño de Belvís* MER 40).

baionciño *adx.* Diminutivo de baio (*i o cabalo, un baionciño mui fermoso, braceaba na neve* MER 123).

- baixío** *s.m.* Banco de area (*i ó pé hai alternos baixíos i oquedá, i o mar brua e peta alí* SIN 106).
- baloriña** *adx.* Aplícase a certo tipo de cereixas (*as cereixas baloriñas, van desaparecendo* COC 152).
- baluga** *s.f.* Masa semellante na forma a unha bola de manteiga (*un país de anelos relucintes, unha baluga de mel* HAM 32).
- baluro** *s.m.* Membro dunha tribo antiga da parte de Lugo (*teñen mistura de baluros, esa tribu rara da Terrachá, da que tan pouco se sabe* XEN 60).
- bambeeira** *s.f.* Asento para arrolarse ou randearse (*Mansur mandara rubir unha alfombra nova i unha bambeeira de vimio* SIN 48).
- bambolla** *s.f.* Fastosidade (*deixase brilar na parrafada algúns puntos de alegre bambolla* CRO 91).
- bandeiría** *s.f.* Banda (*e logo saíu que era non máis que unha bandeiría de demos* MER 128).
- bandeo, a** *loc. adv.* Formando bandas ou cintas (*espido de levita curta i estofado de encaixes d'Alençon a bandeo* CRO 116).
- bañera** *s.f.* Bañeira (*escorrentóu dunha bañera ao demo que quería ver bañalas monxas* MER 144).
- bao** *s.m.* Vao (*entre amieiros e salgueiros, con pasos de pedra nos baos* COC 70).
- baranda** *s.f.*, **barandal** *s.m.*, **barandilla** *s.f.* Varanda (*Deténdose na metade da escadeira apoiando as mans na baranda* HAM 19; *Baixa lentamente as escadeiras, incrinada sóber do barandal* CRO 108; *debruzouse na barandilla das escadeiras* CRO 124).
- barnacla** *s.f.* Pato mariño de Irlanda (*o canto dunha bandada de barnaclas, que chega ao paseante cando cae o serán* COC 72).
- barrancal** *s.m.* Lugar cheo de barrancos (*e dá voltas arredor de cumes apenadas e barrancás* SIN 133).
- barredura** *s.f.* Varredura (*tiróu os poderes á barredura* XEN 17).
- barrigo** *s.m.* Barriga (*aquel peito poderoso i o barrigo rotundo descansaban en dúas perniñas chambelas* ESC 77).
- barrigolo** *s.m.* Persona de moita barriga (*Era un grande barrigolo* CRO 74).
- basallo** *s.m.* Vasallo, vasoira de xestas (*non me movera nin pra mollar os basallos* MER 48).
- basilisco** *s.m.* Animal fabuloso que mataba coa mirada (*O canto do galo, como é sabido, mata ó basilisco, que é un gardador de ouro* TES 77).
- basoirazo** *s.m.* Vasoirada, golpe dado cunha vasoira (*Non valeron de nada berros nin basoirazos* FEI 81).
- bastimento** *s.m.* Abastecemento (*Trouxo da casa touciño i unha fogaza de pan,*

- bastimentos que gardou na barbería do Pallarego* ESC 84).
- batifolla** *s.m.* Artífice que labra metais (*Istas cacholas de delfín, Sari amigo, están tiradas do natural por un batifolla do bazar de Adén* SIN 110).
- baturre** *adx.* Rústico aragonés (*un fulano que cantaba unha xota, e Novagildo dáballo como si fose baturro* FEI 103).
- bavoqueiro** *adx.* Babeco (*i eu atrás dil, coidando que fora tan mudo como bavoqueiro* MER 74).
- bayeta** *s.f.* Baeta (*nunha bulsiña de bayeta azul* MER 74).
- beca** *s.f.* Banda que se cruza no peito e que colga pola espalda (*foi seminarista en Mondoñedo, dos de roupón folgado e beca colorada* XEN 112).
- becacina** *s.f.* Ave da orde das pernaltas (*val tamén para a arcea e para a auganeta, a becacina* COC 122).
- begoña** *s.f.* Begonia (*Por entre unhas arcadas, vese o xardín: crisantemos, begoñas, hedra* HAM 65).
- beilar** *v.* Bailar (*Muiñeira de cen augas dependeunos a beilar* CAN 35).
- beleño** *s.m.* Planta da familia das solanáceas (*e mételo en tinas en auga de beleño, que é adormecedora* SIN 121).
- benino** *adx.* Benigno (*As fadas poden sere a un tempo terríbeles e beninas* TES 49).
- benzoar** *v.* Bendicir (*pasou á nai polo maxín que tiña o seu señor tío que benzoar a bañeira* MER 59).
- bermello** *adv.* Vermello, do cor da sangue (*bermella como unha amatista dende a fronte ate o mentón* XEN 148).
- bernaldo** *adx.* Que pertence á orde dos monxes bernardos (*Chamábase don Ernestino, e fora bernaldo en Meira* MER 139).
- berruga** *s.f.* Verruga (*Leváronme a que el Rei me saquese unha berruga dun ollo* NOI 279).
- bertél** *s.m.* Bortel. Baruto (*e si había dereito a bertél nas Molucas, onde os paisanos botan unhas areas que dá certo arbore* SIN 115).
- besgo** *adx.* Torto, chosco, birollo (*aquel de quen falo era besgo dun ollo* CRO 40).
- besugo** *s.m.* Ollomol (*Ao besugo, que nós chamamos comunmente «ollomol», vaille moi ben o asado* COC 101).
- besugueira** *s.f.* Especie de cazola para asar ou guisar ollomoles (*Un robalo cócese nunha pota baixa, ou nunha desas que chaman besugueiras* COC 101).
- bet** *s.m.* Letra del alfabeto hebreo (*a sal que quedou en alef, en zaín, en nun, en bet, en het en tau* HER 150).

- betún** *s.m.* Betume (*quedaron como novos con duas mans de manteiga e de betún* FEI 122).
- biauteiro** *s.m.* Bieiteiro, sabugueiro (*Ruzos púxose na ribeira a asubiar, onda uns biauteiros* XEN 156).
- bidueira** *s.f.* Bidueiro (*cando acinzan coa xeada as ponlas núas das bidueiras* XEN 82).
- bieito** *adx.* Bendito (*Tiveron que darlle fretas con sal e con auga bieita* TES 42).
- bigode** *s.m.* Bigote (*distancia entre él que viña soñando i aquil lanza de bigodes* SIN 142).
- bigodeiro** *adx.* Bigotudo (*perguntouse o lanceiro, que era un alto, bigodeiro, aberto de pernas i algo tatexo* SIN 141).
- bilis** *s.f.* Bile (*e púxoselle a bilis negra e melancólica* CRO 66).
- bimbio** *s.m.* Vimbio (*metíanas envoltas nun pano nun cesto de bimbio* CRO 98).
- biouteiro** *s.m.* Bieiteiro, sabugueiro (*e safu cunha cobra que estaba entre o biouteiro* XEN 100).
- birlar** *v.* Roubar (*pra desconfiar ós que os gardan e poder birlarllos, colléndoos descuidados* TES 80).
- birreta, birrota** *s.f.* Bonete cuadrangular (*coverta a cabeza cunha birreta mui galoneada en ouro* FEI 68; *e sacudíulle o pó a birrota, enderezándolle a pruma de galo branco que lucía* MER 74).
- bisabó** *s.m.* Bisavó (*O seu bisabó fora menciñeiro* ESC 67).
- bisestil** *adx.* Bisesto (*que baixaba ó inferno a sangar os anos bisestiles* CRO 137).
- bisque** *s.m.* Certo tipo de sopa (*arredaron a imaxinación galega das sopas de peixe, dos bisques, das sopas de marisco* CRO 26).
- bizado** *adx.* Arrogante (*Pro iste medraba adusto e bizado* CRO 98).
- bizcocho** *s.m.* Biscoito (*-Biscuit es bizcocho, dixo o escolante do Marco* XEN 120).
- blanco** *adx.* Branco (*Nun pociño, en auga fría e viño blanco, metade e metade* CRO 68).
- blando** *adx.* Brando (*como soe o de mello, estaba blando e doado na boca* CRO 57).
- blandor** *s.m.*, **blandura** *s.f.* Brandura (*é un aloumiño manso, un blandor doce...* CRO 135; *A coda protexía unha blandura especial do interior* CRO 137).
- boá** *s.m.* Especie de bufanda de pel ou plumas en forma de cobra para poñela ó redor do colo (*mui envolveito o busto no seu boá de prumas coloradas* CRO 39).
- bobería** *s.f.* Bobada (*pro o crego dixo que todo era unha bobería* ESC 134).

bocada *s.f.* Bocado (*pedíalle por risa que lle dera unha bocada, pro o neno negábase* FEI 96).

bocamanga *s.f.* Parte da manga próxima á man (*limpábase os beizos na bocamanga* FEI 104).

boda *s.f.* Voda (*celebrada a boda por todo o alto en Ordes* FEI 20).

bofe *s.m.* Pulmón (*os bofes e as outras partes de pouca calidade que han entrar nas chanfainas* COC 15).

bofetada *s.f.* Labazada (*o home pegóulle unha bofetada* XEN 47).

bógoa *s.f.* Errata por bágoa (*verbas que poidan pórse nas meixelas e pasar por bógoas de amor* CRO 112).

boleardo *s.m.* Especie de tarta (*de Tui, onde son tamén os famosos e millores boleardos* COC 144).

bolimarte *s.m.* Animal inventado por Cunqueiro que se asemella a unha salamántiga ou a un alacrán (*O bolimarte é algo así como unha salamanquesa* ESC 118).

bolra *s.f.* Borla (*Gastaba un gorro colorado cunha bolra verde* XEN 60).

bolsillín *s.m.* Diminutivo de bolsillo (*i unha noite de farra na garda do castelo, a conta do meu bolsillín* CRO 64).

bolsillo *s.m.* Peto (*Tiña máis dunha ducia de relós, de bolsillo e de pulseira* ESC 126).

bombacha *s.f.* Bombacho, tipo de pantalón (*Vestía chaleque branco, bordado de folla de limoeiro, i as bombachas, que as enfaixaba na cintura* SIN 101).

bombardino *s.m.* Instrumento musical de vento (*Aprestaba o bombardino, e tocaba a marcha de reverencia* CRO 18).

borceguín *s.m.* Calzado que chega un pouco mais arriba dos nocellos (*Axoénllase diante de El Rei e quítalle os borceguís* NOI 283).

bordelés *adx.* Relativo a Bordeaux (*Os millores Amandi que eu bebín lembráronme algúns bordelés* COC 158).

borrachín *s.m.* Diminutivo de borracho (*na funeraria que había na vila, que era de un borrachín que lle llamaban Lourenzo* FEI 158).

borsabadí *adx.* Natural de Borsabad (*¿Cándo llo botas ti?, reperguntaba o borsabadí* SIN 100).

borsalino *s.m.* Sombreiro para homes (*entraba un italián con borsalino gris pérola, corbata verde e zapatos brancos* XEN 84).

bosquello *s.m.* Bosque pequeno (*facendo un esteiro vizoso de xunqueiras i escripos, e bosquellos de canas* SIN 22).

botonadura *s.f.* Conxunto de botóns dun vestido (*i abotonaba o chaleque de botonaura colorada* CRO 17).

- boureo** *s.m.* Barullo, tumulto, algazara (*estando eu revolvendo no faio, ouvín un día grande boureo* CRO 75).
- boutre** *s.m.* Voitre, ave rapaz (*hai que pasar tres días de deserto e ollas voar as boutres* SIN 133).
- bouza** *s.f.* Terreo sen cultivar e cheo de maleza (*soltar unha hora os cas na bouza por culpa dun golpe que nos viña ás galiñas* MER 50).
- bozo** *s.m.* Primeiros pelos que saen da barba ós mozos (*a cariña redonda a tiña mui de neno, i o bozo nin me sombrizaba* MER 32).
- bragado** *adx.* Dise do can e doutros animais que teñen a cor das patas diferente da das outras partes do corpo (*un can raro, a capa marela con manchas mouras, bragado en branco* XEN 14).
- brancuxar** *v.* Tirar a branco (*i o puxo do vento na tona acarreirando as ondas que brancuxan na fronte denantes de rachar* SIN 107).
- brancuxento** *adx.* Que tira a branco (*corre por entre mestas uceiras e grandes lamas de auga brancuxenta* CRO 86).
- brandada** *s.f.* Prato preparado con bacallao (*o galego non faría unha brandada, que é un dos máximos platos de bacallau, senón unha allada* CRO 108).
- brasear** *v.* Converter en brasa (*que logo asaba nunha cuneta, braseando folgueiras i algun terrón* ESC 78).
- braseiriña** *s.f.* Conxunto pequeno de brasas (*A pota de chá estaba posta en trébede i ardía sob ela calma e marela unha braseiriña de xunquiza* SIN 39).
- bravexo** *adx.* Que tira a bravo (*Nas aldeas aínda se cría moito coello, e hai unha caste gris, medio bravexa* CRO 112).
- brencelláu** *s.m.* Tipo de uva tinta (*En Gomariz eu deletreaba todas as cepas vellas do país: caíño, brencelláu, men-cía, tintilla, tarrantés* CRO 158).
- bretonante** *adx.* Que fala en bretón (*e metendo cachola pola ventaniña, deu corteses bos días en bretón bretonante* CRO 85).
- brigante** *s.m.* Bandido, bandoleiro (*e como faría unha coronelía de brigantes na Inglaterra coa teima de conquistar o mundo* CRO 69).
- brilar** *v.* Brillar (*o primeiro que miróu Delfín foron as tesouras que brilaban ao sol* XEN 53).
- brilo** *s.m.* Brillo (*Si un atopa un tesouro no camiño, pode cegar co brilo* TES 39).
- brindis** *s.m.* Brinde (*Os señores ojiciás eran mui soltos de brindis e traguían pagas frescas* CRO 117).

brinquedo *s.m.* Xoguete (*O río levaba os ollos ailaládo, soñando brinquedos brancos, nenos despertos soñando* CAN 17).

brinqueta *s.f.* Brincadeira (*Os da outra familia, que o enano dixerá, non saían á brinqueta* MER 99).

britón *adx.* Bretón (*os britóns que fuxiron de Inglaterra cando as invasións anglo-saxonas* COC 79).

brixir *v.* Tremer (*cando ardía, cando morría, cando brixía de frío* ESC 75).

brizado *adx.* Rizado (*Facía cóxegas co bigote brizado* NOI 297).

brizadora *s.f.* Obxecto ou instrumento para rizar (*e pra que se lle volva na punta pon pólas noites brizadoras de pausanto* SIN 25).

brizar *v.* Rizar (*Viña da boca un áer fresco i húmido, que brizaba gozoso no mar* SIN 83).

brizo *adx.* Rizo (*era un mozo mui outo i escanabeirado, do pelo mui brizo* MER 21).

brizo *s.m.* Rizo (*Sober da fronte caíanlle uns brizos brancos* ESC 71).

bromada *s.f.* Broma (*moito cuidado que na historia non salla un mar do que se diga unha bromada* SIN 161).

brotar *v.* Agromar, xermolar (*Aínda que de vos brotaran lirios* CRO 111).

brusa *s.f.* Blusa (*eu non sabía pra onde mirar cando tiróu a longa faldra i a cinguida brusa* MER 112).

bubas *s.f.* Tumores bubónicos (*e perguntáronlle a Sinbad si había bubas no país de Bolanda e Sinbad xurou que non* SIN 136).

bucear *v.* Mergullar e manterse certo tempo debaixo da auga (*Buceaba naquel auga, que estaba morna* CRO 70).

budas Errata por bubas (*i emborrachándose polos camiños, e tamén das budas, que viñan con moita cargazón de materia* CRO 143).

buliceiro *adx.* Que fai moito bulicio (*O velagullas era mui buliceiro* ESC 120).

bulizoso *adx.* Bulicioso (*É un rei bulizoso, amigo da música* HAM 54).

bulra *s.f.* Burla (*Mansur dice que non lle parez mal a bulra, pro ponse colorado* SIN 60).

bulrar *v.* Burlar (*O pai pegáballe, a nai desesperaba, os irmáns bulrábanse del* FEI 23).

bulrento *adx.* Burlador, burleiro (*sendo como era o home mais bulrento e risoño do mundo* MER 120).

bulreta *s.f.* Pequena burla (*mirándote cos ollos pequenos i azúes, nos que sempre podías lér unha bulreta* ESC 67).

bulrón *adx.* Burlón (*¡Cómprate unos anteojos, gallego!, respondéulle, bulrón XEN 81).*

bulsilleiro *s.m.* Carteirista (*pro seguía, decían, sendo o patrón dos bulsilleiros CRO 68).*

bullón *s.m.* Cachón, burbullón (*e o todo coce a bullón deica que o calabazote se desfái coc 25).*

burlento *adx.* Que fai burla (*por man dun barbeiro que era sacristán de fra-des, e home mui burlento FEI 92).*

buro *s.m.* Certo tipo de pano (*i encolléu tanto coma pano de buro MER 39).*

buronés *adx.* Que é natural da terra de Burón (*que andaba por Navia de Suarna i a terra buronesa facendo de capador ESC 67).*

burullo *s.m.* Vurullo, conxunto de obxectos envoltos sen coidado e de calquera maneira (*fixeron de novo o burullo do equipaxe MER 28).*

búsqueda *s.f.* Acción de buscar (*Os das Casas aparecen vencellados coa búsqueda do tesouro TES 88).*

butifarra *s.f.* Embutido típico dos países cataláns (*con quen xantara unha mui sabrosa butifarra guisada con fabas coloradas FEI 45).*

buxiada *s.f.* Ruído, ruxida (*leva o cabuzo dunha á boca sopra forte, e sae a buxiada estridente SIN 68).*

buzón *s.m.* Caixa para introducir as cartas de correos (*as empanadas, que sempre son coma unha especie de caixa ou buzón segredo coc 61).*

C

cábados Errata por sábados (*¿i el volven a dar esmola de pan en Lanrival os cábados?* CRO 114).

cabaleiría *s.f.* Cabalería (*Sentóu praza na cabaleiría republicán* CRO 131).

cabalgada *s.f.* Acción de cabalgar (*Da cabalgada pola noite, i eu non tiña costume de andar montado* CRO 76).

cabás *s.m.* Cabaz, cesto pequeno cunha asa (*por muito birrete de fío de ouro que me puxese, e sempre o levo no cabás* CRO 72).

cabazo *s.m.* Cabaza, planta cucurbitácea (*El non sementou leitugas e cabazo doce no meu saído* SIN 18).

cabildo *s.m.* Cabido, corpo de coengos dunha catedral (*Véu a Miranda a mercar un quebranoces de prata pro Cabildo do Santo Apóstolo* MER 139).

cabozo *s.m.* Hórreo (*¡Ai, quién colgará o mainzo no cabozo!* NOI 297).

cabuzo *s.m.* Extremo dun obxecto (*leva o cabuzo dunha á boca e sopra forte* SIN 68).

cachemirán *adx.* Que é natural de Cachemira (*i o cachemirán mandou pór por letra a un escribán que traguía, todo o contado* SIN 66).

cachetada *s.f.* Labazada (*Un de grande chapéu de aza ancha dábase cachetadas nos papos* CRO 71).

cachetear *v.* Dar labazadas (*podía o cazador abater a arcea, «a segadora do áer», ou cachetear un gazapo que saía dunhas penas* COC 121).

cachimba *s.f.* Pipa para fumar (*Dende os dezasete anos fumaba en cachimba e gastaba sombreiro* XEN 16).

cachirula *s.f.* Vida amorosa (*porque eras mui noviño, un falcón que inda non probara a cachirula* HAM 25).

cachola *s.f.* Cabeza (*Amoséi a cachola por unha fiteira por mirar o país voso de Valverde* NOI 280).

cachopeiro *adx.* Que está formado de cachopos, talos secos das árbores (*O alpendre era cachopeiro, coberto de palla e terrón, i estaba mediado de herba seca* CRO 94).

- cachucha** *s.f.* Cabeza do porco salgada (*Na cociña colgan os touciños, os xamóns, os lacóns, a cachucha, as orellas, o dente, o rabo coc 20*).
- cadaqué** *pron.* Cada cal (*cando as ergueu eran duas grandes cobras e tíñanse dreitas cadaqué nunha mán do príncipe SIN 57*).
- cadavre** *s.m.* Cadáver (*chegou a tempo de ver o cadavre embalsamado no ataúde FEI 95*).
- cadí** *s.m.* Xuiz mouro ou árabe (*o cadí léndo onde diz o Libro que a muller non lle non pode pegar ó home SIN 101*).
- cadrante** *s.m.* Cuadrante, unha das catro partes nas que se divide a rosa náutica (*rexindo alí a cotío asubiantes temporás do pirmeiro cadrante HAM 13*).
- caes** *pron.* Cales (*Foi unha vergoña pra Bastián e Manuel, os caes tiveron que contar a historia ao brigada da Garda Civil FEI 49*).
- cagallo** *s.m.* Cagalla, excremento en forma de bola (*Tamén, de paso, pódese poñer un cagallo de endego ESC 114*).
- caguña** *s.f.* Óso da froita (*Criada da casa, a quen eu ensiñei a cuspir caguñas de cereixas MER 142*).
- cais** *s.m.* Peirao (*Estaba a miña nao ancorada a doce brazas do farol dos cais SIN 14*).
- calabacín** *s.m.* Cabaza cilíndrica pequena de códea verde e carne branda (*nin as berenxenas, e pouco os calabacíns, que nunha fonda de Lugo, aló polos anos vinte, eu catéi coc 31*).
- calabaciña** *s.f.* Cabaza pequena (*O meu anxo da garda, coas azas sob o brazo dereito, na man esquerda a calabaciña da auga HER 162*).
- calabazo** *s.m.* Cabaza (*i el era ben do meu gosto aquel caldo de calabazo doce MER 107*).
- calabazote** *s.m.* Cabaza grande (*e por final, córtanse uns anacos da polpa do calabazote, e o todo coce a bullón deica que o calabazote se desfái coc 25*).
- calandra** *s.f.* Laverca, cotovía (*veu unha calandra abaneando unha ponliña HER 137*).
- calavera** *s.f.* Caveira (*e que no papel negro que envolvía o tubo, levaba unha calavera con dúas tibias XEN 134*).
- calé** *adx.* Xitano (*Uns coidaban que se cumprira a maldición calé e outros que non FEI 81*).
- calenta** *adx.* Que ten caliza (*as augas calentas do camiño descompóñense SIN 139*).
- calentura** *s.f.* Quentura, febre (*un martes lardeiro levouno unha calentura que lle quedou do sarampión MER 70*).

calexón *s.m.* Calella (*Nunca ousara baixar por aquel calexón onde estaba a mancebía da Ruanesa* CRO 22).

calidá *s.f.* Calidade (*A tea que eu tezo é de outra calidá* HAM 50).

calisquer, calisquera *pron.* Calquera (*En toda tasca de Galicia, a calisquer hora, en calisquer día, pódese pedir unha tapa de pulpo* COC 87; *pro tan axiña como amosa os beizos de calisquera dos presentes o nome dun país ou de illa* SIN 32).

calivera *s.f.* Caveira (*i un mirar avestó co aqués seus ollos mouros perdidos no fondo da calivera* CRO 22).

calquer *pron.* Calquera (*Andaba na hoste, e de noite, coma calquer difunto, poñíase de esquelete* CRO 134).

caluga *s.f.* Parte posterior do pescozo onde empeza a cabeza (*e si lle doe a cabeza que lle ha poñer na caluga pános mollados en camomila* SIN 102).

calvilla *s.f.* Variedade de mazá (*deica as tabardiñas e as roibas, as de Vilaviciosa, as calvillas, as pel de vaca, as ramonas, as tenreiras* COC 154).

callista *s.m.* Persoa que cura ou extrae os calos (*e dalí pasou a traballar cun callista estabrecido na rúa de Toledo* XEN 149).

camareta *s.f.* Cámara pequena (*A camareta do sochantre, na Nova Francia,*

tiña unha fiestra sober do patio CRO 116).

cambear *v.* Cambiar (*O pirmeiro que facía cun tolo era cambearlle de nome* ESC 64).

cambista *s.m.* Cambiador, persoa que cambia moeda (*unha vez un cambista indio morreu de susto* SIN 98).

cambril *s.m.* Pao para colga-los porcos recién matados (*O día da matanza fica o porco colgado do cambril, oreándose* COC 13).

camelleiro *s.m.* Cameleiro (*cousa que soio pode faguer íl que tén igoalados tódolos camelleiros das estepas* SIN 97).

camello *s.m.* Camelo (*quén tén unha parada famosa con camellos do país emparentados co camello Jalil do Gran Mongol* SIN 96).

camilla *s.f.* Mesa redonda cuberta cun tapete que chega ó chan (*dúas cadeiras de enrella de palla, i unha mesa camilla coa faldra rachada* CRO 95).

camín *s.m.* Camiño (*e nós ríamos do seu falar, «autro» por «outros», «camín» por «camiño»* ESC 152).

camiñata *s.f.* Camiñada (*Por eso si na serra da Corda, nas suas camiñatas de cazador atopara algún raposo* FEI 152).

camisolo *s.m.* Camisola, camisa fina de home (*a miña chilaba de liño albar, o meu camisolo de verán...* SIN 117).

camoesa *adx.* Aplícase a unha variedade de mazá (*busco unha pavía, unha pera urraca, unha mazán camoesa* COC 155).

campamento *s.m.* Lugar onde acampa un grupo de persoas (*O campamento de Lucifer estaba cheo de ouro* TES 70).

campana *s.f.* Campá («a bóveda da campana» XEN 42).

campaniña *s.f.* Campaiña (*mercóu un despertador de dobre campaniña* XEN 38).

campechán *adx.* Sinxelo, dise da persoa que é simple e extrovertida (*Era un tinto de Rubiós, adulto, ben feito, fartu-mento, campechán* COC 43).

campeche *s.m.* Planta de orixe americana (*e catro misturas con casca de nogueira, estraute campeche e cremor tártaro* MER 113).

camposa *s.f.* Lugar aberto no monte onde medra a herba (*bica coma si fora outro, pura como unha brisa de maio na camposa aberta* HAM 39).

camuesa *adx.* Aplícase a unha variedade de mazá (*Unha mazán moi doce, aromática. Américo Castro dí que camuesa debe vir do vello francés camus* COC 153).

cáncamo *adx.* Dise de quen ten mala saúde ou aspecto débil (*xa iba vello cáncamo* CRO 59).

cances Errata por canles (*ónde os muiños, onde o vento xira, cances por onde o vento pasa* HER 138).

candeleiro *s.m.* Candeeiro (*parecía que alguén tiña pousado na terra un grande candeleiro de cen brazos* CRO 23).

caneco *s.m.* Especie de botella de louza que se enche de auga quente para quenta-la cama (*dixo que fixeras unha boa cama, e que meteras nela dous canecos ben quentes* NOI 280).

caneiro *s.m.* Pequena canle dunha presa (*Escóitase o río na noite, nas torneiras e nos caneiros* NOI 311).

cango *s.m.* Pontón de madeira que sostén o tellado (*comezo a sentir que a casa enteira renxe, e principian a estalar cangos e paredes* NOI 274).

canivete *s.m.* Navalla pequena (*estaba probando como saíra o amaño no meu canivete de Taramundi* MER 96).

cantazo *s.m.* Pedrada (*Abríronlle unha vez a cabeza dun cantazo, e non se doéu nin sangóu* CRO 135).

canterlo *s.m.* Pedazo de ferro ou outro metal para remendar zocas (*e botarlle un canterlo a unha zoca* MER 50).

cantimais *loc. adv.* Canto máis (*i aínda seguiría si non chamara por mñ meu señor amo, cantimais que estaba a meu carón pelando castañas a miña Manoliña* MER 108).

cantonés *adx.* Que é de Cantón (*aínda lle ouvira a antevíspera un relato a un mariñeiro cantonés* SIN 86).

canturrear *v.* Cantaruxar (*e arreando con calma a cocha, canturreando polo baixo* XEN 49).

canzonetista *s.f.* Artista da canción lixeira (*era Cleo de Merode i unha canzonetista bilbaína que se chamba Dora la Menchaca* ESC 78).

caño *s.m.* Cano (*que na que chaman dos Frades cae dende un alto caño de ferro* XEN 75).

cañota *s.f.* Parte dun talo entre dous nós. Cálamo dunha pluma (*e púxose na boca un mondadentes de cañota de pruma de faisán largo* SIN 134).

cañoteiro *adx.* Forte coma un cañoto (*enxabonaba as barbas, que moito amolezo precisaban, según estaban de cañoteiras* CRO 124).

cañoto *s.m.* Cano (*E xa na casa súa saca o vello atlas do Islam que ten metido nun cañoto de ferro* SIN 93).

capadela *s.f.* Capadura (*Coa capadela e máis a ceba, abrancúxanlles as crestas* coc 117).

capadril *s.f.* Capa de tea forte de fío ou algodón (*Sinbad quitouse a capadril, e pousou nas máns de Abdalá anteollo e mondadentes* SIN 141).

caperuza *s.f.* Caparucha (*dunha agarrada quitoulle a caperuza* CRO 64).

capido, capíduo *s.m.* Capítulo (*Campbell no seu libro, «O héroe das mil caras», adícalle un precioso capido* TES 46, *e non debía ir neste capíduo, os calamares, as luras, os chocos* coc 103).

capirote *s.m.* Capuz, caperuza (*e viña todo il cuberto con unha capa de capirote morada* MER 72).

capo *s.m.* Vasilla para facer queixos (*queixo de Villalba, moi típico, de forma cónica, que lla dá o capo de madeira no que escorre* coc 137).

capoeira *s.f.* Sitio onde se meten os capóns para cebalos (*e métese nas capoeiras, que son como gaiolas de cana de bimbio, ou de táboa, con rede* coc 117).

capoeiro *adx.* Relativo ós capóns (*o dazanove do Nadal na feira capoeira de Villalba* coc 116).

capulo *s.m.* Capullo (*abríanse nos nosos corazóns os capulos do amor* NOI 302).

caqueiría *s.f.* Arte ou oficio dos cacos (*o patrón dos bulsilleiros, furtañelos, bidone, e demais especiais da caqueiría romá* CRO 68).

caqueiro *s.m.* Caco (*Tiña o señor San Giuseppe por segundo no comando dos caqueiros a un tal Nettuno* CRO 69).

- caracola** *s.f.* Caracol mariño (-¡A mar! Escóitase a mar como nas caracolas mariñas FEI 51).
- caracoliño** *s.m.* Variedade de caracol mariño pequeno (que lle poñen a ún estes caracoliños nun prato COC 82).
- caramita** *s.f.* Imán mineral (era vendedor de caramitas MER 88).
- caravánserrallo** *s.m.* Serrallo ou harén dentro dunha caravana (Pouco a pouco foise quedando en paz e silencio o caravánserrallo SIN 138).
- caraveneiro** *s.m.* Conductor dunha caravana (Perguntoulles tamén Sinbad si coñecían a un tal Sidi Raxeí al-Gazulí, caraveneiro de Asia, que gastaba sombreiro picudo SIN 135).
- carbá** *s.f.* Carballo pequeno (A unha parte e outra, uces, xesteiras, carbás, toxales mestos, e abidueiras XEN 22).
- carbonería** *s.f.* Carboeira (e tivera unha carbonería ou unha bodega ESC 64).
- caridá** *s.f.* Caridade (que non era nin de contra ó respecto nin falta de caridá SIN 44).
- carnet** *s.m.* Carné (Cobraba soldada, e tiña un carnet con tapas de hule roxo XEN 31).
- carolina** *s.f.* Moeda da época de Carlos V (É unha carolina de catro escudos do Imperio CRO 54).
- carolus** *s.m.* Moeda usada en tempos de Carlos V (Non canta o mesmo [...] un ánxel das cidades mariñas que un carolus de Hespaña CRO 50).
- carpintear** *v.* Carpintexar (O loro durmíu na súa percha, que a fixera o propio Cerdeira, que carpinteaba algo XEN 121).
- carranchapernas, a** *loc. adv.* Coas pernas escarranchadas, moi separadas (e poñéndose a carranchapernas do loureiro CRO 118).
- cárrega** *s.f.* Carga (i o meu La Garde rinchaba e couceaba coma nunha cárrrega en campo aberto CRO 56).
- carregada** *s.f.* Cargamento (e traguían as naos unha carregada de seda e bultos de canela SIN 120).
- carregar** *v.* Cargar (Eso, pimentos, e tamén pan, era o que máis me gostaba ver cargar COC 35).
- cárrego** *s.m.* Cargo (e deixou o choio pra vir facerse cárrego da clientela paterna ESC 68).
- carretera** *s.f.* Estrada (Quedaran en que lús o señor Feliciano sairía á carretera ESC 129).
- carriola** *s.f.* Randeira, bambán (Si era ao carón do mar seco de serenidá, azul, rosa, lirio, carriola de pedra dura! MAR 31).
- carriquí** *adx.* Pequerrecho (i o enano estaba sentado na hucha, i era tan ca-

- rriquí que sendo unha hucha banqueira, non chegaba coas pontas dos zocos ao chan* MER 96).
- carroceira** *s.f.* Camiño difícil de transitar (*medraban na carroceira toxos e silveiras* CRO 82).
- carrocería** *s.f.* Parte dos automóviles destinada a pasaxeiros e carga (*Traballaba en Barcelona nun taller de carrocerías* FEI 114).
- carroza** *s.f.* Antigo coche de cabalos (*e meus señores amos están agardando á Vosa Señoría na súa carroza* CRO 21).
- carteirín** *s.m.* Carteira pequena (*Traguías as agullas da arte nun carteirín de pel* ESC 152).
- carteta** *s.f.* Estrofa de catro versos (*Mel púxoo en verso, e ao final, en seis cartetas daba as señas dos sospeitosos, mui encobertas* XEN 35).
- caruncho** *s.m.* Carcoma, couza (*pedra no pan cando non caruncho* CRO 96).
- cáseque, casi** *adv.* Case (*as xentes de imaxinación son, cáseque sempre, as que comen millor* COC 9; *e veu xemendo e casi arrastrándose* CRO 29).
- castañar** *s.m.* Castañal (*Pola cara do sol baixa deica o río un grande castañar* XEN 139).
- castidá** *s.f.* Castidade (*¡Ai, matrimonial castidá, que caro me custas!* SIN 167).
- catalina** *s.f.* Bañista aldeá (*a estas bañistas de setembro chámanlles «canónigas», namentras na Cruña as apelidan «catalinas»* FEI 71).
- catilinario** *adx.* Partidario de Catilina (*lembrando a Cicerón cando foron executados os catilenarios* FEI 109).
- cativecho** *adx.* Cativo, pequeno (*que os sirios eran todos cativechos, casi enanos os máis* FEI 30).
- cauce** *s.m.* Leito no río (*Dí Le Danois que parece que non abandonen endexamáis o cauce submerxido do río en que naceron* COC 93).
- cauda** *s.f.* Cola (*Cauda do meu elmo de brizo ouriví* DON 125).
- cautivar** *v.* Cautivar (*¡Muitas veces me ten cautivado en verso!* NOI 297).
- cautivo** *s.m.* Cativo (*das tabuliñas mesopotámicas, do papiro e máis do pergamino, e dos cautivos chinos da batalla de Talas* XEN 168).
- cazata** *s.f.* Cacería (*Crozon o Besgo sempre andaba de cazata cos seus parentes maiores* CRO 12).
- cazeba** *Errata por cabeza* (*acaíase soia a sota de ouros, e viña de cazeba por entre carreiros de espadas* MER 69).
- ceador** *s.m.* Espacio no xardín que constitúe unha zona independente (*puxo as rosas na boca, cando saíu do ceador un home outo* MER 82).

- cebeliña** *adx.* Cibelina, aplícase a certa variedade das martas (*il mesmo comandaba deica o reino dos Kitanos, en trata de martas cebeliñas* SIN 98).
- ceboleta** *s.f.* Variedade de cebola (*cunha pizca de pimento verde, cocido, e a súa ceboleta cortada co verde do tallo, moi miuda* COC 31).
- cebolín** *s.m.* Ceboliño (*-¡Ise turco sempre está regando o cebolín!, dixo* SIN 146).
- cebón** *adx.* Aplícase ó animal que está sendo cebado (*anque millor sempre será a cecina dun boi cebón* COC 132).
- cecial** *s.m.* Peixe secado e curado ó aire (*O congrio seco será, pois, cecial* COC 131).
- cecina** *s.f.* Chacina (*namentras que cecina dícese das carnes saladas e secas* COC 131).
- cediño** *adv.* Moi cedo (*tanto que o puxo deloutro día, cediño, e cacarexouno ben* ESC 138).
- cedrelado** *adx.* Cadrelado, trezado (*a barba moi cedrelada e levada póla punta cuna cadeniña de ouro* SIN 96).
- cegato** *adx.* Cegarato (*Eu tiña un can, o meu Xavin cazador, un espanel mui educado, pro xa cegato e vello* CRO 29).
- cegoña** *s.f.* Ave emigrante de grandes zancos (*Cegoñas xeográficas no meu noivado novo* POE 94).
- ceio** *s.m.* Ceo (*ceios comunicantes* MAR 27).
- celemín** *s.m.* Celamín, antiga medida para áridos (*todos istes que a min moito me gostaba sacar derriba do celemín nas conversas* MER 77).
- cenador** *s.m.* Ceador (*Vinos máis dunha vez no xardín, escusase entre bicos no cenador* HAM 27).
- cenar** *v.* Cear (*Cenéi na cociña coa señora Marcelina i as mozas* MER 45).
- cencia** *s.f.* Ciencia (*pro non me non atrevo si ti non me axudas un pouco coa túa cencia* XEN 10).
- centea** *s.f.* Centena (*Un ano acertou, teoricamente, a centea do gordo de Reises* ESC 83).
- centella, mala loc. interx.** Imprecación para expresar impaciencia ou un mal desexo (*«por aquí van tres perdidos, mala centella»* SIN 133).
- centífico** *adx.* Científico (*os médicos sábenlles ás doencias en xeneral un nome centífico* ESC 73).
- cepillado** *s.m.* Acción de cepillar (*e terás que estar ó tanto do cepillado de turbantes* SIN 77).
- cerdeiral** *adx.* Que está poboado de cerdeiras (*Galicia é moi cerdeiral nos vales* COC 152).

ceremoña, cerimoña *s.f.* Cerimonia (*i estaba alí ó tanto de tódalas ceremoñas e da cocíña* SIN 64; *cando amencendo os volvimos ao cesto das mazás coa mesma cerimoña con que os recibimos* MER 104).

cerner *v.* Peneirar, barutar (*E vai Primo e nun bortel pequeno cerníu tabaco de picadura* XEN 43).

cerote *s.m.* Cerume, cera dos oídos (*i a todos lle quita o cerote de drento das orellas* SIN 56).

cerúleo *adx.* Que é como a cera (*nunca viran unha Eva tan ben representada, tan lucida, coaquela pel cerúlea* XEN 84).

cerveza *s.f.* Cervexa (*Colléu a xerra de cerveza, pro non quedaba nin gota* CRO 56).

cetárea *s.f.* Cetaria (*amancebada co axudante de Mariña de Honfleur, quen lle puxo unha cetárea* MER 109).

chá *s.m.* Té (*e traen coxís e almofadas, e van servindo o chá con menta* SIN 31).

chaciña *s.f.* Chacina (*Cecina viría dun latino «scicina», carne seca, que dou en galego «chaciña», carne de vaca ou de porco adobada* COC 131).

chaleque *s.m.* Chaleco (*O médico Sabat tiróu do peto do chaleque, un chaleque azul rameado* CRO 28).

chalet *s.m.* Chalé (*que chamaban de verdade á porta do chalet no que vivía* XEN 171).

chamba *s.f.* Casualidade favorable (*Agás que na rúa dos Plateiros me salla unha chamba* PAL 323).

chambelo *adx.* Curvo (*aquel peito poderoso i o barrigo rotundo descansaban en dúas perniñas chambelas e curtas* ESC 75).

chambergo *s.m.* Sombreiro de copa máis ou menos acampanada (*lle metera á nena na boca a lazada do seu chambergo* CRO 55).

chambré *adx.* Que ten a temperatura ambiente (*I era un queixo pra comer «chambré», máis ben morno que frío* COC 137).

chanfaina *s.f.* Embutido feito coas peores carnes do porco (*tamén se bota unha chanfaina ao caldo* COC 18).

chaqué *s.m.* Chaqueta con dous faldóns (*rematou os estudos de xastre cun xorobeta mui famoso na arte do chaqué* FEI 38).

chaquete *s.m.* Chaqueta (*Tecedor de chaquetes, onde a ponte de Audierne* CRO 134).

charol *s.m.* Charón (*Amosa os zapatos baixos, con cibelas de prata. Chámanse de charol* NOI 280).

- charoláis** *s.m.* Certa raza de gando vacún (*Fai anos que houbo en Galicia uns poucos touros charoláis* COC 111).
- chatola** *s.f.* Cravo curto con cabeza grande (*pedindo que lle trouxesen a tenaza de sacar as chatolas das solas dos zocos* FEI 155).
- chatolado** *adx.* Que ten chatolas (*a cachola do un nas solas chatoladas do outro* CRO 55).
- chefe** *s.m.* Xefe (*perguntou o sochantre a Coulaincourt, que somellaba ser o chefe daquela marcha* CRO 27).
- chencha** *s.f.* Cabeza. Intelixencia (*Non houbo quen llo quitara da chencha á costureira* XEN 65).
- cherepa** *s.f.* Chepa (*¿El por qué naos preguntas? O turco era un cherepa barbudo, mui entrecellado* SIN 146).
- chiculate** *s.m.* Chocolate (*que lle levaba á cama o chiculate con biscoito* MER 56).
- chiflar** *v.* 1. Tolear. Namoriscar (*o que lle gustaría soñar é que era alto, e que se chiflaba por il unha valenciana* XEN 81). 2. Burlar (*«A pedra de afiar as agullas» coa que os xastres bulrentos chiflan nos aprendices que saen algo parvos* ESC 117).
- chifle** *s.m.* Chifre (*non iba a inventar, meténdose a músico, un chifle de capador!* CRO 65).
- chilaba** *s.f.* Túnica longa empregada polos árabes (*i a chilaba recollida polos xoellos pra que se lle viran as vendas de coiro* SIN 140).
- chilador** *adx.* Chiador (*Alí é un revoar seguido e chilador de gueivotas* SIN 22).
- chinchar** *v.* Apretar. Molestar (*Pra bulrarse de min chinchan unha moeda no mármore* HER 149).
- chinchete** *adx.* Que molesta, amola, fastidia (*Inventor do pararraios e máis de la grande armónica. Era un chinchete opinante* CRO 132).
- chipirón** *s.m.* Xiba pequena (*os que os vascos chaman chipirones, que a máis de guisalos na súa tinta, tamén se poden fritir* COC 103).
- chiquita** *s.f.*, **chiquito** *s.m.* Vaso de viño (*e cando parou a tomar unha chiquita en casa do Rei de Corbite* XEN 100; *i o señor Merlín díxolle que bebese un chiquito de tostado* MER 80).
- chirivía, chirouvea** *s.f.* Planta da familia das umbelíferas (*Cócese o xamón, con zanzahorias, chirivías, cebola e pirixel* COC 52; *Os cregos poderían mercar en Melinde ouro en papel, chirouveas mui gustosas* SIN 159).
- chisgar** *v.* Chiscar (*¡Seica hai carnes brancas!, dixo chisgando o ollo o ledo fondista* SIN 104).
- chispar** *v.* Botar chispas (*Mansur botoulle unhas follas de loureiro, que chispa-*

- ron preste, pra escorrentálos mosquitos* SIN 40).
- chisque** *s.m.* Chisco (*si un óso con un chisque de freba* coc 61).
- chistada** *s.f.* Suceso gracioso (*¡Ainda pasóu con él en casa nosa unha chistada! E a chistada foi que unha tía miña,...* ESC 108).
- chisteira** *s.f.* Sombreiro de copa alta (*e dábase áer coa chisteira colorada que usaba* CRO 99).
- chita** *s.f.* Pito, cigarro (*Home de pouca conversa, botaba unha chita nos descansos* ESC 127).
- chope** *s.m.* Grolo, sorbo (*i entre chope e chope parrafeaba coa moza* CRO 99).
- choqueiro** *adx.* Relativo ós chocos (*a Vila Real de Redondela de Galicia, que é a máis choqueira de todas* coc 103).
- chorimiquear, choriquear** *v.* Choromicar, choricar (*estaba [...] nunha mecedora, chorimiqueando* ESC 109; *Choriqueóu un pouco madame de Saint Vaast* CRO 45).
- chouan** *adx.* Insurrecto do Oeste de Francia durante a Revolución Francesa (*e na cociña da torre están agora mesmo -dixo-, nove señores chouans* CRO 91).
- chousa** *s.f.* Monte ou terreo cercado (*ó pé dun castaño nunha chousa que había por derriba da súa casa* ESC 89).
- choviña** *s.f.* Chuviña, chuvia miúda (*i atraveso da choviña mansa amósalle o golfo* SIN 123).
- choviñada** *s.f.* Chuviñada, chuvia mansa e miúda (*Xa levaba tres días Antolín no monte, e foran días de brétema e choviñadas* FEI 16).
- choviñar** *v.* Chuviñar, chover miúdo (*ibase pensativo pra a sua casa, que comenzaba a choviñar* FEI 94).
- chüen** *adx.* Exquisito, agradable (*Son eses intres «chüen» dos «gourmets» da vella China* coc 34).
- chufar** *v.* Loar, gabar (*chufábase de xinete* ESC 82).
- chuleta** *s.f.* Entrecosto (*e as mulleres piden unha chuleta á plancha...* coc 111).
- churrera** *s.f.* Churreira, que fai ou vende churros (*tería unha filla ou unha sobriña que a seguise no nome, e si era churrera como ela podía seguir co negocio* FEI 118).
- churrería** *s.f.* Lugar onde se fan e venden churros (*Xa naquel empalme preguntou pola churrería da Isolda* FEI 118).
- cicial** *s.m.* CECIAL (*Corominas xa espricóu que cECIAL -Valladares dá «cECIAL» como anticuado, en galego-, dícese do peixe que secóu* coc 131).
- cimón** *s.m.* Grelo tenro do nabo (*nabizas é a primeira verdura do nabo,*

- cinóms cando as follas van medrando e pódense aproveitar os tallos* COC 22).
- cinamomo** *s.m.* Árbore de madeira aromática (e debeu de espertar o reiseñor na enramada de cinamomo SIN 138).
- cincoenta** *num.* Cincuenta (*Polido tiña xa cincoenta anos cando decidiu casarse* XEN 64).
- cincoentena** *s.f.* Cincuentena (*dende hai unha cincoentena de anos* COC 94).
- cintillo** *s.m.* Pequeno cinto normalmente de seda (*pechando a casaca cun cintillo de ouro* CRO 27).
- cinturón** *s.m.* Cinto (*porque cando van vestidos trán o rabo por cinturón* CRO 137).
- ciño** *s.m.* Cisne (*Púxolle letra a Pavana dos ciños de mestre Flute* MER 148).
- ciprianillo** *adx.* Pertencente ó libro de maxia «Ciprianillo» (*Eu teño a emoción ciprianilla coma calisquer dos nosos labregos* TES 29).
- ciumes** *s.m.* Celos amorosos (*Unha vez tiven ciumes de Ofelia, que che bicaba as mans* HAM 85).
- ciumoso** *adx.* Celoso (*Eso sí, iba ver ao marido dunha desas mulleres ciumosas, e decíalle que consultara co espello* FEI 158).
- clavar** *v.* Cravar (*E tras dubidalo un pouquiño, clava aqueles dentes longos e espatulados na peituga da ave* XEN 18).
- clavixa** *s.f.* Caravilla (*invisibles mans nas invisibles clavixas da gorxa* HER 153).
- clavo** *s.m.* Cravo (*E ven perfumado. Cheira a clavo. ¡Un perfume mui quente!* PAL 322).
- coaquela** *pron.* Con aquela (*veu entrar por portas a aquel home tan grande, coaquela blusa moura* ESC 109).
- coarentona** *s.f.* Corentona (*a fulana, que era unha coarentona repoluda* SIN 61).
- coarta** *s.f.* Cuarta (*O piloto abriu a caixa da agulla e mediu coarta e dous dedos no áer* SIN 81).
- coba** *s.f.* Cova. Sepultura (*e no cabodano xa tiña que estar o fidalgo na coba súa* CRO 115).
- coberto** *adx.* Cuberto (*Torceu o soldado á esquerda, por un adro coberto* SIN 145).
- coberto** *s.m.* Lugar cuberto (*O alpendre era cachopeiro, coberto de palla e terrón* CRO 94).
- cobortoreiro** *s.m.* Vendedor de cobortores (*O pai parece que fose un cobortoreiro de Chateaulin* CRO 96).
- cobixar** *v.* Acochar, acubillar (*Esas volvoretas que abanan a raiola do sol son as suas tocas cobixando as pálidas fronte* DON 127).

cobreluces *s.m.* Anoitecida, toque de queda ou retreta (*a millor hora de asalto ao toque de cobreluces* MER 37).

cobrer, cobrir *v.* Cubrir (*comezaba a nevar i a neve a cobrer ao cabaleiro* MER 122; *Tiño visto, ó galo, cobrir as galiñas* HAM 78).

cobrizo *adx.* Cobreado, da cor do cobre (*e de plumaxe mui variado, cobrizo, azul e marelo* FEI 78).

cocimento *s.m.* Cocemento (*Xil daba a algús peisanos cocimentos das súas barbas contra os catarros de ventre* ESC 70).

cochura *s.f.* Cocción (*Vérquese esta pasta na salsa da cochura, removendo ben coc* 81).

coda *s.f.* Codia (*despóis bótanse en leite quente, coa coda dun limón e un pau de canela* COC 146).

codeúdo *adx.* Duro coma unha codia (*O escribano que era un esquelete chaparero, i a osamenta mui codeúda e colorada* CRO 51).

codicilo *s.m.* Documento que altera un testamento (*Lord Sweet léu o codicilo* MER 82).

coela *pron.* Con ela (*Silva tiña na mán unha navalla e cravóu forte coela no medio e medio da pelica* ESC 95).

cogula *s.f.* Cugula, hábito das ordes relixiosas (*Debéu de erguer a copa sin he-*

sitar, sin un tremor, tres dedos na cogula HAM 32).

coil *pron.* Con il (*E tiña a risa sempre presta, e pegábase, e ría un coil unha hora longa* ESC 149).

coio *s.m.* Croio, pedra dura e pequena (*que o enano tivo que arribar un coio pra empinarse no ferro do postigo i abrir-me a portalada* MER 97).

coista *pron.* Con esta (*anda apoiándose, ademáis de nas catro patas, na língua, e probando coista o sabor da sal* ESC 116).

coitela *s.f.* Instrumento de cortar máis grande có coitelo (*i alí mesmo na súa cámara lle cortaba a cachola coa coitela do oficio* CRO 20).

coito *adx.* Cocido (*touciño ben coito que se deixa aplastar coa castaña* COC 42).

colador *s.m.* Coador (*o garda preguntoulle si traían colador pró leite* SIN 143).

colar *v.* Coar (*Cólase a salsa na que se fixo a lebre* COC 125).

colarete *s.m.* Calquera cousa que ten forma de colar (*A unha vieira abóndalle, despóis de limpala e quitado o colarete mouro* COC 70).

colaxe *s.f.* Cousa feita con distintos materiais (*de pezas de ouro, xerras, cuncas, colaxes, peites zocas* TES 86).

colina *s.f.* Outeiro (*cando saía mui roxo o sol sober das colinas nas que medran os pesegueiros* MER 37).

colindante *adx.* Lindante, que está no límite (*matinando qué fermosos pleitos aínda lles podía pór aos colindantes* FEI 77).

colineta *s.f.* Prato de doces (*na cociña non poñía man, como non fora pra facer a colineta os días de festa* MER 19).

coliña *s.f.* Cabicha, parte do cigarro que non se fuma (*a coliña do cigarro sempre pegada ao beizo inferior* XEN 174).

colipava *adx.* Dise das pombas que teñen a cola moi ancha (*vive nunha gaiola de prata, disfrazada de pomba colipava* MER 102).

colma *s.f.* Cuberta dun tellado. Parte superior de algo (*velas dos navíos que percuran o pulo das brisas nos estreitos, e na colma do hourizante, as luces acensas nas illas* HAM 21).

colorento *adx.* Colorado (*lindeira mesmo por toda parte coas áreas colorentas* SIN 22).

columpiarse *pr.* Bambiarse, arrandearse (*cando quería dar a alguén unha proba de amizade, invitábao a columpiarse* XEN 38).

columpio *s.m.* Bambán, arrandeadoiro (*trouxo un columpio individual de ca-deas* XEN 38).

coluna *s.f.* Columna (*o farol dunha man da estatua de San Eflam, que parecía estar na columna do medio do pórtico* CRO 41).

colleitar *v.* Recolle-los froitos da terra (*Colleitan poucas e malas patacas* XEN 72).

comandamento *s.m.* Mandamento (*as palabras de comandamento de Deus sober das cousas* TES 70).

comandar *v.* Mandar, dirixir (*escoitábase o asubío que lle comandaba a viaxe de volta* XEN 130).

cómaro *s.m.* Porción elevada de terra que separa leiras ou prados (*El sentouse nun cómaro, abriu o paraugas, e morréu* ESC 70).

comendatario *s.m.* Administrador dun beneficio eclesiástico (*nun documento de Celanova se falaba dunha esparra-gueira. Quizaves un comendatario castelán a mandou facer* COC 31).

comento *s.m.* Comentario (*e saudaron, e fixeron algo de comento* CRO 102).

comenzón *s.f.* Comechón, pruído (*Eu fuxía de min mesma, dunha inqueda comenzón* HAM 78).

comesto *adx.* Comido (*Un día apareceu morto nunha xesteira, coa cara comesta por unha animalia* ESC 79).

comestibre *adx.* Comestible (*a carne de castrón era comestibre* SIN 77).

comino *s.m.* Comiño (*fregas con aceite de noz moscada, purgas de comino alterado* MER 89).

comiola *s.f.* Enchente (*A tortilla ao ron é moito das grandes comiolas amistosas das vilas* COC 146).

comodidá *s.f.* Comodidade (*e pra mais comodidá do púbrico safu á terrada da alcazaba* SIN 64).

compango *s.m.* Alimento sólido cando se toma acompañado de pan (*Sempre levaba un fardelo con compango de lación* XEN 152).

compincharse *pr.* Poñerse de acordo con amigos da mesma conducta (*forma parte do crime, compínchate no crime* HAM 60).

complacer *v.* Compracer (*fuxindo da luz do día, e complacéndose somentes nos bosques* COC 123).

complesión *s.f.* Complexión (*Percuraba que ístas foran coa complesión do doente* ESC 69).

complexar *v.* Facer máis complexo (*-falo agora mesmo de tesouros sin gardador-, é complexando ístas, entrabullándoas* TES 67).

comprender *v.* Entender (*Ao fin dos seus anos, Peleteiro encontrara ún que o comprendera* FEI 79).

compreto *adx.* Completo (*fan un tratado compreto do trato respetoso que o home debe de ter* TES 94).

comprido *adx.* Cumprido (*saber quién sería aquel señor farfistantí que lle escribira tan comprido* SIN 96).

comprir *v.* Cumprir (*e, quero comprir como debo con aquel petrucio que me trouxo en procesión ista caixa* MER 77).

con *s.m.* Penedo ou risco (*hai que ofrecer ao golpe de mar nos cons, na pen-día mariñeira toda á que se apega, unha estrutura resistente* COC 71).

concellal *s.m.* Concelleiro (*se lembra vostede dil, que era concellal* XEN 79).

concencia *s.f.* Conciencia (*I hai, ase-made, e no que a mín me parece, un caso de concencia* MER 85).

concrusión *s.f.* Conclusión (*Carrexo segu-lu averiguando, e chegou á con-crusión de que si levaba unha luz na ca-beza, podía sair polas noites* XEN 76).

concurrencia *s.f.* Concorrenca (*lér tóda-las túas páxinas en outa voz dediante dista ilustre concurrencia* HAM 23).

condeado *adx.* Condenado (*¿E qué vi-ñan facer aqués mortos condeados a Quelven...* CRO 26).

condés *adx.* Que ten o título de conde (*Tamén si chego a apresentarme no ta-padillo do peinador marsellés de con-dés alcuñado* CRO 62).

condo *Errata* por cando (*Pasmaredes condo o vexades* SIN 90).

confiteira *s.f.* Persoa que fai ou vende confeitos e doces (*dúas fillas que de achego tivera o señor conde de Laval nunha confiteira de Le Mans* CRO 115).

confitería *s.f.* Lugar onde se fai ou vende confeitos e doces (*En moitas cidades galegas hai bó doce de confitería* COC 146).

congregos Errata por cangrexos (*E no que toca aos congregos do noso mar* COC 75).

congrío *s.m.* Congro (*Nas Mariñas de Lugo fan moi boas empanadas de congrío* COC 59).

coniugal *adx.* Conxugal (*atestándolle que non lle cumpría o débito coniugal...* CRO 59).

conmigo *pron.* Comigo (*Confésate conmigo, Ofelia, eiquí acarón do lume* HAM 38).

conocer *v.* Coñecer (*casou alá cunha siriá cristiana, e tróuxoa a conocer Galicia* FEI 30).

conocido *adx.* Coñecido (*Café Filho era un político mui conhecido no Brasil* FEI 108).

conocimento *s.m.* Coñecemento (*Levaba xa na cama, sin conocimiento, perto dun mes* FEI 34).

conquerir *v.* Conquerer, conquistar (*e bebimos auga dos pozos, e decían que íbamos a conquistar Farfistán* MER 37).

consumeiro *s.m.* Antigo empregado de consumos, imposto municipal (*Morreu de consumeiro en Lugo, casado cunha portuguesa que fora pupila de Generosa* MER 142).

contado, de *loc. adv.* En seguida (*de contado sana ao doente* MER 124).

contador *s.m.* Persoa que leva as contas (*Un tío segundo de nós, curmán de mi padre, que era contador da renda da balea en Brest* CRO 42).

contante *adx.* Falando de diñeiro: en efectivo (*herdou dun tío de seu muito diñeiro contante* FEI 71).

conreira *s.f.* Peza de metal no extremo inferior do bastón ou do paraugas (*e coa conreira do seu bastón dí o piloto por onde caen as Molucas* SIN 116).

contemprar *v.* Contemplar (*namentras o piloto maior contemplaba en silencio a casa da viuda* SIN 124).

contente *adx.* Contento (*Parecía contente de atoparse en tan tratábel compañía* CRO 28).

contertulio *s.m.* Persoa que concorre a unha tertulia ou parladoiro (*Na taberna da ponte, cando os contertulios xa beberan algo, pedíanlle a Merlo que lles falase* XEN 73).

contradanza *s.f.* Danza de catro ou máis parellas, unhas fronte ás outras (*as cortesinas e contradanzas adoitaban saírle a música de igrexa* CRO 87).

- contrafigura** *s.f.* Persoa de aspecto parecido a outra, pero que chama a atención (*e metía medo aquela contrafigura que facía* MER 52).
- contralei** *s.f.* Lei oposta ó que é normal (*que se poñía a punto de morrer, i era contralei probada* SIN 37).
- contramarcha** *s.f.* Retroceso (*O lobo domina a arte das marchas e contramarchas* FEI 74).
- contricante** Errata por contrincante (*o seu galo cantaba aos que foran os seus contricantes* FEI 79).
- convertirse** *pr.* Converterse (*O demo denantes de converterse en coello, dixo ónde quedaban escondidos os zapatos* FEI 85).
- convidador** *adx.* Que convida (*Despóis pasóu aquel de gorra branca, tan convidador* NOI 268).
- coña** *s.f.* Broma, burla (*os viaxeiros que van no ponte pensan que é coña de estreleiro bébedo* SIN 91).
- coño** *interx.* Expressa un reforzo para chama-la atención (*-¡Déixame, coño! A xitana púxose de pe no áer* FEI 80).
- cóñolas** *interx.* Coño (*¡Era muito trabucarse, cóñolas!* FEI 54).
- coñón** *adx.* Dise da persoa bromista ou burlona (*-¡Ese enano o que é, é un coñón!* FEI 16).
- cóo** *s.m.* Canto do cuco (*O cuco decía cu- cóo, cucóo, pro en francés* XEN 122).
- coor** *s.f.* Cor, color (*nenos con fermosos ollos da coor da violeta* FEI 125).
- coorido** *s.m.* Colorido (*o oculista sinaláballe ún que era do mesmo coorido do ollo que quedaba* FEI 123).
- copra** *s.f.* Copla (*e cada un ano poñía en copras o calendario pra uso de ingresos* MER 148).
- coquinariamente** *adv.* Referente a cousas de cociña (*e noutras, polo pirixel será, dinlle «salsa verde», que coquinariamente falando, non é coc* 124).
- coquinario** *adx.* Pertencente á cociña (*Eu disinto destas recetas, xa dixeran que por filosofía coquinaria* coc 115).
- corambre** *s.f.* Conxunto de coiros curtidos (*regoldou e loubóu o caldo, sin poñerlle por chata o sabor á corambre* XEN 154).
- corantín** *adx.* Pertencente a un pobo imaxinario (*Corantíns -Pobo segredo i enano, que vive na soterra* MER 137).
- coraza** *s.f.* Armadura de ferro ou aceiro (*arrincóu coas dúas mans un terrón e debaixo estaba unha coraza de ouro* TES 79).
- cordaxe** *s.f.* Cordame, conxunto de cordas (*nao que xa debía estar botada i*

- andarían no embreo e na cordaxe* SIN 136).
- cormeño** *adx.* Pertencente a Corme (*un veleiro cormeño, como o «San Antonio y Ánimas»* FEI 64).
- cormorán** *s.m.* Corvo mariño (*distráese vendo o ir e vir das gueivotas i olla pasar os cormoráns dende as penas onde durmen ós seus comedeiros no golfo* SIN 107).
- corná** *s.f.* Cornamenta (*escóitase na noite o golpe da sola de madeira dos zocos decontra a corná e barrendo* ESC 123).
- coronar** *v.* Coroar (*e todo o coronaba un espello como a uña do meñique* MER 67).
- coronela** *adx.* Que pertence ou relativo ó coronel (*Os pífanos dábanme o compás coa marcha coronela* CRO 55).
- coronela** *s.f.* Rexemento (*e como faría unha coronela de brigantes na Inglaterra coa teima de conquerir o mundo* CRO 69).
- coronilla, de** *loc. adv.* Feito moi ben (*puxeron tinta no tinteiro, á pluma plumiña nova de coronilla* FEI 121).
- correúdo** *adx.* Rexo, duro (*Correúda perdiz de dez anos, que non coce nin toma as finas herbas!* SIN 70).
- correuto** *adx.* Correcto (*¡E foise o Grilo sin decirme a correuta das sete zocas i os catro homes!* ESC 59).
- correvidile** *s.m.* Leva e trae, dise de quen anda con contos dunha persoa para outra (*Andaba sempre con contos, correvidile dos pazos* MER 139).
- corrido, de** *loc. adv.* Sen interrupción, continuamente (*neste caso poñéndoo na fala de corrido* FEI 15).
- corsé** *s.m.* Especie de corpiño (*nas súas roupas menores, xa fose enagua, corsé, xustillo bomba e todo o máis que vai por embaixo* CRO 61).
- cortidade** *s.f.* Curtidade (*A cortidade do brazotampouco lle merecía moita atención* XEN 116).
- cortesano** *adx.* Cortesán (*o señor verdugo, que era home mui cortesano* CRO 61).
- cortesina** *s.f.* Peza musical (*O sochantre sopróu mui medida unha pavana, e despoixas unha cortesina, i houbo grande aprauso* CRO 104).
- corvelo** *s.m.* Peixe parecido á corvina (*E hai os amigos do corvelo, entre os que figuro, que é delicado* COC 102).
- cós** *s.m.* Corpo superior da camisa da muller (*e cando ficou en cós e bragas deulle dúas ou tres viradas* SIN 69).
- cosco** *s.m.* Caracol (*A primeira vez que eu escoitei que se comían os coscos foi ao señor cura de Oubelle* XEN 155).

conspiración *s.f.* Conspiración (*que non teña visto unha pantasma e descuberto unha conspiración* HAM 44).

costente, costento *adx.* Empinado (*a carroza deixou o camiño real por un de carro, algo costente* CRO 82; *daqueles caminos costentos que levan ao alto* XEN 22).

costilleta *s.f.* Entrecosto (*tírase ao que lle parece fino, que son os filetes, as costilletas* COC 111).

cotelo *s.m.* Cotobelo, coteno (*petaron na porta cos cotelos e entrou na habitación* FEI 128).

cotidián *adx.* Cotián (*tratándose mui amistosos e dándose coñecidos e de cotidián trato* CRO 27).

cotovía *s.f.* Laverca (*¡Ofelia, cotovía, axóuxere!* HAM 57).

cotovián *adx.* Pertencente as illas das Cotovías (*os máis dos cotoviáns retirábanse por un camiño que rubía ó pé dunha chousa de figueira* SIN 16).

couma *s.f.* Colma, parte superior dalgunha cousa (*deixas cair a tapa, pasas pola couma de vimio o tarabelo* MER 96).

couraza *s.f.* Armadura de ferro ou aceiro (*coma poñendo sober do seu temeroso corazón unha couraza* CRO 25).

couta *s.f.* Parte traseira (*eran catro que viñan dacabalo, i o derradeiro traguía á*

couta unha mula con equipaxe MER 24).

coutar *v.* Suxeitar (*i o mozo que coutaba da mula* MER 29).

couto *s.m.* Terreo vedado (*e veciños de seu arroubáronlles terras e coutos* HAM 15).

covacha *s.f.* Cova pequena (*un teixudo, que collera vivo cando faguía os pirmeiros maíces fora da covacha* ESC 152).

coxeguento *adx.* Que sente moito as cóxegas (*sempre o espertaba unha mosca nos beizos, que os tiña mui coxegentos* SIN 128).

cráneo *s.m.* Cranio (*decías que o seo cráneo non é dabondo forte pra soste a pesada coroa* HAM 44).

craraboia *s.f.* Claraboia (*A miña craraboia en brúxula silvestre* POE 94).

craramentes *adv.* Claramente (*¡Non é que me houbera dito así, craramentes, ou me puxese un oficio!* SIN 122).

crarexar *v.* Clarexar (*Aquí crarexa pirmeiro pola banda do mar* NOI 259).

craridá *s.f.* Claridade (*pra atopar a indefinición das suas craridades navegantes* POE 75).

crarinete *s.m.* Clarinete (*si os que tocan fruta, crarinete ou oboe e fiscorno...* MER 68).

craro *adx.* Claro (*De onde veña, en fin, a palabra, non está moi craro* COC 154).

crás *s.f.* Clase (*Hai dúas crás de sangrías: a de víspera* ESC 58).

craso *adx.* Grosso, gordo, espeso (... *pergunta Ruz o Mouro, etiope crespo, craso e regoldador* SIN 34).

cravuñar *v.* Golpear unha ferramenta para sacarlle fio (*petaban as solas cravuñadas unha decontra a outra* SIN 82).

crecida *s.f.* Chea, ametencia (*Sendo Lomas neno, nunha crecida, saíu no seu berce de madeira, navegando por un fiestra do muiño* ESC 145).

crecho *adx.* Rizado (*entre o meu pelo, que o tiña medrado e crecho* CRO 73).

creente *adx.* Crente (*un neno chamado Muavija, que foi califa dos creentes* FEI 73).

creer *v.* Crer (*-Vostede, don Álvaro, cree-ráme ou non, pro o lobo, denantes de perderse na fraga, subíuse a...* FEI 153).

cremor *s.m.* Parte sustancial e mellor dunha planta, froito ou gran, obtida por medio de cocción lenta e prolongada (*e catro misturas con casca de nogueira, estraute campeche e cremor tártaro* MER 113).

criadilla *s.f.* Testículo dun animal que se come (*pro non se xantan as «criadillas», nin se lle dá aprecio ás marzoas...* COC 111).

crima *s.m.* Clima (*-O principio sí, pro ó que había non lle iba o crima e finouse en doce días das anxinas* SIN 51).

crin *s.f.* Crina (*partía a lá e cruzaba a crin nun santiamén* ESC 152).

crío *s.m.* Neno (*Tamén sabía adiviñar de quen era o crío que tivera tal moza* ESC 88).

criollo, criolo *s.m.* Crioulo (*estaba Charles Anne algo posto de viño tinto e ron criollo* CRO 117; *e foillo a pór de contención ós criolos da Nova Inglaterra* CRO 132).

crista *s.f.* Apéndice de carne de cor vermella que teñen sobre a cabeza algunhas aves (*Ten crista roxa, coma de galo, na cabeza* ESC 118).

cristacaido *adx.* Que ten a crista baixada (*dormindo il ao tempo mesmo que os capós, estúpidos e cristacaidos* XEN 78).

cristaiño *adx.* Cristalino (*Ese enorme silencio cristaiño e dourado!* DON 127).

cristalidá *s.f.* Natureza do cristal (*Non sei si a fiestra hoxe -congoxas de craro- escuro con afán de cristalidá- é o serán* MAR 36).

cristianamente *adv.* Cristiamente (*que me ensinába pra amolecer cristianamente os bolsillís dos pasaxeiros ricos* CRO 73).

crisiandá *s.f.* Crisiandade (*Tiña un co-ciñeiro hugonote que se pasou á verdadeira crisiandá* CRO 139).

crisiano *s.m.* Crisián (*cunha cacholiña de cera nas mans i espido de primeiro crisiano* CRO 97).

criticón *adx.* Que critica todo (*Il non pagaba unha copa ni por aposta, engade criticón o Mariñeiro* ESC 91).

crocante *adx.* Que torra ou que está torrado (*as dúas cousas que a min me gustan do xamón asado, ou é a pel «crocante» ou croscada* COC 51).

croscada *s.f.* Tostada (*ou é a pel «crocante», ou croscada* COC 51).

croscar *v.* Torrar (*deixando que ben se dore, e que crosque a pel* COC 51).

crudel *adx.* Cruel (*¡Que fás, morte crudel, das grandes mocedades reás!* HAM 68).

crudo *adx.* Cru (*O galego é xente de xamón crudo* COC 50).

cruñés *adx.* Coruñés (*Dice tamén o gastrónomo cruñés que cos grelos bótanse a cocer os chourizos* COC 45).

crus *s.f.* Cruz (*Fai o sinal da crus* HAM 84).

cruxir *v.* Renxer (*vivindo no piso máis alto dunha casa, escoitaba cruxir as vigas que sostiñan o tellado* XEN 76).

cuadrado *adx.* Cadrado (*eran catro pezas cuadradas e unha especie de mecha todo o que tiña dentro* FEI 66).

cuantía *s.f.* Contía, cantidade indefinida (*Pouco tardéi en saber que monsieur Salomón Capitán era un demo de cuantía* CRO 74).

cucar *v.* Canta-lo cuco (*ó cuco en abril ou maio aquí do cuco non se dice que canta, senón que cuca* ESC 113).

cucaña *s.f.* Mastro untado de sebo polo que hai que pasar sen caerse (*morreu dunha caída en Malabar, nunha cucaña* SIN 75).

cuchara *s.f.* Culler (*¡Con cuchara, máis se acapara!* FEI 36).

cuidado *s.m.* Coidado (*¡Asubiábanlle a Amadeo os caixóns da mesa, que os abrise con máis cuidado* FEI 36).

cuio *pron.* Do cal, da cal (*chaman carabelas pro tamén navallas a unha ameixa pequena e azuada cuio nome non sei* COC 68).

culebrón *s.m.* Cóbrega grande (*na porta da eirexa, veu colgada a pel dun culebrón* XEN 172).

cullarada *s.f.* Cullerada (*Bótase unha cullarada de grasa na tixela ou sartén* COC 16).

cullereta *s.f.* Culleriña (*tras rebañar o zuzcre no pocillo do café coa cullereta* ESC 134).

culote *s.m.* Braga (*Licencia ó xastre Terne pra por botós nacionás nos culotes* CRO 114).

cumprirse *pr.* Cumprirse (*Iba cumprirse un ano dende a primeira conversa de Alberte co seu cabalo* FEI 12).

cundir *v.* Render, dar de si (*Pouco cundía eu nas miñas medras, pro iba espabilando* CRO 73).

curativo, curatorio *adx.* Que cura (*Espricábame que o columpio tiña de por sí virtude curativa suficiente* XEN 38; *e adicóuse escrusivamente ao arte curatorio* XEN 38).

curiosidá *s.f.* Curiosidade (*veulle moita curiosidá por todo o que toca ó Diluvio* ESC 146).

cursi *adx.* Ridículo (*Ela andaba á beira da sua fiestra, tan cursi!* POE 81).

curtubí *adx.* Pertencente ó país curtubí (*andaba léndo nos descansos do xadrez nun libro curtubí que ensiña que amor é non máis que unha ollada solprendida* SIN 35).

curro *s.m.* Lugar onde se marcan os cabalos (*Un home marcado pra sempre por un sino fadal como un poldro no curro co ferro, pra sempre* HER 151).

custión *s.f.* Cuestión (*Convén que un seipa quen é seu pai. É custión de honra* HAM 29).

cuzcuz *s.m.* Pasta feita con fariña e mel (*adeprendan de nós palabras arábigas, salam, lála, cuzcuz, ascut, i outras semellantes* SIN 112).

D

dacolá *loc. adv.* De alá lonxe (*E díxenllo ó Mirán, que é coma se chama El Rei dacolá* SIN 83).

dacordo Contracción da prep. "de" coa voz "acordo" (*non se poñía dacordo pra saber cal era a sua e si iba mui adiantada* SIN 99).

dagora *loc. adv.* De agora (*cantimáis que en Dinan, hastra dagora, soio se cortaran cacholas de xente baixa* CRO 100).

dalí *loc. adv.* De alí (*O sochantre non sabía como quitar dalí os ollos* CRO 29).

damasqueado *adx.* Damasquinado (*o caíde regaloulle ó somalí os tenedores nunha caixa damasqueada* SIN 65).

damisela *s.f.* Moza guapa e alegre que presume de dama (*Don Silvestre dixo que iba velar a doña Simona, que eisi se chamaba a damisela enmeigada* MER 49).

danzarina *s.f.* Muller que danza con destreza (*derrámanse os pés da loira danzarina* DON 129).

daquí *loc. adv.* De aquí (*andaba voando a semente daqui pra acolá* SIN 19).

daquil *pron.* Daquel (*sentín coma si eu saíra daquil corpo que alí ardía* CRO 77).

darriba *loc. adv.* De arriba (*Viñéronlle uns espirros fortes e mui darriba* XEN 43).

dazanove *num.* Dezanove (*se xuntan o dazanove do Nadal na feira capoeira de Villalba* COC 116).

debecer *v.* Desexar algo con ansiedade (*e pasoulle a cunca a Sinbad, quén dixo que a aquela hora non lle debecía chá* SIN 143).

debolecer *v.* Amolecer, abrandar (*os músicos de metal non poden deixar que se lles debilza a embocadura* CRO 81).

debruzarse *pr.* Inclinarsse, xeralmente apoiando os cóbados en algo (*debruzouse na barandilla das escadeiras* CRO 124).

debutar *v.* Realiza-la primeira actuación (*tiña seis cas mui ben ensiñados en*

- baile, e quería debutar co iles no circo* XEN 87).
- decolorido** *adx.* Descolorido (*envolvíase nunha capa vella decolorida* CRO 85).
- decontra** *loc. prep.* Contra (*agora en vez de irse pra o norde, viña decontra a terra* FEI 62).
- decramar** *v.* Declamar (*A parte do Coro vana decramando, como por turno, as xentes* HAM 19).
- decrarar** *v.* Declarar (*decraraba o sepe-lío, que é iso que os médicos aínda chaman a tisis galopante* ESC 69).
- decraración** *s.f.* Declaración (*¡Quero facer, no caso, unha decraración froleada!* NOI 287).
- dedentro, dedrento** *loc. adv.* Dentro (*Non tiña fame nin sede, e por dedentro do maxín estaba valdeiro de todo* SIN 144; *abre o paraugas, e por dedrento da tela verde leva o mapa do ceo* SIN 91).
- defeuto** *s.m.* Defecto (*que era, decía Muñiz, «mui poderdante» e non acababa de atopar defeutos* XEN 87).
- degrau** *s.m.* Cada un dos pasos dunha escaleira (*hastra que Mansur remate unha escadeira posta de degraus iguás* SIN 150).
- deique** *prep.* Deica (*andaba coma tolo, todo o día, póllos campos, deique á noitiña aparecía o da capa branca* ESC 135).
- deiquí** *loc. adv.* De aquí (*sombras que pasan deiquí pra acolá escoitando* HAM 22).
- delámbalas** *pron.* Ámbalas (*Un dos señores botou delámbalas máns á caluga* SIN 134).
- delambos** *pron.* Ambos (*fose a un tempo inventada por min, ou tirada da realidade, ou delambas cousas a un tempo* FEI 9).
- delantal** *s.m.* Mantelo, prenda que se ata á cintura (*envolveu o ovo no delantal e foise correndo pra a súa casa* FEI 143).
- delantevíspera** *s.f.* Antevéspera (*que se debruzase a unha fiestra pra que vise o pavo real que chegara delantevíspera do Siam* SIN 50).
- delor** *s.m.* Dor (*digo eu que sería alegría e non delor* SIN 139).
- delorido** *adx.* Dorido (*e saíalle delorido o canto poñendo por sordiña o fiñal da cántiga nova* CRO 118).
- deloutro** *pron.* Doutro (*I en habendo guerra deloutro lado, pasarán descoñecidos que nunca se soñaron* NOI 265).
- delustrado** *adx.* Deslustrado (*vestía un gabán de pardomonte delustrado polos temporás* MER 81).
- demachiño** *s.m.* Demo que fai trasnadas (*Entre os demachiños dos que por aquí se fala, está Sorisco* ESC 123).

demoro *s.m.* Demora (*estás vendo a feira e máis os tratos, a pacencia aldeán, o demoro no regate* CRO 85).

denante *adv.* Antes (*pra que me bote unha mirada denante de vestirme coela* SIN 93).

denoite, de *loc. adv.* Pola noite (*i agora polo día é muller, agás o pelo que a cobre, e de denoite ás vegadas vólvese aínda cervá* MER 49).

denonciña *s.f.* Denociña, donicela (*en anoitecendo saímos por maío a tornar das niñadas á denonciña* MER 69).

dentre *loc. prep.* De entre (*Eran mouros do pelo, i os máis dentre iles saían con seis dedos en cada man* CRO 127).

departe, de *loc. prep.* Pola parte de, cara a (*e terra adrento, pra departe das fontes do Nilo* SIN 48).

depenicar *v.* Beliscar (*latricaba bulrán-dome de que eu andaba depenicando nas mozas* MER 21).

depinicar *v.* Arrincar pelos ou froitos ou picar algo de comida (*Estando un día de maío paseando pola selva, acarón do camiño, depinicando amorodos nun cómaro* CRO 46).

depresas, ás *loc. adv.* Apresuradamente (*e rillaba ás depresas aquel inglés* MER 75).

depreso *adx.* Impregnado, empapado (*Muí depreso de pimenta, non se lle botaba en falla ó xamón a sal* CRO 39).

deriba Errata por *derriba* (*¡Goal pasou por deriba da Habana!* FEI 138).

desabotonar *v.* Desabotoar (*O médico desabotonou a casaca e mailo chaleque* CRO 70).

desalado *adx.* Sen ás, fóra do ritmo normal (*latía contra a miña perna seu corazón desalado* MER 52).

desapidir *v.* Renunciar. Desprenderse (*O pan da empanada é pantrigo, pro eu non desapido dunha empanada de millo* CRO 57).

desatornillar *v.* Desparafusar (*pra un lado ou pra outro, como si se atornillase ou desatornillase* FEI 89).

desaunar *v.* Almorzar (*desaúna Sinbad con grande calma* SIN 107).

desaúno *s.m.* Almorzo (*antoxóuselle de desaúno unha torreznada* ESC 138).

desavezar *v.* Desacostumarse (*Xente é que se entrista, enfraca, cánsase, desavece a comida e morre aborrecida e calada nun recuncho* ESC 64).

desavío *s.m.* Trastorno (*curarse un pulso alterado que se lle puxera cos desavíos* CRO 43).

descampada *s.f.*, **descampado** *s.m.* Campo ou terreo sen maleza nin espesura (*a un muiño de vento que batía nun alto, nunha descampada entre cabos* SIN 81; *o lobo saía a descampado* FEI 152).

- descárrega** *s.f.* Descarga (*pro o que domiñaba era o disco do fusilamento do Ferrer, e as descárregas saíanlle mui ben* XEN 127).
- descer** *v.* Descender (*A noite que non desce vóltase a nós agora coma ponte sin río ou fiestra en terra firme* POE 102).
- descoberta** *s.f.* Descubrimento (*Boteime a rir cando fixen a descuberta* CRO 52).
- descobrer** *v.* Descubrir (*Sinbad navegara por facer mapas de ventos e descubrir mais alá de Malaca a hora tormentina* SIN 44).
- descobrimento** *s.m.* Descubrimento (*Éste non foi o único descubrimento que fixo Peleteiro nas mañáns* FEI 78).
- descobrir** *v.* Descubrir (*matinando en descubrir o engado, si o había naquel trato* MER 130).
- descodar** *v.* Saca-la codia (*Despóis descódase a langosta, pónense os trozos na fonte onde será servida* COC 81).
- descontado, por** *loc. adv.* Sen ningunha dúbida (*e tamén leva garabanzos. E as patacas, por descontado* COC 40).
- descripción** *s.f.* Descripción (*na descripción que facía aos fillos e aos netos* FEI 25).
- descuidado** *adx.* Descoidado (*os polos apoleirábanse nunha rama da figueira, mui descuidados* FEI 78).
- descuido** *s.m.* Descoido (*Iba ter un apostema finchado nos interiores, e nun descuido pasóuchese á orela* FEI 51).
- deseguida** *adv.* Axiña (*Adeprendéu deseguida os rudimentos* ESC 127).
- desengado** *s.m.* Desencanto (*I eu vou agora poñer por obra un desengado de moito mérito* MER 49).
- desenraigañado** *adx.* Desarraigado (*quen tocóu o gran asunto dos «déracinés», dos desenraigañados* XEN 113).
- desenrolar** *v.* 1. Estirar algo, desenvolver (*Desenrola de todo a carta* CRO 112). 2. Ter lugar (*A escea desenrólase no patín das esposas, na casa do mandarín* SIN 165).
- desenvainado** *adx.* Desenvainado (*O coronel estaba prantado no medio da aira, co sabre desenvainado* CRO 90).
- desenvainar** *v.* Desenvainar (*Hai testigos de que non fun eu quen desenvainou espada* HAM 82).
- desestribar** *v.* Quitar algo do sitio natural onde estaba (*desestribóu a grande e temerosa espada* MER 74).
- desfaguer** *v.* Desfacer (*adubiaba eu uns nós que ninguén sabía desfaguer* CRO 61).
- desfaixarse** *pr.* Desenfaixarse (*tivo que desfaixarse pra que o soldado llo atese na punta da faixa roxa* SIN 141).

- desfiado** *adx.* Limbo de fíos (*os grelos, que non han ir picados, senón enteiros ben limpos e desfiados* COC 46).
- desfiar** *v.* Desfilar (*desfiaba polo corredor e cadrábase diante do retrato do pai* FEI 147).
- deshonestidá** *s.f.* Deshonestidade (*na barriga, onde podía haber algunha deshonestidá* SIN 70).
- deshumidarse** *pr.* Deshumidificarse (*Entón, namentras quedou deshumidándose, fóronlle nacendo corales na panza* SIN 161).
- desintir** *v.* Disentir (*As máis das veces, craro, si desinto é por forza da cocíña de meu* COC 46).
- desiñar** *v.* Designar (*foi o primeiro en usar a letra grega pi pra desinñar a relación entre a circunferencia e o diámetro* XEN 89).
- deslingar** *v.* Desenredar, separar (*e as suas olladas fan dereitas a deslingar o sono das suas mesmas intimidades* POE 86).
- desliz** *s.m.* Acción ou efecto de deslizar. Caída. Equívoco (*O gran argumento de Pontes era o do desliz* XEN 16).
- desnortado** *adx.* Desnortado (*some llaba que eu viña de mui lonxe, algo desnortado* XEN 9).
- desosar** *v.* Quita-los ósos (*Tamén se cocce lacón, desósase e prénsase* COC 48).
- despacio** *adv.* De vagar, a modiño (*Púxenme a cargar despacio outra vez as pistolas* CRO 30).
- desparte** *s.f.* Diverxencia, diferenza (*comparase a miña carne coa da terra en abril, e dixese as semellanzas e as despartes* PAL 319).
- despeitado** *adx.* Que ten despeito (*ou un amante despeitado* MER 78).
- despezo** *s.m.* Despedazamento. Descomposición (*Había que acodir a aquel despezo da xentileza demontaca* CRO 142).
- despilfarro** *s.m.* Gasto excesivo e superfluo (*aínda que fose frita e rechea de semente de melón, sería un imenso despilfarro* SIN 169).
- despir** *v.* Espir. Despoxar (*-entaban un no outro en pleamar despindo o intre da fadiga da calma-* MAR 22).
- despoixas, despós** *adv.* Despois (*escribía que iba a faguer visita a Bretaña, aínda que despoixas non viñese* CRO 11; *Despós fixeron a carretera de Lugo mesmo por onde estaban as penas do mouro* TES 84).
- despreciar** *v.* Desprezar (*como non me desprecien os dentes de ouro abertamente* FEI 112).
- desprecio** *s.m.* Desprezo (*En doblas de Hungría, que é moeda que non admite desprecio* CRO 64).

despreguizador *adx.* Que espreguiza (*Un viño vivo, locuaz, despreguizador, anainante* COC 160).

despreguizarse *pr.* Espreguizarse (*A pega paseaba polo cañón, limpaba o pico, despreguizábase abrindo as azas* XEN 69).

desproporcionado *adx.* Desproporcionado (*un nariz coma a dos tíos do Profeta, desproporcionado e afiado naquilo rostro redondo coma pelota* XEN 48).

desprumar *v.* Desplumar (*bótaselle a culpa a quén pelou o cordeiro ou desprumou a galiña....* SIN 103).

destemer *v.* Non ter medo (*Sinbad dice que il irá ás Molucas por destemer do mar* SIN 116).

destermiñar *v.* Trastorna-la vontade (*andaban as bruxas destermiñánda de facer a ermida de San Ciriaco* MER 130).

destiñado *adx.* Destinado (*o zapato destiñado ao pe esquerdo* XEN 102).

destornelar *v.* Desparafusar (*que ó fin conseguira destornelar o bastón estoque* CRO 92).

desván *s.m.* Faiado (*Reforzou as vigas na casa, posteou o desván e a súa habitación* XEN 76).

desveado *adx.* Desvelado (*desveado o segredo que os defendía, morreron* TES 37).

determiñar *v.* Determinar (*determiñamos de pórnos algo máis de lonxe* SIN 16).

detráis *adv.* Detrás (*tiña asemade dúas cámaras e por detraís unha corte pras bestas dos visitantes* MER 22).

deuda *s.f.* Débeda (*e que se vira metido no ensiño da guillotina por escapar dunhas deudas* CRO 100).

devanar *v.* Enrola-lo fío para facer un novelo (*¡Misterioso amor, novelo nunca devanado!* NOI 288).

devecer *v.* Desexar algo con ansiedade (*sempre devecera o sochantre por un pomar beira do río* CRO 14).

devesa *s.f.* Terra acotada destinada principalmente a pastos (*e prometeuse marchar a unha devesa de Salamanca* FEI 85).

devezo *s.m.* Desexo intenso (*O devezo que tivo sempre foi de ser gaiteiro* CRO 133).

dezán *adx.* Natural da terra do Deza (*os dezáns e da Terra de Montes* COC 50).

diacitrón *s.m.* Cidra confeitada (*e por un serpentín un leituario de diacitrón* MER 78).

dianteira *s.f.* 1. Parte anterior dunha cousa (*lucían na dianteira da sua boca catro dentes de ouro* FEI 111). 2. Festivamente, peitos dunha muller (*As fillas eran altas, loiras, abondosas de dianteira* ESC 143).

dianteiro *adx.* Que vai diante (*Outro dos pasaxeiros do asento dianteiro debía de levar grande frío* CRO 24).

dibuxar *v.* Debuxar (*O señor Cosmede chamáballe escribir a dibuxar a cara que tiña doencia* FEI 139).

dibuxo *s.m.* Debuxo (*A murciana tiña unha certa disposición pra o dibuxo* FEI 116).

dicioario, dicionario *s.m.* Dicionario (*¡Nin que tivesen dicioarios!* SIN 161; *Mercóu un dicionario franco-español por si Calumet volvía* XEN 121).

dificultá *s.f.* Dificultade (*O crego de Oirán non veu dificultá en meter a pel de coello no nicho do Viudo* XEN 71).

difunto *adx. e s.m.* Defunto (*Andaba na hoste, e de noite, coma calquer difunto, poñíase de esquelete* CRO 134; *é verdade o que decía o difunto piloto* SIN 109).

dil *pron.* Del (*el non é propio Xudeo Errante, senón un curmán dil* CRO 64).

dino *adx.* Digno (*son ben máis dinos dunha grande cociña que a merluza coc* 100).

dintel *s.m.* Lintel, peza superior dunha porta ou ventá (*co saúdo do ramallo de loureiro no dintel da porta da adega* coc 160).

diócesis *s.f.* Diocese (*O Carracedo, pra un de Miranda, na diócesis de Mondoñedo, é como o Everest* FEI 136).

dionís *s.m.* Nome dun demo dedicado a facer perfumes (*A viuda, foi o caso, namoróuse nun repente de aquel dionís, que lle dou a cheirar a iagua de San Ciriaco* MER 129).

diputación *s.f.* Deputación (*máis de duas veces remesáronlle uns cartos da Diputación de Pontevedra* FEI 75).

direción, direición *s.f.* Dirección (*En Lugo déronlle a dirección dunha casa de Barcelona* XEN 119; *Non poderás dar dous pasos, dúas verbas, na mesma direición* HAM 69).

direito *adx.* Dereito (*que asegún il viña en liña direita do Mariscal* XEN 126).

disanto *s.m.* Día festivo (*¡Deica o disanto faltaban catro días!* SIN 141).

discipiro *s.m.* Discípulo (*un discipiro de Mel, un tal Lousas, que non sei si vive ou morréu* XEN 34).

disconformidá *s.f.* Disconformidade (*Iso sí, ten unha disconformidá nun pé* SIN 91).

disculpa *s.f.* Desculpa (*Os que se namorran teñen disculpa* HAM 61).

discurrir *v.* Discorrer, reflexionar (*O enfermo pasaba horas e horas discurrindo, sacándolle a figura á adiviñanza de Perrón* ESC 59).

dise *pron.* Dese (*un emir gordo e colorado que vive dise trato* SIN 33).

- disfraz** *s.m.* Disfrace (*o propio da arte culinaria, que non é unha arte do disfraz* COC 10).
- disfrutar** *v.* Gozar (*do tirabeque, que ven unha vez ao ano, e por tan pouco tempo, hai que disfrutalo no seu* COC 31).
- disgustar** *v.* Desgustar (*Inclusive lle disgustaba o asunto* FEI 22).
- disgusto** *s.m.* Desgusto (*e morreu dun ataque ao corazón. Co disgusto e a rabia* FEI 67).
- disminución** *s.f.* Diminución (*aumento de nivel nos pobos tradúcese sempre nunha diminución no consumo do pan* COC 61).
- dispacio** *adv.* De vagar, a modiño (*miróume a dispacio dende a espinela que me recollía un rulo na fronte ata os pés* PAL 320).
- dispoixa, dispoixas** *adv.* Despois (*díxolle dispoixa de facerse moito de rogar* SIN 96; *e despoixas de gardála drento da polaina, sentouse* SIN 143).
- disprecio** *s.m.* Desprezo (*Os Erquy mexarían a disprecio* CRO 132).
- diste** *pron.* Deste (*había unha señora namorada diste mesmo nome* CRO 42).
- distracción** *s.f.* Distracción (*Amén de librálo dos cornos, é unha distracción mui grande, que a perdez é letrada* SIN 167).
- disturbar** *v.* 1. Enturbar (*e non disturban as augas* CRO 69). 2. Perturbar (*pra que os enanos non disturbaran os traballos* TES 61).
- ditoso** *adx.* Afortunado, feliz (*ditoso coa zoca de ouro que ben pesaría media libra galega* ESC 129).
- diversidá** *s.f.* Diversidade (*Ademais, que sabe toda a diversidá de moeda de tódolos países onde haxa camellos* SIN 97).
- diviñidade** *s.f.* Divindade (*posibilidade de comunicación coa diviñidade* TES 72).
- díxito** *s.m.* Dedo (*Pepiño descalzábese e amosaba os seis díxitos do pe esquerdo* FEI 20).
- dó** *s.m.* Sentimento de pena, piedade (*tiña muito dó do pequeno, que sacara a fraqueza da nai* CRO 12).
- doa** *s.f.* Boliña. Xoia (*nova i eterna espuma do mar maior, esfarelada en doas relucintes pólos ventos amigos que pasan cantando* SIN 71).
- dobla** *s.f.* Moeda (*En doblas de Hungría, que é moeda que non admite desprecio* CRO 64).
- doblado** *adx.* Dobrado (*derriba do pano, que Fabián deixara mui doblado na mesiña de noite* FEI 156).
- doblar** *v.* Dobrar (*Colléuno, doblóuno, medio me fixo unha seña incrinando a cachola* XEN 57).

- doble** *adx.* Dobre (*mercóu un despertador de dobre campaniña* XEN 38).
- doblegar** *v.* Dobregar (*Doblegóu sobre o peito a nobre cabeza e morréu* HER 147).
- doencia** *s.f.* Doenza (*Un soño, poño por caso, pode dar unha doencia, o mesmo que unha anguria* ESC 72).
- doitriña** *s.f.* Doutrina (*e tiña no atril aberto a doitriña de don Gabir Arábigo* MER 76).
- dolorido** *adx.* Dorido (*Para a mui dolorida infanta de Verona* CRO 111).
- domeñar, domiñar** *v.* Dominar (*abrir unha porta tras da que mora un algo terríbel que é perciso domeñar* TES 68; *pro o que domiñaba era o disco do fusilamento de Ferrer* XEN 127).
- donación** *s.f.* Doazón (*case é unha graciosa donación real* HAM 43).
- donado** *s.m.* Servente dunha congregación relixiosa (*e chamábase Dieulebon, coma tódolos donados da Cuna d'Alençon* CRO 52).
- doncalés** *adx.* Natural de Doncala (*I o piloto doncalés deixouse baixar atado póla cintura* SIN 111).
- donde** *adv.* Onde (*Lévame dando voltas e ponme donde escoite ben* SIN 78).
- dondo** *adx.* Brando, suave (*Rompéu seu ver de ladeira, color de donda laranxa* CAN 30).
- donosiño** *adx.* Guapiño (*-¿É cómo te chamas, donosiño? -Puxéronlle Lionardo, contesta pólo rapaciño o vello* ESC 115).
- doña** *s.f.* Dona (*Para a mui dolorida infanta de verona, doña Xulieta* CRO 110).
- doñeadora** *adx.* Apetitosa para ser amada (*cuias miras de casamento lle derretían as manteigas, que de verdade eran lucidas, brancas e doñeadoras* MER 130).
- door** *s.f.* Dor (*veulle de repente un apreto do ventre, cunha door mui forte que iba e viña* FEI 142).
- dorar** *v.* Dourar. Tostar lixeiramente (*Coma o lacón, hai que asalo sin presas, e deixando que ben se dore* coc 51).
- dormir** *v.* Durmir (*pro xa cegato e vello non faguía máis que dormir na cociña ou ó sol* CRO 29).
- dóroso** *adx.* Doloroso (*El estrenaba un corazón dilatado que causaba sorpresas dôrosas* POE 89).
- dorsiana** *adx.* Que pertence a obra de D'Ors (*e tendo en conta a sabia lección dorsiana* coc 124).
- dosis** *s.f.* Dose (*somentes curaba catarros cunhas cantas dosis de columpio* XEN 38).

doutriña *s.f.* Doutrina (*pro non parecería decente que tivera unha doutriña* HAM 58).

douzura *s.f.* Dozura (*Todo tiña a douzura e a inexactitude do rosario da auro-ra* POE 87).

dovinet *s.f.* Certa clase de la torcida (*unha lá torcida que se chama dovinet, i é boa pra rencher pelucas* CRO 103).

dreito *adx.* Dereito, que está á man dereita (*No brazo dreito trai unha fita verde* CRO 109).

dreito *s.m.* Dereito, facultade para facer algo (*o dreito a gardar pra íl soio un tesouro de pedriñas fantásticas* SIN 129).

drento *adv.* Dentro (*Dá un calor por toda a redondeza de drento do corpo que moito se agradece* coc 25).

dril *s.m.* Tecido forte (*Gasta sempre turbante de dril tirando a marrón* SIN 25).

duda *s.f.* Dúbida (*E non había duda do golpe, porque na ocasión xa Felipe estaba desperto* XEN 172).

dulzaina *s.f.* Instrumento músico parecido á chirimía (*todas van asubidas por música coma en dulzaina* SIN 33).

dulleta *s.f.* Bata ancha (*Adeprendera pra xastre, e dábaselle mui ben o corte da dulleta* CRO 136).

dupricar *v.* Duplicar (*i alí cadra o círculo e duprica o cubo* SIN 159).

E

echalote *s.m.* Planta semellante á cebola (*Engádense tres echalotes picados coc 80*).

ecresiástico *adx.* Eclesiástico (*salvo na voz, que ós nove anos xa a tiña solene i ecresiástica CRO 12*).

ecripse *s.f.* Eclipse (*e porque sabendo toda cousa de astronomía i ecripses por álgebra SIN 89*).

edade *s.f.* Idade (*De neno, aos catro ou cinco anos da sua idade FEI 23*).

edra Errata por pedra (*brincóu á águia de edra de San Xoán CRO 75*).

edra *s.f.* Hedra (*e medraron arredor da illa edras e xunqueiras SIN 159*).

efeitividade *s.f.* Efectividade (*o buscador de tesouros ten que ter fe na efeitividade do rito TES 64*).

efeito *s.m.* Efecto (*lle houberan sangrado os fuciños a Matías aquela mañán. Pro o efecto lindo ESC 144*).

égoa *s.f.* Egua (*chegaba na súa égoa o cura da Muxueira XEN 23*).

eio Equivalente a éo (*porque entre as cousas de que é dono, eio dos camposantos HAM 49*).

eiquí *adv.* Aquí (*Eiquí estóu, capitán, que xa se me ve nas carnes CRO 40*).

eirexa *s.f.* Igrexa (*O camposanto de Seixo está por detrás da eirexa XEN 51*).

eisempro *s.m.* Exemplo (*Dígoche que non abusaría, Poloño, nin acodiría a eisempros antigos HAM 52*).

eisí *adv.* Así (*E isto vai ben eisí, ben me decato, porque eu creo nos mitos HAM 10*).

eisistencia *s.f.* Existencia (*A Barca Que Cruza O Mar Da Eisistencia... TES 49*).

eisixir *v.* Esixir (*eisixen una preparación previa, una purificación, por parte do buscador TES 73*).

el *pron.* Funciona como reforzo da partícula que introduce oracións interrogativas (*¿El cómo son os polacos? FEI 29; ¿El qué lle parece? FEI 111*).

eleitrón *s.m.* Electrón (*I a moeda que corre en Tulé non e de ouro, senón de*

ambre eleitrón i alí o ouro é como por eiquí o ferro MER 103).

elexir v. Elixir (*Foi elexido polo alento* XEN 124).

elo pron. Aquelo (*e son obrigado a elo como «Cronista Oficial da Cidade»* COC 147).

embalse s.m. Encoro, represa (*cando ainda ninguén pensaba no famoso embalse que deixou Portomarín sob as augas* FEI 68).

embarcadeiro s.m. Embarcadoiro (*Unha vez chegou ao embarcadeiro da ribeira esquerda un home cáseque xigante* FEI 68).

embargantes, non loc. conx. Sen embargo (*Todas levan ouro, e non embargantes cada unha paga algo distinto* HAM 43).

embazar v. Atascarse. Deterse (*Hai moitas cociñas en Tui, nas que se sabe preparalo de xeito que non embacen as espiñas moitas ao comelo* COC 96).

embeito adx. Embebido (*que quizaves non lle quedase, ou estivese tan embeito nas rafegadas da súa vida que se lle fose* CRO 60).

embelelo Errata por embebelo (*co gallo de embelelo e perdelo, coa súa hoste, nas areas do deserto* MER 137).

emberrugado adx. Cheo de verrugas (*faguialle descalzarse ó emberrugado* ESC 105)

embestir v. Arremeter (*embestíuna sin querer co paraugas* XEN 152)

embezo s.m. Obxecto onde se coloca a cabeza de quen vai ser axustizado (*e primeiro probéi eu a comodidá do embezo en que se pon a cachola* CRO 100).

embigotado adx. Quen ten moito bigote (*-i agora sonaba a súa voz natural e de tal embigotado como era -, porque tiña a boca seca* MER 75).

emborrallar v. Encher algo de cinsa ou cousa parecida (*mirando pra brétema que oxe emborralla o país i o mar* HAM 34).

embrear v. Cubrir de brea (*baixou a frol de auga sentado nunha táboa de embrear* SIN 112).

embreo s.m. Acción de embrear (*a faguerse cárrego dunha nao que xa debía estar botada i andarían no embreo e na cordaxe* SIN 136).

embrigo s.m. Embigo (*e foi cando Venadita se decatou de que eu tiña embrigo* SIN 118).

embrilar v. Dar brillo (*algunha que outra moeda, apegándoas co pez de embrilar as viras dos zocos* CRO 73).

embromante adx. Que gasta bromas (*son un galego propio cando conto, medio crente, medio embromante* XEN 10).

- embrullar** v. Envurullar, envolver. Reunir algo (*matinaba embrullar en pouco tempo u capitalciño* CRO 19).
- embufandado** adx. Que ten a bufanda posta (*sempre aparece na praza embufandado* XEN 157).
- emiral** adx. Pertencente ó emir (*iba eu pró pazo emiral ó trote do meu Polisardo* SIN 54).
- empeinado** adx. Que ten a parte superior do pé moi grande (*ten, pois, un pé longo dobre que outro, e mui empeinado* SIN 92).
- empenicarse** v. Subir ó máis alto dalgún lugar (*corría a rentes da carroza, e diante, e por detrás querían empenicarse na postilleira* CRO 103).
- emplazar** v. Emprazar (*saír co can a emplazar un cañón no pombal* FEI 148).
- empopar** v. Poñe-la popa a favor do vento ou da marea (*e si podía empoparía co terral da marea baixa* SIN 81).
- emprumar** v. Emplumar (*desque veu que emprumaba, xa lle dou outro trato* CRO 134).
- empunto** s.m. Pube (*un día en que se decatou de que xa me abrotaban uns peliños no empunto* CRO 73).
- empuño** s.m. Empuñadura (*a man posta no empuño da espada* CRO 40).
- enano** s.m. Anano (*Serxio decía que o enano non tiña porque facerlle a ela aquela cabronada* FEI 14).
- encaleado** adx. Encalado (*a primeira casa, sempre mui encaleada, é o muiño de Porteiro* XEN 129).
- encalludo** adx. Encalecido (*e de pes faguían as súas orellas que as tiña encalludas* CRO 139).
- encana** s.f. Encanada, lugar por onde están os canos (*ouvinde os muriños roendo a sabor na encana do faiado* NOI 262).
- encanar** v. Conducir un líquido por un cano (*foi unha pregunta que iba encanada nun aceiro milanés* HAM 83).
- encapirotado** adx. Encarapuchado (*e no mantel da man esquerda, cada qué a súa águia encapirotada* MER 33).
- encarregar** v. Encargar (*e sempre me digo que vou encarregar un par de caixas de boas ostras* COC 67).
- encárrego** s.m. Encargo (*ou pedir en casa de confianza que llo fagan de encárrego* COC 137).
- encelar** v. Poñerse en celo (*con pulseiras de muller e femeninas roupas perfumadas, por si encelaba* SIN 37).
- encellado** adx. De cellas moi abondosas (*gasta sempre turbante de dril tirando a marrón, i é mui encellado* SIN 25).

encello *s.m.* Sobrancello (*co turbante metido deica o encello* SIN 100).

encender *v.* Acender (*Freire encendía unha vela debaixo das augas* FEI 41).

encoberto *adx.* Encuberto (*en seis cartas daba as señas dos sospeitosos, mui encobertas* XEN 35).

encobo *adx.* Encovado, escondido (*i a cara tapada, que no ceador debía de levar dúas horas encobo* MER 83).

encolleito *adx.* Encollido (*rexen alí sete príncipes xigantes fillos dun encolleito* MER 141).

encortezar *v.* Facer codia. Endurecer (*os merengues encortezaban mui ben, cun fino dourado, e por dentro eran cáseque líquido* FEI 100).

encosta *s.f.* Ladeira, declive, pendente (*rubindo xuntos póla encosta da Mezquita* SIN 58).

encostado *adx.* Empinado (*ábrese nun praderío verde, encostado, polo que baixan ao río máis dunha ducia de regatos* XEN 72).

encostar *v.* Apoiar, colocar (*iste meu señor diante de si levaba encostada na albarda unha caixa de madeira fina e lucida* MER 72).

encostrar *v.* Formar costra unha cousa (*hai que asalo sosegadamente, aínda que ao final se apure o forno, pra que encostre a pel* coc 48).

encova *s.f.* Cova (*daquela finouse na encova de Satán Balcebú un xastre polaco* CRO 142).

encovo *s.m.* Tobo. Burato (*cunha cru-ciña en tinta verde marcando o encovo* CRO 53).

enchenta *s.f.* Enchente, chea (*adobábase o lombo, que é o raxo das grandes enchentas* coc 21).

ende, por *loc. adv.* Por tanto (*non había naos e por ende forasteiros* SIN 106).

enedar *v.* Esta-los dedos en orde, un ó lado do outro (*que enedaba de fora pra dentro en vez de dentro pra fora, como enedan partindo do gordo, con perdón, os pés que están naturás* ESC 128).

endego *s.m.* Ovo que se lle deixa á galiña no niño para que vaia poñer alí (*tamén, de paso, pódese poñer un cagallo de endego* ESC 114).

endozar *v.* Adozar, suavizar (*e as que non facía caír o vento, endozaban nas ponlas* FEI 56).

enfaixe *s.m.* Enfaixadura (*sacóu do enfaixe das bragas unha moediña de ouro* CRO 53).

enfaragullada *s.f.* Revolto de fariña e frangullas (*unha enfaragullada de fariña de trigo con torresmos i unha xarra de viño* MER 75).

enfeitizo *s.m.* Feitizo (*eu non sabía do enfeitizo do espello* MER 91).

enfermedá *s.f.* Enfermidade (*ouvíalle ó doente toda a súa enfermédá e toda a súa vida* ESC 72).

enferruxe *s.m.* Ferruxe, óxido de ferro (*o escribano de Dorne foi o úneco que se interesóu por aquel enferruxe* CRO 62).

enflaquecer *v.* Enfraquecer (*No ano 1921, o lorito comezou a enflaquecer e a tusir* FEI 108).

enfonzado *adx.* Escurecido (*Algunhas veces teñen unha color máis enfonzada* COC 36).

enfracar *v.* Enfraquecer (*Xente é que se entrista, enfracá, desavece a comida e morre aborrecida e calada* ESC 64).

enfrautar *v.* Soprar (*i ese malvís que tanto áer enfrauta cada día que amence renasce e asubía* DON 115).

enfrebado *adx.* Que ten febras (*pro o que non xantóu un anaco de touciño ben enfrebado cunhas castañas cocidas* COC 42).

enfriar *v.* Poñerse frío algo, arrefriar (*Despóis de asados, déixanse enfriar envolveitos nun pano* COC 35).

engado *s.m.* Encanto. Misterio. Engano para atraer a alguén (*Ela tería algunha segreda caricia, algunha dozura ou engado* HAM 28).

engallopar *v.* Galopar (*O verdugo soltóu o adibal, i engallopóu soio cara a torre de Mordeac* CRO 93).

engañador *adx.* Enganador (*¡Os enganadores!* SIN 90).

engañar *v.* Enganar (*Si o Kaiser estaba morto, non podía volver a Berlín, e era enganar a Xestoso de Montes non decirle a verdá* XEN 57).

engaño *s.m.* Engano (*¿El non será engaño señor soldado?* CRO 107).

engrasado *adx.* Engraxado (*deixándose caír por un quenlle de madeira de carballo, mui engrasado* SIN 158).

engrasar *v.* Engraxar (*Si a collían, engrasaban as hortas con ela* COC 97).

engrave *adx.* Grávida, embarazada (*un sofoco vespertino con mareos, co que foi o decatarse de que estaba engrave* CRO 59).

enguitar *v.* Causar molestias (*soverquíalle o sangue na cachola, enguitáballe os riles* CRO 141).

engurrarse *pr.* Encollerse, facerse engurras (*e cando xa se engurraban os liscos no sartén* ESC 138).

enlousado *adx.* Cuberto de lousas (*i a cada seu lado tiña grande alpendre, e diante unha aira redonda, enlousada* CRO 89).

enmangar *v.* Colocar unha prenda de vestir no corpo metendo primeiramente os brazos nas mangas (*e pra meterse na cama dispúxose a enmangar*

- un camión cheo de zurcidos e mendos* SIN 69).
- enmelar** v. Untar con mel (*un bon plato delas pra que se nos deixase aos nenos meter os dedos, enmelar i enrolar pra levalas á boca, nin quentes nin frías* COC 151).
- enmendar** v. Emendar (*Non era en Parga, emendeino eu, que era en Parma, en Italia* ESC 102).
- enmourecer** v. Escurecer (*o taberneiro deuse conta de que aqués dous pesos eran falsos, e enmourecían canto máis os miraba* FEI 49).
- enquebrada** s.f. Crebadura (*por ver si pasando a campos soleados curaba da soá e das enquebradas da apregadura* CRO 142).
- enrabexarse** pr. Enrabecharse (*Comezóu a enrabexarse* XEN 109).
- enramo** s.m. Enramada (*sucado por un enramo feliz de veññas verdes* CRO 29).
- enrella** s.f. Enreixado (*e na faciana tén á dreita da porta un balcón con enrella de ferro* SIN 24).
- enroxecer** v. Avermellarse (*está moi coloreado, enroxece máis á iauga* COC 87).
- enruga** s.f. Engurra (*Morrería si atopase unha soía enruga* HAM 73).
- enrugar** v. Engurrar (*A fada chora, que si non se mira tódolos días no espello enrúgase i envellece* TES 88).
- enrugo** s.m. Engurramento (*os percebeos [...] Longos, sempre están fraques, e o enrugo da súa pel parece que pasa á súa carne* COC 71).
- ensalivar** v. Empapar de saliva (*O soldado abría a máñ dreita diante de Sinbad e coa esquerda ensalivaba ó nariz* SIN 142).
- ensame** s.m. Exame (*cando faguía en Toledo ensame de traductor* SIN 127).
- ensaminar, ensamiñar** v. Examinar (*Aseguraba que os médicos de Montpellier tiñan que ensaminarse no inferno de lanceta de Lyon* CRO 135; *Pasou que comezaron os paxaros a botar cando os ensamiñaba verbas nunca ouvidas* SIN 50).
- enseguida** loc. adv. En seguida (*téndense os mantéis, i enseguida aparecen as empanadas* COC 60).
- enseñar, ensiñar** v. Ensinar (*e ninguén lles ensina aos labregos nosos a manter o tipo dos queixos das súas comarcas* COC 138; *a quén o señor Merlín, por facer unha gracia, ensiñara a asubiar unha alborada* MER 42).
- ensono** s.m., **ensoñada** s.f., **ensoñamento** s.m. Soño. Ilusión (*soñar é necesario, e perder o tesouro dos ensonos é perder o meirande dos tesouros do mundo* TES

- 95; *Sorríu malicioso Mansur, que sabía as ensoñadas do vello piloto* SIN 104; *e probarse con ausencias i ensoñamentos* SIN 36).
- ensoñar** v. Soñar (*e Sinbad dende aquela tiña pontos en que se quedaba medio adormido, ensoñando* SIN 41).
- ensoño** s.m. Soño. Ilusión (*Tanto o satisfacían os seus ensoños, que chegou a pensar que millor que voar era soñar que voaba* FEI 87).
- ensopado** adx. Que ten cousas de mollar (*co cal terían desaño ensopado* SIN 131).
- entalle** s.m. Entalladura (*O entalle dos demos é arte maior* CRO 137).
- entanto** s.m. Momento (*e nun entanto rematou aquela solfa* CRO 91).
- enterar** v. Saber, ter coñecemento de algo (*e meteuse na cama a ver si San Cosme xa se enterara do seu pedido* FEI 128).
- enteso** s.m. Calidade de teso (*langostas de calidade coa tersura i enteso da carne que é o millor da langosta* COC 78).
- entestado** adx. Contiguo, inmediato (*pro tamén é verdade que o señor fidalgo se adiantara poñerlle entestada unha pumariña* CRO 87).
- entolear** v. Volverse tolo (*que andaba con medo de entolear* XEN 77).
- entonado** adx. Con bo ton (*Lía mi amo mui entonado, coma crego de epístola* MER 101).
- entorto** s.m. Inxustiza. Mal entendido (*estaba dous ou tres días desfacendo aquela desgracia ou entorto que soementes no seu maxín acontecera* CRO 19).
- entoupeza** Errata por entorpeza (*pra que non entoupeza a saída do soro* COC 140).
- entraberto** adx. Entreaberto (*rula dos ollos entrabertos da mañán* CRO 112).
- entrabullar** v. Modificar algo mesturando unhas cousas con outras. Terxiversar (*é complexando ístas, entrabullándoas, inventando incrusive algunhas* TES 67).
- entrama** s.f. Frontal, parte superior de fiestras e portas (*pintada de branco e verde, i agora desmontada da súa entrama* CRO 89).
- entrecano** adx. Dise do pelo a medio branquear (*e cuidaba moito un bigote que tiña entrecano* FEI 71).
- entrecellado** adx. Que ten moito espacio entre as cellas (*O turco era un cherepa barbudo, mui entrecellado* SIN 146).
- entrecello** s.m. Espacio que hai entre as cellas (*e tiña o xesto de levar a man de-reita ao entrecello cando miraba pra ti cos seus pequenos ollos mouros* FEI 152).

entredelas *s.f.* Espacio que hai entre dúas cousas (*Co remo arredóu Sinbad duas das cascás meirandes pra faguer por entredelas o estreito de Miraquenvén* SIN 13).

entredós, entredous *s.m.* Tira de encaixe entre dúas teas (*Alí estaba cautiva a filla de doña Carolina, que fora adprender o entredós i o doce de améndoa* MER 148; *iste retalliño marelo mandoumo pra un fondo dun entredous dunha pecheira unha dama de Ormuz* SIN 69).

entrefrebar *v.* Poñer fíos ou febras para facer algo (*asegún soupen despois comezou a entrefrebar co verdadeiro futuro cousas que il mesmo inventaba* MER 92).

entrefrebas *s.f.* Febras entre as carnes (*do parto seu quedáranlle a miña irmá unhas entrefrebas das madres apegadas* CRO 45).

entrelazos *s.m.* Lazos mesturados (*No coro tiña misericordia baixo o grande escudo e madeira de indias, entrelazos roxos e negros dos almirantes de Tréboul* CRO 18).

entreles *pron.* Entre eles (*os outros, Vizoso entreles, ataróna cunhas correas* ESC 95).

entremedio *s.m.* Intermedio (*comenzaron unha cea de arenques afumados e sidra doce, i un entremedio de ovos cocidos* CRO 90).

entremín *pron.* Entre min, comigo (*e por faguerme coñecer por ingrés de tan outo sangue e pasar entremín tantas segredas conversas políticas* CRO 68).

enterroibo *adx.* Medio roibo (*Perrón era de medianta talla, enterroibo, os ollos craros* ESC 59).

entretanto *s.m.* Intervalo de tempo (*No entretanto, e xa que non trae novas, poderíamos comer o seu cabalo* CRO 110).

entretenimento *s.m.* Entretemento (*E recetaba baños, vacaciós, e buscáballes entretenimentos ós enfermos* ESC 74).

entrevó *adv.* Entre voo e voo, cando está voando (*E xogando a tirálo i a collélo coas duas máns, e palmada entrevó, nunha distas veu unha brisa do Golfo* SIN 57).

entristarse *pr.* Entristecerse (*Xente é que se entrista, enfraca, cánsase* ESC 64).

entrometer *v.* Entrometer (*e mandei faguer unha de pel de lontra renchida de lá -entrometéu o escribano-* CRO 68).

entrometido *adx.* Entrometido (*Púxose en que entrometidos a enveliñar as fontes de Roma...* CRO 69).

envainar *v.* Envaiñar (*Eu non era máis que iso, un arma envainada que agarda unha alarma* HAM 33).

enveliñador *adx.* Que envelena (*é o médico Sabat o enveliñador das fontes de Roma* CRO 25).

- enveliñar** v. Envelenar (*A escuso enveliñaba eu gatos, cás, pombas, coellos, arbres e raíces* CRO 67).
- envido** s.m. Aposta (*e todos na corte souperon que mosiú Simplóm xogóu á forza aquel envido, que non era nada tirado do naipe* MER 119).
- envolveito** adx. Envolto (*a un tipo pequeno envolveito, nunha capa marela* FEI 14).
- enxabonarse** pr. Enxaboarse (*O curioso era que tiña que enxabonarse sentado* FEI 93).
- enxendrar** v. Procrear, xerar (*En vez de cobrar, algún aínda pagara porque lle deixaran enxendrar* HAM 49).
- enxerir** v. Enxertar (*i acáeselle mui ben o sacho, e poda i enxire, e sempre ten moi bós repolos i alcachofas sevillanas* SIN 26).
- enxogar** v. Enxaugar (*i houbo tanta familia pra ver enxogar a boca a meu amo* MER 124).
- enxudia, enxundia** s.f. Enxunlla, graxa dos animais (*o baño denantes de comezar a untalo coa enxudia* COC 118; *cando Sinbad lle apreixaba a mán regordecha e adobada con enxundia de galiña a dona Alba* SIN 41).
- enzamarrado** adx. Cuberto cunha zamarrá (*levando no colo ó Borrallo, ben enzamarrado, que acolá enriba sempre sopra nordestes* ESC 66).
- equinocio** s.m. Equinoccio (*e pra máis comodidá pintou os números das horas, cadrados por equinocios* SIN 93).
- equis** s.m. Nome da letra x (*e a aspa de San Andrés, equis, pra indicar multiplicación* XEN 89).
- ermitaño** s.m. Ermitán (*un ermitaño que apartaba co seu caiado a neve* MER 123).
- esaititude** s.f. Exactitude (*deciden por si da esaititude das verbas máxicas* TES 64).
- esame, esamen** s.m. Exame (*Tralo esame de plumada viña esame de espello* ESC 72; *naide me quitaba esamen de lancera de Lyon e limoada purgante* CRO 72).
- esamiñar** v. Examinar (*I agora que vas tan ilustrado que poderías esamiñarte de xeografía segreda en Sagres* MER 105).
- esbarar** v. Esvarar, escorrer (*eu corrín con doña Simona ao seu amparo, i esbaramos ao chegar á fonte* MER 52).
- esbotar** v. Botar fóra (*O demo ben o esbotaron, pro o señor duque ficóu á nuggalla* MER 118).
- esbruga** s.f. Espulla (*e porque lle curéi unha esbruga que tiña nos narnes* MER 94).
- escadeira** s.f. Escalreira (*Hai unha fiestra ao fondo, e unha escadeira rube ao pirmeiro andar* NOI 259).

escadrón *s.m.* Escuadrón (*e tiña un sarxento que todas as mañás formaba o escadrón* XEN 80).

escalopar *v.* Facer escalopes (*algunhas vieiras, sin cuncha, o blanco e o roxo, escalopadas e cocidas coa langosta* COC 81).

escanabeirado *adx.* Alto e delgado pero falto de gracia (*estaba Xoxé do Cairo, que era un mozo mui outo i escanabeirado* MER 21).

escanido *adx.* Delgado e desaxeitado (*¡Eso era pólo delgadiño i escanido!* ESC 71).

escarabellar *v.* Escaravellar, remover algo (*Aquí chámalle abrouar o lume a escarabellar nil co atizador ou cunha estela* ESC 118).

escarchado *adx.* Cuberto con azucre cristalizado (*adornada con froitas escarchadas e figos en almibre* COC 147).

escarranchado *adx.* Coas pernas moi abertas (*Viña na súa mula meïresa, co aquel seu montar escarranchado* MER 66).

escasez *s.f.* Escaseza (*daquela se falaba xa se vía que se acercaban anos de escasez prás miñas mañás* CRO 64).

escea *s.f.* Escena (*Cando ambos están en escea, entra lentamente o Coro* HAM 72).

esceario *s.m.* Escenario (*chamábaos pra que subise ao esceario* XEN 80).

escelencia *s.f.* Excelencia (*meu pai tiña que facer na botica unha limoada purgante pra Súa Escelencia Reverendísima* COC 60).

escelente *adx.* Excelente (*e deixou un libro escelente, a Guía del buen comer español* COC 79).

esceripo *s.m.* Planta parecida ó espiño (*facendo un esteiro vizoso de xunqueiras i esceripos, e bosquellos de canas* SIN 22).

esclaustrado *adx.* Exclaustrado (*pa-dricóu mui asisado o esclaustrado das Goás* MER 85).

escolanía *s.f.* Certo tipo de escola (*cando vos educábades naquela Escolanía* MER 100).

escondite *s.m.* Escondedoiro, agocho (*que o tal morrería coa sede i o tesouro ficaría no seu escondite* TES 41).

escordar *v.* Dislocar (*a deda gorda saíulle ladeada, e traballando nista pra póla natural, escordouna* SIN 92).

escornabói *s.m.* Escornabois, vacaloura (*Na gaiola de vidro asubiaba o escornabói* MER 22).

escraviña *s.f.* Escravina (*Escaramuza, recolle a túa espada. Podes limpala na escraviña del Rei* HAM 82).

escribano *s.m.* Escribán (*O escribano de Dorne foi o úneco que se interesou por aquel ferruxe* CRO 62).

escribinte *adx.* Escribente (*Por dous minutos non viu morrer nun café de familia a un escribinte da Casa Rosada* FEI 163).

escrusivamente *adv.* Exclusivamente (*adicouse escrusivamente ao arte curatorio* XEN 38).

escuitar *v.* escoitar (*El andaba a escuitar* POE 86).

esculcar *v.* Mirar coidadosamente (*que entrase nas casas a fisgar, e non deixase buraco sin esculcar* CRO 75).

escumexar *v.* Escumar, producir espuma (*que nunha parte do curso seu atorren-tan e brincan, escumexan, e noutras remansan e apoizan* COC 89).

escuridá *s.f.* Escuridade (*¿En qué pensas que paso ista escuridá?* SIN 78).

escurrir *v.* Escorrer, escoa-la auga (*cocer coas castañas peladas un par de chanfainas e algo de touciño, escurrir, xantar a carne coas castañas* COC 25).

escuso, a *loc. adv.* Ocultamente, ás escondidas (*As ánimas, agradecidas, contábanlle a escuso onde había diñeiro perdido ou escondido* ESC 88).

esfachicar *v.* Chocar violentamente contra algo (*petou contra a linterna do uso, rompéu dous vidros, e veuse a*

esfachicar mesmo na mitra do santo CRO 97).

esfarelar *v.* Converter en pó (*pro non tanto que se esfaren as rebanadas de pan* COC 146).

esfogar *v.* Desafogar (*¿E non sabe que é o nome do castrón maior cando van a esfogar as bruxas pólo sábado?* ESC 115).

esgrevio *adx.* Elevado, ilustre, no sentido que lle dan moitos literatos (*estaba defendida pólo seu esgrevio brazo* MER 36).

esguello, de *loc. adv.* De soslaio, con disimulo (*Eu miraba á miña futura sogra de esguello* XEN 142).

esguerezo *s.m.* Dificultades (*pro a min, os esguerezos i o frío que pasaba tíñanme aparvado* CRO 73).

esguiado *adx.* Desviado (*era por imitación e burla de Pepe de Vence, que tamén era un algo esguiado do lado de-reito* FEI 133).

esguir, esgüir *v.* Escapularse, escapar (*Subú á súa habitación, esguindose ás caladas* CRO 123; *Esgüinme por entre os cabalos, corrín por non sei ónde* NOI 277).

esistencia *s.f.* Existencia (*eu xa estaba enterado da súa esistencia gracias ao meu amigo Penedo de Alduxe* XEN 19).

esleir v. Diluír (*preparados pra esleir en papas de millo* CRO 47).

eslongado *adx.* Dise de quen é moi alto en proporción ó seu grosor (*A súa dreita sentouse aquil eslongado da saca militar* CRO 22).

esmaiar v. Desmaiar (*nin acodiría a ei-sempros antigos, nin me esmaiaría entre choros* HAM 52).

esmaio *s.m.* Desmaio (*a sangría deixouno nun esmaio* MER 120).

esmelgar v. Tira-lo mel das colmeas (*mel escura, cáseque cristalizada, das esmelgas do pasado setembro* COC 140).

esmerante *adx.* Que fai algo con esmero (*Limpouse na sobremanga mui esmerante* CRO 97).

esmigado *adx.* Esmigallado (*e cando xa todo está frito, sácanse os faragullos, é decir, a torta esmigada, pra unha fonte* COC 150).

esmirriado *adx.* Mirrado, seco, murcho (*Cerdeira era un home pequeno, esmirriado, friolento* XEN 119).

esmola *s.f.* O que se dá ós pobres (*entón saíu ós camiños a pedir esmola de pan e vianda* TES 38).

espabilar v. Aviva-lo inxenio (*Pouco cundía eu nas miña medras, pro iba espabilando* CRO 73).

espadar v. Tira-las febras do liño cun instrumento que se chama espadela (*O liño albare nón o espadarei, de fios de sangue panos tecerei!* DON 125).

espalda, espaldra *s.f.* Lombo (*e de súpito pousouse nas miñas espaldas* XEN 20; *Entón eu vivín longos anos confiadados, tendo asesños á espaldra* HAM 81).

espanel *s.m.* Variedade dunha raza de can (*Eu tiña un can, o meu Xavin cazador, un espanel mui educado* CRO 29).

espapuxarse *pr.* Espapallarse, facerse como papas unha cousa (*hai que cocelos moi a modiño, e que non ablanden en demasía e se espapuxen* COC 30).

esparavel *s.m.* Táboa de madeira longa (*os fresás comestos dos coscos, a parra sin esparavés* MER 82).

esparexar v. Esparexer (*as mans mui graciosas pondo os churros no papel de estraza e espaxando o azucre por derriba deles* FEI 118).

espartina *s.f.* Esparto (*unha camposa de espartina i aveas tolas* SIN 132).

esparramar v. Dispersar. Esparexer (*que ás veces veñen cun trelo atándoos á redonda, pra que non esparramen* COC 134).

esparramo *s.m.* Dispersión. Esparexemento (*o teito do alpendre veuse em-*

- baixo, con grande esparramo de faíscas e cachos de pontón ardendo CRO 94).*
- espatulado** *adx.* Que ten forma de espátula (*era o dente de ouro, grande, espatulado ESC 130).*
- especiado** *adx.* Que contén especias (*A lord Sweet metérono nun barril de almibre especiado MER 83).*
- especiar** *v.* Botar especias a un alimento (*Botar allo picado, digo, pimentar, salar i especiar con un algo de ourego en pó COC 16).*
- especieiria** *s.f.* Lugar onde se venden especias (*Aviso Sinbad Terá nao pra especieiria trálo monzón SIN 77).*
- espeitador** *s.m.* Espectador (*Hai pró espeitador, por decilo de algunha maneira, uns supostos hamletianos HAM 9).*
- espellarse** *pr.* Reflectirse como nun espello (*pro entre amieiros que se espellaban nas pequenas lagoas CRO 82).*
- espelleiro** *s.m.* Fabricante de espellos (*ise momento en que naide se miróu nil aínda, cando saíu da man do espelleiro HAM 74).*
- esperencia** *s.f.* Experiencia (*Xa dixen dúas ou tres veces que conto esperencias COC 145).*
- esperimentar** *v.* Experimentar (*I eu non tiven tempo de esperimentar por min mesmo coc 98).*
- esperteiro** *s.m.* Morcego (*É unha especie de esperteiro, un rato con azas, pro non voa ESC 118).*
- espilfarrar** *v.* Gastar excesivamente (*que todo espilfarróu a nosa prenda posta de aprendiz MER 102).*
- espilir** *v.* Sacudir (*Espilín a almofada, que tiña o sinal, aínda morno, de ter durmido alí MER 47).*
- espinela** *s.f.* Rubí vermello (*Quedóuse gardando pra min, dende a porta, miróume a dispacio dende a espinela que me recollía un rulo na fronte ata os pés PAL 320).*
- espingarda** *s.f.* Escopeta longa (*E don Belianís metéuse na carballeira, coa espingarda levantada, MER 62).*
- espiñolo** *s.m.* Espiño (*Pra botar dos galiñeiros os demos oveiros abonda con espiñolo albar ESC 114).*
- espíritu** *s.m.* Espírito (*preparoulle un papel de espírito de sen i un viño purgante MER 121).*
- espirro** *s.m.* Esbirro (*Viñéronlle uns espirros fortes e mui darriba XEN 43).*
- esplumar** *v.* Desplumar (*dous pitos por día. Abonda con esplumalos, que cómeos crudos ESC 119).*
- espolique** *s.m.* Mozo que camiña diante da cabalería na que vai o seu amo (*E saberás que aquel bigotes que coñeci-*

- che en Meira era o espolique do demo Croizás MER 53).*
- espolón** *s.m.* Esporón, protuberancia de certas aves galináceas na parte posterior do pé (*un galiño xa mui posto, a crista mui roxa, apuntábanlle duros espolóns FEI 78).*
- espora** *s.f.* Peza de metal que se fixa no calzado para pica-las cabalgaduras (*i ó andar metía grande sonanta de esporas CRO 22).*
- esporeado** *adx.* Cuberto de po (*ofrecíanlle os gallos nun prato, esporeados con zúcre terciado SIN 134).*
- esporta** *s.f.* Especie de cesta (*Cobillón levouna en carroza a Tarragona, e na esporta da carroza iba en dúas arcas o ouro da viuda MER 130).*
- espranza** *s.f.* Esperanza (*segufu ao porco, quizaves coa segreda espranza de que nun cruce de camiños se perdesse XEN 97).*
- esprender** *s.m.* Esplendor (*Unha fror tan amada debe chegar ó Xuicio Final en todo seu esprender HAM 86).*
- espricar** *v.* Explicar (*e pra tragner á clientela espricaba as pezas máis famosas ES€ 107).*
- espricación** *s.f.* Explicación (*E ningún lle atopa espricación XEN 159).*
- esprito** *s.m.* Espírito (*A riqueza é unha calidá do esprito, un estado de ánimo SIN 169).*
- espritoal** *adx.* Espiritual (*era todo de espritoal vontade SIN 91).*
- espurrrar** *v.* Esbirrar (*i espurrou cinco ou seis veces seguidas CRO 27).*
- espurro** *s.m.* Esbirro (*sorbéu en tres tempos, e co pano na man atendéu ó espurro CRO 60).*
- esquelete** *s.m.* Esqueleto (*O cabalo en que viñera o Correo, é un esquelete de cabalo no medio do adro CRO 113).*
- esquencer** *v.* Esquecer (*Ao despertar mirou arredor, que se esquencera de ónde estaba FEI 145).*
- esquilar** *v.* Tosquiar, corta-lo pelo ou a la ós animais (*Couto ganou unhas pesetas axudando a esquilar nun pobo de Huesca XEN 143).*
- esquilino** *s.m.* Persoa forasteira (*perguntando póla fonda da vila, e si había porta de obriga prós esquilinos SIN 42).*
- esquiña** *s.f.* Esquina (*Alcendía eu catro candeleros e poñía cada seu nunha esquiña da mesa do comedor CRO 50).*
- esquirbir** *v.* Escribir (*¿Esquirbiche, Hamlet, os amores nosos? HAM 57).*
- esquisito** *adx.* Exquisito (*Unha centola é o máis esquisito dos froitos do mar COC 76).*
- estabrecido** *adx.* Establecido (*e dalí pasou a traballar cun callista estabrecido na rúa de Toledo XEN 149).*

estampido *s.m.* Estoupido (*Foron catro enormes estampidos seguidos que deberon escoitarse no Ferrol* FEI 48).

estantigo *s.m.* Participante dunha estadea (*Compre decir que os tratados co demo, igoal que Satanás i os seus estantigos, non enxendran ó natural* CRO 57).

éstasis *s.m.* Éxtase (*Pound ademira coma algo de indudabre poética calidade e camiño do éstasis* CRO 34).

esteleiro *s.m.* Estaleiro (*acoló eran os esteleiros i as atarazanas do Malik* SIN 138).

esteo *s.m.* Estaca, vara ou columna para soste algo (*que non estaba moi seguro na escada pesia ó esteo* SIN 145).

esteso *adx.* Extenso (*percebes coma o pulgar dun carpinteiro que din que sempre o ten máis esteso, por andar medindo cartas* CRO 72).

estiar *v.* Para-lo curso dun líquido (*no aberto dunha fontela que rompe tarde i está cedo* SIN 24).

estibado *adx.* Ben colocado (*e aparece fermosísimo nela o bonito, tan ben estibado, dun lixeiro color tostado* CRO 100).

estofado *s.m.* Guiso feito con pouco lume (*siguen trufando os grandes platos de callos, a carón dun estofado de carne* CRO 111).

estoque *s.m.* Espada estreita (*agallo-pando no esquelete dun dos cabalos da carroza, estoque na man* CRO 93).

estorgar *v.* Soltar (*Despóis de fritos, rebozados soio en fariña, estorgan a tinta que teñan na boca do goloso* CRO 104).

estramuros *adv.* Extramuros, fóra da vila (*mandan que o pulpo se coza na feira, estramuros dunha vila* CRO 87).

estrano *adx.* Extraño (*forma parte da revelación do mundo ó home, ser tan estrano, que e ben sabido que saca de dentro dil todo o que olla* ESC 111).

estrar *v.* Esparexer sobre o chan (*A señora Marcelina e mais Manoeliña viñeron i estraron de rosas e fiuncho i espadana o patín* MER 72).

estratega *s.m.* Estratego (*Devecía por xogar á brisca entre seis, estratega xenial* FEI 138).

estraute *s.m.* Extracto (*e catro misturas con casca de nogueira, estraute campeche e cremor tártaro* MER 113).

estravagante *adx.* Extravagante (*reparte todas as forzas de súa saiva no adorno estravagante da súa cabeza* CRO 127).

estravío *s.m.* Extravío (*sementaba no país perdas á mancha, malollos, estravios de cartos e de xente* CRO 96).

estraza *s.f.* Certo tipo de papel (*as mans mui graciosas pondo os churros no papel de estraza* FEI 118).

estrelleiro *s.m.* Persoa que consulta as estrelas. Astrólogo (*Sinbad conta que está agardando a un estrelleiro de Adén* SIN 89).

estremadura *s.f.* Estrema, límite (*i era do lugar de Xudán, na estremadura da terra nosa* ESC 151).

estrenar *v.* Estrear (*rematóu por estrenar o par de zapatos que mercara na Cruña* XEN 101).

estroncio *s.m.* Estrondo (*i eu brinquei da solaina embaixo co derradeiro estroncio* SIN 55).

estudar *v.* Estudiar (*Estuda radio por correspondencia* ESC 96).

estudante *s.m.* Estudante (*¿Hei de ser sempre un estudante namorado?* HAM 24).

estudo *s.m.* Estudio (*Un rapaz noviño e de tanto estudo non debe de ir á borralenta guerra de Bohemia* HAM 25).

etiqueteiro *adx.* Que gusta moito do trato cerimonioso (*Súa Señoría era un velliño etiqueteiro e tusidor* CRO 18).

exemplo *s.m.* Exemplo (*En Vigo, por exemplo, chámanlle nas tabernas taza á cunca pequena* COC 54).

extranxeiro *adx.* Estranxeiro (*cun pano da millor fabricación catalana, ademirada nos mercados extranxeiros* FEI 154).

estrañar *v.* Estrañar (*O que máis extrañaba Fuensanta da aldea de Cornide era que alí non deran as sandías* FEI 114).

extraño *adx.* Estraño (*vintecatro horas despois orneaba cun acento extraño* FEI 45).

esquerdo *adx.* Esquerdo (*Eu traguía os dous meus ollos no seu sitio e o meu corpo esquerdo con áxil xogo indeciso nos cóbados* POE 75).

F

fabolo *s.m.* Variedade de faba (*eu xantéi unha ensalada de fabas, é decir, de fabolos ou faballóns somentes cun rustrido* COC 38).

facenda *s.f.* Conxunto de bens dunha persoa (*Tiña man de todo, dos traballos da casa, da facenda grande e da miuda* MER 20).

facendado *s.m.* Dono dunha facenda (*decíalle ao facendado que a foto do grupo costaba cinco pesos* FEI 162).

fachico *s.m.* Facho pequeno (*i alcendéu co chisqueiro, a forza de sopros, un fachico de palla* CRO 93).

facilidá *s.f.* Facilitade (*empreñóu con moita facilidá en Lorena* CRO 130).

fadado *adx.* Predestinado (*cando eu xa estaba posto alí, amasado, fadado, mentido e mintireiro* HAM 37).

fadal *adx.* Fatal (*Un home marcado pra sempre por un sino fadal* HER 151).

fadia *s.f.* Fada (*Un día saudóu en verso á fadia que estaba soia nun outeiro* TES 78).

fadiga *s.f.* Fatiga (*entraban un no outro en pleamar despindo o intre da fadiga da calma* MAR 22).

fadigar *v.* Fatigar (*probarse con ausencias i ensoñamentos, fadigar o corazón en non durmir* SIN 36).

faguer *v.* Facer (*úsase pra faguer unha androlla, como a tripa máis gorda pra faguer botelos* COC 19).

faiedo *s.m.* Faial, bosque de faias (*era seu o bosque de Portela, que por derriba do camiño todo é un faiedo* FEI 50).

faio *s.m.* Faiado (*que o deiten no catre do faio novo* MER 75).

falagador *adx.* Afagador (*Halmar era ardente, improviso, falagador* HAM 27).

falcatrúa *s.f.* Travesura, trampa, enredo (*Con istes axudantes fixo moitas falcatrúas, e volvéu rico a Ourense* ESC 120).

falda *s.f.* Faldra (*pasando o río coas pernas nuas, e erguendo a falda deica a sufraxe* FEI 131).

- faldeiro** *adx.* Faldreiro («*coma unha xauría de cans faldeiros ladrando*» COC 72).
- faldellín** *s.m.* Faldra curta (*decirlle a Alba querida que erguera o faldellín, e despoixas a sobresaía* SIN 102).
- faldriqueira** *s.f.* Peto que levaban as mulleres debaixo da saia (*quén aínda os volveu a recontar denantes de gardalos na faldriqueira* MER 93).
- fallido** *adx.* Frustrado (*Confidencias de pleitos, de recomendación fallidas, e de sentencias contrarias* FEI 79).
- fanegueiro** *s.m.* Persoa que ten fama de rico por recoller moitas fanegas de gran (*iso que os Souto de Lires tiñan fama de fanegueiros* XEN 117).
- faragullo** *s.m.* Torta de ovos, fariña e outros ingredientes (*o que máis sabe dos faragulos é o atopar no bocado escondido un torrezniño* COC 150).
- fardelo** *s.m.* Fardel (*vestíndose, atando fardelos, recollendo roupa en cestos* NOI 259).
- farfáes** *s.m.* Botaporelas, fanfarróns (*Señores farfáes da boa ventura, aménzanos Deus na cabalgadura* DON 125).
- farfistaní** *adx.* Natural do Farfistán (*por saber quén sería aquel señor farfistaní que lle escribira tan comprido* SIN 96).
- farra** *s.f.* Diversión ruidosa (*¡As farras non van contra o creto!* CRO 124).
- farrapento** *adx.* Farrapeiro (*sae unha nena, unha mendiña farrapenta, que se achega pouco a pouco ó pe do poste da linterna* CRO 113).
- farrista** *adx.* Que gusta de ir de farra ou de troula (*pensaba si non se atoparía no medio duns farristas* CRO 28).
- fazulas** *s.f.* Meixelas (*Bágoas como ceireixas baixábanlle polas gordas fazulas* MER 84).
- febrento** *adx.* Que ten unha ansia febril (*Din que os febrentos do ouro ven na noite coma de día i é verdade* CRO 53).
- fecha** *s.f.* Grolo pequeno dun líquido (*E moitos pra celebralo beben unha fecha de viño xuntos* COC 86).
- feirón** *s.m.* Feira menos importante cá feira normal (*Bouso estaba en Villalba, no feirón, comendo pulpo* XEN 41).
- felicidá** *s.f.* Felicidade (*e deixouse cair nunha media soneta de felicidá* SIN 102).
- feligrés** *s.m.* Fregués (*subía ao púlpito coa bola e padricaba amosándolla aos feligreses* MER 119).
- femenino** *adx.* Feminino (*o máis belido calzado feminino do mundo* XEN 145).
- fémina** *s.f.* Muller (*que se fixeran ricos cos camiños de ferro, cando ceaban con fémimas nos reservados* COC 146).

ferreiría *s.f.* Ferrería (o fume das ferreirías do Vilar MER 12).

fervedura *s.f.* Fervor (Pélanse e férvense en auga con sal, e así que sofriron unha fervedura, límpanse ben COC 24).

fiada *s.f.* Serie de obxectos colocados en fileiras (postas as cestas en fiadas dereitas, coma sucos nos que frolece a máis rara das plantas COC 120).

fiambre *s.m.* Friame (ese nome de «pan de pernil», e que é pra sere comido fiambre COC 52).

fidel *adx.* Fiel (¿Non mandache matar por ser fidel? HAM 87).

fidelmente *adv.* Fielmente (Servíu fidelmente, e coma verdadeiro home e verdadeiro poeta TES 32).

figa *s.f.* Figura que se fai pechando a man e metendo o dedo polgar debaixo do índice (puxo o dedo do medio facendo a figa alí onde o portugués quería os luars FEI 61).

figueiredo *s.m.* Figueiral (Dicen «andu» por anduriña, e «figue» por figueiredo SIN 85).

filatación Errata por dilatación (porque deica entón ninguén estudara a filatación da pedra polo soplo dos pulmóns do home FEI 63).

filoseira *s.f.* Filoxera (onde din que houbo en tempos de antes da filoseira moita treixadura COC 159).

finchado *adx.* Inchado (¿De boa te libraches! Ibas ter un apostema finchado nos interiores, e nun descuido pasóuchese á orela FEI 51).

finismaris *s.m.* Fin do mar na tradición medieval (que estando costa abaixo como deben estar, caerían nas ferverzas do finismaris SIN 158).

finón Errata por finou (Ontes dixéronme que fai unha semán que se finón ESC 85).

fiñal *s.m.* Final (e saíalle delorido o canto poñendo por sordiña o fiñal da cántiga nova CRO 118).

fiñalmente *adv.* Finalmente (pro non hai máis nada que auga, e despoixas augas, e fiñalmente todo o mar escorre por entre das patas espiñentas do Dragón SIN 14).

fiscorno *s.m.* Instrumento musical de vento formado por un longo tubo cónico de metal (os que tocan frauta, crarinete ou oboe e fiscorno MER 68).

fisonomía *s.f.* Fisionomía (O enfermo decía os cambios que atopaba na súa fisonomía ESC 72).

fiteira *s.f.* Abertura vertical e estreita que se fai nunha parede para observar (Amoséi a cachola por unha fiteira por mirar o país voso NOI 280).

fivela *s.f.* Fibela (fixo unhas fivelas de ouro pros zapatos ESC 102).

- fixapelo** *s.m.* Preparación cosmética para asenta-lo cabelo (A Vittoria peiteaba ao Louzao cun fixapelo que cheiraba a fresa XEN 30).
- flamear** *v.* Flamexar (*e nas perdices ó espeto, flameadas con coñac* ESC 143).
- flanqueo** *s.m.* Acción de flanquear (*pro o Lourido dominaba o arte do flanqueo* FEI 74).
- flaque** *adx.* Fraco (*iba un coengo de Braga, flaque e estirado* FEI 83).
- flato** *s.m.* Acumulación de gases no estómago ou no intestino (*Polido curaba o flato cunha herba segreda* XEN 64).
- flauta** *s.f.* Frauta (*Doulla a Felpeto a ver si tiraba algún sonido da flauta, pro a flauta, por muito que sopraba Felpeto, estaba calada* FEI 63).
- flema** *s.f.* Flegma (*Tamén usaba moito do calor pra poñer estantes as flemas do fígado* ESC 88).
- flemón** *s.m.* Flegmón (*tiña unha moa averiada e doíalle i hastra tiña algo de flemón* ESC 108).
- flequillo** *s.m.* Porción de pelo que cae sobre a fronte (*que levaba o chapeu levantado pra deixar ver unha perrera de flequillo mui rizada* MER 24).
- floxo** *adx.* Frouxo (*Parecía que estaba floxo dentro da roupa* FEI 108).
- fluidez** *s.f.* Fluidez (*Por outra parte era o río do tempo, a fluidez da vida, a deusa que crea, protexe e destruí* TES 49).
- fogonazo** *s.m.* Chama que levanta a pólvora cando comeza a arder (*disparei con sobrecárraga. ¡Nunca se vira outro fogonazo no teatro!* FEI 163).
- folgado** *adx.* Amplo (*foi seminarista en Mondoñedo, dos de roupón folgado e beca colorada* XEN 112).
- folgado** *s.m.* Terra en barbeito (*xesteiras hastra carón das casas, hortas probes, folgados costentos nos que malmedra o centeo* ESC 138).
- folklore** *s.m.* Folclore (*i en «Mitos e folklore de Irlanda» de Jeremiah Curtin* TES 57).
- folklorista** *adx.* Folclorista (*A miña ilustre amiga Simone Morand folklorista* COC 80).
- follaca** *s.f.* Folerpa (*Hai berrugas de dúas crases: mouras i aberizas ou follacas* ESC 101).
- follaldrar** *v.* Toma-la forma da pasta chamada follaldre (*que nun fondo de molde de pasta lixeiramente follaldrada* COC 147).
- follaldre** *s.m.* Pasta que ó cocerse toma a forma de follas superpostas (*souperon facer escelentes natillas, bós mantecados, follaldre, cremas merengadas, canas e flans* COC 147).

fondal *s.m.* Parte máis baixa de algo (*As casas están no fondal do val, onda o río* XEN 129).

fontiña *s.f.* Fonte pequena (*que se puxeron a pastar seguido polos arredores da fontaña* CRO 82).

foque *s.m.* Vela triangular (*berroulle a Mostazam, quen estaba a carrancha-pernas no foque faguendo que pescaba un múxele* SIN 43).

foramuros *loc. adv.* Que está fóra dos muros dunha cidade ou vila (*púxenme á fala cun garda que había na eirexa de San Lourenzo foramuros* CRO 68).

formento *s.m.* Fermento (*Non te mistures comigo: son un formento de baixa calidá* HAM 71).

formulismo *s.m.* Tendencia a considerar as cousas máis desde un punto de vista aparente ca esencial (*Santa Ga-dea foi pra todos un mero formulismo xurídico* PAL 317).

forquetiña *s.f.* Forquita pequena (*i era mui graciosa cousa verlle pinchar os rís de ovella coa forquetiña aquela brizada* SIN 65).

forquiña *s.f.* Forcada pequena (*Ruzos, cun gallo de carballo que levaba, unha forquiña de a tres, mui afiada nas puntas, clavóu a troita* XEN 156).

foula *s.f.* Po moi fino que desprende a fariña ou espuma das ondas do mar (*están os dous pilotos mirando pró*

mar, aloumiñados póla foula quente SIN 123).

fouzaña *s.f.* Fouce para cortar silveiras (*eso que tiña unha fouzaña axeitada á súa pequenez* FEI 105).

franchipano *adx.* Que ten aroma de planta chamada franchipán ou franchipaniero (*e dun perfume novo que lle chaman «auga franchipana»* MER 42).

franciscán *adx.* Franciscano (*aumentóu en Galicia o gosto polos pequenos pimentos franciscáns, de Herbón* COC 33).

franquicia *s.f.* Franqueza (*tiña con il isa franquicia que é a cortesía do trato en sala bandeiras* CRO 87).

fraque *adx.* Fraco (*Borrallo era pequeno e fraque, i andaba sempre escurrindo* ESC 63).

frebe *s.f.* Febre (*Era mui afamado en frebes segredas* CRO 133).

frebudo *adx.* Februdo (*Hai quen lles adrenta unha mazá pequena e un to-rrezno frebudo* COC 115).

frece *s.f.* Migas de manteiga cocidas con fariña e azucre (*pasé a serán, i houbo de merenda freces con ovos* MER 50).

frenseses Errata por franceses (*¡Cómo aquí tamén estiveron o frenseses!* ESC 102).

- freno** *s.m.* Freo (*pola man dura e nervos do xinete, que lle empeñaba moito o freno* CRO 85).
- freque** *s.m.* Floco (*dixo ós que viñeron a bicarlle o freque da capa que atopara o que lle conviña* SIN 36).
- fresa** *s.f.* Amorodo (*A Vittoria peiteaba ao Louzao cun fixapelo que cheiraba a fresa* XEN 30).
- fresal** *s.m.* Amorodeira (*que estaba todo aquilo á nugalla, os canos das fontes tupidas, os fresás comestos dos coscos* MER 82).
- fresaña** *s.f.* Variedade de amorodo (*e nos bosques amorodos, -esa fresaña pequena que é a raíña das fresas-* COC 154).
- fresqueira** *s.f.* Lugar para conservar frescos algúns comestibles (*o galo íbase voando, e metíase na fresqueira, na cociña* XEN 173).
- fretar** *v.* Fregar (*que era remedio contra o reuma, e aínda servía pra fretar o peito dos catarrosos* FEI 151).
- friolento** *adx.* Friorento (*Cerdeira era un home pequeno, esmirriado, friolento, metidiño debaixo dun sombreiro mouro* XEN 119).
- frol** *s.f.* Flor (*Recollía xenciana, manzanilla, mapoulas, frol de toxo e de xesta branca* ESC 98).
- froleado** *adx.* Floreado (*Non lle vin a cara, que a tiña cuberta cunha servilleta froleada* NOI 279).
- frolear** *v.* Florear (*Pro era mui apreciado, que en paz descanse, froleando responsos* XEN 141).
- frolecer** *v.* Florecer (*da parte de abaixo había unhas cerdeiras pedresas, que frolecen precoces* XEN 125).
- froleiro** *s.m.* Floreiro (*A noiva tiña un froleiro ai amor!* CAN 15).
- frolentiño** *adx.* Florentino (*cando saíu do ceador un home outo, vestido á frolentiña* MER 82).
- froleo** *s.m.* Floreo (*Cando o bombardino cantaba o froleo de remate* CRO 94).
- frolido** *adx.* Florido (*¿Hei chorar agora mesmo aquí ó meu xardín frolido* SIN 55).
- fror** *s.f.* Flor (*i a mais pequeniña fror que nasce en abril* CRO10).
- froresta** *s.f.* Flora (*no reino de Dinamarca que é unha froresta salvaxe* HAM 13).
- fros** *s.m.* Vestidos. Ombros (*Os teus brancos fros voarían coma pombas no serán* DON 129).
- frotar** *v.* Fregar, cofar (*As nais traguían os fillos raquíuticos ou que non medra-*

ban, e frotaban as suas cacholiñas contra a orela de Antón FEI 52).

frugador *adx.* Que gozan facendo ruído (*Arrodea á parexa real. Coma vésporas frugadoras* HAM 84).

frutal *s.m.* Árbore froiteira (*en toda Lousadela somentes vese un frutal* XEN 72).

fruto *s.m.* Froito (*Agora, na palma da ágoa, da sombra o fruto do instantiño aquel* MAR 14).

fuciñar *v.* Afociñar (*O corvo, patas arriba, non se movía. A cocha fuciñou nel* XEN 50).

fulán *s.m.* Fulano (*a envexa que lle temos a Fulán ou Mengán* ESC 72).

fúlgora *s.f.* Fulguración (*Dinlle un couce á linterna, e funme ós dous coma unha fúlgora* CRO 53).

funámbolo *s.m.* Funámbulo (*pra que eu marque o paso por derriba, coma funámbolo napolitán no aramio* CRO 55).

funerial *s.m.* Funeral (*a vella costume de enterrar ós nosos mortos. Dispón un froleado funerial* HAM 88).

furriel *s.m.* Cabo do exército que ten diversas funcións e servicios (*estaba ocupado co fillo dun sarxento ou do cabo furriel* FEI 25).

furtañelo *s.m.* Ladrón (*pro seguía, decían, sendo o patrón dos bulsilleiros, furtañelos, bidone, e demais especiais da caqueiría romá* CRO 68).

furuncho *s.m.* Furúnculo (*apoupan a carne dos mariñeiros e carréganse todos de furunchos* SIN 116).

fusileiro *adx.* Que é dun fusil (*pero non era senón o buraco que me fixera unha bala fusileira no patio de Sedán* CRO 57).

fusquenlle, fusquenllo *adx.* Fusco, escuro, oculto (*anque o xardín de Mortagne é fusquenlle* CRO 118... ; *i uns enanos que tiña por criados, e que viñeran fusquenllos polos camiños á Cidade Eterna* TES 57).

G

- gadete** *s.m.* Cadete (*pra iralles a mercar un neto de viño ou un xerro de cerzeza ós gadetes da garda da Torre da Boutre HAM 10*).
- gaélico** *s.m.* Persoa falante dunha lingua céltica de Irlanda e Escocia (*A crer ós gaélicos o xaxún parez indispensable TES 78*).
- gafas** *s.f.* Lentes con enganches tralas orellas (*vía ben, gracias a unhas gafas que lle recetara Gasalla en Lugo XEN 78*).
- galán** *s.m.* Home de boa figura (*Tras muito baile e canto, o galán caía de xonllos FEI 162*).
- galano** *s.m.* Regalo, agasallo (*doulle a Segundo de galano un reló de plata FEI 43*).
- galante** *adx.* Obsequioso (*Un amigo meu, moi galante coc 146*).
- galanura** *s.f.* Gracia, donaire (*con il portábanse coma si foron lendo o bre-lante da galanura CRO 86*).
- galé** *s.f.* Galera (*esceas das fazañas de don Quijote: os muíños de vento, os forzados da galé MER 74*).
- galeador** *adx.* Que actúa soberbiamente coma un galo (*Balbina cos desaires que lle facía o galeador, envellecía FEI 145*).
- galeiría** *s.f.* Galería (*Choraban os anxos verdes ai amor! nas galeirías CAN 16*).
- galiño** *s.m.* Galo (*Ficou soio o irmán, un galiño xa mui posto, a crista mui roxa FEI 78*).
- galoneado** *adx.* Enfeitado de galóns (*cuberta a cabeza cunha birreta mui galoneada en ouro FEI 68*).
- gallo de, co** *loc. prep.* Con motivo de (*e co gallo de servir coleime na cámara MER 100*).
- gallope** *s.m.* Galope (*e naquel intre mesmo saíu a gallope no seu baio polo camiño de Belvís MER 40*).
- gambito** *s.m.* Lance do xogo do xadrez (*no único que non se lle acae, que é o xadrez, e quer adeprender o gambito de Federico Sicilian SIN 90*).
- gambrina** *s.f.* Fame (*mestre Flute falar non falaría, pro traguía a gambrina atrasada, que recuncóu da enfaragu-llada MER 75*).

gándara *s.f.* Terreo con moita pedra ou area, sen cultivar (*i en chegar á aberta camposa de Miranda, ás longas gándaras, ás terras de folgado* MER 12).

garantizado *adx.* Garantido (*Louro sospeitaba que a propiedade en Galicia estaba mal garantizada* FEI 33).

gardachaves *s.m.* Persoa encargada de garda-las chaves (*alí había un gardachaves que era turco* SIN 144).

gardapostas *s.m.* Persoa que gardaba a posta, lugar onde paraban as dilixencias (*Pro aquela mañán non estaba o cabalo arrendado á porta, nin Cuvet, o gardapostas* CRO 21).

garlines *adx.* Dise dos lobos que non temen nada (*A historia é que un lobo vello, dos que chaman por alá «garlines», porque non deixan nunca a ronda dos lugares i aldeas* MER 61).

garnir *v.* Guarnecer (*As fabas non se levaban na cociña galega pra garnir, nin se fan fabadas como as dos asturiáns* COC 37).

garrafiña *s.f.* Garrafa pequena (*ao que tiña que convidar sempre cunha garrafiña de augardente de Soutomaior* FEI-83).

garzoniño *s.m.* Bebé (*o primeiro que véu foi a miña irmá Ana Eloísa dándolle de mamar ó garzoniño que parira dil* CRO 46).

gasallado *adx.* Agasallado (*Pro eu non sacába de min a Pierre Labaule, e ni verme rica, señora e gasallada mo facía esquecer* CRO 47).

gasallar *v.* Agasallar (*Tamén gasallou a Primo cunha corbata co retrato de Machado* XEN 43).

gasalleiro *adx.* Agarimoso (*I a madame de Saint-Vaast amosábaselle gasalleira e ridoira* CRO 87).

gasallo *s.m.* Agasallo (*viña da igrexa de Quintás de levarlle ao señor cura un gasallo de troitas* MER 43).

gatipetro *s.m.* Tipo de gato (*O gatipetro é un gato branco que ten na cachola un corno mouro* ESC 115).

gavilán *s.m.* Gabián, ave de rapina (*eres en verdade o príncipe real, o nobre herdeiro de Dinamarca, o gavilán de Elsinor* HAM 29).

gazní *s.m.* Natural de Gazna (*e mandou un heraldo aos gaznís dándolles horas pra derrubar as portas da cidade* MER 33).

gestatoria *s.f.* Silla xestatoria na que se leva ó Papa (*O vello non decía ren, pro eu ben vía que se iba a enselar na gestatoria e porse de tiara* CRO 69).

golem *s.m.* Palabra secreta dun tesouro (*As palabras a misturar co nome de Iavé pra faguer un «golem» son setenta e sete* TES 69).

goliardo *adx.* Que fai a vida libre dos monxes medievais chamados goliardos (*pescozolongos, xogador de bolos, i un tipo amurriado, pese á figura goliarda* ESC 69).

goloso *adx.* Que gusta de manxares exquisitos (*porque na miña casa sempre se foi goloso do millor, tanto en vianda coma en peixe* CRO 49).

golpe *s.m.* Raposo (*O señor Cordal tenme dito que o golpe é o animal máis antigo no país noso* ESC 112).

gómito *s.m.* Vómito (*e púxoselle a bilis negra e melancólica, ofrecéronselles dous gómitos, e finouse* CRO 66).

gonfaloniero *s.m.* Gonfaloneiro, abandeirado (*pois iba a facer o papel de gonfaloniero* CRO 104).

gorgolar *v.* Gorgolexar. Tragar facendo ruído (*cando chegan frescas do mar e se lles escoita gorgolar respirando na tina en que se botaron...* COC 67).

gorgoritar *v.* Facer gorgoritos ou rúidos cando se canta (*abrancúxanlles as crestas, perden o canto, gorgoritan en vez de cantar* COC 117).

goto *s.m.* Sorbo, grollo (*Voulle buscar un goto de auga fresca* NOI 272).

gourmet *s.m.* Amante da boa cociña (*por disquisicións que grandes «gourmets» teñen feito sober de platos* COC 46).

grabo *s.m.* Grosor (*I agora nós pensá-bamos amoedar ise grabo de ouro se-gredo* MER 103).

graciosamente *adv.* Graciosamente (*Xira lenta e graciosamente erguendo a man dreita por tras da cabeza* HAM 55).

graciosidá *s.f.* Graciosidade, beleza (*que si mengana era unha graciosidá de tetiñas levantadas* SIN 34).

grado *s.m.* Grao (*unha monxa que fora súa tía en noveno grado* CRO 51).

granizo *s.m.* Sarabia (*e deixouse estar, golpeado polo granizo deica pasou a tormenta* FEI 152).

grasento, graso *adx.* Graxento (*Pro a boa tripa é esa un pouco grasenta do porco galego* COC 19; *trae pousado un fez colorado, distinguido pólo graso sudor* SIN 92).

gratín *s.m.* Guiso empanado (*o gratín de mexilóns do Penthièvre* COC 74).

gratinar *v.* Facer gratín (*O besugo frítese, gratínase, guísase* COC 101).

grau *s.m.* Gran (*Os suizos non deixarán un grau de trigo no mundo!* CRO 107).

gravedá *s.f.* Gravidade (*Sinbad é alto, afeitado, e ten andar de moita gravedá* SIN 25).

grillé *adx.* Feito na grella (*Coido que é á parrilla, «grillé», como o salmón dá millor o seu sabor* COC 92).

griller *v.* Facer unha comida na grella (*Dende hai uns anos, saben en Galicia «griller» unha langosta coc 81*).

gritador *adx.* Que grita (*coma adprende o cervo na fraga cos cás gritadores no rastro CRO 30*).

groló *s.m.* Sorbo, trago (*e pide un groló de viño coc 33*).

groló *s.m.* Ruído que fai o galo (*quen deu uns paseos pola eira, seguido do galo, que iba faguendo groló, groló XEN 99*).

groria *s.f.* Gloria (*¡Qué os tempos pasados eran groria! SIN 108*).

grorioso *adx.* Glorioso (*Ti, Hamlet, eras un anxo grorioso HAM 79*).

grovio *s.m.* Habitante da antigüidade nas Rías Baixas (*Unha centola das que entran nunha nasa dos grovios coc 76*).

grupa *s.f.* Anca das cabalerías (*e Du Crann levaba o can á grupa CRO 92*).

guardarroupa *s.m.* Gardarroupa (*Pasara corenta anos de doncela de guardarroupa FEI 26*).

gueivota *s.f.* Gaiyota (*As gueivotas fuxiron da praia por vergoña de non saber mollar os pes nas ondas HAM 36*).

guindilla *s.f.* Pemento picante (*coma os «agujados» e as guindillas de pico de Rioja e Navarra coc 34*).

guiñar *v.* Choscar (*choiaba a miña irmá guiñándolle o ollo CRO 45*).

guirlanda *s.f.* Guirnalda (*ese pra quén guirlandas de camelias se trezan silandeiras nos quenlles do serán HER 145*).

guisante *s.m.* Chícharo (*coas patacas novas, as ceboletas e os guisantes da terra coc 100*).

gules *s.m.* Cor vermella heráldica (*Por armas levan, pintan e poñen un corno de caza sinople en campo de gules CRO 130*).

H

habanero *adx.* Habaneiro, natural da Habana (*na que houbo xeadado de chocolate de postre, por consello da tía habanera* FEI 20).

habenza *s.f.* Gando miúdo (*entráballe febre postema á habenza* CRO 96).

hamletían, hamletiano *adx.* Que se refire a Hamlet (*as dúbidas de Alfonso, quen puído ser, nun intre dado, un personaxe hamletían* PAL 317; *por decilo de algunha maneira, uns supostos hamletianos* HAM 9)

hasta, hastra 1. *prep.* Ata (*onde había máis castelos de táboas, e que repousaran hasta a noitiña* SIN 143; *Estiven na portalada hastra mais das dez da noite* MER 45). 2. *adv.* Mesmo, incluso (*Eu tiña, en verdade, a aquíl David nomeado por meu defensor, i hasta lle rezaba* MER 14; *Escritureille o que quixo, i hastra lle puxen paga pra aquelas quendas* CRO 67).

heraldo *s.m.* Mensaxeiro (*e mandóu un heraldo aos gzníes dándolles horas pra derrubar as portas da cidade* MER 33).

herbeiro *adx.* Que ten ou produce herba (*e caíu o seu escondite na saída dun río mui herbeiro* SIN 159).

herborizar *v.* Coller plantas para estudias (*e poderíase neles, un botánico de desperto paladar v.gr., herborizar* CRO 140).

herencia *s.f.* Herdanza (*Veu a recoller a herencia acompañada do seu pretendente* ESC 126).

hervella *s.f.* Ervella, chícharo (*Os pichóns guísanse con hervellas e patacas novas en maio e por San Xoán* CRO 115).

hesitar *v.* Dubidar (*Debéu de erguer a copa sin hesitar, sin un tremor* HAM 32).

hipada *s.f.*, **hipo** *s.m.* Salouco (*E Abdalá pasou da voz de mando a unha longa chorada con hipadas* SIN 139; *co picante da salsa entrólle un hipo que non o deixou nun mes* XEN 144).

hokey *s.m.* Hockey (*foi ver a Mughá, que estaba xogando nun campo ó hokey* TES 74).

hola *interx.* Expresión de saúdo (*¡Boas horas pra meu señor! ¡Hola a todos os de Italia!* HAM 71).

hollaldrar *v.* Facer milfollas (*En moitas vilas galegas sábense facer moi bos pastelóns, hollaldrada a masa* coc 60).

hom *interx.* Ho, para chama-la atención (*Durmes mal, hom! Tes que durmir sin almofada* ESC 58).

hombreira *s.f.* Ombreira (*traxe derriba do que leva, tendéndoo sóber do corpo, suxetándoo polas hombreiras* NOI 301).

hombreiro *s.m.* Ombreiro (*O cabalo merendou, e pasou a sua cabeza por derriba do hombreiro dereito do amo* FEI 11).

homelobo *s.m.* Lobishome, home que se volve lobo (*Era homelobo i aforcouse na carballeira de Dueñas* MER 144).

homildade *s.f.* Humildade (*Así conto coa homildade precisa* coc 124).

homilde, homildoso *adx.* Humilde (*unha cociña homilde* coc 10; *Sinbad vendo tan homildoso e calado a Sari...* SIN 84).

horamá *s.f.* Maleficio (*Por don Merlín non pasaban anos, e disto queixábase coma dunha horamá* MER 18).

hortelán *s.m.* Planta medicinal (*e faille ben un salpicado de zugo de limón, e aínda unhas follañas de hortelán e outras de loureiro* coc 21).

hortello, horticelo *s.m.* Horto pequeno (*Abdalá saúu lavar os pés nun pilón no hortello do serrallo* SIN 134; *xúntanse nun aberto, e fan unha veiga de prados e horticelos* SIN 21).

hospedería *s.f.* Casa de hóspedes (*non lle disgustaría sabelo a San Xiraldó d'Aurillac, cuío nome leva a Hospedería de Stª Mª do Cebreiro* coc 132).

hourizante *s.m.* Horizonte (*navíos que percuran o pulo das brisas nos estreitos, e na colma do hourizante* HAM 21).

humán *adx.* Humano (*Tódalas doencias teñen un nome humán, que os médicos non saben* ESC 73).

humanal *s.m.* Ser humano (*chegóu a poder asegurar que o xastre non era do país, nin quizaves un humanal corrente* XEN 53).

humedade *s.f.* Humidade (*O médico dixo que era cousa do frío e da humedade* FEI 109).

húmido *adx.* Húmido (*Convén pra unha boa salazón días fríos e húmedos, millor que tempo de xeadas* coc 15).

humidá *s.f.* Humidade (*aínda que dende que chegóu a Dinan non paraba de sofocos, polo vicio de humidá da vila* CRO 100).

humildá *s.f.* Humildade, modestia (*é un home que sería famoso senón fora póla humidá que trae pólo mundo* SIN 89).

humildoso *adx.* Humilde (*cando pillaba unha que solpendría a doña Ginebra ou a mi amo, sorría humildoso* MER 68).

humorado *adx.* Que ten bo humor (*Da caleira chegaba o fidalgo de Quelven, e viña mui humorado* CRO 78).

I

I

ialba *s.f.* Alba (*na cinta de luz da ialba* MER 37).

ialma *s.f.* Alma (*Tamén o mar, hoxe, ten a ialma chea de madurez* MAR 21).

iauga *s.f.* Auga (*Don Merlín botóu un responso a iauga* MER 113).

idá *s.f.* Idade (*A señoría era dun meu tío que ó chegar ós vinte anos de idá píxo-selle na espiña unha doencia* SIN 49).

iema *s.f.* Xema, parte do ovo de cor amarela (*i o ovo, por dedrento, estaba valeiro de crara e iema* ESC 138).

igoailto Errata por igoalito (*Igoailto que un reló!* XEN 160.)

igoal *adx.* Igual, da mesma maneira (*Era un mozo destemido, que se namoraba igoal nas pousadas que nos castelos ou no teatro* CRO 131).

igoalado *adx.* Posto ó mesmo nivel (*cousa que soio pode faguer il que tén igoalados tódolos camelleiros das estepas* SIN 97).

igoaldade *s.f.* Igualdade (*en igoaldade de saber de contas* SIN 30).

igoalito *adv.* Igualmente (*Eu, don Alvaro, houbérame casada igoalito con María* XEN 152).

igresario *s.m.* Igrexario, terras pertencentes a unha igrexa (*tódalas terras do igresario das Goás* MER 139).

igresia *s.f.* Igrexa (*que había que axoellarse como na igresia* CRO 100).

igualito *adv.* Da mesma maneira (*Tódolos chufós somos igualito -comentóu o escribano* CRO 66).

illada *s.f.* Illarga, cavidade do corpo entre o remate das costelas e os cadrís (*Na illada terá unha pedra ou dúas* ESC 73).

illó *s.m.* Illote (*Xa pasamos o illó dos Buzardos, dixo Abdalá* SIN 84).

imenso *adx.* Inmenso (*que teñen unha torre dende onde fan en imensas alfombras o arbore das estrelas* MER 33).

impersonal *adx.* Impersoal (*o terror da destrucción absoluta con unha seguridade impersonal, pro materna* TES 49).

- improvisto** *adx.* Imprevisto, imprevisible (*Halmar era ardente, improvisto, falagador* HAM 27).
- inacabábel, inacababre** *adx.* Inacabable (*Finamentos tristes desconsolado ouvido inacabábel somos* DON 121; *foise polos corredores, polos longos, inacababres corredores* HAM 37).
- inatopable** *adx.* Que non se pode atopar (*coma un tesouro inatopable* XEN 10).
- incensairo** *s.m.* Incensario, botafumeiro (*i o monaguillo a botar incenso no incensairo i a incensar o áer* MER 72).
- incomenencia** *s.f.* Inconveniencia (*o traballo de Anxeliña non deixa de ter as suas incomenencias* FEI 106).
- incomeñente** *s.m.* Inconveniente (*tirou coa pamela, e non tivo incomeñente en amosar a cachola calva* SIN 28).
- incomodo** *s.m.* Incomodidade (*Que toque a ver si me esquezo do incomodo en que estou* CRO 81).
- incomparabre** *adx.* Incomparable (*o coiro acadara unha suavidade incomparabre* XEN 124).
- incrinarse** *pr.* Inclinarsse (*A infanta ér-guese, séntase, sae a incrinarse entre as ameas* PAL 323).
- incruido** *adx.* Incluído (*Tódo los tesouros do mundo, incruídos os de Roma, déronlle a razón* TES 65).
- incrusive** *adv.* Incluso (*Peteiraba na fiestra do dormitorio, e incrusive botóuse aos ollos da súa viuda* XEN 68).
- incruso** *adv.* Mesmo, tamén (*Cun pouco de sorte, incruso podería morrer de dardo nunha escampada* HAM 76).
- incumprible** *adx.* De difícil cumprimento ou que non se pode cumprir (*sin apetito, salvo algúns súpetos antoxos -os máis incumpribles, coma pedir en xaneiro, e con neve, que lle trouxeran unhas cereixas* XEN 160).
- indeclinábel** *adx.* Indeclinable (*as ameixas a madurecer o seu verde entre a palla indeclinábel dos seus cabelos* POE 79).
- indispensabre** *adx.* Indispensable, necesario (*A crer ós gaélicos o xaxún parez indispensabre* TES 78).
- indoloro** *adx.* Que non dá dor (*O verdugo explicoulla, e logo a sua invención, insistindo en que era indolora pra o penado* FEI 18).
- indostaní** *adx.* Natural do Indostán (*un piloto de Doncola que adprendeou dos indostanís a durmir de pé* SIN 32).
- indudabre** *adx.* Indubidable, indiscutible (*Ezra Pound admiraba coma algo de indudabre poética calidade* COC 34).
- inesquencibre** *adx.* Inesquecible, que non se esquece (*Viño escasamente graduado e betanceiro, nos bons anos ten unha gracia inesquencibre* COC 160).

inevitábel *adx.* Inevitable, obrigatorio (*Agora estás inevitábel morto* DON 120).

infalíbel *adx.* Infalible, seguro (*sabemos que un rito ou un sacrificio reitamente cumprido é infalíbel* TES 65).

infantilidá *s.f.* Infantilismo, inxenuidade (*Do que eu sei das fadas galegas é que son seres dunha leda infantilidá* TES 50).

inflamo *s.m.* Inflamación (*ó chegar ós vinte anos de idá púxoselle na espiña unha doencia con inflamo* SIN 49).

influxivel *adx.* Eterno, duradeiro (*Influxivel noivado estelar de cereixas, amante de cristais* POE 94).

ingrés *adx.* Inglés (*consolada dun amante inglés que tiña* CRO 42).

iniección *s.f.* Inxección, fluído que se inxecta (*Por consello do pai adeprende a por inieccións* FEI 60).

inmóvel *adx.* Inmóbil, que permanece sen moverse (*Eiqué -entre a corda rota e inmóvel das horas- párase cristaiña a roda da noite* MAR 18).

inquedanza *s.f.* Inquietude, preocupación (*a fogaza de mouro centeo cáse que enteira, que coa inquedanza da «pomposa» nin poidera comer* ESC 84).

inquedar *v.* Inquietar, pór inqueda (*Si se convencen de que non están afrixoados, entón inquédanse, anímanse* ESC 65).

inquerir *v.* Inquirir, investigar, preguntar (*Eu fun mui tentado, dende rapacete, a inquerir sober tesouros* TES 36).

insacular *v.* Meter nun saco (*Pra insacular iste tesouro, púxenme á fala cun garda* CRO 68).

insono *s.m.* Insomnio (*un príncipe que non esté mergullado no corazón dun crime, nun vaso de insono, envolvemento nunha capa de medo* HAM 30).

inteiro *adx.* Enteiro (*tiña que estudar unha semán inteira* TES 55).

inteleitual *adx.* Intelectual (*Istas páxinas son coma unha preparación inteleitual pra o diálogo* TES 29).

intemperio, ó *loc. adv.* Á intemperie, ó aire libre (*que iste mal lle viña de andar na dilixencia de Mortain tantos anos ó intemperio* CRO 75).

interdictio *s.f.* Interdicción, privación dos dereitos civís (*E xa tiña eu adeprendido a interdictio i a vinculatio* CRO 50).

interdito *s.m.* Interdicto, prohibición (*Inventaba servidumes, herencias, interditos, soio por discutir cos letrados* XEN 36).

interfeuto *s.m.* A persoa de quen se fala (*poñía no escaparate os pes de escaiola do interfeuto, con callos e sin callos* XEN 150).

- interrumpir** v. Interromper (*e cada sete anos, pra interrumpir a posesión, os pilotos temos que ensaiar que chegamos a Babarón* SIN 160).
- intimidá** s.f. Intimidade (*E foi habendo entre nós máis intimidá, e muito agarimo* SIN 118).
- invernía** s.f. Invernada, inverno rigoroso (*A poente, vese a serra, azul, e na invernía, branca de neve* ESC 154).
- invisible** adx. Invisible (*coa capiña aquela faguíame invisible* CRO 75).
- inxel** adx. Sinxelo, inocente (*Ela tiña unha alma inxel chea de pontas de dedos* POE 81).
- inxeneiro** s.m. Enxeñeiro (*interpretadas por un inxeñeiro francés que se apelidaba Fournier* XEN 142).
- inxiridor** s.m. Persoa que introduce cousas na boca (*pra que testimoñaran a tempo que eu era Gamal, o manso inxiridor* SIN 56).
- inxirolar** v. Inxerir (*o licor de quina que xa viña inxirolando* MER 121).
- iñocencia** s.f. Inocencia (*Sari vólvese sorrindo, e con malicia e con iñocencia a un tempo* SIN 94).
- iñocente** adx. Inocente (*Colleume tan de novas e iñocente aquel paso, que non soupen máis que calar* CRO 46).
- iñorancia** s.f. Ignorancia (*díxome o señor Felipe falándome en castelán e perdoándome a miña iñorancia* XEN 107).
- irmanciño** s.m. Irmán pequeno (*un irmanciño que tiña que estaba con febres repentinas* MER 36).
- irrefutábel** adx. Irrefutable (*Romeo cando lle está decindo no balcón a Xulieta as docísimas irrefutábeles verbas* COC 130).
- irreprochábel** adx. Irreprochable (*Somos unha estrana almaciga pola que navegan soterraños irreprochábeles vermes* HAM 21).
- isa** pron. Esa (*Ergue isa nobre testa, tan querida de meu* HAM 30).
- ise** pron. Ese (*Ise viaxe soio sabería eu coma facelo!* XEN 18).
- isolado** adx. Illado (*Amiga, meu corazón que pide rosas, laranxas pide i é isolado reiseñor* HAM 36).
- ispir** v. Espir (*namentras na caleira se ispe o finado señor fidalgo de Quelven* CRO 34).
- íspero** adx. Que é enfermizo (*Sacaba a «sombra íspera» ós tolos* ESC 87).
- íspido** adx. Sen vexetación (*Era de Santalla de Oscos, onde é a temerosa gorxa entre íspidas cumes* ESC 71).
- ísta** pron. Esta (*Lah berróu pola fada i en anoitecendo ísta comparecéu e dóulle a Lah o anelo* TES 47).

istante *s.m.* Instante (*Debes rir a callón nos istantes máis dificultosos* HAM 69).

íste *pron.* Este (*Os irmáns de Bulrd fixéronlle a íste sete perguntas* TES 51).

italián *adx.* Italiano (*O italián quítase o borsalino gris pérola* XEN 85).

J

jaima *s.f.* Tenda de campaña (?) (*Cando a cantaban nas jaimas do sur os guerreiros do norte soñaban coas súas mulleres e fuxían* HER 144).

jaqueca *s.f.* Dor de cabeza (*dun parche que había que poñerlle na caluga cando lle viña a jaqueca sabatina* CRO 24).

jázaro *adx.* Natural de Arxel (*I o espello*

mercouno Alsir na feira de Tilsit a un xudeo jázaro MER 90).

jedive *s.m.* Título que se daba ó virrei de Exipto (*Hastra o médico inglés do jedive de Exipto foi apalado ben apalado* MER 88).

jeque *s.m.* Entre os musulmáns, persoa que goberna un territorio ou provincia (*pro dende aquela ficou algo fraque o jeque Rufás* MER 88).

K

kalendas *s.f.* O primeiro día do mes do calendario latino (*Aproveitaba as Quendas -as kalendas de Maio-, pra cortarse o pelo* XEN 66).

kikirikí *s.m.* Canto do galo (*¡Kikirikí!*,

berroulle aos tres capós que estaban engordando nas capoeiras MER 75).

kilo *s.m.* Quilo (*Choróu, iso sí, e perdéu oito kilos* XEN 65).

L

laberca *s.f.* Laverca, cotovía (*paxaros en bandos a beber, e veñen por naciós de labercas, oureoles, anduriñas, xilgaros e rulas* SIM 16).

laberinto *s.m.* Labirinto (*houbo grandes naufraxiós e perdéronse navíos no laberinto do mar* SIM 75).

laboura *s.f.* Labor (*Somentes axudaba nunha laboura, que era na sega da herba seca* ESC 98).

labradío *adx.* Dise da terra que se dedica ó cultivo (*bosques e fragas perto de terras labradías* COC 127).

labradío *s.m.* Terra cultivada (*Cordal fixo todo o que puido, indo tres noites ós labradíos* ESC 99).

labrantío *adx.* Dise da terra que se dedica ó cultivo (*A terra labrantía bebía dicima non podía mais* SIM 120).

labrantío *s.m.* Terra cultivada (*en dous días deixamos atrais os labrantíos i os estanques e chegamos ao deserto* MER 37).

labre *s.m.* Labio (*das oraciós nos labres* TES 33).

ladeo *s.m.* Movemento cara ós lados (*poñer o embezo de babeiro, baixando a cabeza sin ladeo* CRO 100).

lady *s.f.* En inglés, forma respectuosa de referirse a unha muller (*Inglaterra, a onde querían levar a lady Tear a casar* MER 149).

lagoento *adx.* Que ten lagoas (*e complacéndose somentes nos bosques, nas fragas lagoentas* COC 123).

lamadego *adx.* Lamacento (*as craras augas de noutrora eran agora lamadegas e pardentas* SIM 113).

lamagueiro *s.m.* Lugar onde se acumula moita lama (*métese por entre os lamagueiros hastra onde dicen Pontigo* MER 12).

lámpara *s.f.* Lámpada (*nun ferro [...] e que debía ter sido o da lámpara maior* CRO 41).

lamparilla, lampariña *s.f.* Lámpada pequena (*igoal que o aceite i a iauga no vaso da lamparilla* MER 121; *estando a neta Edivixis de garda, alumándose cunha lampariña de aceite* FEI 121).

- lanar** *adx.* Que ten la (*e o lanar lévano como dicen por alí a quendas* XEN 72).
- lanceta** *s.f.* Instrumento cirúrxico para facer pequenos cortes (*Usaba lanceta toledana, que é mui dura* CRO 71).
- landa** *s.f.* Extensión de terra cha onde só hai plantas silvestres (*disfrazado de lobo saíalles ás pastoras nas landas do Aule* CRO 135).
- langostino** *s.m.* Cigala (*en moitos lugares chámasselas langostinos ás cigalas* CRO 68).
- langostiño** *s.m.* Tipo de crustáceo (*xa papamos croques de Escocia, polvo de Escocia, langostiños de Mozambique* CRO 65).
- languidez** *s.f.* Languidez (*as magras de xamón de Parma, á vista, dábanlle languidez* CRO 53).
- lanudo** *adx.* Lanoso, co corpo cuberto de la (*un can, o canciño Napoleón. Era un lanudo branco* FEI 27).
- lañado** *adx.* Dise do peixe aberto sen tripas e sen cabeza (*e sardiñas guisadas, e tamén como dicen lañadas* CRO 106).
- larada** *s.f.* Camada de animais, especialmente de pitos (*A choca castelán era mui sosegada e criou mui ben a larada* FEI 143).
- laranxo** *s.m.* Laranxeira (*levaba nos petos unhas cantas laranxas dun laranxo que tiña na horta* FEI 56).
- lardo** *s.m.* Graxa que cría o porco debaixo da pel, en particular a do xamón (*vai ao pote en Martes Lardeiro, co demáis porco e o lardo que lle dá nome ao día* CRO 19).
- lástima** *s.f.* Mágoa, dor (*É unha lástima que perdese a mitra e que me arroubaran o cabalo* NOI 284).
- lastra** *s.f.* Pedra grande de superficie lisa, plana na parte superior (*A carroza pasou a rodar por un chan de lastras* CRO 35).
- latincillo** *s.m.* Pequeno estudio de latín (*¡Ainda non se me esqueceu de todo o meu latincillo do Seminario!* FEI 94).
- láudano** *s.m.* Medicamento que se obtén do opio e que se usa como calmante (*iba a seguir a Roma a adprender a cencia do láudano* CRO 66).
- lavadeiro** *s.m.* Lavadoiro, pedra plana ou táboa colocada á beira dun río sobre a que se lava a roupa (*Estabamos onde a presa do muiño, nos lavadeiros sentados* XEN 25).
- lego** *s.m.* Leigo, que non ten ordes relixiosas (*Non sei quén contou que estaba de lego ou cociñeiro nun convento* ESC 142).
- legoa** *s.f.* Legua, antiga medida de distancia que equivale aproximadamente a cinco quilómetros (*E cando xa non falta unha legoa pra que as augas do río cheguen ó mar* SIM 21).

- leición** *s.f.* Lección (*soltábame unha leición sober Colón i o descubrimento de América* ESC 142).
- leirón** *s.m.* Rato silvestre (*Si matas un leirón, daslle o queixo ao outro leirón* PAL 324).
- leirondo** *adx.* Limpo (*e non tivo incomedente en amosar a cachola calva, monda e leironda* SIM 28).
- leitego** *adx.* Que ten moito leite (*I é verdade, pra quen lle gosten os queixos leitegos* coc 135).
- leitiño** *s.m.* Leito pequeno (*pro eu, na miña cámara, no meu leitiño [...] adormezo sorrindo* SIM 91).
- leituário** *s.m.* Electuario, preparación de drogas farmacéuticas (*verqueulle na boquiña tres gotas de ruda, e por un serpentín un leituário de diacitrón* MER 78).
- leitura** *s.f.* Lectura (*E dende logo por máxica leitura, que a tal curandeira mayor non sabe lér* ESC 80).
- leixar** *v.* Deixar (*Léixanas os ventos i as noites polos innúmeros camiños* CRO 9).
- leme** *s.m.* Temón que goberna unha embarcación (*Sari deixara o leme, i axo-enllábase, que era un costume que tiña, diante de Sinbad* SIM 83).
- lengua** *s.f.* Lingua (*e lambía os beizos coa punta da lingua* SIM 47).
- lenguado** *s.m.* Linguado (*O linguado cómese fritido ou á plancha* coc 100).
- lentexa** *s.f.* Lentella (*todos os días lle daba parte do seu pan, e o rancho, cando tocaban lentexas con touciño* XEN 143).
- lentexuela** *s.f.* Chapa brillante para adornar pezas de vestir (*Unha monteira forrada e con cinta de lentexuela* XEN 28).
- lentor** *s.m.* Humidade (*i ela apousa e medra no lentor da area* SIM 22).
- lesna** *s.f.* Subela, instrumento agudo de metal con mango de madeira para facer furados (*Un zapateiro pequeno e xaro, e picado das vixigas, mui armado de lesna* SIM 62).
- letanía** *s.f.* Ladaíña, conxunto de oracións que se reza á Virxe e ós santos (*Abriunos e pechounos, decindo non sei que letanías* MER 28).
- leutuário** *s.m.* Electuario, preparación de drogas farmacéuticas (*En tempos facíase alí un leutuário de laranxa de moita sona* MER 137).
- levadeiro** *adx.* Fácil de soportar (*Varios homes, variados asegún o pedido da carne, serían máis levadeiros* HAM 67).
- levantío** *adx.* Dise do vento que sopra do Levante (*naquel mar hai o risco de grandes ventos levantíos* SIM 115).
- levantisco** *adx.* Que é dalgún lugar do Levante (*as outras teas gástanse, pro o*

mendo marelo, que é satinado levantisco, nin se roza nin se perde SIM 70).

levián *adx.* Livián, lixeiro (*Son moi serios estes viños chantadinos, cun corpo levián e soave* coc 157).

liberdado *adx.* Liberado (*Ouh abril, ti liberdado dos vermes e dos ósos dos ouvidos* HER 179).

libreiría *s.f.* Librería (*víu nun escaparate dunha libreiría, na praza, un libriño escrito por un crego* ESC 142).

libreza *s.f.* Liberdade (*e porque poidera pasar terras e mares con libreza, apon-toume coma si fora proscrito dalí* SIM 55).

liero *adx.* (palabra dun texto medieval) Lixeiro (*Alba é, vai liero! Tal soña a laranxeira cando canta a sirea* CAN 47).

limpiar *v.* Limpar (*e quería limpiarche o chaquetón de ribetes* MER 53).

linar *adx.* Albar, branco, claro (*métoa niste saquete que levo sempre no peto do chaleque i é liño linar pérsico* SIM 103).

língua *s.f.* Lingua (*i o gordo da perrera falou mui súpeto na súa língua* MER 25).

liñarego *adx.* Relativo ó liño (*e anega as terras que noutrora foron liñaregas e agora son prados e maizáis* XEN 154).

liorta, liortada *s.f.* Enfrontamento entre dúas ou máis persoas (*e pra que non*

houbera liorta entre iles, acordaran partíla MER 36; *era dos Parciás de Úbeda, xente mui notada en paus i en liortadas nas festas* ESC 65).

lisco *s.m.* Anaco de xamón ou touciño frito (*e cando xa se engurraban os lis-cos no sartén, partíu o ovo nun prato pra batelo* ESC 138).

literato *s.m.* Persoa que se dedica a tarefas literarias (*e que me facían pasar por literato* MER 77).

llanta *s.f.* Cuberta de caucho das rodas (*Últimamente púxolles llanta pra non facer ruido* XEN 146).

lobería *s.f.* Lobada, conxunto de lobos (*Acostumaba decir que era conocido de toda a lobería* FEI 74).

logar *s.m.* Lugar (*e nalgún lugar derrete a neve* MER 134).

loiro *adx.* Louro, de cor castaña tirando a vermella (*As mozas xogan á risa no cristal loiro da carne* CAN 38).

loncha *s.f.* Lisca, anaco pequeno dunha cousa (*Hai moitos que prefiren o lacón frío, cortado en lonchas delgadas* coc 48).

lonfo Errata por longo (*Era lonfo, fra-que, mouro, miope, surtido cunha longa naris e grandes brazos* ESC 152).

longanza *s.f.* Panorama que se ve ó lonxe (*pirmeiro mira o mar cos ollos seus, o rebrilo i a longanza* SIM 107).

- longavista** *s.f.* Longa vista (*sempre sae a abrir nunha mán o mapa e na outra o anteollo de longavista* SIM 63).
- lontano, in** *loc. adv.* Ó lonxe (*Ate que te decatas de que o violín que dá o eco in lontano eres tí mesmo* HER 177).
- lontra** *s.f.* Londra, mamífero de pelo escuro e mesto que vive na beira dos ríos e que se alimenta de peixe (*Aquela mañán saíu fuxindo unha lontra da xunqueira* PAL 329).
- lontreiro** *adx.* Educado para tratar con londras (*un can lontreiro, mouro como a noite* MER 21).
- lonxano** *adx.* Que está lonxe (*e agora xa sabes por un eco lonxano en qué perdi che a vida* HER 178).
- loqueiro** *s.m.* Persoa que coida loucos (*que si o metían de loqueiro, que había vacante, que o agradecía* FEI 63).
- lorito** *s.m.* Papagaio pequeno (*trouxo un loro, un lorito real e non se falou doutra cousa* FEI 108).
- lóstrogo** *s.m.* Lóstrego, relampo (*e veu a coitela como un lóstrogo sober do pescozo do sustituto Toulet* CRO 100).
- loubar** *v.* Louvar, eloxiar (*O propio Peneireiro loubábase decindo que millores que as súas peneiras non había* FEI 157).
- loucamente** *adv.* De xeito louco (*ou atrás de tí a sombra do meu soño loucamente á tua apreixa e bica* DON 115).
- lubrigante** *s.m.* Lumbricante, crustáceo mariño (*O galego, coido eu, polo visto e ouvido, gosta máis da centola que do lubrigante, e do lubrigante que da langosta* COC 76).
- luceciña** *s.f.* Luz feble (*brincaba unha estrelada luceciña azul, talmente Venus* CRO 33).
- lucinte** *adx.* Lucente (*todo se borróu no espello, e quedóu soio, e mui lucinte, a miña faciana moura á luz da vela* MER 92).
- lumiosidade** *s.f.* Luminosidade (*A trabe de ouro, chegaría un intre, dado o esprito de orden, lumiosidade, perfeición que se lle atribuíe* TES 72).
- lumioso** *adx.* Luminoso (*prive á ialma lumiosa de tan triste sino* HAM 40).
- lus** *s.m.* Luns (*que lle tivese a caixa pra o lus seguinte, ás once da mañán* FEI 159).
- lus** *s.f.* Luz (*ben criada sopraba na linterna e mataba a mabela, vaga lus* SIM 114).
- lusitán** *adx.* Lusitano (*está beira do Miño, frente de Monção e do praderío e viñedos dos lusitáns* COC 43).
- luxa** *s.f.* Lixo, partícula de sucidade (*tódalas luxas, pois, que sober min pesan eu soio as levaréi, sin a tua axuda* DON 112).

M

machiembrado *adx.* Ensamblado (*Entón todas as pezas encaixaban, machiembradas* FEI 86).

maga *s.f.* Conxunto dos intestinos do peixe (*debe ir á parrilla enteira, con toda a súa maga ou tripa* coc 106).

magalladura *s.f.* Magulladura, lesión producida por un golpe, sen chegar a facer ferida (*as magalladuras que lle atoparon no pescozo, non foi por que eu a afguese* CRO 54).

mago *adx.* Meigo (*que parez é entre os da súa caste sinal de xente maga chamarse eisi* MER 56).

mago *s.m.* Persoa que practica a maxia (*pra non ser atopados pagáronlles ós magos do país pra que os encantasen* TES 37).

maiego *adx.* Propio do mes de maio (*os salmóns medianos que chaman maiegos* coc 92).

maiestático *adx.* Maxestático (*Gerda - Recobrada, verdadeiramente serea e maiestática-* HAM 83).

maioridá *s.f.* Maioridade, a maior parte (*Abateuse a maioridá do monzón sobre todo o país de Bolanda* SIN 113).

máisime *adv.* Máxime, principalmente (*A il, como tanto engordara, máisime de barriga e lombo, non lle servía* CRO 75).

máisimo *s.m.* Máximo, límite superior que se pode acadar (*-;qué abenzoadas señan prumas que puxeron letras-, seis de máisimo por noite* SIN 70).

maíz *s.m.* Maínzo, millo (*lendo na coñña as coplas aos da familia, que estaban esfollando o maíz* XEN 169).

maizal *s.m.* Milleira, terreo sementado de millo (*as terras que noutrora foron liñaregas e agora son prados e maizais* XEN 154).

malato *adx.* Gafo, leproso (*Foi casado con lady Tear, e finouse malato en Frolencia* MER 141).

maldecir *v.* Maldicir (*Un irmán do morto foi ó pasteiro e púxose a maldecir á fada* TES 50).

- maldiva** *adx.* Aplícase a unha corrente mariña que procede das illas Maldivas no Océano Índico (*probando unha cortiza con prumas que me servira pra medir a corrente maldiva* SIN 85).
- malencolía** *s.f.* Melancolía (*esto déralle unha malencolía graciosa de anxo ferido* POE 108).
- malencólico, malencónico** *adx.* Melancólico (*houbo un intre malencólico que chegou até as perfebas* POE 96; *Andaba eu por aquel verán facéndome o malencónico* MER 55).
- malfeizar** *v.* Botar un maleficio a través dun meigallo (*fora o tortiño quen lle malfeizara un touro que tiña* CRO 96).
- mália** *conx.* A pesar de (*non se pode ir á caridade, mália nistes tempos* MER 25).
- malino** *adx.* Maligno (*berrándolle que se deitaba con un malino adoutriñado* MER 131).
- malmedrar** *v.* Medrar con dificultade (*folgados costentos nos que malmedra o centeo* ESC 138).
- malollo** *s.m.* Mal de ollo (*sementaba no país perdas á manchea, malollos, estravios de cartos e de xente* CRO 96).
- maluinos** *s.m.* Habitantes das illas Malvinas (*que os Lavièbre foran piratas maluinos* XEN 144).
- malvís** *s.m.* Especie de tordo (*Tiña arte pra imitar o melro i o malvís* CRO 44).
- mamerto** *adx.* Iracundo (*A tía. Unha mamerta bébeda que de moza faguía prantos por difuntos* CRO 134).
- mamoliña** *s.f.* Caricia debaixo do queixo de alguén (*perguntarlle qué lle gostaban máis, si aqueles medos de que falaba ou as suas mamoliñas* SIN 99).
- mamoncete** *s.m.* Neno que aínda mama (*a auga entrou na habitación na que durmía o mamoncete* FEI 136).
- manciña** *s.f.* Diminutivo de man (*paraba de bordar pra rascarse o lombo cunha manciña de buxo que tiña* MER 19).
- mancorda** *s.f.* Tormento que se facía atando o reo con cordas fortemente ata que confesaba (*e pasou as custiós da auga, do lume e da mancorda* CRO 63).
- mandrágora** *s.f.* Planta da familia das solanáceas (*O señor Merlín apartou do lume a iauga de mandrágoras* MER 34).
- mangarra, á** *loc. adv.* Bruscamente, rudamente, como cunhas gadoupas (*rañábao a dúas mans, cos dous pulgares, que parece que sexa ésta a cortesía do ñañar, e non á mangarra* XEN 20).
- maniquí** *s.m.* Boneco de tamaño natural que se usa para probar e arranxar prendas de roupa (*sacou de trálo biombo un maniquí que lle mercara a un xastre en Columbo* SIN 69).
- mansío** *s.m.* Remanso (*unhas areíñas brilladoras no mansío dun regatiño craro* CRO 25).

mantecada *s.f.* Manteigada, especie de bolo feito con manteiga e outros ingredientes (*colléu o novelo que iba nunha caixaña das mantecadas de Astorga mui envolto* MER 40).

mantecado *s.m.* Bolo doce amasado con manteiga de porco (*sendo comunal a receta dos mantecados, en cada vila saen un pouco diferentes* COC 144).

mántica *s.f.* Prácticas máxicas para adiviña-lo porvir (*Silva non marraba, pro isa mántica súa costoulle algunhas tundas* ESC 88).

manxador *adx.* Comedor (*que se eslle na boca do manxador cunha tenrura infinita* COC 135).

mañán *s.f.* Mañá (*Dí «Picadillo» que ás nove da mañán debe pórse o lacón a cocer en moita auga* COC 44).

mapoula *s.f.* Papoula, planta de flores vermellas (*morréu de vello cunha bocada de herba na boca, entre a que iban dúas mapoulas* HER 147).

maragota *s.f.* Peixe da familia dos lábridos, parecido ó pinto e ó barbo (*Ate a unha boga ou a un sargo lle pasa eso. E a unha maragota ou a unha dourada* COC 99).

maravillado *adx.* Que se marabilla (*un galego posto diante dun tesouro, xa desconfiado, xa maravillado* TES 36).

marchoso *adx.* Gallardo, airoso (*Íbase achegando ás galiñas, mui de cabeza*

levantada, marchoso, dáballe dúas voltas arredor XEN 99).

mare *s.m.* Mar (*As sardiñas que van ser asadas poden ser frescas, atal como venen do mare* COC 105).

margrave *s.m.* Título de dignidade dalgúns príncipes alemáns (*fiándose o resto dos feirantes do peso e do escribano do margrave de Brandenburgo* MER 90).

marinar *v.* Adobar (*o coello, ben limpo,ponse a marinar con arume de pino* COC 126).

mariñado *adx.* Que parece que está adobado (*A sardiña toma pra sí a tarefa de fabricar unha grasa mariñada* COC 107).

mariqueiro *adx.* De carácter ou aspecto afeminado (*Tamén falaban, que era mui mariqueiro o tal enano, das modas de París* MER 42).

marmular *v.* Murmurar (*e xa se marmulaba dun médico que inventara unha grande coitela* CRO 64).

marmuración *s.f.* Murmuración (*Eu son o señor vagas sospeitas, don marmuraciós, micer memorias de tempos idos* HAM 22).

marmurar, marmuriar *v.* Murmurar (*i escoitando marmurar os porcos no cortello* COC 55; *E unha canción do norde, marmuria ao meu ouvido* HER 144).

- marmurío** *s.m.* Murmurio (*que soio eran verbas que estaban por decir, marmurios a boca pechada cos que ela se afinaba denantes de cantar* HER 153).
- maronda** *adx.* Estéril (*A miña moza saíume maronda* ESC 106).
- maruxeira** *s.f.* Comadre, muller chismosa (*polo moito que andivemos miña irmá Ana Eloísa i eu en linguas de maruxeiras e costureiras de Audierne* CRO 44).
- marzal** *s.m.* Mes de marzo (*tan a carón do mar, que trais os temporás de marzal téñense atopado peixes nos nichos* CRO 48).
- marzoa** *s.f.* Moella, moega (*están os menudos, nos que entran as crestas decaídas, a marzoa, o fígado* COC 116).
- másime** *adv.* Máxime, sobre todo (*Pro a xente non quedóu mui convencida, másim que a morte non fora por roubar* XEN 63).
- másimo** *adx.* Máximo (*Esta cociña das nosas abóas e das nosas nais, é, sin dúbida, o máximo momento da cociña galega* COC 10).
- matraca** *s.f.* Carraca, aparello de madeira para producir ruído (*¡Pareces a matraca de Vennes pola Coresma!* CRO 24).
- matrimoniar** *v.* Casar (*que ás vegadas se demorase nunha curiosidá, verbigracia si un vello matrimoniaba con moza como fora a primeira noite* SIN 50).
- matrimoñal** *adx.* Matrimonial (*¡O meu parrafeo xa sabes en que acaba! ¡Ai, matrimoñal castidá, que caro me custas!* SIN 167).
- matrimoño** *s.m.* Matrimonio (*A algúns curounos procurándolles matrimoño* ESC 74).
- maxestá** *s.f.* Maxestade (*¡Non llo negues a un probe cego, maxestá das correntes* SIN 79).
- maxinación** *s.f.* Imaxinación (*andaban coma tolos buscando un asesino que somentes vivía na maxinación diste espello* MER 92).
- maxinario** *adx.* Imaxinario (*Montiral parez un monte maxinario, tirado dun conto ou dun romance* ESC 146).
- maxinativo** *adx.* Imaxinativo (*as palabras da condición esencial, da ollada maxinativa de Deus* TES 70).
- mazaeiro, mazeiro** *s.m.* Maceira (*despoixas pousábase nunha ponla dun mazaeiro ou da figueira* XEN 24; *comezou coma tolo a quebrar ponlas dos mazeiros i a botalas derriba da rosca da cruz* MER 52).
- mazorra** *s.f.* Silveira. Mata (*Así que se limpaba a cara de aquela mazorra moura e mesta* ESC 67).
- mecedor** *adx.* Que arrola, que se balancea (*tan lucida, coaquela pel cerúlea e o andar mecedor que se traguía polas alamedas do Paraíso* XEN 84).

mecedora *s.f.* Cadeira para abanearse (*uns diñeiros pra que mercasen unha mecedora pra as sextas* FEI 26).

mecheiro *s.m.* Aparato semellante a un candil que se pon debaixo dun soporte para quentar cousas (*O señor Merlín alcendéu o mecheiro de cobre* MER 32).

medianta Errata por mediana (*Perrón era de medianta talla, entreiroibo, os ollos craros* ESC 59).

mediciña *s.f.* Medicina (*a misteriosa pel, que seguro que sería mediciña pra casos mui rebeldes* FEI 59).

mediciñal *s.f.* Medicinal (*andaba polos campos á hora de alba buscando herbas mediciñais* FEI 89).

medinesa *adx.* Relativa a Medina (*Sí, de seguro que lle contestou, en letra bermella medinesa alta, ou en letra París* SIN 95).

meé *s.m.* Voz da ovella (*imitaba o meé do año, e falaba algo, berrando* FEI 75).

meiguice *s.f.* Meigallo, palabras, feitos que provocan por medios non naturais efectos negativos (*¿Cómo podía ser aquilo? ¿Sería cousa de meiguice?* FEI 143).

meio *adx.* Medio (*aínda que os paisanos falan moito de onzas e meias onzas* TES 84).

meio *s.m.* Medio (*No meio do río cambiaron as vistas* DON 123).

meio *adv.* Case, a medias (*Dúas mozas meio núas rubiron ao piano e beilaron* NOI 277).

meirés *adx.* Natural de Meira (*Chámabase iste de quén falo Manuel Xil, i era meirés, natural de Ribeira de Piquín* ESC 68).

mejicano *adx.* Mexicano (*Tiña unha moeda mejicana de ouro, que nunca tal outra vin de grande* ESC 105).

melanconía *s.f.* Melancolía (*tira do ánimo os xaramolos da melanconía* SIN 24).

melgacha *s.m.* Malgaxe, lingua falada en Madagascar (*perguntoulle en melgacha cortesán polo seu nome e de onde viña* SIN 43).

melgache *s.m.* Malgaxe, habitante de Madagascar (*que il ganaba a tódolos melgaches i ós pasaxeiros menos a mín* SIN 56).

melra *s.f.* Femia do merlo (*Cando cría, a melra leva pro niño unha folla seca de carballo* ESC 100).

melusino *adx.* Relativo á Melusa, muller serpente (*non sorprendería ren a quen soubese as historias melusinas* TES 49).

membrilleiro *adx.* Marmeleiro, relativo ó marmelo (*¡Tamén si me saíse pelo louro! ¡auga membrilleira de loló!* SIN 113).

- membrilleiro** *s.m.* Marmeleiro, árbore que dá marmelos (*Aquí e acolá, nos ales, membrilleiros, máis acedos* COC 155).
- membrillo** *s.m.* Marmelo (*I a princesiña tan sentada seguía sorbendo laranxada e auga de membrillo* SIN 65).
- memiño** *s.m.* Maimiño, dedo máis pequeno da man ou do pé (*Co memiño dinlle á cadea* CRO 100).
- memorar** *v.* Recordar (*Non me puxen non eu a tal guisado, senón ao lecer de memorar as miñas eiras ledas* MER 134).
- mencer** *s.m.* Amañecer (*cando ó mencer ou á tardiña lle dá o sol escordo entón arroiba* SIN 161).
- mencer** *v.* Amañecer (*Antes de que mence, metéu o corvo nunha caixa de mantecadas de Astorga* XEN 50).
- mencía** *s.f.* Variedade de uva tinta (*hai cepas de caño -de caliginus, é decir, escuro, fusco-, e de mencía, a boa leonesa* COC 157).
- menciñal** *adx.* Medicinal (*En catro anos paséi o grado médico, i aínda seguía outro de flora menciñal* CRO 66).
- mendiña** *s.f.* Mendiga (*sae unha nena, unha mendiña farrapenta* CRO 113).
- mendiño** *s.m.* Mendigo (*Solenemente escuros, antigos mendiños moídos polos croios do camiño tenden as mans ao pó* HER 171).
- mendo** *s.m.* Remendo (*un camión cheo de zurcidos e mendos* SIN 69).
- meneses** *adx.* Aplícase a un metal que recibiu un curto baño de prata (*puxeron a escribanía de prata de meneses de don Felicio* FEI 120).
- mengano** *s.m.* Persoa indeterminada (*e que alí vira ós seus veciños Fulano e Mengano* ESC 64).
- menguante** *s.m.* Período durante o cal a lúa cambia de lúa chea a lúa nova (*pro os baños cadróulle tomalos en menguante, e sentáronlle mal* XEN 113).
- mentecato** *adx.* Parvo (*Amoloume algo meu amo, que me puxo de mentecato vaidoso* CRO 61).
- mentón** *s.m.* Queixo, parte da cara situada debaixo da boca (*e derriba o sombreiro, caído dende a fronte deica ao mentón* FEI 132).
- mentras** *adv.* Mentres (*¡Sempre tiña que mandarche pórtre de costas mentras me espía!* HAM 68).
- menudos** *s.m.* Miúdos, vísceras dos animais (*nun plato, están os menudos, nos que entran as crestas decaídas* COC 116).
- meñique** *s.m.* Maimiño (*todo o coronaba un espello como a uña do meñique* MER 67).
- meo** *s.m.* Planta anual con flores agrupadas en umbelas (*as xencianas ma-*

- relas, o meo, esa umbelífera cuio cheiro gosta ás ovellas coc 136).*
- mercader** *s.m.* Mercador, aquel que compra para vender (*Pro dista volta non viña como tal mercader a Miranda MER 88).*
- mercadería** *s.f.* Mercadería (*e que ista mercadería dá pouco e naquel mar hai o risco de grandes ventos levantíos SIN 115).*
- mercer** *v.* Abanear, balancear, arrolar (*Sinbad non está nunca quedo, e todo é mercer o cú no asento SIN 26).*
- mercurial** *s.m.* Planta que se usa como purgante (*Pode ser centeo, herba da fame, silva, mercurial HAM 24).*
- merino, meriño** *adx.* Meiriño, pertencente a unha raza de ovellas cunha la curta, fina e rizada (*Tamén soño que visto pano merino NOI 306; de debaixo do mantón meriño sacou unha mán calzada cunha zoca de ouro ESC 128).*
- merma** *s.f.* Diminución, mingua, perda (*iba nela as probas de que fora capado. O que era unha merma CRO 138).*
- mermelada** *s.f.* Marmelada (*As laranxas agrias son das millores do mundo pra mermelada coc 155).*
- mermelo** *s.m.* Marmelo (*meteron ao finado nunha lata de doce de mermelo de Puente Genil FEI 109).*
- mesana** *s.f.* Mástil que vai na popa (*póla bandeiriña que iba no mesana branca, bermella, sabía que era Arfe SIN 129).*
- mestar** *v.* Mesturar (*E acode que si se alternan ou mestan, amolecen as interioridades MER 121).*
- metidiño** *adx.* Metido (*Cerdeira era un home pequeno, esmirriado, friolento, metidiño debaixo dun sombreiro mouro XEN 119).*
- mexilón** *s.m.* Mexillón (*Outra das cousas do mar que tomou un gran pulo foi o consumo do mexilón coc 73).*
- mezcrar** *v.* Mesturar (*mezcrándose o argumento coa vida CRO 113).*
- mi** *pron.* Meu (*A mi amo gustáronlle moito as historias de Elimas MER 63).*
- micer** *s.m.* Título honorífico da coroa de Aragón (*Eu son o señor vagas sospeitas, don marmuraciós, micer memorias de tempos idos HAM 22).*
- migada** *s.f.* Migalla, anaquiño moi pequeno que se desprende do pan ou doutro alimento feito con fariña (*e molla no leite unha migada de pan seco SIN 106).*
- migado** *s.m.* Picado moi miúdo de pan ou doutra cousa (*engádeselle á salsa un espeso migado de pan coc 124).*
- milady** *s.f.* En inglés, forma respectuosa de referirse a unha muller (*onde lle ofrecían unhas velaciós cunha milady*

- que vendía ó demo a alma i o corpo* CRO 144).
- milicián** *s.m.* Miliciano (*aínda o milicián quitáballe brillo co gorro frixio* CRO 99).
- millorado** *adx.* Mellorado (*que nos ensine a distinguir a carne de raza rubia galega millorada da carne do mouro gando da Limia* COC 110).
- millorar** *v.* Mellorar (*aquí milloran os viños, máis os tintos que os brancos* COC 157).
- mimoqueiro** *adx.* Mimoso (*Póndo unha voz infantil, e mimoqueira* PAL 321).
- mincha** *s.f.* Pequeno caracol mariño comestible que vive nas rochas da costa (*E tamén se esquectan as minchas* COC 82).
- minerva** *s.f.* Deusa mitolóxica romana de artes e ciencias (*nos artigos de Zozaya, que eran pra il o Evanxeo, frases da propia minerva* ESC 82).
- minga** *s.f.* Órgano xenital masculino (*dixo con unha voz de minga mixiricas que nos metéu aos presentes nunha grande risada* MER 75).
- miniño** *s.m.* Maimiño (*deixaron de apertarlle as botas nos callos que tiña nos miniños de delambos pes* XEN 124).
- mintireiro** *adx.* Mentireiro (*xa estaba posto alí, amasado, fadado, mentido e mintireiro* HAM 37).
- miñoca** *s.f.* Lombriga da terra (*e co seu longo pico busca os vermes e as miñocas dos que se nutre* COC 123).
- miñoqueiro** *adx.* Que usa miñocas como engado para pescar (*seu irmán que era un gran pescador miñoqueiro* FEI 114).
- mirador** *s.m.* Miradoiro (*díxolle de aparelhar na sala do mirador unha cama coa millor roupa* MER 43).
- mirador** *adx.* Que mira, observador (*e tiña uns galáns ollos craros, moi miradores* COC 51).
- miragre** *s.m.* Milagre (*Salveime de miragre, comentaba* FEI 19).
- miragrosamente** *adv.* Milagrosamente (*Braulio salvárase miragrosamente dun raio* XEN 137).
- miragroso** *adx.* Milagroso (*i afamado como estaba de miragroso, tiraría unha renda saneada* CRO 98).
- mirriaque** *adx.* Mirrado, engurrado, seco (*i el era un esquelete máis ben mirriaque e inqueda* CRO 58).
- mismamente** *adv.* Mesmamente (*dixo mi amo que era mismamente o retrato de San Goar Alpino* MER 123).
- mismo** *pron.* Mesmo (*O que pasou so- mentes por un espello é o mesmo que si non houber pasado* HAM 74).
- mistura, misturación** *s.f.* Mestura (*catro misturas con casca de nogueira* MER

- 113; *esté en meirande intensidade esa profunda misturación mariña que é a groria sabrosa das ostras* COC 64).
- misturar** v. Mesturar (*As palabras a misturar co nome de Iavé pra faguer un «golem» son setenta e sete* TES 68).
- mitá** s.f. Metade (*E conta Sinbad que agora o mar non enche nin a mitá* SIN 109).
- mitón** s.m. Luva de la que non cobre os dedos (*mi amo bicóulle a luva á descoñecida i o cabaleiro o mitón á miña ama* MER 44).
- mixiricas** adx. Débil, melindroso (*dixo con unha voz de minga mixiricas que nos metéu aos presentes nunha grande risada* MER 75).
- moarés** s.m. Natural de Moara (*o ronxo que fan as mil roldanas dos moareses rubindo a i-auga* SIN 83).
- mocedá, mocidade** s.f. Mocidade (*O reino enteiro parecía unha mocedá* HAM 15; *¡Toda a miña mocidade agardando a conocer un mozo que se chamase Tristán!* FEI 119).
- mocerío** s.m. Conxunto de mozos (*mui pretendida polo mocerío da parroquia* FEI 142).
- moceta** s.f. Rapaza nova (*Elisa, que era mui fermosíña moceta, e delicada* ESC 109).
- mocete** s.m. Rapaz novo (*e máis eu, que era un mocete de catorce anos* CRO 66).
- mochiquete** s.m. Golpe que se dá coa cabeza, coa man ou con calquera cousa (*nin hai ventos que dun mochiquete derruben un maior nunha tempestade* SIN 109).
- mocidá** s.f. Mocidade (*pónseme, por veces no maxín que aqués días por mín pasados na frola da mocidá* MER 9).
- modificación** s.f. Acción ou efecto de modificar (*e algunhas das cales son modificacións, máis ou menos axeitadas de recetas portuguesas* COC 108).
- modiño, a** loc. adv. Lentamente, de vagar (*Os tirabeques hai que cocelos moi amodiño* COC 30).
- mofletudo** adx. Fazuleiro, fazudo, que ten as meixelas gordas (*Era alto e gordo, mofletudo e desdentado, e chamábase Pastor* FEI 87).
- mogardo** Errata por morgado (*Os almirantes novos saíron á caste, i o mogardo non quería engordar* CRO 138).
- moitedume** s.f. Multitude (*ten poder pra quebralo en moitedume de illas* HAM 13).
- moleza** s.f. Molicie (*abre a coda, máis fina que pel de recén, pra deixar saír aquela soave moleza dos seus adrentos* COC 138).

- moluco** *adx.* Relativo ás illas Molucas (*Indo ó trato moluco, pasámola pólo sur* SIN 161).
- monaguillo** *s.m.* Rapaz que axuda ó crego na misa (*E de entrada viña un frautista, todo vestido de negro, i após dil un monaguillo con incensario* MER 71).
- mondadentes** *s.m.* Paño para limpa-los dentes (*e gardando o mondadentes dixo quén era* SIN 135).
- monica** *s.f.* Xesto, aceno (*por non dar máis que falar ó escribano, sin deca-tarse repetía a monica* CRO 88).
- monstruo** *s.m.* Monstro (*dos primeiros homes do mundo que ousou xantar o que tiña drento un monstruo de poderosas pinzas* COC 64).
- montañés** *adx.* Montés (*onde casou cunha montañesa, que tiña un grande luar no beizo superior* XEN 124).
- monteira** *s.f.* Peza de pano ou la para abrígala cabeza (*Éste fíxolle unha monteira pra o corvo* XEN 28).
- montesino** *adx.* Montesío, propio do monte (*perturba con el os pastelóns de montesina* COC 126).
- montiña** *s.f.* Monte pequeno (*quería erguer unha ermida ao santo mesmo nunha montiña* MER 128).
- monumenta** *s.f.* Monumento (*Meu tío andaba alporizado, cagábase na sua monumenta* SIN 51).
- mor de, por** *loc. prep.* Por causa de (*quén tiña o fígado reseco por mor de flemas curtintes* ESC 89).
- moralidá** *s.f.* Moralidade (*Debían de traer outras moralidás* HAM 55).
- morgado** *adx.* Relativo á primoxenitura (*A liña morgada rematóu no pirata De Crozon de Kerity* CRO 130).
- morgado** *s.m.* Primoxénito dunha familia (*un nobre morgado, un perfeito fidalgo* HAM 25).
- morrón** *adx.* Aplícase a unha variedade de pemento (*Non sei quén sería o que coidou que o pimento morrón lle iba ben ao cabrito* COC 112).
- morruncho** *s.m.* Molusco máis pequeno que a ostra (*Hai ostras e hai morrunchos* COC 64).
- mortandá, mortandade** *s.f.* Elevado número de mortes entre individuos da mesma especie (*E pergunto a uns i a outros, a parentes i amigos, o gallo daquela mortandá* HAM 10; *e aínda que houbera mortandade entre eles, que tamén houbo coellos que morreron do gripe* FEI 24).
- morteira** *s.f.* Enfermidade que produce cansanzo e desgana (*e quitaba a morteira, que lle chamaban así a un cansarse de todo, ter noxo da comida* ESC 87).
- mosiú** *s.m.* Forma popular de dici-la palabra francesa monsieur, señor (*e*

- todos na corte souperon que mosiú Simplom xogóu á forza aquel envido MER 119).*
- mostacho** *s.m.* Bigote (*un xorobeta que parecía ter azogue no corpo, solene mostacho, casaca verde CRO 103).*
- mostachudo** *adx.* Dise da persoa que ten un bigote grande (*el é pequeno de corpo, grande nariz colorada e cumprido mostachudo CRO 54).*
- moste, oste nin** *loc. adv.* Nada (*Os gazníns escoitaron o palramento sin decir oste nin moste MER 33).*
- moucho** *s.m.* Ave rapaz nocturna (*Pon un ovo cada sete anos, e percisamente no niño do moucho ESC 118).*
- mourego** *s.m.* Natural de Mouros (*e a repoboación forestal deixou aos mouregos sin o gado do monte XEN 129).*
- mourello** *adx.* Escuro, mouro (*Ao gordo sabíalle o pan noso, mourello NOI 260).*
- mourento** *adx.* Que tira á cor moura (*Era un ovo longo, longo, coa casca mourenta e manchada ESC 138).*
- movimento** *s.m.* Movemento (*o zapato destiñado ao pe esquerdo, poñíase en movimento XEN 102).*
- moxena** *s.f.* Muxica, partícula con lume reducida a cinsa que salta dun corpo en chamas (*e como unha moxena xa está a man na cadea de ouro que leva ó colo HAM 32).*
- mui** *adv.* Moi (*era unha mulleriña mui fermosa CRO 10).*
- muñete** *s.m.* Movemento circular que se fai con algo (*e faguía muñetes coa brillante folla á luz de Guy Parbleu CRO 92).*
- muleto** *s.m.* Mulo pequeno (*chegando o dono do muleto ou da vaca enferma á botica de Basanta ESC 78).*
- mullerengas, a** *loc. adv.* Ó xeito das mulleres (*e mandoume montar tras il a mullerengas MER 125).*
- mur** *s.m.* Rato (*porque tratábase, en porridá, duns ruidos coma de mur en faiado XEN 77).*
- muradano** *adx.* Muradán, que é de Muros (*decidíu ir consultar co seu colega muradano FEI 53).*
- murés** *adx.* Pertencente a Muros (*que facían na súa casa muresa nos vernes penitenciáis COC 59).*
- murigante** *s.m.* Animal parecido ó morcego, rato con alas, pero que non voa (*Fálase moito do murigante na Terra de Miranda ESC 117).*
- muriño** *s.m.* Rato pequeno (*Quedarme no sono ouvindo os muriños roendo a sabor na encana do faiado NOI 262).*
- murmuriar** *v.* Murmurar (*namentras as outas nubens que ao lonxe pasan murmurían esas mesmas verbas eternamente fuxitivas DON 113).*

musgueira *s.f.* Musgo (*coas manchas verdes das musgueiras* SIN 161).

musiqueta *s.f.* Música de pouco valor (*Sinbad calaba, faguendo musiquetas coa culler na cunca do chá* SIN 48).

muslo *s.m.* Coxa (*que a collía coa pontiña dos dedos, coma o muslo de pichón a priora* coc 61).

mustafalo *s.m.* Mustafá, nome propio aplicado como nome común en vez de mouro (*Xa o traguía por nome, que o diste mustafalo era Alsir* MER 88).

mustio *adx.* Murcho, sen frescura, sen viveza (*A vaca estaba na eira, mustia e babeando* FEI 140).

mutamento *s.m.* Silenciamiento (*no mutamento do segredo perderon unha das palabras esenciaes* TES 67).

múxele *s.m.* Muxe, peixe mariño comestible, de cor negra polo lombo e prateada polo ventre (*faguendo que pescaba un múxele pro almorzo* SIN 43).

muxido *s.m.* Muxidura, acción de muxir (*ou un pouco de leite de burra que lle sobrese do muxido de póla mañán* SIN 108).

N

nabega *s.f.* Nabeao, planta daniña parecida ó nabo (*Estóu seguro de que a abella que zugóu a mel naquela nabega volve ó trobo con toda a mel* HAM 59).

nacho *adx.* Chato (*o amarelo do Canadá, o nacho que din colorado* COC 112).

nacimiento *s.m.* Nacemento (*a ama de cría do xeneral Weigand [...] era Lavièbre de nacimiento* XEN 144).

nadia *pron.* Nada (*Era o tempo do tempo e nadia había que faguer* POE 90).

nado *adx.* Nacido (*os fillos nados no pazo namentras seus pais andaban lonxe* XEN 141).

naide *pron.* Ninguén (*A enfermédá non cha botóu naide* ESC 72).

namentras *adv.* Namentres (*tiña que ir aprendendo a morrer namentras morría* CRO 30).

namoradizo *adx.* Que se namora facilmente (*Era mui namoradizo, pro morréu solteiro* MER 139).

nao *s.f.* Nave (*Agora trobo o mare e máila nao veleira* DON 132).

napolitán *adx.* Napolitano (*o paso por derriba, coma funámbolo napolitán no aramio* CRO 55).

naquil *pron.* Naquel (*Escóndete comigo naquil recuncho* HAM 56).

narís *s.m.* Nariz (*Era un tipo alto, pechado de barba, o narís longo e curvo* ESC 127).

narnes *s.m.* Fociños (*porque lle curéi unha esbruga que tiña nos narnes* MER 94).

- nascente** *adx.* Nacente (*Ela andaba repi-
nicando nos vidros coa sua fronte nas-
cente* POE 80).
- nascer** *v.* Nacer (*Eu nona ollei nascer*
MAR 31).
- nascido** *adx.* Nacido (*ambición, que lle
vai detrás coma unha sombra soberbia
i armada, nascida dil mesmo* HAM 20).
- nascimento** *s.m.* Nacemento (*Todo o
meu nascimento foi unha hora nova na
que houbo que pechar os dormitorios*
POE 73).
- natío** *adx.* Nativo (*inquerir sober tesou-
ros, que no meu val natío hai varios*
TES 36).
- natral** Errata por natural (*o paraugas
está orientado e il soio móvese e dá o
ceo natral* SIN 91).
- neboada** *s.f.* Néboa, brétema (*o pan gár-
dao da pedra e das neboadas unha
muller casada* ESC 99).
- necesidá** *s.f.* Necesidade (*Ves?, decláme
a min amosándome o tubo, mortal de
necesidá!* XEN 134).
- negrito** *s.m.* Negro pequeno (*Pasó un
negrito e pasmóu, e ficóu alí mirando
un pouquiño pra aquel home* ESC 74).
- neloutras** *pron.* Noutras (*Ós que nelou-
tras partes chaman alganados ou en-
sumidos* ESC 64).
- nemigo** *adx.* Inimigo (*seipamos que no
vas hai no mundo, quén é amigo e quén
é nemigo* CRO 109).
- nemorosa** *adx.* Relativa á deusa Diana
(*verquían auga pola boca a carón das
pernas núas da nemorosa* CRO 117).
- nervoso** *adx.* Nervioso (*algo alterado
pola man dura e nervosa do xinete* CRO
85).
- ni** *conx.* Nin (*¿E non cadróu que o afor-
cado non tiña ni un dente?* CRO 78).
- nil** *pron.* Nel (*Tiña entre os pes níos un
espelliño, e iban a mirarse nil os casa-
dos* CRO 136).
- ninfeo** *s.m.* Narciso, home que se coída
moitísimo (*nun pozo que había onde
foi o ninfeo de Nerón* CRO 69).
- nipota** *s.f.*, **nipote** *s.m.* Sobriño do papa.
Conselleiro do papa (*herdo dunha
curmán, da que teríades ouvido falar,
nipota que fói dun Cardeal de Roma*
MER 114; *Nipote román, que cada dous
anos iba a Rocamador romeiro* CRO
128).
- níspero** *s.m.* Nespereira, árbore da fa-
milia das rosáceas (*Chegou o vello
Monsáide e sentouse onda o níspero*
SIN 76).
- niste** *pron.* Neste (*Un testigo niste mundo
é tanto coma un Rei* HAM 29).
- noble** *adx.* Nobre (*Umia abaixo, dende
Caldas de Reis, había unha noble e an-
tiga cepa de tinto coc* 160).

nocer v. Opoñer, perxudicar (*O sabor do chourizo nócelle ao do pimento coc* 36).

noitiña s.f. Anoitecer (*Póla noitiña vol-vía dacabalo da burra* SIN 108).

noivar v. Cortexar (*Na nao do mar laranxa anda a noivar* CAN 33).

nominar v. Nomear (*que o Cangrexo o nominase no «Aviso»* SIN 103).

nonsense s.m. Cousa absurda, frase sen sentido (*Nese caso, xurar verdade ou xurar en falso, é un nonsense* PAL 317).

noraboa s.f. Felicitación (*Pese ao des-pilfarro do magnesio, que é alemán de importación, noraboa, Ramírez* FEI 163).

norde s.m. Norte (*os guerreiros do norde soñaban coas suas mulleres* HER 144).

nordear v. Nortear (*moitas das agullas distes non nordeaban propiamente* SIN 75).

nordesía s.f. Vento fresco do norte (*abrigada da nordesía, sementan os nativos un algo de centeo* HAM 13).

noreste adx. Que está entre o norte e o leste (*a gran riqueza de son e de ventos norestes do país de Bolanda* SIN 127).

nostramo s.m. Título que se lle dá ós contramestres (*¡Ai, nostramo, ímonos pra Bolanda!* SIN 149).

notroura, noutroira adv. Noutro tempo (*Do Cordal de notroura somentes quedaban os ollos craros i atentos* ESC 100; *Os cegos eran noutroira, coma decía madame, sagrados en Bretaña* CRO 97).

nouturnio, nouturno adx. Nocturno (*prosegue a súa nouturnia viaxe* ESC 116; *ollando atente pra aquela xente nouturna* CRO 41).

novesito adx. Novíño (*tocábase de chapéu militar novesito* CRO 85).

novedá s.f. Novidade (*teño ouvido moita novedá* TES 36).

novedar v. Notificar, facer saber algo (*Chamábase Xazmín, novedoume á noitiña a señora Marcelina* MER 29).

novelo s.m. Bóla de fío enrolado (*fíos que non se sabe de qué novelo veñen* CRO 10).

novelovento s.m. Especie de remuíño (*Cando o vento o novelo novelovento leva* HER 138).

novidá s.f. Novidade (*Gostaríase en ser o pirmeiro en darlle a novidá* HAM 89).

nubada s.f. Conxunto de nubes (*i afondouse na núben, e póla nubada caíu á i-auga e non seolveu a saber díl* SIN 161).

nubarada s.f. Fumarada semellante a unha nube (*acendía, e por fin botaba unha grande nubarada de fume* ESC 57).

nuben *s.f.* Nube (*todo era unha longa nuben azul que pouco a pouco se esvaía* MER 15).

nubiña *s.f.* Nube pequena (*E il estaba nunha nubiña dourada vendo como a chuvia apagaba o lume* CRO 131).

nublado *adx.* Escuro, sombrío (*uns anteollos que Louredo decía que eran nublados* XEN 81).

nublarse *pr.* Anubrarse, atoldarse (*A Bouso nublóuselle a vista* XEN 42).

nudo *s.m.* Nó (*Como nudos cortados: Aza infancias* POE 105).

nudoso *adx.* Nodoso, que ten nós (*todo il osudo e nudoso sob unha pel oscura e pilosa* ESC 152).

núo *adx.* Nú, espido, sen roupa (*choraban vendo nevar espeso i o Neniño núo nas pallas* MER 119).

nutria *s.f.* Londra (*xa daquela estaba algo coxo da roedura dunha nutria no bao de Sigueiro* XEN 13).

O

obedencia *s.f.* Obediencia (*O piloto deu-lle consellos a Sari, que volvera á obediencia moi humilde* SIN 137).

obligar *v.* Obrigar (*que o convida a mexar, e cáseque o obriga a elo* FEI 23).

obradoire, obrador *s.m.* Obradoiro, lugar de traballo dos artesáns (*os de moños non se queren facer traxe nos obradoires de enriba* CRO 142; *adeprendendo xastrería cun tal Vinardell, que tiña o obrador a carón da Catedral* XEN 86).

obxeto *s.m.* Obxecto (*outros obxetos propiedade de Amadeo* FEI 35).

ocurrencia *s.f.* Ocorrenza, idea enxeñosa (*a xente de Loboso íbase esquen-cendo da ocurrencia* ESC 138).

ochavo *s.m.* Moeda de cobre que pesaba un oitavo da onza e valía dous maravedís (*e cobraba por cada ferrada un ochavo* CRO 19).

oficiala *s.f.* Empregada (*lavóuse os pes no obrador, diante das oficialas e de Muñiz* XEN 87).

oficiña *s.f.* Oficina (*que lle tiñan postos na súa oficiña ó Ismael Florito* CRO 142).

ogallá *interx.* Oxalá (*Ogallá que na guerra non morra, meu amigo é!* DON 126).

ogano *adv.* Este ano (*¿cántos figos de meu peteirarán ogano?* SIN 18).

olivo *s.m.* Oliveira (*Canta ó luar i ó mencer en fruta de verde olivo* CAN 31).

ollalar *v.* Facer ollais nos tecidos para introducir botóns (*e cosía seguido, ollalando e lazando miúdo* ESC 152).

ombrío *adv.* Umbrío (*Por qué así existes en ombría marea de renovadas frontes e palidez aceda?* DON 117).

ombrigo *s.m.* Embigo (*ás señoras monxas saíronlle esbrugas no ombrigo* CRO 96).

ontes *adv.* Onte (*Ontes dixéronme que fai unha semán que se finón* ESC 85).

oportunidá *s.f.* Oportunidade (*una salva de faíscas foi a caír sober da nai i o fi-*

- llo, coa oportunidade de que a meirande queimoulle ó besgo o ollo san* CRO 97).
- oquedá** *s.f.* Baleiro, vacío (*ó pé hai alternos baixíos i oquedá* SIN 106).
- ordear** *v.* Ordenar (*ao ordear estes versos* DON 111).
- orden** *s.f.* Orde (*dado o espírito de orden, luminosidade, perfeición que se lle atribuíe* TES 72).
- orear** *v.* Airear, ventilar (*O día da mantanza fica o porco colgado do cambрил, oreándose* COC 13).
- orégano** *s.m.* Ourego (*barba perfumada con orégano* HAM 67).
- orgulo** *s.m.* Orgullo (*quero decir agora mesmo o meu orgulo por pertencer a ela* TES 31):
- orina** *s.f.* Ouriños (*que andaría apete-cido, ou lento de orina* COC 31).
- orinado** *adx.* Enferruxado (*quedoume algo orinado un osiño diste dedo* CRO 62).
- orinal** *s.m.* Ouriñal (*Hasta un día o orinal despertouno ás tres da mañán* FEI 36).
- ortegano** *adx.* Relativo a Ortegal (*dos farallóns orteganos* COC 72).
- oscuro** *adx.* Escuro (*como é o mar alí, esmeraldino oscuro* SIN 87).
- osento** *adx.* Óseo (*tapando media cara coa man osenta e moura* SIN 28).
- ostante, non conx.** Non obstante (*netos querería eu de outro sangue mais humilde e non ostante mais libre e rico* HAM 48).
- oste nin moste** *loc. adv.* Nada (*Os gazineiros escoitaron o palramento sin decir oste nin moste* MER 33).
- otomán** *s.m.* Tecido acordado usado para vestidos de muller (*unha bameira de vimio que tiña, mui de respeto, con funda de otomán colorado* SIN 48).
- otorgar** *v.* Outorgar (*Levábate no ventre cando na eirexa dixen sí quero, sí otorgo, sí recibo* HAM 79).
- otro** *pron.* Outro (*¡Pasa dunha vez! soprulle aquíl otro* CRO 123).
- oubear** *v.* Ouvear, berra-los lobos ou os cans (*El Rei Hamlet non lle tén medo ó vento que oubea fora* HAM 90).
- ouh** *interx.* Expresa admiración, sorpresa ou dor (*Ouh doce o peso do teu corpo no meu maxín deitado!* DON 115).
- oureana** *s.f.* Buscadora de ouro (*as peneiras que usaban as oureanas do Sil* FEI 157).
- oureol** *s.m.* Ourirol, vichelocrego, paxaro de corpo amarelo (*e veñen por naciós de labercas, oureoles, anduriñas, xilgaros e rulas* SIN 16).
- ouriví** *adx.* Relativo ó ouro (*Cauda do meu elmo de brizo ouriví, o áer de maio nascéu para ti* DON 125).

ousear v. Berrarlles ós bois para que anden (*afalou os bois, e tivo que aguilalos i usealos* TES 90).

ouservador adx. Observador (*Era mui atente ouservador da natureza* ESC 97).

outo adx. Alto (*era unha linterna de papel que portaba un home mui outo e fraco* CRO 22).

outo s.m. Outeiro (*Un home de Meira falou cun enano que estaba no outo de Vilares* TES 55).

outura s.f. Altura (*erguendo o farol á outura da cara do señor De Crozon* CRO 21).

ouvido s.m. Oído (*Déitase na almofada e fálalle ó ouvido* ESC 124).

ouvinde adx. Oínte (*facíase a seu arredor un corro de atentos ouvintes* FEI 99).

ouvir v. Oír (*¿Queres deixarnos ouvir os melros que traes na gaiola da túa boca?* HAM 34).

ouxeto s.m. Obxecto (*A palabra ten forma, é unha palabra ouxeto* TES 68).

oxaladora s.f. Dise da persoa que fai ollais (*unha oxaladora murciana confesou que se namorara do duque* XEN 87).

oxe adv. Hoxe (*Non deixes pra mañán o que poidas fuguer* oxe SIN 124).

P

pabellón *s.m.* Pavillón (*deixando a porta que daba ó corredor en pabellón deitou na alfombra* SIN 137).

pacencia *s.f.* Paciencia (*A etiqueta ensina pacencia. A política é pacencia* PAL 327).

pacienzudo *adx.* Que ten moita paciencia (*Era mui pacienzudo, e con tal de lograr un primor esquecíase de xantar* ESC 101).

padricar *v.* Predicar, pronunciar un sermón (*subía ao púlpito coa bola e padricaba amosándolla aos feligreses* MER 119).

padricador *s.m.* Predicador (*Era moito padricador aquel riojano* MER 85).

pagaré *s.m.* Papel dunha cantidade concreta que debe pagarse nun prazo determinado (*os de Allen lían de noite ás escuras, coa luz que daba, os pagarés* CRO 127).

paiaso *s.m.* Pallaso (*mercóulle en cinquenta pesos á un paiaso un casco militar francés* XEN 76).

paipai *s.m.* Abano de palma (*chegou meu amo da sua ronda moi alegre, refrescándose cun paipai* SIN 35).

paisán *s.m.* Paisano (*decía aos paisáns que tiña un noivo músico* FEI 114).

paisanaxe *s.f.* Conxunto de xentes coterreñas (*comezou a soliviantar á paisanaxe* CRO 49).

paladar *s.m.* Padal, parte superior interna da boca (*todo aumenta de sabor, ven ao paladar algo de fondo, i esquisito* COC 34).

palatiño *s.m.* Palatino, relativo ó palacio (*bandada de anduriñas que voa ao sul en outono, hastra onde os valeirosos palatiños* MER 38).

páledo *adx.* Pálido (*unha das súas fillas, que era unha moza mui fermosa e mui páleda e tiña o cabelo verde* TES 62).

paletilla *s.f.* Enfermidade que se manifesta por cansazo xeral e estómago caído (*levantaba a paletilla, amparaba os estómagos caídos* ESC 87).

palleta *s.f.* Lámina de metal ou madeira na boquiña dalgúns instrumentos mu-

- sicais de vento (*Primeiro gardóu a fruta, desmontada e soprada, canos e palleta* MER 74).
- palmeaar** v. Bate-las palmas, aplaudir (*palmeando coma no teatro porque o señor sochantre se erguera de cedo* CRO 17).
- palmeta, palmetada** s.f. Palmada, golpe dado coa palma da man (*dándome unha grande palmeta no lombo* MER 75; *-dixo Coulaincourt, dándolle unha grande palmetada na caixa do bombardino* CRO 82).
- palpatexar** v. Palpebrexar, abrir e pechar repentinamente os ollos (*o máis propio díl era palpatexar mui seguido* SIN 100).
- pálpito** s.m. Presentimento, presaxio (*e resoñádoa a traxedia aquela, rememorándoa a resoños, a pálpitos, a sospeitas* HAM 10).
- panadeiría** s.f. Panadería (*quedóuse nela empregado nunha panadeiría* XEN 149).
- panodril** s.m. Pano de dril (*Despídense os pilotos, e cobren a cabeza con panodril* SIN 119).
- pantasia** s.f. Fantasía (*e xa se sabe por Agustinus que a abstinencia enxendra a pantasia* CRO 50).
- pantástico** adx. Fantástico (*Toda zooloxía pantástica forma parte da revelación do mundo ó home* ESC 111).
- panza** s.f. Bandullo; popularmente, estómago das persoas (*fóronlle nacente corales na panza* SIN 161).
- panzudo** adx. Barrigón, que ten moito bandullo (*nun obrador do país de Gales, onde fan uns xerros mui panzudos* XEN 90).
- papillote, á loc.** adv. Asado de carne con manteiga e aceite envolto en papel (*coas súas recetas con salsa de tomate, xamón doce, xamón trufado, á papillote* COC 52).
- papuxadiñas, a loc.** adv. Facendo ruídos intermitentes e inchando os papos (*ca mán dreita dediante da boca faguía o trinorete, a papuxadiñas* ESC 85).
- papuxas** s.f. Cocemento de fariña e outros ingredientes (*Outras sementes se fan nalgún sitio: a de «papuxas» en Monforte de Lemos* COC 56).
- paragüeiro** s.m. Paragüeiro (*coma si fora paragüeiro de Ourens terbellóu mi amo nos paraugas* MER 28).
- paralís** s.m. Parálise, perda total ou parcial do movemento nunha ou varias partes do corpo (*Doulle un paralís, e estivo sete días sin dar a pé, nin man, e sin falar* XEN 149).
- pardomonte** s.m. Tipo de pano usado para as capas da xente artesá no século XVIII (*e vestía un gabán de pardomonte delustrado polos temporás* MER 81).

- parenta** *s.f.* Muller da familia (*Pasaba por parenta do amo e sobriña do escribano da Azúmara* MER 20).
- parexa** *s.f.* Parella (*abofellas que farían unha feliz parexa* MER 104).
- pargo** *s.m.* Prago, peixe mariño de corpo ovalado e fociño obtuso de cor rosada (*o do pargo asado, os das dou-radas e maragotas* COC 102).
- paridura** *s.f.* Parto (*coa nova paridura sairá toda aquela sobredá* CRO 45).
- paripé** *s.m.* Ficción, simulación, engano (*rubía a facerlle o paripé a doña Ginebra* MER 42).
- parla** *s.f.* Fala (*e polo acento e a parla era notoriamente andaluz* FEI 17).
- parlanchío** *s.m.* Cháchara (*ouvindo o parlanchío dos paxaros chineses* SIN 108).
- parlante** *s.m.* Falante (*E así foi a pasar a parlante tatexo* FEI 14).
- parpadexante** *adx.* Palpebrexante (*un corpo desperto, parpadexante, vivo e nervioso para o coito* NOI 303).
- párpado** *s.m.* Pálpebra (*tiña unha voz chea de lámparas i eclipses e un párpado tecido polos ventos* POE 82).
- parrafada, parrafeada** *s.f.* Conversa longa (*¡Entón poderíamos ir a botar unha parrafada con il!* CRO 99; *toda aquela parrafeada e dramática representación non servíu pra nada* COC 86).
- parrafeador** *adx.* Que parrafea, que conversa (*El era parrafeador e pintu-reiro* CRO 142).
- párrafo** *s.m.* Parágrafo, sección ou pequena división dun discurso ou dun texto (*o meu amigo lendo párrafo, arrimaba as suas máns á escrita «lume»* SIN 76).
- parral** *s.f.* Parra (*ten un parral que colle todo o balcón da solaina* MER 119).
- parrilla** *s.f.* Grella, obxecto formado por unha serie de barras de ferro paralelas onde se pon o peixe ou a carne (*O rodaballo tamén se come á parrilla* COC 100).
- parroquiano** *adx.* Dise da persoa que pertence a unha parroquia ou da que vai frecuentemente a un mesmo sitio (*il de seu é mui parroquiano* MER 89).
- parrulo** *s.m.* Ave acuática moi común, que ten os dedos unidos entre si por unha membrana (*Nos ríos hai patos, que en moitas partes chaman parrulos* COC 114).
- partiquino** *s.m.* Empregado do teatro que ten diversos cometidos, desde porteiro ata extra (*Xosé contaba outras cousas do seu traballo de partiquino* FEI 161).
- parvamente** *adv.* De xeito necio (*Dise o que sigue pra que se vexa que parvamente viviamos en tempos non lonxanos* COC 111).

- pasamán** *s.m.* 1. Xénero ou tecido de adornar (*¡Pano Lovaina de dúas urdimes, pasamán parisiense!* CRO 76). 2. Mozo vestido deste xénero que serve de paxe (*cando eu vivía en Miranda, posto de mozo de pasamán por once pesos ao ano e mantido* MER 18).
- pasamaneado** *adx.* Que está adornado con pasamán (*-unha zamarra de pana verde pasamaneada de terciopelo negro-* ESC 72).
- pasamáns** *s.m.* Listóns de madeira dunha escaleira para apoiarse ó subir ou baixar (*non hai ruas, senón escadas de cana, os pasamáns mui adornados de macetas con roseiras* SIN 82).
- pasas** *s.f.* Uvas desecadas (*Comeu unha presada de pasas e cuspiu mui a modo os rabos* SIN 18).
- pascer** *v.* Pacer (*Esa herba que medra na coda do planeta páscea a lúa nas outas horas escuras* DON 111).
- pascoal** *adx.* Pascual (*tamén recibíamos, por ese mesmo tempo pascoal, os barriliños famosos* COC 66).
- pascoar** *v.* Pasa-las Pascuas (*viñeron todos e máis mariñeiros que pascoaban en terra* SIN 27).
- pasillo** *s.m.* Corredor (*paréime un chisco a escoitar no pasillo o que se falaba na sala* MER 45).
- pastasma** Errata por pantasma (*O pastasma d-El Rei vello díxome: ela tamén debe pagare* HAM 28).
- pasteleiría** *s.f.* Pastelería (*O señor Jesualdo estivo na pasteleiría dun libanés* XEN 83).
- pastelón** *s.m.* Pastel grande ou empanada (*Fun e sigo sendo moi dado a este pastelón de lebre* COC 125).
- pastorcete** *s.m.* Pequeno pastor (*A un pastorcete a fada de Rececende deulle os novelos de ouro* TES 50).
- patalexar** *v.* Espernexas, dar movementos bruscos ás pernas (*O demo, que estaba dentro do doente, patalexaba e cuspiu* XEN 34).
- paté** *s.m.* Pastel de carne ou peixe (*algún esquisito francés defendeu contra o salmón fresco os «patés» de salmón de Nantes* COC 92).
- páteo** *s.m.* Patio (*o mais do que chaman a fonda é un grande páteo arrodeado de arcadas* SIN 30).
- patrocial** *adx.* Que pertence ós antepasados (*Vivía na casa patrocial coa súa nai* FEI 105).
- pausanto** *s.m.* Madeira de cor escura, moi dura, procedente dunha árbore americana (*pra que se lle volva na punta pon pólas noites brizadoras de pausanto* SIN 25).
- pavorido** *adx.* Que ten pavor, medo (*xa lle tiña entrado o medo ao corpo, e morría de tal pavorida* MER 88).
- paxareiro** *adx.* Relativo ós paxaros (*Sempre me lembrarei da cerca da eira,*

de loureiro román, tan paxareiro, na que tantas niñadas veléi MER 13).

paxariño *s.m.* Paxaro pequeno (*Durme coma un paxariño, co peteiriño aberto NOI 262).*

paxecín *s.m.* Paxe pequeno (*tragúa o paxecín portacolas termándolle do entredós do camisón MER 91).*

pazpallar *s.m.* Paspallás (*ausentes todos os paxaros que imitaba, ferreiros, pimpíns, os pazpallares, e o merlo mesmo do seu mote XEN 74).*

pecho *adx.* Cerrado, escuro (*Noite sin lúa. Noite pecha, sin unha soia estrela no ceo NOI 311).*

pecoreiro *s.m.* Pegureiro, pastor (*coa dreita tomou do que parecía pecoreiro o farol CRO 89).*

pedazo *s.m.* Anaco, porción (*estaba escrito naquel pedazo de cartón FEI 131).*

pediluvio *s.m.* Baño de pés (*Como se cansase de estar de pe, pediu uns pediluvios XEN 87).*

pedrisco *s.m.* Sarabia (*unha oración contra o pedrisco ESC 78).*

pega *s.f.* Paxaro da familia dos córvidos (*veu unha pega a pousárselle no cañón da escopeta XEN 69).*

pegamento *s.m.* Acción de apegar (*Rematado o pegamento, Bouso e Primo comeran un cabrito XEN 42).*

peinado *adx.* Peiteado (*era unha velliña mui erguida, mui peinado tirante o pelo branco FEI 157).*

peinar *v.* Peitear (*e xa daquela peinaba canas MER 81).*

peinador *s.m.* Peiteador (*o peinador marsellés decía que eu sería de calquer probe pousafoles CRO 58).*

peisano *s.m.* Paisano (*apertaba a man sober do peisano CRO 49).*

peitisaído *adx.* Que saca moito o peito, botado para diante (*Era un pequenecho inqueda, peitisaído, que almorzaba touciño crudo con cebola e pan FEI 53).*

peitugona *adx.* Dise da muller de peito avultado (*unha siria de corpo enteiro, alta, branca, peitugona FEI 30).*

peixe-papagaio *s.m.* Peixe mariño da orde dos acantopterixios (*cando lle fun a vender o peixe-papagaio, que nunca outro se pescou mais que aquel SIN 83).*

pekinés *adx.* Relativo a Pequín (*¡Moito deron os merengues pekineses!, comentoulle Pedro FEI 101).*

pelambre *s.f.* Abundancia de pelo (*coa pelambre do curuto tiñan comida a verba orae CRO 18).*

peleador *adx.* Pelexador (*o roxiño era agora un galiño roxo, mui peleador FEI 144).*

pelengrín *s.m.* Peregrino (*Merlín, pelengrín polos camiños do país noso* HAM 9).

peleón *adx.* Pelexador (*Sidi Raxel é un mediana talla mui peitudo, moí peleón* SIN 98).

pelerina *s.f.* Mantelo para cubri-las costas (*Estaba na cama, cunha pelerina amarela* FEI 99).

pelerinaxe *s.f.* Peregrinaxe (*atopa pedindo esmola a un cego que fai as santas pelerinaxes* SIN 66).

peleríño *s.m.* Peregrino (*E vímola bola do cazador de xabarís, i a do peleríño que o sigue o lobo* MER 123).

pelexo *s.m.* Coiro que serve de recipiente para garda-lo viño (*é pouco o viño que garda no pelexo* MER 121).

peligudo *adx.* De difícil solución (*Aseguran que Leiras consultáballe a Perrón os casos peligrosos* ESC 60).

pelirroxo *adx.* Dise das persoas que teñen o cabelo rubio (*Que por aquela bisbarra desconfíase muito dos pelirroxos* FEI 42).

pelotas, en loc *adv.* Espido (*As chispas que viñan con Abscóndito deixaron en pelotas a Fuquín* XEN 169).

peluca *s.f.* Cabelleira postiza (*Un vestido de muller, cunha peluca roiba e falda pola sufraxe* FEI 162).

peluqueira *s.f.* Muller que ten como profesión o coidado do pelo (*A nai quería que fose peluqueira de señoras* FEI 65).

pemiso Errata por permiso (*e pediu permiso pra irse pra a casa* XEN 31).

pendeado *adx.* Pendurado (*botaron mán ás espadiñas que traían pendeadas do cinto* MER 103).

penedía *s.f.* Conxunto de penedos ou lugar onde abundan (*do inverno, que hai que ofrecer ao golpe de mar nos cons, na penedía mariñeira toda á que se apega* coc 71).

peneireo *s.m.* Acción de peneirar (*mariñeiros que sacaban as tales areas por peneireo* SIN 115).

penicillium *s.m.* Planta de onde se extrae a penicilina (*meten na pasta lixeiras capas de miga de pan, que son o cultivo do «penicillium»* coc 136).

penínsua *s.f.* Península (*darlle unha volta á penínsua do Morrazo* coc 160).

pentecostés *s.f.* Pentecoste, festa que se celebra cincuenta días despois da Pascua (*é un quitasol mui segredo, e soio se leva na Pentecostés* MER 27).

péparo *s.m.* Importancia. Orgullo (*eu ben vin que viña caviloso e con novelas de moito péparo* MER 95).

pequenecho *adx.* Bastante pequeno (*O mouro, que era pequenecho e vestía de colorado, baixaba ó prado* TES 40).

- pequenín** *s.m.* Neno pequeno (o pequenín sorríulle, e naquel intre esquecéuse de min CRO 46).
- percherón** *s.m.* Cabalo moi forte e corpulento (emparellóu con eles un mozo que montaba en percherón CRO 85).
- percisamente** *adv.* Precisamente (percisamente pra falar co lobo ESC 80).
- percisar** *v.* Precisar (O lubrigante, en troques, percisa outro condimento COC 77).
- perciso** *adx.* Preciso (¿Érache perciso tanto sangue, Hamlet? HAM 89).
- percura** *s.f.* Procura, busca (e vaise daquela casa, á percura de novos hóspedes ESC 125).
- percurar** *v.* Procurar (e na ocasión bótase a percurar a compañía do home ESC 119).
- perdonar** *v.* Perdoar (xa mudóu mais de catro capataces, e todos con cama desfeita, perdonando MER 109).
- perfeba** *s.f.* Pestana (i as súas perfebas eran tan longas e mouras coma os pelos do pincel MER 60).
- perfección** *s.f.* Perfección (Gasta nisa laboura de perfección moita enerxía TES 67).
- perfeccionar** *v.* Perfeccionar (O tesouro perfecciona, dixemos denantes, o seu segredo TES 67).
- perfeito** *adx.* Perfecto (no seu intento de conquerir unha persoalidade mui diferenciada, perfeita e inasequibre TES 70).
- perfiado** *adx.* Perfilado (o perfiados que saían os enterros en Bretaña de Francia CRO 87).
- pergamino** *s.m.* Pergamiño, pergameo (Eu faláballe das tabuliñas mesopotámicas, do papiro e máis do pergamino XEN 168).
- pergunta** *s.f.* Pregunta (A cousa eche perliaguda, e non che fago unha pregunta XEN 11).
- perguntar** *v.* Preguntar (¿Mellor será perguntar quén morre! CRO 89).
- perigosidade** *s.f.* Perigo, risco (Comenzando pola perigosidade de ver o tesouro TES 72).
- périto** *s.m.* Perito (Pois o millor oficio, sin comparanza, o de périgo ESC 146).
- perixel** *s.m.* Perexil (bótase viño branco, un algo de vinagre, pimenta, perixel e cebola cortada fina e dourada na tixela COC 122).
- perlado** *s.m.* Prelado (isto atestouno un perlado que veu de París nunha mula xorda CRO 62).
- permañecer** *v.* Permanecer (os que permañecen nos labrados escanos HAM 33).

pernicorto *adx.* Que ten as pernas curtas (*il, que era un pernicorto algo xorobeta* XEN 60).

pérola *s.f.* Perla (*¿Non ves como ista pérola está un algo doente e perde brillo?* HAM 81).

pero *s.m.* Variedade de mazá (*Severim de Faria asegura que hai noticias de que os «peros camoeses» tomaron nome do territorio de Camões* COC 154).

perrera *s.f.* Pelo que cae sobre a testa (*levaba o chapéu levantado pra deixar ver unha perrera de flequillo mui rizada* MER 24).

perro *s.m.* Can (*O perro miraba pra il con aer de mando* XEN 110).

persiano *adx.* Persa (*aquela era pousada de moito otomano e persianos* SIN 134).

persoalidade *s.f.* Personalidade (*conquerir unha persoalidade mui diferenciada* TES 70).

persoalizado *adx.* Personalizado (*ven-cella istes tesouros persoalizados* TES 66).

persoaxe *s.m.* Personaxe (*Os persoaxes son xente de calidá* HAM 59)

persona *s.f.* Persoa (*Agora, tamén sí, comezaban a asubiarlle as personas* FEI 37).

perterñecer *v.* Pertencer (*pro quero decir agora mesmo o meu orgulo por perterñecer a ela* TES 31).

perto *adx.* Preto (*perto del estaba o seu cabalo pastando nun prado* HER 147).

pervagar *v.* Andar sen dirección fixa (*Unha ausencia de vento pervagando por elas deixa ronseis tremosos como a palma da ágoa* MAR 36).

perxudicar *v.* Prexudicar (*eso xa é outra cousa e non se perxudica a naide* ESC 103).

pesadeza *s.f.* Molestia, dixestión difícil (*non coñece os relentes da corte, nin a pesadeza dos grans* COC 128).

pescadilla *s.f.* Pescada pequena (*Son ben máis sabrosas as pescadillas pequenas* COC 101).

pescata *s.f.* Pesca (*Adicariáse soio á pescata* XEN 109).

pesego *s.m.* Pexego (*faise licor café, e pónense nel guindas e cereixas, e pesegos* COC 161).

pesegueiro *s.m.* Pexegueiro (*da tona das augas aínda xurdían as ponlas duns pesegueiros* COC 157).

pesia a, pesie a *loc. prep.* A pesar de (*que non estaba moi seguro na escada pesia ó esteo* SIN 46; *en Galicia non se atopou ningún espello de ouro, pesie ó que se fala diles* TES 88).

pestaña *s.f.* Pestana (*que lle arrincaba as pestañas pra tecer con elas un cordón pró corsé* CRO 83).

peteirada *s.f.* Golpe dado co peteiro (*Isas peteiradas vélveme tolo!* XEN 173).

peticar *v.* Petiscar, comer anacos pequenos dun alimento para probar (*fixen a descuberta, coma quen aduviña qué paxaro peticóu a cereixa* CRO 52).

petiso *s.m.* Rapaz (*A artilleira mercoulle ó petiso unha trompeta de alarde* CRO 12).

petrucial *adx.* Que pertence ós antepasados (*amañóu a casa petrucial e casóu cunha veciña* XEN 91).

petrucio *s.m.* Home vello, respectado pola súa seriedade (*quero comprir como debo con aquel petrucio que me trouxo en procesión ista caixa* MER 77).

pexigo *s.m.* Pexego (*da India pasaron á Persia, -de onde, os nomes pexigo, pexego, albaricoque, albérchigo-* CRO 73).

pezón *s.m.* Bico do peito (*unhas augas mariñas que mercara por ollos, e dous rubíes por pezós* CRO 51).

picadillo, picadiño *s.m.* Recheo, masa formada por diversos ingredientes con que se enchen outros alimentos (*As perdices ao espeto poden ir recheas, -cun picadillo de xamón co seu branco* CRO 122; *e rechéanse dun picadiño de carne con algo de touciño de xamón* CRO 39).

picapleitos *s.m.* Avogado que forma pleitos por calquera motivo (*Nisto atopouse con Ribalda, un picapleitos que andaba aconsellando aos seus contrarios nun pleito* XEN 95).

picarexada *s.f.* Picarada, conxunto de picaros ou nenos (*unha picarexada que debía de estar agardando algo de visita* CRO 103).

picariño *s.m.* Neno pequeno (*E non ben botaron o picariño á iauga, desfíxose nela coma se fora de sal ou de azucre* MER 58).

picazón *s.f.* Pruído (*Pedro, quen andivo dous días amolado cunha grande picazón no sitio do banquete pulgar* FEI 100).

picor *s.m.* Sensación causada no padal por un produto picante (*é a súa gracia ese picor soave que se estende de mansiño pola boca* CRO 33).

picudo *adx.* Que remata en pico (*Debe de andar por alí un señor de sombreiro picudo!* SIN 100).

pífano *s.m.* Instrumento semellante á frauta (*Os pífanos dábanme o compás coa marcha coronela* CRO 55).

pila *s.f.* Pía (*na pila bautismal déranlle o nome de Leovixildo* FEI 102).

pilo, pilón *s.m.* Especie de pía para diferentes usos (*As sardiñas revenidas, non deben estar no pilo máis aló de*

medio día coc 106; e no medio hai fonte prá xente e pilón prá bestas SIN 30).

pimenta *s.f.* Pementa (*O todo misturado, cun pouco de pimenta e unha bechamel lixeira coc 75).*

pimentada *s.f.* Pementos fritos (*e tíranos daquela unha pimentada, cunhas patacas cocidas pra remollar no aceite no que está a sal coc 34).*

pimentar *v.* Pementar, botar pemento á comida (*Botar allo picado, digo, pimentar, salar i especiar con un algo de ourego en pó i engadindo auga coc 16).*

pimenteira *s.f.* Pementeira (*con tanto tomate como agora se usa, zaragallada tomateira, pimenteira, ceboleira... coc 107).*

pimentón *s.m.* Pementón (*despois de téla un par de días adobada con allo, vinagre, pimentón e loureiro FEI 151).*

pinar *s.m.* Piñeiral, piñal (*no pinar de Tragobe fundador TES 32).*

pincerna *s.m.* Persoa que leva a vara nos actos públicos ou que serve ó seu señor noutros mesteres (*precedido de pincerna con vara de prata e seguido de monaguillo con almofada de veludo CRO 18).*

pineta *s.f.* Piñeiral (?) (*Non hai un reiseñor na pineta porque foi xantado polas mozas CRO 108).*

pingueo *s.m.* Acción de pingar (*ibase coa música, coa música do pingueo do corno, a outra parte FEI 24).*

pintureiro *adx.* Dise de quen presume de fino e elegante (*El era parrafeador e pintureiro CRO 142).*

piñonate *s.m.* Pasta feita de piñóns e azucre (*mandáballa á divorciada doces de améndoa con mel e pastel de piñonate XEN 84).*

pior *adx.* Peor (*pro a colleita foi do pior ESC 99).*

piperita *adx.* Variedade de menta moi apreciada polo aroma (*un xudeo jázaro, que tiña alí tenda de menta piperita MER 90).*

pirandellián *adx.* Relativo ó escritor Pirandello (*que é feito, de parte, por sere suxeto coma pirandellián coc 63).*

piripol *s.m.* Variedade de herba (*hai agora algunha herbiña, piripol como en tellado, e musgo moito, que fai prados SIN 161).*

pirixel *s.m.* Perexil (*frítense uns filetes de porco, adobados con allo e pirixel, e rebozados en miga de pan coc 14).*

pirmeiro *adx.* Primeiro (*¿quén pode tirar a pirmeira pedra? HAM 62).*

piropear *v.* Dicar piropos (*o lorito, con puro acento baiano, como si fose un humano galán, piropeaba... FEI 110).*

- pispar** v. Roubar, furtar (*¿non se soupo que faltase? -Naide pispóu nada, nin isa vella bruxa das rizadoras* CRO 123).
- pitañoso** adx. Lagañoso (*están gardando os tesouros en figura de vella fea, os ollos pitañosos, sin dentes* TES 45).
- pitillo** s.m. Cigarro (*Era coma un pitillo, alongado e redondo* XEN 43).
- pitís** adx. Pequeno (*e tiñan un cadelo pitís a quen don Merlín ensiñara a asubiar una alborada* MER 136).
- pitisú** s.m. Rapaz (*¡Vaia co meu pitisú, que xa vai emprumando* CRO 73).
- pitisú** s.m. Pastel pequeno (*cun paqueteño de pitisús pra a casa* XEN 85).
- pizca** s.f. Chisca, cantidade pequena de algo (*recheo de carne de pichón, desosada, cunha pizca de pimento verde* COC 31).
- placiano** adx. Palaciano (*a praza era pra unha cara placiana e leda* SIN 30).
- plan** s.m. Onomatopea do ruído do tambor (*iba imitando o tambor: ¡Plan, plan, rataplán, plan, plan!* XEN 127).
- plancha** s.f. Grenlla (*O linguado cómese frito ou á plancha* COC 100).
- planchado** s.m. Pasada do ferro para estira-la roupa (*por si lles facía falla lavado e planchado, ou recoser un bordado* COC 140).
- planchador** s.m. Persoa que se dedica a pasa-lo ferro á roupa (*Músico francés, planchador de almidón na Corte de Versalles* MER 146).
- plantexar** v. Presentar, ofrecer (*O problema principal que se lle plantexaba ao canteiro, chamado señor Avelino, era cómo encher de áer o fol* FEI 63).
- plata** s.f. Prata (*Na botica de meu pai mercaba nitrato de prata pra queimar as berrugas* ESC 105).
- plateiro** s.m. Prateiro (*O abó fora plateiro de fama* ESC 101).
- plática** s.f. Sermón, conversación (*nunca adeprendín a guisar con xeito as pláticas que me ensiñaba* CRO 73).
- platiño** s.m. Prato pequeno (*Unha sobriña sua vendía as letras e pasaba o platiño* FEI 103).
- plato** s.m. Prato (*botábanlle nun plato dúas cazoladas de salsa de estofado* COC 111).
- plaza** s.f. Praza (*chegóu salmón á plaza, e antoxóuselle á muller* COC 92, *pareceulle mui apropiada a plaza do Obradoiro* FEI 86).
- pleamar** s.f. Preamar (*entraban un no outro en pleamar* MAR 22).
- plegable** adx. Que se pode pregar, dobrar (*estaba mollando unha miga de pan no viño que botara nun vaso plegable* FEI 75).

- pleitear** v. Preitear (*Os que mercaron os bés foron precisamente os que pleiteaban co Ferrallo* ESC 135).
- plomada** s.f. Chumbada, peza de chumbo colgada dunha corda que sinala a liña vertical (*soster cos dedos pulgar e índice a plomada, vertical á ponta do pé* ESC 72).
- poa** s.f. Planta gramínea que abunda nos lugares areosos (*camposa e xesteiras, pasteiros con poa e trébole* XEN 112).
- pocillo** s.m. Pequena cunca para o café ou o chocolate (*tras rebañar o sucre no pocillo do café coa cullereta* ESC 134).
- pociña** s.f. Poza pequena (*atopábase sentado no chan, a carón dunha pociña de auga* FEI 127).
- pociño** s.m. Cunca pequena (*botarlle un pociño con viño branco seco ou coñac* COC 118).
- podeiroso** adx. Poderoso (*coidan que tiveran pro crime un motivo máis, unha razón podeirosa* HAM 58).
- poderdante** adx. Que dá poder (*O duque estivo seis horas na xastrería, que era, decía Muñiz, «mui poderdante» e non acababa de atopar defeutos* XEN 87).
- poeira** s.f. Terra reducida a pó (*e na poeira, como dure tres días, nace e medra iste pirixel* SIN 18).
- poente** s.m. Poñente (*pon o pé de lado, de levante a poente* SIN 92).
- poilo** conx. "Pois" co artigo "o" (*Poilo mesmo gabán de pardomonte gasta agora* MER 81).
- polcrear** v. Procrear (*máis unha lira de ouro de Pisa, por si polcreaban* CRO 68).
- polemarcos** s.m. Xefe do exército na antiga Grecia (*i entendinme co polemarcos Cristoforos* MER 38).
- polido** adx. Pulido (*A túa graciosa man somentes foi un polido mandadeiro* HAM 80).
- poliño** s.m. Polo pequeno (*perguntaban qué facían alí soltos aqués poliños* FEI 77).
- polis** s.f. Na antiga Grecia, comunidade política que se autoadministraba (*hai que decir así, coma si foran xente de polis grega* COC 76).
- poltro** s.m. Poldro (*unha carteira de pel de poltro* ESC 144).
- polvo** s.m. Polbo, molusco cefalópodo (*O pulpo, -ou polvo, que aínda lle chaman* COC 83).
- pomarada** s.f. Pomar, terreo plantado de maceiras (*Toda a ribeira aquela é unha pomarada, i a valiña un praderío* MER 119).
- pombeiro** s.m. Pombal, lugar onde viven as pombas (*ela non quería que a grande cidade fora queimada, que tiña nela un pombeiro* MER 36).

pomiño, pomo *s.m.* Frasco para conter sobre todo perfumes (*a señora verquén nela un pomiño de albafor que recendía a canela* MER 108; *traguía na faldriqueira un pomo con auga destilada da barba de San Ciriaco* MER 129).

pondeado *adx.* Colgado (*era a grande espada que levaba pondeada por dous estribos do cinto* MER 73).

ponla *s.f.* Póla (*Deixo o meu corazón nunha ponla de salgueiro á noite* HER 137).

ponta *s.f.* Punta (*Coa ponta da vaina do longo sabre no chan* CRO 91).

pontecostés *s.f.* Pentecoste (*pro que o día de Pentecostés que ven* MER 28).

pontiña *s.f.* Punta pequena (*Tiña ela un aquel de sacar a pontiña da lingua i amollar os beizos* CRO 88).

ponto *s.m.* 1. Punto, límite (*reconecendo nela poderes máxicos, deica o ponto que despoixas de darlle a menciña ó doente, pónenlle decontra barriga o retrato* ESC 80). 2. Sitio, lugar (*facer as suas necesidades perto dunha pena, e nese ponto o lobo saía do seu círculo de defensa* FEI 74). 3. Grao (*un torrezniño, que pon na boca, a carón da mel, un ponto de salado* coc 150). 4. Instante (*Mareábase a bordo daquel soñar torpe, nun ponto decatouse de que lle iba mesmo a estalar a cachola* SIN 145).

5. Materia, asunto (*¡Hai que ensinarme ese ponto! Capitán Alteza, mañán daremos esa lección* NOI 289).

6. Aspecto (*porque había un ponto en que o caso deixaba de ser verdá* SIN 60).

7. Son (*Cando a algún lle escoito o ponto da voz rouca* NOI 266).

popelin *s.m.* Popelina, tecido fino de algodón (*dice as calidás sin trabucarse, si é pana, si sarga, si satinado, si seda crúa, si popelin* SIN 150).

porcoteixo *s.m.* Teixugo, teixo (*pra que mollase os pinceles de pelo de porcoteixo* SIN 113).

poridá, en loc. adv. En puridade, realmente (*porque tratábase, en poridá, duns ruidos coma de mur en faiado* XEN 77).

pormesa *s.f.* Promesa (*Choréi os sete chorares, i alá se foi Pierre con pormesa de estar pra Santos e Difuntos en Audierne* CRO 46).

porpasado *adx.* Propasado, extralimitado (*mais que unha memoria porpasada* MER 134).

porpasar *v.* Propasar (*que non era nada dado a porpasarse en convidadas* SIN 47).

portacolas *s.m.* Persoa que suxeita o vestido doutra para que non arrastre (*foi cunha gorra de plumas i o seu enano de portacolas* MER 134).

- portalada** *s.f.* Portada que dá acceso ó patio dunha casa grande (*Cando vol-vín a Miranda estábame agardando mi amo na portalada* MER 104).
- portante** *adx.* Portador (*Pasóu en Po-loña por portante da peste bubónica* CRO 133).
- portear** *v.* Levar algo dunha parte a outra (*Levaba na cabeza, valeira, a cesta en que pola mañán os porteara* XEN 67).
- posibre** *adx.* Posible (*Quero decir tamén cómo é posibre chegar a falar cos tesouros* TES 73).
- postear** *v.* Poñer postes (*A trabada pra función puñérama contra a parede da eirexa vella, e posteáрана con santos do Calvario* CRO 104).
- postema** *s.f.* Absceso de pus (*malparían vacas e casadas que o tiñan mirado, entráballe febre postema á habenza* CRO 96).
- postigo** *s.m.* 1. Porta pequena dentro dunha grande (*o enano tivo que arribar un coio pra empinarse no ferro do postigo i abrirme a portalada* MER 97). 2. Porta de entrada a unha vila (*Voado o postigo, entramos cantando Tonnerre, tonnerre de France polas estreitas rúas* CRO 55).
- postilleira** *s.f.* Pescante, asento exterior dos coches onde vai o conductor que goberna os cabalos (*por detrás querían empenicarse na postilleira* CRO 103).
- postín** *s.m.* Cousa que parece de mellor calidade do que é (*quería que fose de postín, con asas de bronce e forrada do millor* FEI 159).
- postreiro** *adv.* Posteriormente (*Postreiro, resultóu que era un demo vacante* CRO 128).
- pouquichiño** *adx.* Pouco (*Onde cai o cuspe, fai un pouquichiño de lume* ESC 119).
- pousafoles** *s.m.* Persoa preguiceira (*¡Un rei non é un pousafoles!* NOI 287).
- pracer** *s.m.* Gozo dos sentidos (*quitáballe todo pracer as viaxatas por aquela urbanidá segreda* CRO 141).
- pradeiría, s.f. praderío** *s.m.* Pradería (*dende o alto era mui alegre de mirar a veiga do Blavet, toda unha pradeiría abaixo* CRO 23; *onde a barranca de Eirrelle ábrese nun praderío verde* XEN 72).
- práctica** *s.f.* Práctica (*isto está na base de toda práctica relixiosa sacramental* TES 65).
- pranta** *s.f.* 1. Planta, vexetal (*é sabido que pra que ista pranta teña todo o seu poder...* MER 32). 2. Cada un dos pisos dun edificio (*A casa era dunha pranta e sobrado* CRO 95).
- prantar** *v.* Plantar (*pra labrar a terra cando os antepasados prantaran as pedras do sol* TES 58).

- prantexar** v. Expoñer (*Decátome que foi prantexarlle a Rello, que era un bo home, un caso de concencia* XEN 57).
- praquiña** s.f. Placa pequena (*e cunha praquiña que decía que era propiedade do lieutenant de vaisseau Lavièbre* XEN 144).
- preciar** v. Prezar, ter en estima (*Das cousas que Sinbad máis se preciaba era de saber as etiquetas dos señores reás de Oriente* SIN 64).
- precurar** v. Procurar, buscar (*o encanto que crean iles mesmos pra entregarse a quen os precura* TES 65).
- pregue** s.m. Prego, dobra nun tecido (*que se puxo a colgarlle á tina unha faldra de pregues* MER 108).
- preguizo** s.m. Preguiza (*O de preguizo era debido a que se erguía mui cansado do que lle pasaba en soños* FEI 127).
- premuroso** adx. Apresurado, que ten présa (*nun corazón que batía seguido, premuroso, forte, cheo* HAM 81).
- prendado** adx. Dise do que queda abraiado, admirado (*o cal quedou prendado da arte do verdugo* FEI 17).
- prendeiría** s.f. Conxunto de prendas (*Como o gasto que fan o trasnego de prendeiría fina é muito* CRO 142).
- prepósito** adx. Encargado. Instituído (*Foi a botica de Meira a mercala triaca prepósita i as píldoras* MER 142).
- prerrafaelista** adx. Que é da arte anterior a Rafael (*Eu non catéi nunca, pesie á miña amizade cos prerrafaelistas* COC 53).
- prescripción** s.f. Prescrición, fin dun dereito ou deber por transcorrer un prazo legal (*Menos mal que os abogados cristianos inventaron a prescripción* FEI 33).
- preste** adx. Presto, disposto (*Inda non amencera cando eu xa estaba preste* MER 115).
- préstimo** s.m. Préstamo (*os dezasete soberáns que lle quedarían do préstamo de Monsáide* SIN 142).
- pretina** s.f. Petrina, o que cingue ou rodea unha cousa (*Foi coma si me desabotonasen a porta do fígado, ou a pretina do bazo, ou a dos rís* XEN 161).
- prigue** s.m. Prego (*I amosou Sinbad, sacando dun prigue do turbante, un limón dourado* SIN 57).
- priguiza** s.f. Preguiza (*Os dacolá teñen fama de cansos, avaros, e mui solenes na súa priguiza* ESC 151).
- primado** adx. Que avantaxa ou é máis importante cós da súa clase (*pasóu primeiro a Quimper e logo a Rennes, e da vila primada achegouse a Bagnoles de l'Orne* CRO 43).
- primadona** s.f. Muller principal, primeira actriz (*eiqué ven una primadona*

- que se chama Jacomini da Monza* CRO 102).
- primaveira** *s.f.* Primavera (á sombriña no verán, ao soliño en primaveira ou outono COC 85).
- primeirizo** *adx.* Que fai algo por primeira vez (de andar tan solaz e bandeado coma unha preñada primeiriza MER 41).
- priora** *s.f.* Pioresa (-que a collía coa pontiña dos dedos, coma o muslo de pichón a priora, tan delicada, dos contos de Chaucer- COC 61).
- probe** *adx.* Pobre (Pódese facer un caldo probe, con soio unto por toda grasa COC 22).
- probeza** *s.f.* Pobreza (Decátome ben da miña probeza e do que se perdéu TES 31).
- procrama** *s.f.* Proclama (Eu estaba faguendo unha procrama contra os ladrós cando chegou a nova HAM 53).
- profillar** *v.* Porfillar (cando voltara a Caen, profillábame e pasábame a clientela CRO 66).
- profondamente** *adv.* Profundamente (Ela era aquela profundamente meditativa á que todo lle nascía dos ollos POE 108).
- próximo** *adx.* Próximo (rube un escano ou dous das escadeiras mais próximas ó proscenio HAM 70).
- promediado** *adx.* Mediado (Derriba da táboa tiña promediada una botella de tinto CRO 95).
- propiedá** *s.f.* Propiedade (os faroles devanditos eran na nao de propiedá particular do capitán SIN 110).
- pros** *prep.* "Para" mais "os" (fixo unhas five-las de ouro pros zapatos ESC 102).
- prósimo** *adx.* Próximo (E xa que simplesmentes fuxe seu corpo ao meu alento tan próximo! DON 113).
- prospeito** *s.m.* Prospecto, descripción (Pro agora non iba a contar do señor Merlín, senón a facelo prospeito da súa casa MER 18).
- protomedicato** *s.m.* Cargo de protomédico, médico principal dun rei (tamén estaba todo o protomedicato das Dúas Sicilias MER 58).
- proveedor** *s.m.* Proveedor (Proveedora de luares dos Reises de Portugal FEI 61).
- provisto** *adx.* Fornecido (merendendo nelas, pra o cal iba provisto de pan, xamón, queixo, uns chourizos FEI 16).
- pruma** *s.f.* 1. Pluma (do teito colga e chega ó chán de azulexos mouriscos unha grande pruma de ave SIN 25). 2. Instrumento para escribir (un diles, que amén de home de ferro era home de pruma MER 33).

prumeiro *s.m.* Instrumento de limpeza (*Un enano cun prumeiro quitáballe o pó dos borceguís* SIN 68).

prumón *s.m.* Plumón, pluma máis delgada das aves (*tan solazada sempre no seu turbante de prumón de perdiz* SIN 53).

prusia *adx.* Dise dunha variedade de azul (*ficaba no lugar pedido un luar azul prusia* FEI 61).

pubricar *v.* Publicar (*Morand folklorista, que andivo a Bretaña recollendo cancións, -e pubricóunas-* COC 80).

púbriico *s.m.* Público (*e facer o xogo diante do púbriico* XEN 131).

pucheira *s.f.* Vasixa de barro máis ancha e panzuda có pucheiro (*Cordal fixo todo o que puido, indo tres noites ós labradíos cunha pucheira de barro chea de brasas* ESC 99).

puirideiro *s.m.* Podreiro, lugar no que podrecen as cousas (*pro convertimos a Elsinor nun puirideiro* HAM 21).

pulgada *s.f.* Polgada, medida de lonxitude duns dous centímetros e medio (*Polas noites aparte de min a miña carne, miro pra ela, rexístroa pulgada a pulgada* HAM 73).

pulgar *s.m.* Polgar, dedo primeiro e máis grosa da man (*e soster cos dedos pulgar e índice a plomada* ESC 72).

pulpeira *s.f.* Polbeira, persoa que vende ou cociña polbos (*A pulpeira ten un gancho pra tirar o pulpo da pota na que cocéu* COC 84).

pumar *s.m.*, **pumarada**, **pumariña** *s.f.* Pomar, terreo plantado de maceiras (*faría o almozo sob das ponlas froldas do seu pumar famoso* CRO 20; *aquí está o obreiro que foi podar a pumarada* CRO 124; *mandóu que lle trougeran unha mazá da súa pumariña e cheirouna* CRO 131).

puntal *s.m.* Altura dun barco (*e sacou que de eslora por ahí se iban, pro que en manga i en puntal desaparellaban* SIN 76).

puntego *s.m.* Punta («Picadillo» recomendaba que non se lles tirase, co puntego que fica do tallo, as sementes, ate que fosen asados COC 35).

puntiña *adv.* Pequena cantidade (*cunha puntiña de touciño e un óso de cana, si se pode* COC 113).

puntualidad *s.f.* Puntualidade (*Sería para atender á puntualidad dos réditos* ESC 126).

puñeta *interx.* Expresión de enfado (*Tamén podías apearte de tanta virtú, puñeta!* SIN 167).

purrar *v.* Puxar (*tiña dunha correa un can lobeiro, que purraba por arrincar ós chegados* CRO 89).

purrela *s.f.* Viño de baixa calidade (*Non pensen que é viño do Rosal esa purrela gaseada que dan nos bares das vilas coc 159*).

puteo *s.m.* Mundo relacionado coa prostitución (*Todas, pois, nos primeiros anos da miña mocidá, foron novelas de puteo as que me foron educando CRO 43*).

Q

quebranoces *s.m.* Instrumento para crebar noces (*¡Pra dar-me morte, pedide prestado un quebranoces!* FEI 156).

quechemarín *s.m.* Embarcación china (*Quechemarín da verde bandeira, o mariñeiro ú é?* DON 124).

quedanza *s.f.* Sosego, quietude (*Era mui calmoso no falar e de poucos xestos, e ista quedanza súa chocaba coa vivez dos ollos craros* ESC 98).

queixón *s.m.* Caixón (*tiña os anacos nun queixón da mesa* TES 91).

queizaves *adv.* Quizais (*Disto podían deducirse muitas cousas e queiza ves craras espricaciós pra unha mancha de fábulas arredor de tesouros* TES 72).

quendas *s.f.* 1. Primeiros días de mes (*Aproveitaba as Quendas -as kalendas de Maio-, pra cortarse o pelo* XEN 66).
2. Data indeterminada (*hastra lle puxen paga pra aquelas quendas* CRO 67).

quenlle *s.m.* Quenlla, canle (*as naos de Melinde saen do país deixándose caer por un quenlle de madeira de carballo* SIM 158).

quentor *s.m.* Quentura (*Perrón miráballe o quentor da fronte* ESC 57).

quezáis *adv.* Quizais (*un auga quezáis, que se amosa por dous pozos xemeos* HER 140).

quiñón *s.m.* Parte que corresponde por un negocio (*quería saber si o quiñón de Sinbad era libre ou acostumaba parte por sorte* SIM 75).

quiquirear *v.* Canta-lo galo (*subíase á cancela da eira e quiquireaba irado e parecía que quería tirárselle aos ollos* FEI 79).

quirinal *adx.* Pertencente ó Estado italiano (*o millor era enveliñar tamén as vaticanas e quirinales* CRO 69).

quisque *pron.* Cada un, tódalas persoas (*mandaba que lle cortasen a cachola a todo quisque que o mirase de esguello* MER 88).

quitasol *s.m.* Especie de paraugas para o sol (*O quitasol branco, como sabe-des, chámase, de «Sal el Sol»* MER 27).

quitatrevas *s.m.* Nome que lle dá o personaxe Merlín a un tipo de quitasol

(Millor que quitasol debíase de decir quitatrevas, e ten por nome «Luceiro» MER 27).

quizabes, quizáis, quizás, quizaves adv.

Quizais (*Quizabes todo penda niso, en que non ouvira o esportador* ESC 90; *Un*

alabardeiro eu son, quizáis, ou un arqueiro montado HAM 10; *Quizás chegaran alí familias de lonxe, ou teñen mistura de baluros* XEN 60; *Coido que o arroz entróu en Galicia como doce, arroz con leite, quizaves dende as Asturias* coc 11).

R

rabé *s.m.* Rabel, instrumento musical de corda (*¡E por algo lle puxeron ise tocador de rabé sentado na popa!* SIN 76).

rabexa *s.f.* Rabia (*mira o que lle durou a rabexa ao bispo de Lugo* FEI 95).

rabicho *s.m.* Asa do extremo da coroa da rede na arte da xábega (*entón pásome a pórllle póla parte do rabicho unha bandeiriña verde* SIN 76).

rabínico *adx.* Relativo ós rabinos (*según a interpretación rabínica máis usual* TES 69).

racioeiro *adx.* Racioneiro, que distribúe as racións nas comunidades (*pasóu a Pontivy de sochantre racioeiro na Santa Colexial Capela* CRO 13).

rafega *s.f.* Racha (*Atendo, asemade, a todo o que se escoita en Elsinor entre rafega e rafega de vento* HAM 58).

rafegada *s.f.* Serie de rachas (*ou estivese tan embeito nas rafegadas da súa vida que se lle fose* CRO 60).

raiba *s.f.* Rabia (*Morto o can acabouse a raiba* HAM 82).

raiolán *adx.* Raioleiro, dise do sol cando sae por entre as nubes (*partira en dous a mazá do ceo, unha metade de cinza i outra de sol raiolán e xaneiriño* CRO 24).

raiolar *v.* Luci-lo sol (*frías néboas do río Blavet, que non deixaban raiolar o sol no mundo* CRO 17).

rajá *s.m.* Raxá, rei ou príncipe hindú (*pesie a que o rajá levaba dous ou tres anos sin deitarse coa rajaní* XEN 141).

rajaní *s.f.* Muller do raxá (*pesie a que o rajá levaba dous ou tres anos sin deitarse coa rajaní* XEN 141).

rallado *adx.* Esmiuzado (*o ollomol vai ao forno, coas súas rodallas de limón, co seu pan rallado* COC 101).

ralladura *s.f.* Acción ou efecto de esmiuzar (*¡hai que bañalo en aceite frito, salalo, cubriilo con ralladuras de pan!* COC 91).

ramallada *s.f.* Conxunto de ramas e ramallos (*apartando as chamás como quen aparta no bosque unha ramallada* CRO 77).

- rambla** *s.f.* Sitio por onde baixa auga da chuvía (*e por unha rambla báixase ó peirao* SIN 22).
- ramona** *adx.* Podada (*estaba eu á sombra da figueira ramona* MER 23).
- rampa** *s.f.* Plano inclinado para subir ou baixar (*retellou a casa, e fixo por fora unha rampa de madeira* FEI 54).
- rañarse** *pr.* Rabuñarse. Refregarse (*e que tiña que aguantarse sin rañarse* XEN 98).
- rapacete** *s.m.* Rapaz de curta idade (*Eu fun mui tentado, dende rapacete, a inquerir sober tesouros* TES 36).
- rapaciña** *s.f.* Rapaza pequena (*vai a rapaciña i esmaíouse* ESC 109).
- rape** *s.m.* Peixe sapo (*O rape pode xantarse asado, en salpicón, frito en filetes* COC 102).
- rapé** *s.m.* Tabaco en po (*todos istes servicios en pago dunha toma de rapé máis que mediana* CRO 21).
- rasgada** *s.f.* Rachadura (*sin máis dano que un croque na fronte i unha rasgada na brusa, montou no cumio* SIN 141).
- rasgar** *v.* Rachar, esgazar un anaco de tea (*Déixame rasgar coas miñas mans isa seda amarela do teu xubón* HAM 40).
- rasguear** *v.* Facer letras ou adornos nun papel (*a pluma saíu da escribanía e rasgueou rápida no papel* FEI 121).
- rasguñar** *v.* Rabuñar, riscar (*aquele grán de area que rasguñou no seu mapa* SIN 63).
- rastras, a** *loc. adv.* Arrastrándose polo chan (*Fuxín non sei por ónde, a rastras, a tentas* NOI 276).
- rastreo** *s.m.* Acto de rastrear (*todo o tempo ao axexo e rastreo da fera* FEI 74).
- rataplán** *s.m.* Son do tambor (*iba imitando o tambor :-; Plan, plan, rataplán, plan, plan!* XEN 127).
- raudo** *adx.* Rápido (*Onde o vento vai, vai o primeiro, fillo escolleito e raudo no cabalo* HER 145).
- realidá** *s.f.* Realidade (*iba matinando no caso, e si vira ao pequeno en realidá de verdá, ou non* XEN 95).
- reame** Errata por realme, reino (*Isto pasóu fai por agora un ano no reame de Nápoles* MER 58).
- rebanada** *s.f.* Rebanda (*déixase ferver a todo, pro non tanto que se esfarelen as rebanadas de pan* COC 146).
- rebanar** *v.* Rebandar (*que si se cortan a rebanar, non se sabe o que trae dentro o codo que a ún lle dan* COC 61).
- rebañar** *v.* Arrepañar (*E non era, asegúrame o Vilarego, tras rebañar o zucre no pocillo do café coa cullereta* ESC 134).
- rebocar** *v.* Abafar, avergoñar (*e non me reboca decir agora* CRO 44).

- rebordiño** *s.m.* Pequeno borde (*deses allos de Zamora, que cada dente ten un rebordiño morado* coc 84).
- rebozo** *s.m.* Acción de rebozar (*ponse nunha fonte o que podemos chamar rebozo, con azucre por derriba* coc 145).
- rebrilo** *s.m.* Brillo intenso (*Dito está que os corazóns somentes se miden pólo rebrilo dos ronseles groriosos* sin 49).
- recachado** *adx.* Vistoso (*cruzado de brazos, e coas nádegas mui asentes e recachadas no turbante branco de Mansur* sin 46).
- recandeo** *s.m.* Floración de certas árbores (*metéuse polo atallo, onde estaban, fermosamente lucidas de recandeo, as ponlas dos castiñeiros* xen 137).
- recatar** *v.* Encubrir (*Un viño ilustre, sin dúbida o de Amandi, moi cortés, recatando o «bouquet» ao comenzo, pra despóis deixar que viva na boca* coc 158).
- recaudador** *s.m.* Recaudador (*aparecéu morto un recaudador de trabucos que se chamaba Liñares* xen 140).
- receición** *s.f.* Recepción (*o día da miña receición académica* tes 30).
- recén** *adx.* Que acaba de nacer, novo (*abre a coda, máis fina que pel de recén* coc 138).
- recendo** *s.m.* Cheiro agradable (*Quero un pavillón para o meu medo e outro pra derramar recendos pólo fio da espada* her 142).
- receta** *s.f.* Receita (*Eu coido que quiza ves seña unha receta vella, digamos do XVIII* coc 114).
- recetar** *v.* Receitar (*adeprenden alí os médicos a recetar en latín polo Donatus* mer 78).
- recetario** *s.m.* Receitario (*este libro, no que falo da cociña galega, do recetario usado polos galegos na súa cociña* coc 10).
- recoberto** *adx.* Recuberto (*ise mandóu que o trono, os escanos recobertos de pano de burro i a cama nupcial, tiveran forma de nao* ham 14).
- reconocer** *v.* Recoñecer (*como o meu primo el rei don Sebastián, poderán reconocerme* fei 61).
- recoñecimento** *s.m.* Recoñecemento (*Recoñecimento de Harold Godwinson* her 156).
- recorde** *s.m.* Recordo (*Un dos máis coloados recordes meus de rapaz, é o de ver na praza do mercado, en Mondoñedo* coc 35).
- reclamar** *v.* Reclamar (*El Rei vello, en poridá, pode reclamar a túa xusticia* ham 26).
- recluir** *v.* Recluír (*Ofelia, recrúiete na túa cámara* ham 71).

recucho Errata por recuncho (*Entón o murigante saíu do seu recucho* ESC 118).

recurrir v. Recorrer (*Ahí -dixo o escribano-, tamén se podería recurrir coa Lex Iunia de Peregrinis* CRO 77).

recheo *adx.* Recheado (*eu catéi a lamprea curada rechea de lamprea fresca* coc 95).

recheo *s.m.* Preparado culinario (*os millores son os que levan recheo de carne de pichón, desosada* coc 31).

redoblar v. Redobrar (*Redoblaba mui ben, e atopóu unha marcha que lle acaía á súa perna pequena* XEN 127).

redoble *s.m.* Redobre (*E respondéume cun redoble ledo e mui amistoso* XEN 128).

redondeza *s.f.* Redondez (*Dá un calor por toda a redondeza de drento do corpo que moito se agradece* coc 25).

reembolso *s.m.* Envío dunha mercadoría que se paga ó recibila por correo (*Mandábanllas contra reembolso desde Barcelona* XEN 134).

refaguer v. Refacer (*a refaguer os colchós* ESC 151).

refirmar v. Reafirmar (*refirmarlle o estribo e sacudirlle o pó do lombo coa miña pucha* MER 95).

reflesión *s.f.* Reflexión (*somentes uns poucos saben comer, i engadía que é*

coa reflesión, co pensamento, como debemos escoller os nosos platos coc 9).

refogar v. Sazonar con aceite a lume lento (*bótaselles o aceite en que se refogaron* coc 31).

refraneiro *adx.* Relativo ó refrán (*un que teña memoria refraneira, solta o dito* coc 15).

refreisivo *adx.* Reflexivo (*Voces, as do Coro, súpetas unhas, apaixonadas outras, outras graves e refreisivas* HAM 19).

refrexar v. Reflectir (*Soñades a doce primavera de antano nesa frol que refrexa o seu van no negro pozo dos vosos ollos?* DON 127).

refrexo *s.m.* Reflexo (*sardiñas secas e afumadas, con loureiro, ás que lles nacen uns reflexos de ouro* coc 107).

regalador *adx.* Amigo de regalar (*tan mirado con propios i estraños, tan regalador!* HAM 68).

regate *s.m.* Regateo (*estás vendo a feira e máis os tratos, a pacencia aldeán, o demoro no regate* coc 85).

regateador *s.m.* Regateiro (*Trato como poido, ás veces axudado por expertos e grandes regateadores* coc 119).

regla *s.f.* Regra (*O Laureaniño iba mui medrado, xa sabía a regra de tres* FEI 149).

- reglamento** *s.m.* Regulamento (*¡O bigote é decontra o reglamento! NOI 286*).
- regoldador** *adx.* Dise do que arrota moito (*Isto traguía ó abade, que era mui regoldador CRO 137*).
- regoldar** *v.* Arroter (*regoldaba por consello do médico CRO 18*).
- regolfo** *s.m.* Volta da auga ou do vento contra o seu curso (*Ese regolfo de chamas e sombras remexidas onde van e retornan derrámanse os pés da loira danzarina DON 129*).
- regordecho, regordete, regordo** *adx.* Gordo (*cando Sinbad lle apreixaba a mán regordecha e adobada con enxundia de galiña SIN 41; Eso non é nada!, dixo o home, que era regordete e colorado, e lucía grandes bigotes XEN 45; a quén de neno chamaban «Fol» e «Baluga», porque era regordo, canso e brando ESC 73*).
- regueifa** *s.f.* Disputa (*entróu o coronel Coulaincourt e púxose na regueifa CRO 90*).
- reigaña** *s.f.* Raíz (*¿Vedes iste dente de tres reigañas? ESC 109*).
- reina** *s.f.* Raíña (*Pesegos varios, nísperos, ameixas, -a claudia reina é unha delicia de meles diversas- COC 154*).
- reitamente** *adv.* Rectamente (*dende os gregos sabemos que un rito ou un sacrificio reitamente cumprido é infalíbel TES 65*).
- reitificar** *v.* Rectificar (*A ver si te reitificas!, dáxolle o menciñeiro XEN 114*).
- reitoral** *adx.* Rectoral (*O can escapóu da reitoral, i andaba coma tolo ESC 135*).
- reitre** *s.m.* Soldado da cabalería alemana (*¿Ou é que tamén os reitres gobernan os pazos dos ventos i as ondiás dos ríos? CRO 112*).
- relacioado** *adx.* Relacionado (*lady Augusta Gregory que había a Capa de Ouro, entre gaélicos relacioada co mito da Xoia Xaspeada XEN 19*).
- relembra** *v.* Recordar (*a receta das Terras Soberanas de Sedán, que eu relembrei no meu libro La Cocina Cristiana de Occidente COC 50*).
- relembro** *s.m.* Recordo (*Rompéu a súa vida nova i os seus relembros perdidos CAN 30*).
- relente** *s.m.* Relento, humidade (*non coñece os relentes da corte, nin a pesadeza dos grans COC 128*).
- relear** *v.* Regatear (*o Toulet releóu has tra que llas sacou en medio franco CRO 99*).
- releve** *s.m.* Relevo (*tiña unhas fermosas tapas, cunhas corzas en releve FEI 67*).
- reló** *s.m.* Reloxo (*Unha mañán, co reló na man, cheiroulle a queimado FEI 67*).
- reloxeiro** *s.m.* Persoa que vende ou repara reloxos (*o que quería era exercer o oficio de reloxeiro FEI 67*).

reloxio *s.m.* Reloxo (*El tiña os ollos afeitos a tronzar a hostilidade que deitan os reloxios e os faios* POE 86).

relucinte *adx.* Relucente (*que noutro tempo o mantiña con sangue de home, co cal estaba sempre relucinte* TES 38).

relume *s.m.* Resplandor (*O sol dáballen eles e brillaban, e as perlices, vendo de lonxe aquel relume, íbanse* FEI 111).

remí *adx.* Cristián para os mahometanos (*un forasteiro alto nove coartas remíes* SIN 42).

remisorio *adx.* Dise do que ten a virtude de perdoar (*Quen en Lorena é causa remisoria, -apuntou o escribano de Dorne-* CRO 59).

remitir *v.* Redimir, liberarse (*andan [...] hostes cabaleiras, ánimas remitíndose de obrigas* CRO 9).

remorso *s.m.* Remordemento (*quédame, sober todo, o remorse de non ter engadido algunhas historias* TES 94).

remprazo *s.m.* Reemprazo (*O Mariscal de Turena mandoume saír pra Sedán, de emprazo* CRO 56).

remusgar *v.* Avivar (*Arfe o Novo remusgou co ferro nas brasas da estufa* SIN 151).

renacemento *s.m.* Renacemento (*que son carnes dos renacementos e dos tempos de poder e de gloria* COC 129).

renacer *v.* Renacer (*ese malvís que tanto áer enfrauta cada día que amence renasce e asubía* DON 115).

rencher *v.* Rechea (*unha lá torcida que se chama dovinet, i é boa pra rencher pelucas* CRO 103).

renquear *v.* Renguear, andar con dificultade (*o can veu renqueando a apou-sar a cabeza nos meus xionllos* CRO 29).

rentable *adx.* Rendible (*era rentable fabricar pimentón* FEI 115).

repantigarse *pr.* Repantigarse, recostarse comodamente (*repantingarse un pouquiño no sillón* MER 110).

reparto *s.m.* Servicio ou sección dunha vila (*Non estaba nos bombeiros de Los Toldos, ni en ningún dos repartos da capital* XEN 31).

reperguntar *v.* Volver a preguntar (*¿Cándo llo botas ti?, reperguntaba o borsabadí* SIN 100).

repersentar *v.* Representar (*¿Cando a repersentarán?* HAM 61).

repeso *s.m.* Peso, forza (*nun tapadillo que na vila ducal tiña un peinador marsellés, por tráis do repeso da carne* CRO 58).

repinicado *adx.* Repenicado (*botaron unhas cantatas repinicadas e tan ledas* SIN 41).

- repinicar** v. Repenicar (*i o reló estaba puntando pra repinicar mesmo cando o polo chegaba á táboa* ESC 143).
- repinique** s.m. Repenique (*preguntándolle cun repinique de dedos como andaba de color* FEI 59).
- replado** adx. Repoboado (*a troita arco-iris, a «salmo iridens», coa que foron replados algúns dos nosos ríos* COC 94).
- repostar** v. Repoñerse alimentándose (*ese tal Agustín, quen conseguira meterse deica onde o verdugo repostaba* FEI 18).
- repricar** v. Replicar (*tanto repriquei que me créron* MER 91).
- republicán** adx. Republicano (*eran días republicáns* XEN 150).
- república** s.f. República (*collera polo pescozo a un oficial da República* CRO 93).
- reqesón** s.m. Requeixo (*O reqesón debe facerse de leite callada, ou podre como dín nalgunhas comarcas* COC 139).
- requetebén** adv. Moi ben (*Pasaron mui requetebén os primeiros meses de matrimonio* XEN 30).
- resbalar** v. Esborrexer, esvarar (*resbalou e a lontra roéuno nunha perna* FEI 151).
- resésigo** adx. Reseso (*esparéxolle por derriba un pouco de pan resésigo* COC 71).
- resolear** v. Toma-la cor rosada da aurora (*E xa se iba o día resoleando horizontes por mar e terra* SIN 48).
- resoñar** v. Ter soños repetidamente (*anque non a vira acotentábame con resoñar os seus ollos azúes* MER 54).
- resoño** s.m. Soño reiterativo (*rememorándoa a resoños, a pálpitos, a sospeitas* HAM 10).
- respeitoso** adx. Respectuoso (*Louredo, respetoso, foise onda o sarxento Granelo* XEN 81).
- respetar** v. Respetar, cumprir (*i a ver si respetaba ou non o trato que tiña co tabatexo* CRO 115).
- respeto** s.m. Respeto, acatamento (*A gaiola púxena na cámara de respeto* MER 45).
- respostar** v. Responder con insolencia (*quedou algo cortado cando o outro lle respostou que nunca ouvira falar da sua señoría* SIN 43).
- resprandecer** v. Resplandecer (*Entón fi-cóu resprandecendo, roxo, roxo, no crepúsculo vespertino* XEN 175).
- resprandor** s.m. Resplandor (*cos anos iba perdendo os resprandores do mundo* SIN 42).

- restrebo** *s.m.* Refugallo, residuos (*tivera o forno alcendido, que inda quedaba o restrebo dun braseiro na boca* MEP 77).
- restregar** *v.* Refregar (*restregaba as...* FEI 44).
- retorcar** *v.* Responder (*O galego é fillo do latín, e os fillos aseméllanse aos pais, retorcaba Lisardo* FEI 94).
- retorneo** *s.m.* Movemento que se fai co corpo ó andar (*-¡Xa veredes cando eu salla qué retorneos!* SIN 88).
- retrato** *s.m.* Retracto (*teño pra mín que as onzas que trinques non valerán pra ise retrato que pensades da filla de doña Carolina* MER 101).
- retrouso** *s.m.* Verso dunha composición que se repite (*e falaba pra sí versos con retrouso segredo* SIN 37).
- revancha** *s.f.* Desquite (*¡Chegas a tempo, que o teu home aínda está na revancha da partida!* FEI 158).
- revenido** *adx.* Que non está fresco, semellante ó pan reseso (*A sardiña fresca ou revenida, debe ir á parrilla enteira, con toda a súa maga u tripa* COC 106).
- reverquer** *v.* Saír algo dos límites do recipiente en que está contido (*O meu corazón é un vaso que reverque!* NOI 290).
- revir** *v.* Quentar excesivamente (*Quebrar as pinzas, e facelas revir pra que enroxezan* COC 80).
- revoar** *v.* Andar voando por encima dalgunha cousa (*Alí é un revoar seguido e chilador de gueivotas* SIN 22).
- reximento** *s.m.* Rexemento (*visitar a todos os outros sarxentos do reximento* XEN 126).
- rexir** *v.* Rexer (*Rexírono deica o final os astros i os meteoros* ESC 100).
- ribaldo** *adx.* Porfioso. Pícaro (*tiña tortas de lei, e si ben era ribaldo i avarento no trato, era de conversa longa e confiada* MER 88).
- ricacho, ricachón** *adx.* Rico, pero vulgar (*non era un príncipe como eu coidara, nin ricacho, nin un piloto xiquer* SIN 38; *cando chegou aquel ricachón Sete Chaleques á casa do zoqueiro Levejean* CRO 73).
- ricaz** *adx.* Que ten bo sabor (*a polpa máis ricaz e sabrosa* COC 61).
- ridoiro** *adx.* Riseiro (*a madame de Saint-Vaast amosábaselle gasalleira e ridoira* CRO 87).
- rifón** *s.m.* Cabalo pequeno que está dedicado a probar se as eguas están en celo (*O rifón é un cabaleta galego, enteiro, que se bota pra quentar as égoas* ESC 141).
- rillar** *v.* Comer roendo lentamente (*os cativeiros da súa familia rillaban nas roscas, despóis de remollalas no tostado* MER 101).

- rin** *s.m.* Ril (*e un día asubiáronlle os rins e outro o estómago* FEI 36).
- rinchir** *v.* Rinchar (*Na súa cámara paseaba Sinbad, e rinchían as vellas madeiras do piso* SIN 113).
- rioxán** *adx.* Rioxano (*eso é de ríos leoneses e casteláns, rioxáns tamén* COC 75).
- riscado** *adx.* Que ten raias ou listas (*A tertulia de Mansur é ás tardiñas, e tenden os criados toldo riscado* SIN 31).
- ristre** *s.m.* Riste (*o anteollo avisado se lle poñería de seu no ristre natural para que o gran Sinbad non perdese o ir da vela* SIN 107).
- riveira** *s.f.* Ribeira (*Xogaras lindas pastoras polas riveiras dormidas* CAN 19).
- rizadora** *s.f.* Obxecto para riza-lo pelo (*entraba madame Clementina coas rizadoras de buxo postas* CRO 17).
- roceira** *s.f.* Roza, monte que se prepara para terreo labradío (*Colleitan poucas e malas patacas, algo de centeo nos folgados e nas roceiras* XEN 72).
- rodalla, rodaxa** *s.f.* Rebanda (*o ollomol vai ao forno, coas súas rodallas de limón* COC 101; *refóganse nabos cocidos, cortados en rodaxas* COC 114).
- rodeiriño** *adx.* Canto rodado (*Sari, sentado a carón da carta, pon pedriñas de cores, rodeiriñas do río Iadid, nas escalas que o señor almirante vai facendo* SIN 93).
- roibo** *adx.* Rubio (*un escolante novo e de pelo roibo que ten escola en Ribadeo* ESC 124).
- rolizo** *adx.* Repoludo (*centola francesa que é á nosa o que unha maniquí de París a unha roliza moza* COC 65).
- rollo** *s.m.* Asunto (*paraba na plaza de Villalón, donde é o «rollo» das xusticias que ficeron os condes de Benavente* COC 86).
- romá** *adx.* Romana (*a vella ponte, que parece que foi romá e logo refeita nos días medievais* COC 157).
- román** *adx.* Romano (*tiña un nipote román, que viña cada dous anos a Rocamador en romeiría* CRO 67).
- romeiría, romería** *s.f.* Romaría (*Dixo que morrería o día da romeiría de la Palud* CRO 131; *unha cantiga de sete versos que lle fixeron a miña nai no romeiría de Pont-Croix* CRO 42).
- roncor** *s.m.* Acción de roncar (*Eu adormecíame mui ben co aquel seu roncor seguido* MER 21).
- rondete** *s.m.* Peza musical (*Tocóu o valentina e máis un rondete italiano que era moita moda* CRO 82).
- ronquear** *v.* Roncar (*Abdalá ouvía o ronquear xordo de Sinbad* SIN 148).

- ronxo** *s.m.* Renxido, acción de renxer (*escoitas que ven daquela banda o ronxo que fan as mil roldanas dos moareses rubindo a i-auga* SIN 83).
- roqueira** *s.f.* Rochedo (*polo castelo de Balboa, que é unha torre moura i esfrelada nunha roqueira* TES 75).
- ros** *s.m.* Gorro militar (*Dos tempos militares, gardaba o ros, pra cubrirse en inverno* ESC 68).
- rosacresta** *s.f.* Variedade da planta poligonácea chamada Crista de cor rosada (*colgan macetas con enredadeiras e rosacresta roxa* NOI 259).
- rosal** *s.m.* Roseira (*soio un rosal tiña rosas* MER 82).
- rosar** *v.* Rozar, tocar suavemente (*isa seda que, tomándoa por unha branca camelia, rosan nela tódolos ollos do mundo* CRO 33).
- roscó** *s.m.* Roscón (*Rosquillas fritas, rosquillas anisadas, roscos de viño, -que a mín góstame que señan colorados, polo viño tinto* COC 143).
- rosquiña** *s.f.* Rosquilla (*nas romerías da Galicia interior hai moita rosquiña bañada* COC 143).
- rosto** *s.m.* Rostro (*¡Tapade o rosto con ámbalas mans, xentes de Dinamarca!* HAM 87).
- roupavella** *s.m.* Persoa que vende roupa usada (*co que se lle pasaron ó roupavella as dúbidas de faguer de guía* CRO 99).
- roupón** *s.m.* Bata longa que se pon sobre os demais vestidos (*De pe. O vento de fora revóalle o roupón* HAM 90).
- rouzadura** *s.f.* Ferida superficial da pel (*andan mansos pedindo unhas gotiñas de lirio secante prás rouzaduras da entreperna* SIN 135).
- roxizo** *adx.* Que tira a vermello (*Unha mancha roxiza, do tamaño dun peso* FEI 115).
- ruán, ruanés** *adx.* Dise dun cabalo con pelo mesturado de branco e baio (*tiña que apurar o gallope do cabalo ruán pra collelo* NOI 301; *barrín as cámaras, dinlle ao cabalo ruanés do cabaleiro da chistera* MER 47).
- rubir** *v.* Subir (*catar os brancos de Nerga e de Donón, e despóis rubir ate Betanzos* COC 160).
- rulete** *adx.* Rulo, expresión de cariño (*¿Seica é o seu neto? ¡Ai, qué roxiño máis rulete!* ESC 114).
- rulo** *s.m.* 1. Peza cilíndrica para premer algo (*As súas olladas iban e viñan polo meu corpo como o rulo sobre da masa de pan* HER 148). 2. Pequeno cilindro oco para riza-lo pelo (*miróume a dispacio dende a espinela que me recollía un rulo na fronte ata os pés* PAL 320).
- runxir** *v.* Renxer (*esguindose ás caladas, e pediu a El Señor que non runxise a porta* CRO 123).

S

sábalo *s.m.* Peixe con corpo en forma de lanzadeira (*Suben os nosos ríos a lanzadeira e máis o sábalo coc 95*).

sabán *s.f.* Saba (*Ela estará núa no seu leite, coberta somentes cunha sabán de liño HAM 75*).

sabauda *adx.* Referente á casa de Saboia (*as palletas, coa súa etiqueta verde, o escudo sabauda, e as pequenas letras XEN 134*).

saboia *s.f.* Sábalo (*é o sábalo. Nalgunhas partes chámassel, saboia, e aínda sable coc 96*).

sabroso *adx.* Saboroso (*xantara unha mui sabrosa butifarra guisada con fajas coloradas FEI 45*).

sabrosura *s.f.* Sabor (*¿Ónde collín estas verbas que vou verquendo, faíscas, sabrosura somnífera, plumón de rula, follas de rosa... NOI 290*).

saeteira *s.f.* Seteira, sitio aberto nunha parede para disparar setas ou frechas (*Eiquí i acolá, nas paredes, fiteiras e saeteiras HAM 19*).

sagramentado *adx.* Sacramentado (*sos-tiña en outo, briladora coma o viril co Señor Sagramentado MER 35*).

sagramental *adx.* Sacramental (*voces casi sagramentaes TES 32*).

sagrificio, sagrifizo *s.m.* Sacrificio (*un sacrificio reitamente cumprido, é necesariamente eficaz ESC 99; en ver nos tesouros escondidos e soicamente conquistados por ritos e sagrifizos algo máis que ouro TES 72*).

sagro *adx.* Sacro (*Ramón Cabanillas de Cambados, o grande e sagro cantor TES 31*).

salado *adx.* Salgado (*Un capón ásase moi ben ao espeto, cun lixeiro adobo de allo e limón, e salado, e con manteiga de porco coc 118*).

salar *v.* Salgar (*O lacón pódese comer salpreso, ou pouco despóis de saír do baño de salar coc 45*).

salazón *s.f.* Salgadura (*Convén pra unha boa salazón días fríos e húmedos coc 15*).

saldiguera *s.f.* Variedade de herba medicinal (*hai que cocer castañas con saldiguera* ESC 124).

salir *v.* Saír (*Regueira atopábase pechado dentro do paraugas, e non podía salir de alí namentras non volveuse chover* FEI 127).

salmoeiro *adx.* Salmoeiro, que ten salmóns (*traballaban en faguer un pazo, ou un mosteiro, a carón dun río salmoeiro* coc 91).

salpicado *s.m.* Acción de salpicar (*e fai-lle ben un salpicado de zugo de limón* coc 21).

salpreso *adx.* Dise do alimento salgado (*Pro almorzo levaba un pouco de pan i algo de vaca ou ovella salpresa* SIN 108).

salpreste *s.m.* Preparado de sal (*orellas coma as dises delfís de cobre que estás limpando agora con salpreste* SIN 112).

salsear *v.* Facer algo semellante a unha salsa (*pro que lle abundaba con ter mirado pra onde salseaban os baixíos de area* SIN 88).

saltaparedes *s.m.* Animal fantástico que salta coma unha pelota por riba das paredes (*caíu na conta de que podía aproveitarse da sombra do saltaparedes que o seguía a toda parte* ESC 117).

saludar *v.* Saudar (*Tristán saludou militarmente, e despacio volveuse á estación* FEI 119).

salva *s.f.* Saúdo disparando armas. Benvida (*Houbo música e salvas, e don Michaelos entróu á súa tenda con Dama Calielá* MER 36).

salvado *s.m.* Relón, resto que queda da fariña peneirada (*dixéronme que se metera nun saco cheo de frol de toxo e de salvado de centeo por curarse unha fraqueza que se lle puxera no estómago* ESC 84).

salvoconduto *s.m.* Salvoconducto (*Pro dista volta non viña como tal mercader a Miranda, con salvoconduto da Porta cal soía* MER 88).

sambesuga *s.f.* Verme de boca chupadora que se alimenta do sangue dos animais (*puxesen unhas sambesugas nun costado* ESC 60).

sanar *v.* Curar unha enfermidade (*ou de contado sana ao doente* MER 124).

sangar *v.* Sangrar (*Albeitre certificado, que baixaba ó inferno a sangar os anos bisestiles* CRO 137).

sanguino *adx.* Sanguíneo (*Engádese a isto que vivía sempre soio i era un algo sanguino* SIN 41).

sano *adx.* San (*Tamén aconsellaba ao enfermo que soñase que estaba sano* XEN 22).

santigar *v.* Face-lo sinal da cruz (*De Crozon santigouse* CRO 78).

santiguarse *pr.* Persignarse (*berra a muller asustada, collendo as restas de ce-*

- bolas e santiguándose con elas, co apuro* ESC 115).
- sanxoanista, sanxohanista** *adx.* Relativo á orde de San Xoán (*era un foro que pagaban a mi amo os sanxoanistas de Ribadavia* MER 81; *perto de onde foron os camposantos dos templarios e dos sanxohanistas* COC 156).
- saquete, saqueto** *s.m.* Saqueta, saco pequeno (*a leite bótase nun pano branco, ou nun saquete de liño, e déixase esco-r-rer* COC 139; *cando estaba pra morrer veu o mouro cun saqueto de onzas e pousóuno ó pe da cama* TES 83).
- sarampión** *s.m.* Xarampón (*un martes lardeiro levouno unha calentura que lle quedou do sarampión* MER 70).
- sarga** *s.f.* Tecido de liñas diagonais (*dice as calidás sin trabucarse, si é pana, si sarga, si satiñado, si seda crúa, si pope-lin* SIN 150).
- sargazo** *s.m.* Especie de algas mariñas das augas cálidas (*dicen que os sarga-zos non deixan navegar polos canles entre as illas* HAM 15).
- sarmento** *s.m.* Póla da vide (*¿cómo non asala, envolta en follas de vide, nun braseiro de sarmentos?* COC 124).
- sastre** *s.m.* Xastre (*presentouno pra aprendiz de sastre en Cambray* CRO 142).
- sazoado** *adx.* Sazonado (*que sempre haxa auga sazoada cunha presada de sal fervendo nunha caldeireta* SIN 30).
- sebe** *s.f.* Cercado formado con silveiras, toxos, arbustos, etc (*soio arredado do patín traseiro dela por unha sebe de loureiro baixo* CRO 117).
- secor** *s.m.* Calidade de seco (*De aquí son moi bons augardentes, quizaves os máis poderosos de toda Galicia, moi tesos no seu secor* COC 156).
- sedal** *adx.* Relativo á seda (*Esa banda sedal que o teu van cingue* DON 130).
- sedutora** *adx.* Seductora (*Unha man in-queda, unha verba de cinco sílabas acordadas, sedutora* HAM 32).
- segretario** *s.m.* Secretario (*dixo o segre-dario de alcabalas que así volvería de aprender en Cambray o oficio* CRO 143).
- segredo** *adx.* Secreto (*decíase que o ma-tador fora outro amante segredo* FEI 40).
- segredo** *s.m.* Cousa que non se debe di-cir (*As doencias do cabalar non tiñan segredos pra il* ESC 78).
- seguidor** *adx.* Partidario (*as tendas dos anxos eran de ouro, as armas dos segui-dores de Satán tamén* TES 70).
- seguinte** *adx.* Seguinte (*e cando esperta, a mañán seguinte* ESC 124).
- según** *prep.* Segundo (*Ramiro contaba según a versión que dou do choio o seu bisabó* FEI 69).

segundeiro *s.m.* Agulla do reloxo que marca os segundos (*dixo que non tiña nin corda, nin pelo nin segundeiro aquela boneca* MER 77).

segundón *s.m.* Persoa considerada como segunda dentro dun grupo (*Outras eran as miñas verbas. Eu era o segundón da casa real* HAM 76).

segurar *v.* Asegurar (*Levarás, seguroume mi amo, unha caixa de mistos portugueses* MER 97).

seiva *s.f.* Saiba (*un arbre calisquer sinte rubir dentro del a seiva dun soño beira da morte xa* HER 160).

semán *s.f.* Semana (*Nunha semán rematou a obra* ESC 129).

semesuga *s.f.* Sanguesuga (*no que toca ás sangrías i ás semesugas, siguen o parecer de Salerno* MER 78).

semblante, sembrante *s.m.* Aspecto do rostro dunha persoa (*fábulas como amables semblantes* POE 90; *i era de sembrante serio, pequeneiro de corpo* MER 87).

semen *s.m.* Seme (*É un semen esquisito. Somentes da un, dous capulos cada xeneración* HAM 48).

semilla *s.f.* Semente (*-¿É qué píldora? Nada segredo. Semilla de loureiro i azucre* ESC 105).

semisótano *s.m.* Semisoto (*poñendo o ventilador naquíl semisótano no que rumian as vacas do xenro* XEN 150).

sempres *adv.* Sempre (*mirándote cos ollos pequenos i azúes, nos que sempre podías lér unha bulreta* ESC 67).

senescal *s.m.* Maxistrado xudicial en certos Estados (*levara a xuicio diante do senescal de Vannes a un zapateiro que lle trasgulara unhas fivelas* CRO 20).

sensibre *adx.* Sensible (*¡Trata ben a miña nai: é un corazón sensibre!* HAM 29).

senso *s.m.* Significado dunha palabra nun contexto (*As verbas, na escuridade, teñen outro senso* PAL 334).

seña *s.f.*, **señal** *s.m.* Sinal (*A seña que tiña que agardar o sochantre era que se alcendese unha luz* CRO 118; *Rube polo corredor de caracol. Fai o señal da crus* HAM 84).

señalado *adx.* Sinalado (*un piloto de veneciás que lle chaman don Marco Polo, mui señalado* SIN 66).

señorear *v.* Tratar como señor ou señora (*De señorío era, e don Merlín señoreábaa ao falarlle* MER 19).

señoriña *s.f.* Señora (*lle preguntaban con qué quería quedarse, si coa tendiña ou coa señoriña* FEI 129).

sepelio *s.m.* Enfermidade dos pulmóns, tise (*decraraba o sepelio que é iso que os médicos aínda chaman a tisis galopante* ESC 69).

- septentrional** *s.m.* Setentrional (*fillo das cepas máis septentrionáis de Galicia* COC 160).
- sequedá** *s.f.* Sequidade (*Ter un río coma o Iadid na sequedá da solaina da terra* SIN 23).
- serda** *s.f.* Seda (*iste ten derriba do turbante un bombo que se afina con trenzado de serda* SIN 87).
- serenidá** *s.f.* Serenidade (*Si era ao carón do mar seco de serenidás, azul, rosa, lirio, carriola de pedra dura!* MAR 31).
- sereo** *adx.* Sereno, tranquilo (*O cocido pide un tinto do país o máis sereo e graduado* COC 42).
- sereo** *s.m.* Sereno, humidade nocturna (*que lla arroubaron unha noite que durmú o sereo* SIN 36).
- serón** *s.m.* Seirón, cesto máis longo ca ancho (*Baixei á solaina e senteime nun serón de zocas chinelas* SIN 54).
- serotino** *adx.* Referente ó serán, tardío (*-Falta media hora pró cañón serotino* SIN 139).
- seso** *s.m.* Miolo (*cómese o fígado encebollado, ou os rís, a lingua estofada, os sesos, pro non se xantan as «criadillas»* COC 111).
- sesto** *s.m.* Sexto (*Esas cousas debían confesarse, coño, o mesmo que o sesto!* XEN 155).
- seta** *s.f.* Cogumelo (*O galego nunca coméu setas, aínda que de seguro que en Galicia as comeron os señores románs* COC 12).
- siboney** *adx.* Relativo a Siboney, pobo das Antillas (*Postas agora no canto namorado da paxariña siboney* ESC 85).
- sicilián** *adx.* Siciliano (*Ben ó contrario dun enano sicilián que lin en Vergnolo* TES 79).
- sidi** *s.m.* Nos dialectos do Norte de África, forma respectuosa que antecede ó nome propio (*Calóu sidi Alsir, coma si lle apousara no maxín unha sombra delorida* MER 92).
- sieiro** *s.m.* Frío seco (*Unha mañán de sieiro e xeadá* CRO 14).
- siena** *adx.* De cor ocre (*enseguida aparecen as empanadas, algunhas douradas, deloutras siena ou tostado de Venecia* COC 60).
- siesta** *s.f.* Sesta (*De botar a testa un casi para atrás, por mor de sonetar unha siesta no coro de vísperas* CRO 18).
- silandeiro** *adx.* Calado, silencioso (*nin si son do serán ou da fiestra estas cantigas silandeiras de soedá* MAR 36).
- silenzoso** *adx.* Silencioso (*Non dubido de algún día, denantes da hora silenzosa no doce pó da morte* TES 29).
- simplesmentes, simplemente** *adv.* Simplemente (*E xa que simplesmentes fuxe seu corpo ao meu alento tan próximo!*

DON 113; *Cando máis simplemente se guisan estas cousas, millor é coc* 69).

simple *adx.* Simple (*onde fala do peso das partes do corpo en comparanza cos corpos simples* MER 76).

sinón *conx.* Senón (*Non o pido por rei, sinón por privado do millor ben da vista* NOI 312).

siñal *s.m.* Sinal (*ahí tendes ó aforcado escribano de Dorne, que inda ten no pescozo o siñal da corda* CRO 25).

siñalado *adx.* Sinalado (*tiñamos pra honrar a parente tan siñalado* CRO 47).

siñificativo *adx.* Significativo (*atopaba todos mui siñificativos* ESC 72).

siño *s.m.* Signo (*os dous nacéramos ás oito da mañán do vintedous do nadal, sob o siño de Capricornio* XEN 30).

siñor *s.m.* Señor (*tratála como si fora a persoa mesma da Sua Alteza Zafir, meu siñor* SIN 39).

siquer, siquera *conx.* Sequera (*coma dándose por apreixada nun bico que nin siquer ousaba saír ó aer* CRO 88; *e ista serán podías adiantarnos siquera o asunto de algunha historia* MER 57).

sir *s.m.* En inglés, señor (*a volta de Sir Percival* TES 90).

sirea *s.f.* Serea (*Cando a sirea canta* CAN 48).

sirgar *v.* Facer avanzar ou remolcar unha embarcación a través dunha sirga ou corda (*non era propiamente unha barca, senón un caixón, que se sirgaba cunha corda tendida de ribeira a ribeira* FEI 68).

sisá *s.f.* Corte da roupa polos sobacos (*i as máns pólo pulgar, colgadas das sisas do chaleque* ESC 134).

siso *s.m.* Xuízo, sentido común (*que interpretan con siso e son mui escoitados* FEI 53).

soave *adx.* Suave (*Son moi serios estes viños chantadinos, cun corpo levián e soave* COC 157).

sob *prep.* 1. Baixo (*nove señores chouans, sob o comando do meu curmán Du Crann* CRO 91). 2. Sobre (*Sob de tí voan: craras, navegantes, tibias [...] gueivotas* MAR 19).

sobaquillo *s.m.* Sobaco (*podería facerlle á madame unhas cóxegas cáseque mesmo no sobaquillo* CRO 83).

sober, sóber *prep.* Sobre (*Unha grande mesa, sober da que hai montós de libros, i un ábaco* HAM 43; *Unha única fiestra, ó fondo, aberta sóber da néboa da mañán* HAM 19).

soberán *adx.* Soberano, que está por derriba doutros (*Iste que falaba outo e soberán* CRO 103).

soberán *s.m.* Antiga moeda inglesa (*Da bolsa sacou Sinbad un soberán de prata* SIN 137).

- sobermundo** *s.m.* Mundo sobrenatural (era en tratos con xentes do sobermundo que andiveran por istes pagos ESC 88).
- sobor, sóbor** *prep.* Sobre (e bota sobor da terra unhas ledas presadas de auga SIN 29; ¿Miras como a pousa, ben aberta, sóbor do peito HAM 32).
- sobrecárrega** *s.f.* Sobrecarga (non me puiden conter e disparei con sobrecárriga FEI 163).
- sobrecello** *s.m.* Sobrancello (poñía no sobrecello unha man de visera CRO 72).
- sobrecinta** *s.f.* Adorno feito con cinta (tricornio de sobrecinta e puños de encaixe CRO 50).
- sobredá** *s.f.* Restos (e coa nova paridura saíría toda aquela sobredá CRO 45).
- sobrefollado** *adx.* Con adornos superpostos (os gabás curtos á moda antiga de Italia, de azul sobrefollados de ouro CRO 141).
- sobrepano** *s.m.* Pano que se pon por derriba doutro (iba eu en Quimper a faguerme un vestido de loito con encaixes de sobrepano CRO 46).
- sobrepasarse** *pr.* Excederse en algo (unha limoadá purgante pra Súa Esce-lencia Reverendísima, que se sobrepa-sara na gula COC 60).
- sobresaia** *s.f.* Saia que se pon por derriba doutra (decirlle a Alba querida que erguera o faldellín, e despoixas a sobresaia SIN 102).
- sobresalir** *v.* Sobresaír (Sobresalía na tortilla de herbas CRO 135).
- sobretasa** *s.f.* Sobretaxa, imposto que se pon ó prezo ordinario (Inda apetara algo das sobretasas de meu pai CRO 49).
- sobretudo** *s.m.* Especie de gabán que se pon por encima do traxe (que se tiña posto un sobretudo morado que lle acaía mui ben CRO 82).
- sobrín** *s.m.* Sobriño (que entón diríallo a un sobrín ESC 89).
- sobro, de** *loc. adv.* Demais. De sobra (era mui mandado e ganaba de sobro a comida que se lle daba SIN 136).
- socalado** *adx.* Calado (namórase ela de vez, e anda ida e socalada, inventando ir a Meira á feira, a Lugo ó mercado ESC 124).
- sochantre** *s.m.* Dignidade eclesiástica inferior ó chantre que ás veces tamén dirixe o coro (O sochantre levaba apertada contra o peito a caixa do bombardino CRO 23).
- sochantría** *s.f.* Cargo de sochantre (cando vacou a sochantría con menos de Pontivy, apresentárono pra ela os seus primos segundos CRO 13).
- soedá, soedade** *s.f.* Soidade (nin si son do serán ou da fiestra estas cantigas si-

- landeiras de soedá* MAR 36; *viaxan xuntos con verbas, coas que se din e as que se agardan na soedade das noites* NOI 302).
- soer** v. Acostumar, adoitar (*un mozo de vintecatros anos, de mediana estatura, e arroibado, como soen ser os de Vilarelle* FEI 50).
- sofisticación** s.f. Sofisticación (*en Santiago onde fagan millores tartas e pastéis, con menos sofisticación, e un algo á antiga* COC 146).
- sofoco** s.m. Sufoco, sensación de afogo (*arbulaba miña nai con que dende aquel día quedaralle, dispensando, un sofoco vespertino con mareos* CRO 59).
- sofrenar** v. Reduci-la velocidade dun vehículo ou dun animal (*é unha corrente viva e crara, cando sofrenando na encostada emparellou con eles un mozo* CRO 85).
- sógera** s.f. Sogra (*nós ríamos do seu falar, «autro» por «outros», «camiñ» por «camiño», «sógera» por «sogra»* ESC 152).
- soiamente** adv. Soamente (*insistiron en ver nos tesouros escondidos e soiamente conqueridos por ritos e sacrificios algo máis que ouro* TES 72).
- soio** adv. Só (*Cousas así soio pasan nos grandes amores* FEI 119).
- solagado** adv. Asolagado, anegado (*a de Antela, en Ourense, na que estaba solagada a cidade que se chamóu Antioquía de Galicia* COC 89).
- solaina, solana** s.f. Sitio onde dá o sol (*e non máis chegar xa o colgaba do barómetro da solaina* ESC 152; *Sentado na solana con Manuel de Seixo* FEI 122).
- solano** adv. Relativo á cor do sol (*Cabalo da casa, baio solano, grande corredor* MER 148).
- solaz, solazado** adv. Divertido (*praias solaces e badías abrigadas* SIN 15; *botábao de menos i hastra aborrecera aquela viaxe tan solazada, sempre a leste dos remuíños* SIN 111).
- solciño** s.m. Sol (*iba disposto a aconsellarlle ao pequeno que pra aquel livián solciño da víspera de San Martín abon-daba coa boina* XEN 93).
- soldanato** s.m. Sultanato, dignidade de sultán (*Soupo Sinbad que chegara á vila de paso pra un soldanato da banda do Estreito un mercader de Farfistán* SIN 96).
- solear** v. Bate-lo sol (*Entón as nubes, crendo que viña o sol irritado, fuxían ao mar, e soleaba en Erin e en todos os seus verdes outeiros* XEN 21).
- soleado** adv. Cheo de sol (*tanto como por ver si pasando a campos soleados curaba da soá* CRO 142).
- solene** adv. Solemne (*E vou eu, e como sabía que a Cachazas gustáballe o pa-*

rrafeo solene, e botaba filósofo sentencias e refrás, respondínlle XEN 164).

solenemente *adv.* Solememente (*Pantalone, tes que pór gravedá. Solememente vas e vés por iste patio, que é o teu reino HAM 68).*

solenidá, solenidade *s.f.* Solemnidade (*Todo o faguía con grande calma e solenidá ESC 144; ¡Un rei ten a súa solenidade! NOI 312).*

soleo *s.m.* Composición química para facer espellos (*Aconteceu que na mistura do soleo paseime un punto MER 92).*

soletar *v.* Sotelar, saloucar (*Soletaba mestre Flute, e tamén sí a min facía soletar, tanto que me acaroei a il e lle puxen a mán no lombo MER 84).*

sofatado *adx.* Sulfatado (*i a seguido verquéu pó de ouro sofatado MER 113).*

sofear *v.* Solfexar (*Sopróu no bombar-dino unha marcha que comenzara a sofear no seu maxín aquela mañá CRO 85).*

solfeo *s.m.* Solfexo (*cacarexaba un pouco por ver como iba de solfeo CRO 18).*

solfo *s.m.* Xofre (*e saíra dela un grande cheiro a solfo MER 59).*

soliñar *v.* Subliñar (*No que toca ao chourizo, eu teño que soliñar que tiven unhas verbas sober como deben sere coc 19).*

solouzar *v.* Saloucar (*pra que seipan amargues, tolas, firan, alcuñen, soloucen, roguen, den testimoño do ben e do mal e da solene apatía HAM 70).*

solpendrer *v.* Sorprender (*e cando pillaba unha que solpendría a doña Ginebra ou a mi amo, sorría homildoso MER 68).*

solprenderse *pr.* Sorprenderse (*o príncipe real quere solprenderse, cando se volva pra tí HAM 34).*

solpresa *s.f.* Sorpresa (*Cando lle pasou a solpresa, a viuda correu a pechase na sua casa SIN 41).*

sombrerería *s.f.* Sombreirería (*tiña derrriba da porta un letreiro: «Sombreirería civil e militar» FEI 148).*

sombrilla *s.f.* Quitasol (*Regalouna o herdeiro con dúas sombrillas MER 60).*

sombriña *s.f.* 1. Sombra (*O máis do gusto do pulpo é o comelo na feira, á sombriña no verán, ao soliño en primavera ou outono coc 85).* 2. Utensilio para quita-lo sol (*doña Ginebra estaba no balcón grande, cobríndose coa sombriña MER 72).*

sombrizar *v.* Sombrear, producir sombra (*a cariña redonda a tiña mui de neno, i o bozo nin me sombrizaba MER 32).*

somediado *adx.* Por debaixo da metade (*puxo ó agallope o percherón pra pa-*

- salo vado, e indo o río somediado, er-
guía moita auga o cabalo co braceo* CRO 86).
- somellante** *adx.* Semellante (*Unha virxe
somellante é a un espello* HAM 73).
- somellar** *v.* Semellar (*¡Non, parir fillos
non! Somellaríanse ao pai si ou non*
NOI 308).
- somentes** *adv.* Soamente (*facía o traxe
que somentes usaría o doente cando
fose difunto* ESC 70).
- somonte** *s.m.* Ladeira dun monte (*os
demoños [...], non se lles descubra o
rabo, que é sabido levan dende o so-
monte do cú, onde lles nace, enrolado
como cinto* CRO 142).
- sonanta** *s.f.* Ruído (*ó andar metía grande
sonanta de esporas* CRO 22).
- sonante** *adx.* Que soa (*que lle dese a
meu amo unha bolsa que con cartos
sonantes traguía* MER 114).
- sonar** *v.* Asoar, limpa-lo nariz de mocos
(*sacóu do peto da casaca un grande
pano de herbas, non sei si pra se sonar
ou secar os ollos* CRO 51).
- sonar** *v.* Soar (*que buscaba, cando había
visita, que non sonase o axóuxere do
ollo dereito* FEI 27).
- soneta** *s.f.* Sonada, sono curto e lixeiro
(*entornou os ollos, e deixouse cair
nunha media soneta de felicidadá* SIN
102).
- sonetar** *v.* Sonear, durmiñar (*De botar a
testa un casi para atrás, por mor de so-
netar unha siesta no coro de vísperas*
CRO 18).
- sonico** *s.m.* Sono curto, lixeiro (*e desca-
becéi un sonico, do que despertéi que
me apuraban augas menores* CRO 76).
- sonrisa** *s.f.* Sorriso (*E éste era o segredo
dos merengues de «La sonrisa de Pekín»*
FEI 101).
- sonsacar** *v.* Procurar habilmente que al-
guén diga o que non quere (*a señora
Marcelina quería-me sonsacar, i eu cala-
do, ou sacaba outra verba* MER 50).
- sonsolinete** *s.m.* Son (*asubiando pra que
o ouvise Sari o sonsolinete de frauta
que sacara pra él o Soldán de Melinde*
SIN 19).
- sopicaldo** *s.m.* Caldo con poucas sopas
(*ibamos cada día a coidar a monsieur
Labaule, a darlle sopicaldos e fregas de
auga de fiuncho* CRO 44).
- sopicar** *v.* Molla-lo pan no prebe (*e o
pan de molete pra sopicar* COC 85).
- sopiña** *s.f.* Sopa (*que lle deixasen acaro-
ado ó lume, nunha trébede, unha so-
piña de perexil i un ovo escalfado* CRO
34).
- soplado** *adx.* Soprado (*a mañán se-
guinte, non dubida de que todo o so-
plado ó seu ouvido por Sorisco non
seña verdá* ESC 124).

soplar v. Soprar (*cando bebía soplaba na tona da auga no vaso* FEI 89).

soplo s.m. Sopros (*Amarreille cun sinapismo un soplo que tiña no figado* ESC 81).

soponcio s.m. Perda momentánea do sentido (*cando saíu daquel soponcio, e cunha voz que xa non era deste mundo, dixo...* FEI 34).

sorba s.f. Sorbeira, árbore rosácea (*é a raíña das fresas, arándanos, sorbas* COC 155).

sorbetar v. Sorber (*Chorou calado, e sorbetou as bágoas* SIN 144).

sorbo s.m. Trago, golo (*O derradeiro sorbo afogóu seu derradeiro alento* HAM 26).

sordiña s.f. Son máis baixo do normal (*saíalle delorido o canto poñendo por sordiña o fiñal da cántiga nova* CRO 118).

sorparar v. Sobreparar (*podía probarse ate nun xuicio, que non sorparaba a mesa a súa cabeza* XEN 53).

sorriza s.f. Sorriso (*de cada en cando, botábame unha sorriza delicada que me apertaba o corazón* MER 112).

sorrisada s.f. Sorriso longo (*Si, home, si, botóume unha sorrisada!* XEN 145).

sortixa s.f. Sortella, anel (*Tiña, en troques, unhas mans finas, mui ditosas de*

movimento cando loubaba i amosaba unha sortixa ou un rosario ESC 102).

sosta Errata por costa (*o bacallau chegado nos lugares que fixeran a sosta de Terranova* COC 109).

sustituto s.m. Substituto (*Monsieur de Nancy perguntoulle ó vello Mezidon si coñecía ó sustituto Toulet* CRO 99).

sotainfante s.m. Sotoinfante, xerarquía inferior á do infante (*Escopeta de dous canos de don Merlín, galano do sotainfante de Palermo cando o señor amo lle amañoú os ventos ao can Perrís* MER 144).

soterra s.f. Baixo da terra (*Pobo segredo i enano, que vive na soterra, e ten por oficio, asegún don Cornelius Agrippa, gardar tesouros* MER 138).

soterraño adx. Que está debaixo da terra (*Pobo soterraño que buscando a cobra Smarís, dou coa trabe de ouro* MER 137).

sotil, sotilado adx. Sutil (*que non ten ren que ver co da centola, que é outra cousa de máis sutil, no mundo deses perfumes e sabores suaves* COC 75; *Por iso sabe a nosa fala, e tendo como ten ouvido sotilado, ouvido de tísico, escoita ós que dil falan* ESC 112).

souflé s.m. Doce con licor ó que se lle prende lume (*Aínda non chegara a nós o souflé* COC 146).

- soverquer** v. Subi-lo sangue á cabeza (*soverquíalle o sangue na cachola, en-guitáballe os riles, e quitáballe todo* CRO 141).
- stendhaliano** adx. Relativo a Stendhal (*A unha dama stendhaliana, as magras de xamón de Parma, á vista dábanlle languidez* coc 53).
- subastado** adx. Aplícase a certa variedade do xogo de tute (*mirón nas partidas de tute subastado* XEN 55).
- submariño** adx. Submarino (*Eu no meio de litorais e aviõs platino cidadán de correntes submariñas color morno* POE 94).
- submerxido** adx. Somerxido (*Dí Le Danois que parece que non abandonen endexamáis o cauce submerxido do río en que naceron* coc 93).
- sudar** v. Suar (*O canciño despertaba sudando* FEI 27).
- sudor** s.m. Suor (*díxolles que ganarían o pan co sudor da súa fronte* XEN 117).
- sudoroso** adx. Suoroso (*despois de pou-sar despertaba sudoroso e case sin res-piración* FEI 126).
- sufraxe** s.f. Sofraxe, parte posterior dos xeonllos (*erguendo a falda deica a su-fraxe* FEI 131).
- suidade** s.f. Soidade (*dice que non a deixa volver, ríndose das súas suidades* MER 102).
- sul** s.m. Sur (*pingas de choiva caída de grandes nubens que viñan do sul* HER 155).
- sulapa** s.f. Solapa (*Poilo mesmo gabán de pardomonte gasta agora, anque o lucín con sulapas de terciopelo de astracán* MER 81).
- suleste** s.m. Sueste (*Soldán métese de es-guello pólo estreito, colle correntes i o vento do suleste, e ponse en Trapobana mui doado* SIN 17).
- sulsuloeste** s.m. Sursuroeste (*Somellarás a illa do Cravo, vindo sulsuloeste de Calicuta* SIN 27).
- sumiso** adx. Submiso (*Aquela noite, mesmo lle estaba humán e sumiso o bombardino* CRO 118).
- súpetamete** adv. De súpeto (*entraron súpetamente na cociña duas ducias ou máis de ratos negros* FEI 81).
- súpito** adx. Súpeto, rápido (*iste mosiú Simplom foi home mui súpito en pecar contra o sexto* MER 121).
- surés** s.m. Sureste (*que despois de co-cido iste é o millor que hai prás navega-cións ó surés, que non salpresa* SIN 89).
- surpresa** s.f. Sorpresa (*por que vexo nos vosos ollos, señor sochantre, tanta sur-prisa como medo* CRO 25).
- surtir** v. Xurdir, nacer (*encrechaba os mouros mostachos, que lle surtían lon-gos e mestos* CRO 78).

suscripción *s.f.* Suscripción (*Pagaba puntualmente a suscripción a dous xornais de Buenos Aires* XEN 31).

suspense *adx.* Perplexo (*Entrou nas pontas dos pes, e ficou suspense e temeroso* CRO 123).

sustitución *s.f.* Substitución (*ausentarse do país -o que é unha substitución, é decir, unha forma de morrer* TES 63).

sustituto *s.m.* Substituto (*un que decía que fora piloto maior sustituto de Califá* SIN 26).

suxetar *v.* Suxeitar (*Un día, buscando suxetar cunha forquiña de madeira unha lontra que caíra no cepo, resbalou* FEI 151).

suxeto *s.m.* Suxeito (*Díxenlle que eu era o seu sobriño cumprido i afalagado suxeto, e que me mandaba* SIN 53).

T

tabal *s.m.* Envase de madeira para garda-las sardiñas (*O galego debéu xantar sempre moita sardiña, sardiña salada, de tabal* coc 107).

tabardiña *s.f.* Variedade de mazá (*dende as que veñen, rosiñas, despóis de San Xohán, deica as tabardiñas e as roibas* coc 154).

tabatexar *v.* Bate-los dentes (*Xil quitaba o que chaman volverse o sudor, que é sudor frío, tabatexar de dentes seguido, perder peso* ESC 68).

tabatexo *s.m.* Acción de tabatexar (*esprinciouse a sentir o tabatexo dos dentes* CRO 78).

tabla *s.f.* Táboa (*a señora Marcelina púxolle diante, na tabla do escano, unha enfaragullada de fariña de trigo con torresmos* MER 75).

tablaio *s.m.* Local dedicado ó espectáculo de baile flamenco (*vestía como bailarina de tablaio* FEI 80).

tabuliña *s.f.* Pequena táboa (*Eu faláballe das tabuliñas mesopotámicas* XEN 168).

tac *s.m.* Son producido polo reloxo (*Ao galiño debía de gostarlle o tic-tac seguido* FEI 78).

tacaño *adx.* Cutre, avarento (*era un tipo fraque, marelo, sempre anoxado, cuspidor, tacaño* ESC 69).

taconeare *v.* Golpear cos tacóns no chan (*saíu do seu sitio e taconeou un pouco, apuntando un baile* XEN 102).

taconeo *s.m.* Ruído producido polos tacóns (*E rematou con taconeo: tatatá, tatatá tatá tatatá tatá* XEN 102).

tahona *s.f.* Tafona, panadería (*entróu de pinche nunha tahona* XEN 30).

tájidas *s.f.* Ninfas do río Texo (*que viron secar as ninfas tájidas* coc 109).

talente *s.f.* Talento, capacidade (*-En Vilamor, decíanos, houbo dous homes de talente* ESC 107).

tallo *s.m.* Talo (*a súa ceboleta cortada co verde do tallo, moi miuda* coc 31).

talmentes *adv.* Talmente (*Escolleron unha doncela de caste real, talmentes unha rosa* MER 34).

también *adv.* Tamén (*También había lagoas* COC 89).

tamborilar *v.* Imita-lo son do tambor (*ceibóu un grande e sonoro meteoro, que tal tamborilóu nas súas bragas cinguidas coma redobre de parada* MER 130).

tanguista *s.f.* Muller contratada nun local para bailar cos clientes (*Entón saían as tanguistas, que se puñan a bailar e cantar arredor* FEI 162).

tapadillo *s.m.* Negocio encuberto (*tras variados amores rematou de pupila nun tapadillo que na vila ducal tiña un peñador marsellés* CRO 58).

tapado *s.m.* Vestimenta que se pon sobre as demais (*collido a unha ponta da sua capadril, que fora o tapado que lle parecera máis de piloto* SIN 140).

taquetaquetaque *s.m.* Son dos dentes (*o seu contino taquetaquetaque, coma un sermón estraño e monótono* CRO 78).

tararear *v.* Cantar cancións sen pronuncia-la letra (*namentras traballaba, tarareaba cantigas galegas* FEI 66).

tarrantés *s.f.* Variedade de uva (*as cepas do país: caíño, brencelláu, mencia, tintilla, tarrantés, treixadura, godello, lado, albariño...* COC 158).

tatá *s.m.* Son producido polos tacóns (*E rematou con taconeo: tatatá, tatatá tatá tatatá tatá* XEN 102).

tecelana *s.f.* Tecelá (*A casa da tecelana encheuse de esmolos* CRO 98).

técnico *s.m.* Técnico (*Hai técnicos pra sabere o nome que ten o tesouro* TES 66).

teipa *s.f.* Toupa (*Quizaves algo semellantes digan as teipas entre elas* HAM 52).

teixudo *s.m.* Teixugo, porco teixo (*Sábese que os normandos, os viquingos, gostaban do teixudo, e cazábano pra os seus grandes asados* COC 129).

tela *s.f.* Tea (*manda tender unha grande tela pintada* SIN 15).

temerosamente *adv.* Con medo (*la-brándoa tan doce e temerosamente que ela coide* HER 174).

tempada *s.f.* Temporada (*foise a Caracas, a pasar unha tempada cunha filla que tiña alí* XEN 166).

tempero *s.m.* Temperamento (*fixenlle discurso [...] do tempero de Zafir e da sua doutriña continente* SIN 39).

tempestá *s.f.* Tempestade (*tempestás coma algas antigas* POE 90).

temporás *s.m.* Temporais (*as letras medio borradas polos anos i os temporás* CRO 41).

tencontén *s.m.* Coidado, esmero, prudencia (*Hai que ter moito tencontén nesta parte da preparación* COC 66).

tenderete *s.m.* Tenda ambulante ó aire libre (*vedes que o cordeiro Mustafá xa anuncia no seu tenderete: «Adibal mourisco cocido...»* SIN 89).

tendollo *s.m.* Obxecto ou idea imaxinaria que Cunqueiro define así: O «tendollo pras Pascuas» é xogo de verbas: estate co ollo aberto a ver que che cae nas Pascuas que veñen (*«Heiche tragner un quebranoces, un saltaparedes i un tendollo pras Pascuas»* ESC 116).

tenre *adx.* Tenro (*Cada vez úsase menos o botar ao caldo a cachola do nabo tenre* COC 22).

tentas, a *loc. adv.* Ás apalpadelas (*Fuxín non sei por ónde, a rastras, a tentas* NOI 276).

terbellar *v.* Trebellar, enredar (*eu i o seu paxe quedamos de antecámara, namentras mi amo terbellaba no negocio* MER 111).

terciopelo *s.m.* Veludo (*nunha parte tiña unha almofadiña de terciopelo* MER 45).

terque *adx.* Terco, duro (*saudamos aquela carne roxa, pechada, terque, tan sabrosa...»* COC 132).

terquear *v.* Porfiar, teimar (*Rosa terqueaba que ela sería reloxeira ou nada* FEI 65).

terquedade *s.f.* Obstinación, teimosía (*vendo a terquedade do bisabó de Ra-*

miro, botou man da trompeta e tocou FEI 69).

terrada *s.f.* **terrado** *s.m.* Terraza (*Da co-ciña, por unha escada de man, rúbese a unha terrada* SIN 30; *e do curuto da morea de terrados e tellados sae unha torre bermella* SIN 22).

terral *s.m.* Vento que vai da terra ó mar (*si podía empoparía co teral da marea baixa* SIN 81).

terreiro *adx.* Dise do vento que nace en terra (*Coa lúa chea víase agora coma de día, i erguérase vento terreiro* CRO 92).

terrenal *adx.* Terreal (*conferencias dun alemán sobre o imán terrenal central* XEN 17).

terríbel *adx.* Terrible (*tivo que ver cómo a súa nao se perdía nunha terríbel tempestade* TES 47).

tersura *s.f.* Calidade de terso, limpo (*son tamén langostas de calidade, coa tersura i enteso da carne que é o millor da langosta* COC 78).

tertulia *s.f.* Reunión de persoas para falar (*Cando tódolos da tertulia son mariñeiros, entón Sinbad ponse contento* SIN 31).

tertulián *s.m.*, **tertulio** *s.m.* Asistente a unha tertulia (*ollou moi calmo pra tódolos tertuliáns* SIN 48; *Os tertulios son os ditos pilotos que non andan na ocasión no mar* SIN 31).

- tesis** *s.f.* Tese (*A súa tesis -e téñolla ouvido máis de dúas veces- consistía no que segue* ESC 83).
- tesoura** *s.f.* Tesoira (*unha tesoura coa que habería que cortarlle a perrera ó derradeiro rei* CRO 62).
- testante** *adx.* Que fai testamento (*Viña a Marduffe por albacea dun testante* MER 82).
- teste** *adx.* Testemuña (*I as chamas que queiman o carballo viril e teste* CRO 10).
- teste** *s.m.* Testículo (*E pra iso tanto capar corvos e mirar os agoiros nos testes!* SIN 55).
- testigo** *s.m.* Testemuña (*O día das bodas, ti xa estabas de testigo no seu ventre* HAM 27).
- testimonio** *s.m.* Testemuño (*Hai un testimonio dun francés, le sieur Jacques Mabile de Poncheville* COC 84).
- testimoña** *s.f.* Testemuña (*a servir de testimoña nun xuício daqueles príncipes* CRO 45).
- testimoñal** *s.f.* Testemuñal (*Cando saín da Cámara de coller as testimoñales, din gracias a Deus* CRO 61).
- testimoñar** *v.* Testemuñar (*avisos os escapados, pra que testimoñaran a tempo que eu era Gamal* SIN 56).
- testimoniño** *s.m.*, **testimuña** *s.f.* Testemuño (*ela virá dar testimoniño de que non tivéchedes parte na morte do voso irmán* PAL 330; *E o coengo tivo a testimuña da sua ama de chaves* FEI 84).
- testo** *s.m.* Texto (*leíame o testo de cada episodio* XEN 13).
- testón** *adx.* Testán, testudo (*había un que tiña que ser mui terque e medio testón* SIN 15).
- tetilla** *s.m.* Variedade de queixo galego (*Os grandes queixos galegos, os tetillas, os queixos de Arzúa, de Melide, de Curtis* COC 134).
- tetón** *s.m.* Teto (*Haberá que mamar dos tetós* SIN 149).
- tetragramón** *s.m.* Tetragrámaton, conxunto de catro letras hebreas que se escriben nun triángulo e figuran o nome de Deus (*facían, usando o tetragramón, o nome de Iavé* TES 68).
- tibio** *adx.* Tépedo, morno (*Sob de tí voan: craras, navegantes, tibias [...]* gueivotas MAR 19).
- tidoar** *v.* Titular (*tidoárono os de Tulé por infante don Scarefly* MER 103).
- tído** *s.m.* Título (*o tído de condesa tra guíao por parte de nai* CRO 130).
- tiduar** *v.* Titular (*cun artigo de don Antonio Zozaya que se tidúa «La Victoria incólume»* XEN 79).
- tíduo** *s.m.* Título (*un abade ou prior, -que non lle sei o tíduo-* COC 126).

- tifus** *s.m.* Tifo, enfermidade contaxiosa, con febre (*nun ano no que houbo tifus en Mondoñedo* XEN 105).
- tímido** *adx.* Tímido (*Pro é mais do meu natural acaroarme confusa, quizaves un pouco tímida* HAM 53).
- timidez** *s.f.* Timidez (*Dona Inés ¡Timidez das verbas!* NOI 288).
- tinada** *s.f.* Cantidade de líquido dunha tina (*por nada a xentiña verquía auga a xerros i a tinadas* SIN 127).
- tintilla** *s.f.* Variedade de uva negra (*as cepas vellas do país: caíño, brencelláu, mencia, tintilla* COC 158).
- tintoreiro** *s.m.* Planta usada para tinguir (*leite de ovella, dos rebaños que paceron a xesta dos tintoreiros* COC 136).
- tiquetaque** *s.m.* Son do reloxo (*o tabatexo dos dentes de Guy Parbleu xa lle era tan amigo coma o tiquetaque dun vello reló de péndulo* CRO 81).
- tirabalas** *s.m.* Aparello para disparar obxectos pequenos (*Cuspía eu mui ben as caguñas, cáseque coma un tirabalas as fabas de estopa* MER 47).
- tirademoños** *s.m.* O que quita os demos (*en todo Portugal era conocido o conengo, a quen apodaban «o tirademoños de Braga»* FEI 85).
- tisis** *s.f.* Tise (*é iso que os médicos aínda chaman a tisis galopante* ESC 69).
- titaque** *s.m.* Son do reloxo (*beba deica o final a chama a estela, o titaque o reló* HER 173).
- títtere** *s.m.* Boneco que se move con cordeis (*ficáronlle os dous brazos libres, coma boneco de títtere* grego SIN 46).
- titó** *s.m.* Son do piano (*¡Catro reverencias e un pasiño! ¡Titó titó, titó, tó!* NOI 278).
- tituado** *adx.* Titulado (*Cando se finóu, sin máis quedéi tituado no seu posto* CRO 61).
- tixeira** *s.f.* Tesoira (*-e cocen moitos pulpos na mesma auga-, e cunhas tixeiras vaino cortando no plato no que se ha de comer* COC 84).
- tixela** *s.f.* Tixela (*cando os allos están dourados, bótanse os grelos na tixela* COC 30).
- tobelo** *s.m.* Nocelo, nortello (*levaba os calzós suxetos con aros metálicos nos tobelos* XEN 157).
- toco** *s.m.* Talo (*hai quen lle quita todo o toco aos bertóns* COC 39).
- tonada** *s.f.* Toada, canción (*Escóitase vir dos choupos a tonada do reiseñor* PAL 324).
- tono** *s.m.* Ton, colorido (*o seu pelaxe ten o tono das follas mortas do carballo no chan* COC 127).
- tonsurado** *adx.* ^QQue recibíu a tonsura, corte de pelo para conceder un grao

- relixioso (*era tonsurado de menores* MER 72).
- toquiña** *s.f.* Mantelo (*botei póla espalda unha toquiña verde, empresada con fibelas de prata* SIN 14).
- torar** *v.* Cortar en toros (*quen partía o xamón era o médico Sabat, que por certo toraba con moito xeito* CRO 39).
- torcaz** *s.f.* Variedade de pomba de cor branca darredor do pescozo (*Moitos gustan, i eu tamén, dos pombos, das torcaces, que se poden comer ao espeto ou en salsa de perdiz* COC 129).
- torcear** *v.* Torcer. Tornear (*Metálles o coitelo na barriga, torceaba pra facer un bon buraco* PAL 325).
- tordavisco** *s.m.* Paxaro fantástico, parecido ó galo que cambia de cor de día, de noite e cando neva (*O tordavisco é un coma galo* ESC 117).
- tordear** *v.* Atordar, andar torpemente (*un fio de prata que se lle poñía movido na visión faguíalle tordear as vegas das coma si estivese bébedo* SIN 42).
- toriño** *s.m.* Toro pequeno (*estás pinchando un toriño de pulpo e ven unha folla e cáiche no plato* COC 85).
- tormeira** *s.m.* Rochedo, sitio de pene-dos (*senón o rebrincar o Iadid no tor-meira, denantes de botarse á nugalla* SIN 23).
- tormentino** *adx.* Relativo ás tormentas (*descobrer mais alá de Malaca a hora tormentina* SIN 44).
- tornadizo** *adx.* Que ten tendencia a cambiar (*a Delfiña de Tulé, que é unha vella tornadiza* MER 102).
- torneira** *s.f.* Torna, sitio no que se des-vía a auga (*Escóitase o río na noite, nas torneiras e nos caneiros* NOI 311).
- tornés** *s.m.* Moeda antiga que imitaba á acuñada en Tours no século XIII (*Non canta o mesmo un tornés inglés que un luis de Francia* CRO 50).
- torques** *s.m.* Colar en forma de semicír-culo moi usado na antigüidade en Ga-licia (*Un tal Moles de Melle, cavando unha roza, atopóu un torques de ouro* TES 90).
- torresmo** *s.m.* Anaco de touciño frito (*unha enfaragullada de fariña de trigo con torresmos* MER 75).
- torreznada** *s.f.* Comida a base de to-rresmos (*antoxóuselle de desaúno unha torreznada* ESC 138).
- torrezno** *s.m.* Torresmo (*Un bó torrezno debe levare da pel e da parte na que traballóu o sal* COC 21).
- torrixa** *s.f.* Torrada (*Tamén se fan moito as torrixas, que si nas Castelas son de pan migado, entre nós son de boas re-banadas de pan de trigo* COC 146).

torzal *s.m.* Cordón fino feito de seda (*ponlle ó pacífico animal unha solta de torzal e déixao que paza nun curro* SIN 107).

torzón *s.m.* Dor forte, cólico (*eu viña en égoa ruanesa, pro que lle deu un torzón e deixámola en cas do albeitre* SIN 139).

tos *s.m.* Tose (*Adoecéu daquela monsieur de Nancy dunha tos escatimada* CRO 61).

tosco *adx.* Rústico, falto de finura (*O Sil coñece as viñas de Valdeorras, que son uns viños toscos* COC 157).

touca *s.f.* Prenda para cubri-la cabeza (*traguía de galano un barriliño de aguardente de mazá i unhas toucas de liño pras rapazas da casa* CRO 75).

toupar *v.* Estalar, estoupar (*sentía toupar os meus dentes tabatexando de medo i espranza decontra os teus* HAM 81).

toupón *adx.* Dise do porco con fociño grande (*poñía mui ben anelos nos fuciños dos porcos toupós* XEN 64).

touquiña *s.f.* Touca pequena (*E as chai-regas ben envolveitas nas súas touquiñas e nos seus mantóns* COC 120).

trafego *s.m.* Actividade. Afán por face-lo traballo ben (*Era xente de moito trafego e valentía* CRO 138).

traguer *v.* Traer (*podes traguer unha saqueta de pedras preciosas* SIN 117).

trais *prep.* Tras, detrás de (*non vou andar traís todos os que olle pasar polas rúas de tabardo verde* NOI 265).

tralla *s.f.* Vara cunha correa na punta para afala-lo gando (*unha tralla rizada de sete nós* CRO 21).

tranquío *adx.* Tranquilo (*Tamén se er-guera, e falaba agora baixo e tranquío* SIN 18).

trapela *s.f.* Abertura abatible no so-brado dunha casa (*erguín a trapela pra ver que era aquilo* CRO 75).

trascociña *s.f.* Peza da casa detrás da cociña (*seis cecinas de vacuno colga-das na trascociña* COC 132).

trasegar *v.* Trastornar, enganar (*¡Inda me quixo trasegar a mín un verán en que fun ao areal de Calais a tomar un pediluvio!* MER 109).

trasego *s.m.* Trastorno (*quen diría que ma iban a encher, a pucha nova, das mais misteriosas maxias, engados, trasegos, inventos, tendollos e feitos* MER 10).

trasgular *v.* Escamotear (*un zapateiro que lle trasgulara unhas fivelas de prata* CRO 20).

trasmán, a *loc. adv.* Fóra do camiño normal (*corrín as nove partes i aínda mais, e ista de Miranda cáime a trasmán* MER 57).

trasmundo *s.m.* O que está fora do mundo, sobrenatural (*amecíanse, tal as liñas dun xastre invisible, tódolos camiños do trasmundo* MER 10).

trasnego *s.m.* Trasnó (*deixara ós máis dos demos con roupa vella, i algún había, dos trasnegos máis novos, que xa se poñían en dar parte por escrito a don Lucifer* CRO 144).

trasneiría *s.f.* Lugar onde habitan os trasnos (*lle chaman o Guadiana, que escurriu derriba mesmo das camaretas de trasneiría* CRO 142).

trasparente *adx.* Transparente (*a capa cáseque trasparente que mesmo os deixa ollar, delgada coma papel*, COC 30).

trasteira *s.f.* Habitación pequena onde se gardan os trastes (*Nun baúl que tiña na trasteira había media ducia de completos masculinos* XEN 31).

trasudor *s.m.* Suor nacido do medo ou da ansiedade (*E foi que o colleu un trasudor vindo de camiño* MER 117).

tratábel *adx.* Tratábel (*Parecía contente de atoparse en tan tratábel compañía* CRO 28).

tratado *s.m.* Libro sobre certa materia (*Pois ben, escribú un tratado de xastre-ría de cas e gatos* XEN 89).

tratante *s.m.* Persoa que fai negocios, xeralmente con animais (*que tivera un*

tratante de Meira na casa que viña a mercarlle dous xatos FEI 135).

trato *s.m.* Acordo entre dúas persoas (*Cando o trato poñíase dificultoso, amosaba a moeda* ESC 103).

travesía *s.f.* Vento do Norte (*ergueuse un vento de travesía mui forte* FEI 48).

treba *s.f.* Tebra, falta de luz (*Agora vello e canso déitome nas trebas, que me arroupan como unha nai arroupa ao seu neno* HER 152).

treboada *s.f.* Trebón, chuvía intensa (*Amo as treboadas e o lóstrego, estando soia no campo* NOI 287).

trébole *s.m.* Trevo (*camposa e xesteiras, pasteiros con poa e trébole* XEN 112).

trégola *s.f.* Tregua (*causante da morte do xastre, que non se volvéu a saber dil, e de trégola con Satán* CRO 77).

treición *s.f.* Traición (*¿El que quererá éste, a quén convén a miña morte, avisándome desta treición?* PAL 328).

treidor *s.m.* Traidor (*Si o creo, teréi que matar ao treidor, pro o treidor é meu amigo* PAL 328).

treixadura *s.f.* Variedade de uva branca (*cepas vellas do país: caíño, brencelláu, mencia, tintilla, tarrantés, treixadura* COC 158).

trelo *s.m.* Corda (*o duque non facía mais que cuspir e cagar trelos de cores* MER 118).

- tremecer** v. Tremar (*¡Ese tremecer de todos os dedos cáseque a un tempo!* NOI 274).
- tremelucente** adx. Que brilla con luz trémula (*Ela cheiraba ao mofo tremelucente dos espellos afondados nos lagos* POE 80).
- tremeroso** adx. Temeroso (*o piloto acudíu, e cando tremeroso lle baixaba o veu cunha mán pra bicála* SIN 61).
- tremolar** v. Tremular, soar vacilantemente (*Pareceulle ouvir algo de música, un laúde que tremolase unha serenata* CRO 22).
- tremoso** adx. Trémulo (*Unha ausencia de vento pervagando por elas deixa ronseis tremosos como a palma da ágoa* MAR 36).
- tresmesino** adx. De tres meses (*Barcas nunca máis volvéu ver a Anís, golpe enano e tresmesino* XEN 147).
- treta** s.f. Astucia, estrataxema (*Devecía por xogar á brisca entre seis, estratexa xenial, con mil tretas* FEI 138).
- treva** s.f. Tebra (*foise polos corredores, polos longos, inacababres corredores por unha treva húmida e fría* HAM 37).
- triacá** s.f. Composición farmacéutica formada por opio (*Foi a botica de Meira a mercala triacá prepósita i as píldoras de mel sedativa pra mosiú Simplom* MER 142).
- tribu** s.f. Tribo (*istes son retratos de xentes que son da nosa tribu* XEN 10).
- tribular** v. Atribular, atormentarse (*Con todas istas sospeitas tribulouse De Crozon* CRO 20).
- triclínio** s.m. Leito onde os romanos se sentaban para comer (*pra curarse e poder volver á mesa, ao triclinio, que non debe sere moi cómodo xantar alí* COC 95).
- tricornio** s.m. Sombreiro de tres puntas (*gastas escarapela tricolor no tricornio* CRO 124).
- trifulca** s.f. Pelexa, rifa (*Pro un día, cando unha distas trifulcas, ao írselle o sangue da cara, desaparecéulle o luar* XEN 125).
- trinada** s.f. Canto con trinos (*entón cantóu medido roldas de amor con retrousos de trinadas* SIN 138).
- trinador** adx. Que trina (*escóitase á manñanciña o doce son, un xilgaro trinador* TES 86).
- trincha** s.f. Trenchá, ferramenta de carpinteiro (*unha afiada trincha nas máns dun vago e fantástico carpinteiro* MER 9).
- trinorete** s.m. Trino (*e ca mán dreita diante da boca faguía o trinorete* ESC 85).
- trinque** s.m. Troquel (*Haberá que mandalo a ceca, e que fagan un trinque novo co teu perfil* HAM 84).

- trinque, do** *loc. adv.* Completamente novo (*pensou que un ponche dobre de ron o poría novo do trinque* MER 118).
- tripado** *adx.* Pisado (*a mais pequeniña fror... non sabe si vai a ser levada o cabelo dunha nena ou tripada polo pe dun esquelete* CRO 10).
- trisabó** *s.m.* Pai do bisavó (*e seu abó, -é decir, o bisabó e máilo trisabó de Peño-, xa tiveran seis dedos* FEI 20).
- trisquete** *s.m.* Trinquete, táboas transversais ó pao de proa (*púxose a rubir o castelo de táboas, que non era doado, que estaban igoaladas ó trisquete* SIN 141).
- trobo** *s.m.* Colmea (*Estou seguro de que a abella que zugoú a mel naquela nabega volve ó trobo con toda a mel* HAM 59).
- troceado** *adx.* Torado (*bótase a cola da langosta, -que estaba viva ao partila-, troceada polos anelos* COC 80).
- tropada** *s.f.* Tropa (*Mandareiche unha tropada que teño ciba en Bayeux* CRO 30).
- tropezo** *s.m.* Obstáculo (*estaba media hora terbellando naquel tropezo ou noutros* SIN 71).
- troque** *s.m.* Troco (*e fixeron o troque, i o señor Feliciano volveuse, pra Corbite e Corbelle* ESC 129).
- tróquel** *s.m.* Molde de aceiro para estampar moedas (*Os cómaros vístense, no seu tempo, de tróqueles* XEN 75).
- troques, en** *loc. adv.* Polo contrario (*A leituga, en troques, pódese ir picando namentras se van xantando as partes todas do cocido* COC 42).
- troques de, en** *loc. prep.* En lugar de (*En troques das falas acostumadas, petaron na porta cos cotelos* FEI 128).
- trogar** *v.* Espesar (*comidas que engordan o alento e trougan o son dos instrumentos* MER 68).
- troupada** *s.f.* Tropa (*I en verdade eu estaba pasmado da troupada que carexara, e nin acordaba de meter na corte a mula* MER 100).
- trozo** *s.m.* Anaco (*Despóis, descódase a langosta, pónense os trozos na fonte onde será servida* COC 81).
- truculento** *adx.* Cruel, feroz (*Matías era intelixente, verboso, truculento* ESC 143).
- truchimán** *s.m.* Persoa que actúa como mediador nos negocios de compra-venda (*Nove naciós diferentes poñen nela peso e truchimán* MER 148).
- trunfar** *v.* Triunfar (*Tiña mui boa vista, que il coidaba que era o millor que había pra trunfar na venatoria* XEN 69).
- trunfo** *s.m.* Triunfo, victoria, éxito (*con voz fermosa e crara recitou: Oxe trunfo, ouro e groria* SIN 135).

tujá *s.m.* Exclamación árabe (*berrando alporizado: ¡ajá, ajajá, tujá!* SIN 16).

tul *s.m.* Tea de seda, en forma de malla (*un sombreiro de palla mui bonito, eso si, cunha grande lazada de tul rosa* MER 42).

tulesino *s.m.* Natural de Tulé (*e por quén os tulesinos traen as lises de Francia* MER 146).

tumbal *adx.* Relativo á voz oca e campanuda (*Era pequeno e fraque, e tiña a voz tumbal* XEN 142).

tunda *s.f.* Malleira, castigo físico (*Silva non marraba, pro isa mántica súa costoulle algunhas tundas* ESC 88).

tupido *adx.* Apretado, xusto (*cun papel de fumar «El rey de espadas», que lle parecía o máis tupido* FEI 111).

turanés *adx.* Relativo a Turán (*Demoiselle Catalina era coma unha dourada espiga de trigo turanés, que o vento estivo abanease* CRO 128).

turboleza *s.f.* Doenza (*Lía a folio aberto en libros pechados, e impúxose en curar as turbolezas do ventre baixo* CRO 131).

tusidor *adx.* Que tose moito (*Era un velliño etiqueteiro e tusidor* CRO 129).

tutear *v.* Tratar de ti as persoas (*Porteiro, aínda que o tuteaba, sempre lle chamaba «señor mouro»* XEN 131).

txangurro *s.m.* Changurro, comida vasca feita con centolo cocido e esfargullado na súa concha (*En Galicia non entrou a moda vasca do txangurro* coc 77).

U

udre *s.f.* Sucidade que cheira mal (*pra limpar tamén o maxín da udre daquel zurro que cuspiá a miña carne pecadora* CRO 34).

ulema *s.m.* Doutor da lei musulmana (*I entón os ulemas dixéronlle en consulta escrita en pergameo de Medina* SIM 37).

ulir *v.* Cheirar (*cando xa drento se secaba, ulía a toalla tres ou catro veces e ríase pra sí* SIM 113).

una *art.* Unha (*Era una morte moi doce, cáseque coma adormecer* CRO 30).

úneco *adx.* Único (*O escribano de Dorne foi o úneco que se interesou por aquel enferruxe* CRO 62).

unlla *s.f.* Uña (*Teño visto botar na segunda auga un pouco de touciño, ou*

unha unlla de porco e algo de orella COC 24).

unllada *s.f.* Conxunto das uñas (*non deixaba de botar unha ollada ás patas dos porcos, por ver si tiñan a unllada regular* FEI 22).

urbanidá *s.f.* Urbanidade (*quitáballe todo pracer as viaxatas por aquela urbanidá segreda* CRO 141).

urdime *s.f.* Urda, conxunto de fíos que se tecen no tear (*facendo capa contra a urdime do pano no que escorre a leite* COC 140).

urogalo *s.m.* Pita do monte, ave que vive nas montañas orientais de Galicia (*dices que quizaves foi que lle deron morte ao urogalo cando estaba cantando* COC 130).

V

vacuno *adx.* Vacún (*A xente vive do gado do monte, un vacuno desmedrado de pelo áspero* XEN 72).

vado *s.m.* Vao, lugar pouco fondo dun río por onde normalmente se pasa a pé (*Pirmeiro vai o río, e pásase nun vado* SIN 99).

vagamundo *adx.* Vagabundo (*De día é un tabatexo que non se ve, e de noite unha luzada vagamunda* CRO 133).

vagante *adx.* Desocupado (*alí adoitan faguer tertulia os pilotos que están vagantes co dono da fonda* SIN 30).

vago *s.m.* Oco (*Cairan mesmo ó pe do vago en que estaba a caixa ferrada* CRO 53).

vaguedá *s.f.* Vaguidade (*O Autor pide que vos lembredes da verde vaguedá dos seus ollos* CRO 138).

vaidá *s.f.* Vaidade (*Un autor ten a súa vaidá* HAM 62).

vaina *s.f.* Vaíña (*Namentras falaba o coronel, metía e sacaba espada na vaina* CRO 56).

valde *s.m.* Tina (*volcando valdes de auga* ESC 123).

valdeirar *v.* Baldeirar (*Todalas tuas arelas de ser cantiga valdeíranse agora* MAR 33).

valdeiro *adx.* Baldeiro (*por dedentro do maxín estaba valdeiro de todo* SIN 144).

valdorrano *adx.* Valdeorrés, relativo a Valdeorras (*era a metade dun bocóí valdorrano de doce cántaras* MER 108).

valeco *adx.* Relativo ó val (*pro eu lém-brome aínda de cando moían o trigo valeco* MER 12).

valeirar *v.* Baldeirar (*unha bandeiría de demos que Lucifer Maioral mandara valeirar sober da Inglaterra* MER 128).

valeiro *adx.* Baldeiro (*i o ovo por drento, estaba valeiro de crara e iema* ESC 138).

valeiroso *adx.* Valeroso (*unha bandada de anduriñas que voa ao sul en outono, hastra onde os valeirosos palatiños* MER 38).

- valentina** *s.m.* Peza musical (*Tocóu o valentina e máis un rondete italiano* CRO 82).
- valete** *s.m.* Cadete, alumno de academia militar (*a onde houbera ido il de valete dacabalo si tivera algo máis de folgos na mocidá* CRO 39).
- valixa** *s.f.* Maleta (*ao fin chegóu o criado coa valixa i a gaiola* MER 45).
- valorento** *adx.* Balorento, que ten mofo (*comía a carne por sombra derriba das codas valorentas* SIN 50).
- vals** *s.m.* Valse (*Que vidro nasceu naquela goteira que toda a noite soa a vals?* POE 81).
- van** *s.m.* 1. Baleiro, oco (*No fondo, unha parede chea, sin un van* HAM 65). 2. Illarga (*Urraca e o Encuberto érguense, i pásalle un brazo polo van* PAL 324).
- vaquería** *s.f.* Granxa onde se cría gando vacún (*casóu unha filla co herdeiro dunha vaquería* XEN 150).
- vareo** *s.m.* Acción de varear (*Un día calquera, tras axudar no vareo das castañas, meteuse na cama* ESC 60).
- varilla** *s.f.* Variña (*asegún il soio tiñan unha varilla floxa i outra salteada* MER 28).
- varillaxe** *s.m.* Conxunto de variñas (*veu que por drento era todo de ouro, a cana e mailo varillaxe* TES 92).
- vasear** *v.* Tomar vasos (*Coma se vasea xeneralmente con branco, a tapa de pimentos vai con éste* CRO 33).
- vecindade, veciñanza** *s.f.* Conxunto de veciños (*toda a vecindade acudíu a admirar o canciño* FEI 27; *que il tiña no seu país unha veciñanza mui pacífica* SIN 96).
- vedraio** *adx.* Bastante vello (*tamén se apeóu o señor, que era un vello vedraio de fermosa barba* MER 73).
- vegada** *s.f.* Vez (*aínda fun unha vegada á coroa do Castro de Riotorto* TES 36).
- vegoña** *s.f.* Begonia, planta herbácea perenne (*Eu teño frío. Unha vegoña sensitiua* POE 99).
- veíña** *s.f.* Vea fina (*sucado por un enramo feliz de veíñas verdes* CRO 29).
- velagullas** *s.m.* Animal fantástico (*O velagullas é un trasno pequeno, dos máis pequenos* ESC 120).
- velahí** *adv.* Velaí (*Velahí a dormida* POE 97).
- veleda** *s.f.* Catavento, veleta (*E deixou tódalas mulleres do mundo por unha veleda de papel* SIN 39).
- veleidá** *s.f.* Veleidade (*É a hora da veleidá dos temporás* SIN 44).
- veleidoso** *adx.* Caprichoso, inconstante (*Muller veleidosa, que ten cautiva a filla de doña Carolina* MER 147).

veleiqué *adv.* Velaquí (*Veleiqué o corzo. Millor dito, velaquí vai. coc 127*).

veleno *s.m.* Substancia que introducida no corpo produce a morte ou graves trastornos (*non sabe finxir morte por veneno, pode enveliñarse de certo HAM 65*).

veleñoso *adx.* Velenoso (*e facía a figa tres veces seguidas por si eran cobras veleñosas SIN 57*).

veliña *s.f.* Vela (*están os noivos agardando a que se consuma a veliña MER 60*).

velorio *s.m.* Velatorio (*todos os que iban dar o pésame e os que fixeron o velorio, puideran lér aquela despedida FEI 106*).

veludo *s.m.* Tecido con pelo curto nunha das súas caras (*sentouse no sillón de veludo a ler nun libro MER 46*).

venablo, venabro *s.m.* Venábulo, lanza curta (*entón, de improviso, clava o venablo, un venablo borgoñón, con dous canles PAL 333; en cada sua mán un venabro vello SIN 66*).

vencellar *v.* Vincular, relacionar (*Os das Casas aparecen vencellados coa búsqueda do tesouro de Ibáñez TES 88*).

venecián *adx.* Veneciano (*Coa princeña aquela pasou de séquito un piloto de veneciás que lle chaman don Marco Polo SIN 66*).

venta *s.f.* Venda (*póirse e non póirse en razón, o regateo, e que unha venta hai que parrafeala coc 86*).

ventaniña *s.f.*, **ventano** *s.m.*, **ventanuco** *s.m.* Ventá pequena (*pra que o señor Cosmede o vira dende a ventaniña FEI 140; O noso piloto amosaba a cachola calva pólo ventano SIN 113; aberta unha fiestra ou ventanuco que dea ao faiado coc 18*).

ventar *v.* Sopra-lo vento (*Sempre venta en Bretaña cando fai luar CRO 92*).

ventaxa *s.f.* Vantaxe (*cando lle descubrían unha nova ventaxa ao negocio FEI 115*).

venteadeiro *adx.* Venteiro, que ventea (*porque tiña un olfato sutil e venteadeiro MER 128*).

ventoleiro *adx.* Aplícase ó vento forte e pouco duradeiro (*nada estaba quedo, todo iba e viña, i os grandes reises os ventos ventoleiros SIN 114*).

ventrecha *s.f.* Ventre dos peixes (*Hai diferenza entre unha ventrecha asada dun bonito de comezos da costeira, e a dun que retorna coc 99*).

veranciño *s.m.* Verán de poucos días (*son os días mornos con algo de vendaval, o veranciño de San Martín coc 85*).

verbigracia *adv.* Por exemplo (*Que chego a Toledo, verbigracia, ou a Roma NOI 306*).

- verboso** *adx.* Que fala moito (*Matías era intelixente, verboso, truculento* ESC 143).
- verdá** *s.f.* Verdade (*E foi verdá, salvo que os planos non eran de meu* XEN 142).
- verdecer** *v.* Poñerse de cor verde (*pedra da primavera, en que todo verdez* TES 48).
- verdeclaro** *adx.* De cor verde clara (*Medía a vaina aquela, verdeclara, cá-seque tres varas* XEN 172).
- verdello** *s.m.* Uva branca moi saborosa (*coa estadía na illa o verdello vello mudóu algo* COC 143).
- vermiño** *s.m.* Verme pequeno (*o farol da esquiña non era máis que un vermiño marelo perdido naquela mansa espesura* CRO 21).
- vernes** *s.m.* Venres (*eran obrigadas as papas de millo miudo por Vernes Santo* COC 26).
- verquer** *v.* Verter (*Entón o gatipetro ponse a verquer auga pólo seu corniño* ESC 115).
- vertrecha** Errata por ventrecha (*Por certo que en Galicia non se pode xantar cando ún quere unha ventrecha de bonito, que até non a saben sacar non asar* COC 99).
- véspero** *s.m.* Occidente (*un farol, que a brisa do véspero abaneaba* SIN 134).
- vesperteiro** *adx.* Vespertino, relativo á tarde (*nin inzou as orellas ó estoupar a seña vesperteira* SIN 145).
- véspora** *s.f.* Avespa (*Arrodea á parexa real. Coma vésporas frugadoras* HAM 84).
- veste** *s.f.* Vestimenta (*El rei i a Raíña coas vestes que luciron ese día* HAM 28).
- vexiguíña** *s.f.* Burbulla (*comecei a ver como saían a carón do corcho as vexiguíñas das verbas de dous peixes-papagaios* SIN 85).
- viarábel** Errata por variable (*cambiaron a festa de día, pra que non morrese, e traguána sempre viarábel* CRO 132).
- viaxata** *s.f.* Viaxe grande (*debería téla perdido na longa viaxata* CRO 123).
- vidrar** *v.* Pórse con aparencia de vidro (*Casi se pode decir que vidra a pel* NOI 278).
- vidreiría** *s.f.* Vidrería (*un espello redondo que lle fixeron na Vidreiría Lucense* XEN 76).
- vilego** *adx.* Propio ou relativo ás vilas (*cando se fai algo de cocido, i este é o xeito en cáseque toda a Galicia vilega:...* COC 23).
- vimio** *s.m.* Vimbio, vime (*era unha gaiola mui feita, de vimio pintado de azul e branco* MER 45).

vinca *s.f.* Planta da familia das apocináceas con flores azuis (*os fillos que iban ter saían cos ollos do color da vinca pervinca* FEI 124).

violeda *s.f.* Violeta (*abonda con dicir que eran as sombras e as antenas, que eran os paxaros e as violedas* POE 91).

virollo *adx.* Birollo, vesgo (*Nacéu o neno virollo, e no ollo abesgado fóiselle poñendo unha nuben roxa* CRO 96).

virtú *s.f.* Virtude (*Tamén podías apearte de tanta virtú, puñeta!* SIN 167).

virxen *adx.* Virxe (*cando a tivo de novas montada i apegada con cera virxen, a copa falou* TES 91).

visal *s.f.* Viseira (*alonxouse un algo, puxo a mán de visal, outeou, marmuriou algo, calou a mán dreita na barba* SIN 27).

víspera *s.f.* Véspera (*E tratéi co demo a víspera do afusilamento* CRO 56).

vitela *s.f.* Tenreira, cuxa, xata (*Xarrete e falda son as milliores carnes de vitela para un cocido* COC 41).

viuda *s.f.* Viúva (*Un día unha veciña, viuda dun garda forestal, coruñesa ela* FEI 51).

viudo *s.m.* Viúvo (*¡Pensa que quedéi viudo fai once anos e que non me non acheguéi a muller!* NOI 287).

viveirés *adx.* Relativo a Viveiro (*Pódese xantar en salpicón, ou con maionesa, ou como din á viveiresa por onde eu son, os lubricantes do Cantábrico son moi bós coc* 77).

vivez *s.f.* Viveza (*ista quedanza súa chocabá coa vivez dos ollos craros* ESC 98).

vixiga *s.f.* Vexiga (*Un zapateiro pequeno e xaro, e picado das vixigas, mui armado de lesna berraba á porta da súa tenda* SIN 62).

vizcaíno *ad.* Biscaíño, relativo a Biscaia (*poñelo á vizcaína, á lionesa, á moda de Milán ou da Provenza* COC 109).

vó *s.m.* Voo (*dando a moeda de premio a quen a collese no seu vó, e cobrando unha peseta por xogar* XEN 131).

voandeiro *adx.* Que non asenta en ningún lugar (*Era a posta dunha galiña voandeira, desas que non queren niño* FEI 145).

voceciña *s.f.* Voz feble, delicada (*comezou a falar mui sosegadamente, cunha voceciña atiplada* CRO 72).

volar *v.* Voar (*díxolle a Vizoso que si non obedecía que lle volaba os fuciños dun revés* ESC 92).

volcar *v.* Envorcar (*pasa o tempo [...] volcando valdes de auga* ESC 123).

voleo, a loc. adv. Con desorde (*Eu tiña unha letra mui mala, uns mosquitíños caídos a voleo sober do papel* XEN 105).

voltar v. Regresar, volver (*el quería voltar á sua aldea* FEI 115).

volvoreta s.f. Bolboreta (*a súa voz, que viña de mansiño, voando coma unha volvoreta* NOI 301).

vosté pron. Vostede (*miráballe a lingua e tomáballe o pulso, dáballe trato de vosté* ESC 81).

vrau s.m. Verán (*vrau e inverno andaban cos brancos brazos ó áer* CRO 32).

X

xarabe *s.m.* Xarope (*¿E non queres ningún xarabe, nin bicarbonato, nin nada de botica?* FEI 134).

xaramolo *s.m.* Xermolo, gromo dunha planta (*Sementa agora a Hamlet i agarda a que o xaramolo rompa na terra* HAM 24).

xarda *s.f.* Peixe parecido á sardiña (*en Foz chámalle verde ao que na máis da Galicia pescadora é xarda ou cabala* COC 68).

xardesco *adx.* Acedo, áspero, salvaxe (*¿Ou preferiría un vaso de leite xardesco?* NOI 275).

xardiñeiro *s.m.* Xardineiro (*casi enanos os máis, e a maioría de oficio xardiñeiros* FEI 30).

xaro *adx.* De cor que tira a vermella (*Un zapateiro pequeno e xaro, e picado das vixigas, mui armado de lesna berraba á porta* SIN 62).

xarrico *s.m.*, **xarriña** *s.f.* Xerra pequena (*¿Si me trouxeras un xarrico de viño?* NOI 304; *bebendo a poucos a súa xarriña de tinto de San Fiz* XEN 55).

xatentendo *s.m.* Raposo (*Saben catro nomes seus: golpe, raposo, zorro e xatentendo* ESC 112).

xauría *s.f.* Manda, fato (*soa «coma unha xauría de cans faldeiros ladrando»* COC 72).

xaxún *s.m.* Xexún (*A crer ós gaélicos o xaxún parez indispensable* TES 78).

xazmin *s.m.* Xasmín (*Trae unha brazada de xazmins* NOI 274).

xeira *s.f.* Xornada (*aínda me labraron soños e inquedanzas, tales xeiras* MER 9).

xelo *s.m.* Xeo, auga que pasa a sólido (*Deixo o meu corazón nunha ponla de salgueiro á noite, á chuvia, ao xelo* HER 137).

xemeo *s.m.* Xemelgo (*ela morría de medo pensando nos sete príncipes xemeos* MER 36).

xenciana *s.f.* Planta medicinal (*Recollía xenciana, manzanilla, mapoula* ESC 98).

- xenciva** *s.f.* Enxiva (*As xencivas deben bañar no zugo, e a boca toda inundada... coc 68*).
- xeneración** *s.f.* Xeración (*É un semen esquisito. Somentes da un, dous capítulos cada xeneración. HAM 48*).
- xeneralmente** *adv.* Xeralmente (*Os mouros son xeneralmente vespertinos TES 53*).
- xentiña** *s.f.* Xente normalmente de condición social baixa (*Eu retrataba ao minuto nunha feira, nunha feira galega, a esta xentiña de nós. FEI 9*).
- xeografía** *s.f.* Ciencia da descrición da Terra (*I agora que vas tan ilustrado que poderías esamiñarte de xeografía segreda en Sagres MER 105*).
- xeográfico** *adx.* Relativo á xeografía (*Cegoñas xeográficas no meu noivado noivo POE 94*).
- xerés** *s.m.* Xerez (*cunha xema de ovo e media copiña de xerés, si o estómago llo ademite coc 115*).
- xerigonza** *s.f.* Acción mal feita ou ridícula (*decorados de finas esmeraldas e brilladoras xerigonzas HAM 32*).
- xibia** *s.f.* Xiba, sepia (*Entre estes moluscos hai a xibia, que se xanta coma o calamar coc 103*).
- xionllo** *s.m.* Xeonllo (*o can veu renqueando a apousar a cabeza nos meus xionllos CRO 29*).
- xiquer** *adv.* Sequera (*Xa nin xiquer se olla un neno na rúa cun colar de zonzos ou zamelos coc 25*).
- xistra** *s.f.* Vento forte mesturado con auga ou neve (*Unha mañán de xistra, isas xistras do sudoeste que tanto pegan en Dorne por febreiro CRO 51*).
- xoenllo** *s.m.* Xeonllo (*Dobregábaselle o xoenllo pra fora e o pe daba coma unha curva no áer XEN 159*).
- xogantiño** *adx.* Rebuldeiro, brincador (*unha volvoreta xogantiña que saíase dun descoidado ensoño SIN 23*).
- xorobeta** *s.m.* Home chepudo, con xoroba (*Era Mezidon un xorobeta move-dizo, dos brazos desmedidos CRO 95*).
- xoula** *s.f.* Bochorno. Vento quente (*deixaba entrar a chuvia, que a traía toda da xoula quente que corría aquela mañán CRO 124*).
- xubón** *s.m.* Vestimenta antiga que cubría desde os ombreiros á cintura (*eu andaba en cos i a camiseta era un medio xubón con vainica SIN 118*).
- xudeo** *s.m.* Xudeu (*I o espello mercouno Alsir na feira de Tilsit a un xudeo jázaro MER 90*).
- xuez** *s.m.* Xuíz (*Bótalles un sermón ós ladrós, que se van a entregar ó xuez SIN 63*).
- xugar** *v.* Xogar (*os demos non podían seguir xugando ao subastado FEI 84*).

xuício *s.m.* Xuízo (*Unha fror tan amada debe chegar ó Xuício Final en todo seu esprender* HAM 86).

xulio *s.m.* Xullo (*Unha sardiña de xulio ou de agosto, poño por caso, está perfectamente para asar* COC 106).

xunio *s.m.* Xuño (*tamén se come á parri-lla, pro vai moi ben a como dicen «á primavera», por maio e xunio, cos primeiros terreáis todos* COC 100).

xunquiza *s.f.* Xunco (*ben estrada a popa con fiuncho e xunquiza e rosas esfol-ladas* SIN 101).

xurisperito *s.m.* Xurisconsulto, avogado (*Xa ten en que pasar o tempo Figueiras, si é que sigue xurisperito* XEN 51).

xusticia *s.f.* Xustiza (*El Rei vello, en por-ridá, pode recramar a túa xusticia* HAM 26).

xusticieiro *adx.* Xusticeiro (*Tiña lído unha apoloxía de don Pedro, que pra el era o Xusticieiro* FEI 57).

xustiniano *adx.* Relativo a San Xusto (*as monxas xustinianas de Redondela* COC 144).

xustiño *s.m.* Xustillo, corpiño (*Gumersinda regresou a Bouzal cos cartos entre camisa e xustiño* XEN 49).

xustizia *s.f.* Xustiza (*chamábame Rei de Dinamarca e pedía pronta e seca, amargue xustizia* HAM 26).

xuventú *s.f.* Xuventude (*Por, por veces, brinca o solciño raiolán, dunha lem-branza de xuventú* MER 134).

Y

yoga s.m. Ioga (*Coma un mestre de yoga ensiñaba a respirar* ESC 58).

Z

zaín *s.m.* Sétima letra do alfabeto hebreo (*recolléu a sal que quedou en alef, en zaín, e nun* HER 150).

zaíño *adx.* Dise do cabalo de cor castaña escura (*Era zaíño luceiro* CRO 134).

zamor *s.m.* Nome dun vento (*tíñaa eu dunha viaxe antiga, i o zamor é un vento que está partido en sopradas e dá seis rachas* SIN 33).

zanahoria *s.f.* Cenoria (*Cócese o xamón, con zanahorias, chirivías, cebola e piri-xel* coc 52).

zaragallada *s.f.* Mestura de alimentos picados, usados para recheo (*A salsa de tomate pra o cocido non debe levar cebola, como zaragallada de empanada, senón allo* coc 42).

zaragüelles *s.m.* Cirolas (*Sinbad enfai-xouse de novas, que se lle caían bragas e zaragüelles* SIN 141).


zatico *s.m.* Codecho (*De neno, afixo a comer do mesmo zatico de pan a un rato i a un melro* ESC 66).

zucré *s.m.* Azucré (*tras rebañar o zucré no pocillo do café coa cullereta* ESC 134).

zugabella *s.f.* Sambesuga (*de que ás sambesugas lles chamase «zugabellas»* ESC 152).


zugo, zumo *s.m.* Zume (*fai lle ben un salpicado de zugo de limón* coc 21; *pedía unha granadina e non había nin vaso nin zumo* SIN 98).

zutano *s.m.* Persoa indeterminada (*unha vez que se propala que o demo Fulano está no corpo de Zutano* XEN 35).





DESIGNO PORTADA ALBERTO VARELA - XESUS FINCA





REA
A
3
B

CONTRIBUCIÓN LÉXICO DE ALVARO CUNQUEIRO

L ACADEMIA
GALEGA
CORUÑA

345

biblioteca